

*CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO*  
(XLV)

Estudos arredor de  
Florencio Delgado Gurriarán





CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO  
(XLV)

Estudos arredor de  
Florencio Delgado Gurriarán

**Coordinadores**

Luís Alonso Girgado

Luís Cochón

Armando Requeixo



XUNTA  
DE GALICIA

# XUNTA DE GALICIA

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO  
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Director:  
Armando Requeixo

Consello asesor:  
Luís Alonso Girgado  
Xosé Luís Cochón Touriño  
Xesús Ferro Ruibal  
Anxo González Fernández  
Ramón López Vázquez  
Segundo Pérez López  
Manuel Quintáns Suárez †  
Anxo Tarrío Varela  
Andrés Torres Queiruga

Edita:  
Xunta de Galicia  
Consellería de Cultura, Educación e Universidade  
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:  
Valentín García Gómez

Coordinador científico:  
Manuel González González

Directora Técnica de Literatura:  
Pilar Lorenzo Gradín

- © Dos textos: As autoras e os autores
- © Da cuberta: Xurxo Alonso
- © Da corrección editorial e revisión lingüística: Laura Caamaño Pérez e Manuel Naveira Fuentes

Santiago de Compostela, 2022

Maquetación e impresión:  
Grafisant, S.L.

ISBN: 978-84-453-5413-1

Depósito legal: C 631-2022

# Índice

<b>LIMIAR</b> .....	7
Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987): Homenaxe e memoria	9
<b>ARTIGOS</b> .....	11
ANA ACUÑA TRABAZO: O sentido do abraio en Florencio Delgado Gurriarán. Unha lectura ecocrítica.....	13
PATRICIA ARIAS CHACHERO: Florencio Delgado Gurriarán e Ramón Otero Pedrayo. Un epistolario (1930-1975).....	29
XOSÉ MANUEL DASILVA: O quefacer tradutor de Florencio Delgado Gurriarán .....	41
UXÍO-BREOGÁN DIÉGUEZ CEQUIEL: O exilio galeguista en México e a presenza de Florencio Delgado Gurriarán .....	57
ANTÓN DOBAO: Florencio Delgado Gurriarán e Córghomo .....	75
XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE: Lírica amatoria en Delgado Gurriarán .....	87
XOSÉ ESTÉVEZ: Florencio Delgado Gurriarán e o Galeuzca de 1944 en México .....	95
NOELIA ESTÉVEZ RIONEGRO: O motivo de Valdeorras na poesía de Florencio Delgado Gurriarán .....	121
VÍCTOR FERNÁNDEZ FREIXANES: Delgado Gurriarán na Academia .....	135
CAMILO FERNÁNDEZ VALDEHORRAS: <i>A Bebedeira</i> imaxinista e outras excelencias de FDG pro-canon das Letras galegas .....	141
XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ: Florencio Delgado Gurriarán e a etiquetaxe en galego.....	163
BIEITO IGLESIAS: Viño e maracas .....	167
EMILIO XOSÉ ÍNSUA: Ecos de Cabanillas na lira de Florencio Delgado Gurriarán .....	171
MARÍA XESÚS LAMA: O corpo e a terra ás dúas beiras do océano. Delgado Gurriarán na infinda primavera .....	189

XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ: Asociacionismo galego no exilio mexicano. Luís Soto e Florencio Delgado Gurriarán .....	199
XOSÉ L. PASTORIZA ROZAS: Salvar o peello e gañar a vida no exilio. Florencio Delgado Gurriarán, Ramiro Isla Couto e as redes de axuda a refuxiados republicanos en Francia en 1939 .....	213
XULIO PRADA RODRÍGUEZ: O Partido Galeguista en Valdeorras: as coordenadas da represión e o exilio .....	233
CLAUDIO RODRÍGUEZ FER E ADINA IOANA VLADU: Florencio Delgado Gurriarán, tradutor ao galego da poeta romanesa Elena Văcărescu .....	247
SÉCHU SENDE: A Foliada de Florencio, o poeta que baila .....	255
JOSÉ MANUEL VÉLEZ LATORRE: Intertextualidade, xogo retórico e tradición clásica na poesía política de <i>O soño do guieiro</i> : fábula, sátira e autopoética.....	269
MALORES VILLANUEVA GESTEIRA: Florencio Delgado Gurriarán a través da correspondencia co grupo Galaxia.....	279
MIRO VILLAR: As (auto)poéticas de Florencio Delgado Gurriarán .....	289

*Limiar*





## **Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987): Homenaxe e memoria**

Dende 1993, ano da súa fundación, o Centro Ramón Piñeiro non descoida manifestar a súa atención e interese por aqueles persoeiros das nosas letras escollidos por acordo institucional dos integrantes da RAG para seren homenaxeados na festa anual do Día das Letras Galegas, creada no ano 1963, conmemorativo do centenario da publicación dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. Neste 2022 a efeméride da homenaxe recaeu na figura de Florencio Delgado Gurriarán, galego de Valdeorras, cuxa existencia estivo vencellada aos seus anos de exilio en México, onde conviviu cun importante grupo de artistas, escritores e intelectuais galegos: Carlos Velo, Luís Soto, Lois Tobío, Plácido Castro, José Caridad Mateo, Roxelio Rodríguez de Breaña, Ramón Cabanillas Álvarez, Ramiro Illa Couto, Elixio Villaverde, Arturo Souto e un longo etcétera. A súa obra literaria, fundamentalmente poética, agromou igualmente en Galicia e México, xa a partir do seu poemario *Bebedeira* (1934), inspirado en boa medida na estética do imaxinismo amadocarbballista.

O libro institucional que o Centro Ramón Piñeiro dedica a Delgado Gurriarán e que o lector ou lectora ten nas súas mans non é a primeira publicación do mesmo fundamento relacionada co autor valdeorrés, que tivo importante protagonismo na revista *Saudade*, publicación aparecida o 25 de xullo de 1942 en México que quixo ser “Verba galega n’as Américas” e que, entre ese ano e 1953, tirou sete números, erixíndose nunha das pouquísimas monolingües en galego e contando cunha ampla nómina de notables redactores e colaboradores.

*Saudade*, que foi facsimilada no 2008 polo CRPIH mercé aos bos oficios de Claudio Rodríguez Fer na consecución dos imprescindibles orixinais, foi voceira da Irmandade Galeguista de México e mais do Grupo Saudade. Xosé Caridad Mateo asumiu o papel de “editor responsable” e Delgado Gurriarán o de redactor e colaborador. Cómpre lembrar, entre os seus traballos literarios, a edición do *Cancioneiro da Loita Galega* (1943), da que se responsabilizou.

*Saudade* foi, amais, antecesora doutras importantes iniciativas políticas ou culturais, entre elas a revista *Vieiros* (da que se tiraron catro números entre o verán de 1959 e a primavera de 1968) e tamén do Padroado da Cultura Galega.

*Estudos arredor de Florencio Delgado Gurriarán* é, xa que logo, a segunda publicación vinculada ao escritor valdeorrés que edita o CRPIH, nesta ocasión co gallo da conmemoración do Día das Letras Galegas do 2022 a el dedicado, un volume que fai o número XLV da colección de Cadernos Ramón Piñeiro editados polo Centro que leva o seu nome.

Reúnese aquí un conxunto variable, plural, integrado por vinte e dous estudos a través dos cales están tratados moi diversos temas e motivos da vida e obra do escritor, como breves corpus epistolares; a súa relación co Partido Galeguista e Galeuzca, coa RAG ou coa lírica de Cabanillas; as influencias poéticas de Amado Carballo na súa escrita; o percorrido polas súas (auto)poéticas e temáticas políticas, amorosas, da terra e outras ou a súa obra como tradutor son outras tantas realidades analizadas nestas páxinas con diferentes enfoques e tratamentos, mais que, en conxunto, perfilan os ángulos e perspectivas da súa literatura escrita dentro ou fóra de Galicia ao longo de distintas etapas e circunstancias da súa existencia. En síntese, temos nestas planas un feixe de textos que constitúe unha contribución máis que estimable a Florencio Delgado Gurriarán.

Consecuentemente, o principal para nós é manifestar a nosa gratitude pola tan xenerosa como desinteresada axuda recibida de todos e cada un dos colaboradores e colaboradoras que responderon á nosa chamada, tanto daqueles que no pasado xa teñen participado nestes Cadernos Ramón Piñeiro coma daqueles outros que o fan agora por vez primeira.

Este agradecemento faise extensivo a Laura Caamaño Pérez e Manuel Naveira Fuentes, bolseiros investigadores do CRPIH que axudaron, con admirable dedicación, nas laboriosas angueiras da revisión e corrección de textos, e, xaora, tamén ao artista e poeta Xurxo Alonso, autor da magnífica ilustración que adorna a cuberta deste caderno. A todos e todas, beizón.

Os editores

## *Artigos*



# O sentido do abraio en Florencio Delgado Gurriarán. Unha lectura ecocrítica

ANA ACUÑA TRABAZO  
(UVigo)

## 1. Introducción

Escollemos conscientemente este título, *O sentido do abraio*, en homenaxe a Florencio Delgado Gurriarán (no sucesivo FDG) pero tamén a Rachel Carson<sup>1</sup>. Escribía esta bióloga mariña (2018: 49) que aqueles que

viven entre as belezas e misterios da terra nunca se senten só nin cansos da vida. Independentemente de cales sexan as frustracións ou preocupacións das súas vidas persoais, os seus pensamentos atopan camiños que os levan ao contento interior e a un entusiasmo renovado por vivir. Quen contempla a beleza da terra atopa reservas de forza que lle perdurarán mentres dure a vida.

Os que coñeceron a FDG coinciden en que, pese a estar marcado pola fuxida tralo levantamento militar de 1936, o retorno á fronte de guerra e o exilio<sup>2</sup>, foi un home que ata a súa fin mantivo un carácter alegre e pacificador (Gurriarán, 2001: 249 e ss.).

Se ben o primeiro abraio de FDG foi ante a contorna valdeorresa e galega, o exilio mexicano tamén lle proporcionou, como veremos, o abraio plurisensorial pola exuberancia alén mar, pois a exploración da natureza supón “aprender a usar os ollos, os oídos, as ventas do nariz e as puntas dos dedos” (Carson, 2018: 31).

Don Ramón Otero Pedrayo, en *El Heraldo de Galicia* (04/06/1934), aludía á capacidade de FDG para mirar “isa misteriosa frol do viño que soio miran os paisanos vellos” (*apud* Gurriarán, 2001: 105). Non só posuía a capacidade de fitar os froitos. O sentido do abraio de FDG é perceptible por toda a natureza, maiormente polos elementos propios do Córghomo (as

---

<sup>1</sup> Este traballo enmárcase no proxecto “The Animal Trope” (PGC2018-093545-B-100 MCIU/AEI/FEDER, UE).

<sup>2</sup> Poden lerse e escoitarse súas palabras de FDG na entrevista feita por Dolores Pla en agosto de 1979 na mediateca do Instituto Nacional de Antropología e Historia de México (<https://mediateca.inah.gob.mx/repositorio/islandora/object/entrevista:884>).

árbores, as plantas, as herbas, os animais...) e a través da pluralidade de sentidos. A partir da súa “fonte inspirativa de sempre, a natureza” (Gurriarán, 2001: 83), foi quen de forxar poesía animista, hillozoísta... na liña de Luís Amado Carballo como recoñeceron os historiadores da literatura galega e o mesmo FDG indicou.

## 2. Unha lectura ecocrítica da celebración da natureza

Nesta breve achega non pretendemos facer unha valoración exhaustiva de toda a obra de FDG<sup>3</sup>, senón centrarnos nun aspecto moi concreto que se amosa na súa lírica: como esta nos pode acercar á relación alterhumana.

Dado que a ecocrítica estuda a representación da natureza e as relacións interdependentes dos seres humanos e non humanos (Flys, Marrero e Barella, 2010: 18), é dicir, a relación entre seres humanos e o seu ambiente nos textos (Parreño e Marrero, 2018: 12), pareceunos pertinente ver como se representa a natureza na obra de FDG. Nesta representación, a natureza ten vida propia ou está en función da voz poética humana?

A ecocrítica tamén procura a sabedoría ecolóxica dun texto e analiza as implicacións e actitudes alternativas que pode formular un autor e se este denuncia ou non problemas medioambientais. Estamos, por tanto, ante unha aproximación ecocéntrica e non antropocéntrica (Flys, 2015: 308 e ss.).

Lendo os escritos de FDG, o escritor do Córrego ten consciencia de que toda a natureza é sentiente, é dicir, sensible. Desta maneira é como percibe a contorna e a explica nunha entrevista ao *Faro de Vigo* do 25/08/1968 co gallo do seu retorno á terra galega:

Vou paseniño, de vagar, cara ó Porto do Ríu, e van os meus ollos bébedos coa paisaxe de bocarribeira corgomesa, paisaxe (...) chea de gracia coma a Ave María, pois é vela e sonril, semellando os árbores, as cortiñas, os bachelos e os lameiros foran postos, non con fins de utilidade, pra mantenza dos veciños, senon pra enfeita da terra (...). Paisaxe que entra en min por tódolos sentidos, pois

---

<sup>3</sup> Os estudosos destacaron varios elementos presentes na vida e obra de FDG, a saber: “Agro, viño, comercio, relixiosidade, amor pola terra, lingua, natureza e galanteo, foron elementos que estiveron presentes ó longo do percorrido de FDG polo mundo adiante e que en parte influíron na súa vida e obra” (Gurriarán, 2001: 15).

é panorama, sinfonía, recendo e alámio. ¡Como folga no paladar  
o olfato coas herbiñas que van carreiros de Corgomo!  
(*apud* Gurriarán, 2001: 300)

Ao noso entender, de todos os elementos naturais que non sexan os relacionados co viño, Florencio Delgado Gurriarán resalta as árbores propias do Córrego e de México. A elas imos dedicar os seguintes apartados.

### 2.1. Vida das árbores en Galicia

As árbores e arbustos con maior ou menor presenza na poesía de FDG son numerosas pois superan a vintena. A continuación enumeramos por orde alfabética respectando o nome outorgado por FDG: amendoeira, ameneiro/amieiro, bido, buxo, carballo, carpaza, castiñeiro/castiro, cerdeira, cipreste, érbedo, eucalipto, figueira, freixo, loureiro, magnolia, mimosa, oliveira, piñeiro, sanguíño, teixo, toxo, urce e xesta<sup>4</sup>. De entre as árbores, os castiñeiros ocupan un espazo destacable e reiterado en toda a produción literaria de FDG, dende *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963), *Cantarenas* (1981) ata *O soño do guieiro* (1986)<sup>5</sup>. Esta presenza está en consonancia coa afirmación de que a totalidade da obra poética de FDG conforma “un macrotexto poético propio, entretecendo unha sólida arañeira, de relacións entre os poemas, entre os libros poéticos ou de toda a obra no seu conxunto” (Villar, 2006: 93).

Baixo o noso punto de vista, a representación dos castiñeiros está, formalmente, máis marcada en *A Galicia infinda* cun apartado propio para as árbores titulado “Castiñeiros” e que engloba catro poemas: “O souto morto”, “Andan os paxaros”, “Namórame o feitizo do tesouro” e “As xeirás do castiro”. Esta disposición muda na obra posterior, *Cantarenas*, pois xa non ocupan un apartado individualizado, a pesar de que o número de poemas centrado nos castiñeiros aumenta: “A traxedia dos castiñeiros”, que comprende os textos “O castiñeiro morto” e “Tristura do souto mudo” (publicados en *Bebedeira*), “O souto morto”, “Andan os paxaros...”, “Namórame o feitizo do tesouro...” e “As xeirás do castiro” (editados en *Galicia infinda*).

<sup>4</sup> Tamén deberíamos engadir a vide nesa listaxe pero excluímosla porque, dada a súa entidade na obra do autor, merecería un monográfico.

<sup>5</sup> Con todo, no cuestionario para a *Antoloxía consultada* de Filgueira Valverde exclúe un dos textos a eles dedicado (Acuña e Alonso, 2008: 212).

Como explica o biógrafo Ricardo Gurriarán nun ensaio no que ofrece as variantes, algúns destes poemas viran a luz previamente na prensa. Non é o noso propósito afondar nas variantes e por esa razón non aludiremos a elas nin aos elementos extralingüísticos como as dúas ilustracións de Xaime Prada.

Tendo en conta o exposto, consideramos axeitado tomar como referencia a obra *Cantareñas* por ser aquela en que, numericamente, máis poemas ocupan os castiñeiros e, cando escribimos “ocupan”, referímonos a que deles é o tema e o protagonismo<sup>6</sup>. Con esta base textual, imos profundar en cada un dos poemas con representación arbórea, concretamente dos castiñeiros, e na súa relación con outros elementos da natureza.

Segundo se adiantou, “A traxedia dos castiñeiros” comprende “O castiñeiro morto” e “Tristura do souto mudo”. O castiñeiro do primeiro poema está ferido de morte e descríbense os elementos que vai perdendo (follas, ponlas...). Dada a extensión do texto, exemplificamos cun fragmento:

Retorto castiñeiro, outrora san e forte,  
atópaste ferido do machado da morte;  
as túas follíñas, murchas, van caíndo no chan,  
¡ou tristura dunha árbore despíndose no vran!

Malpocadas! Cal anacos  
da túa vida  
vainas arrincando o vento  
e revoan toleironas  
e corren polos camiños  
para morrer, afogadas,  
na lama dun tremesiño.

Mostras no vello toro as entranas fendidas,  
ergues, cara o outo ceo, as túas ponlas espidas.  
¡Probes ponlíñas sen vida!  
Ni o meigo reiseñor,  
ni a belida milpéndora

---

<sup>6</sup> Os castiñeiros (ou algún dos seus elementos, poñamos por caso os ourizos) aparecen, con maior ou menor protagonismo, noutros poemas: “San Xosé”, “Paisaxes de inverno”, “Enterro”, “Saúdo a Otero Pedrayo”, “Valdeorras”, “Saúdo”, “Liorta”, “Romanzo do cabaleiro ourizo” e “Bocarribeira valdeorresa”.



terán de facer nelas o seu niño de amor,  
e as cheirosas candeas, na nova primadeira,  
non terán de emprestarlle a súa loura cabeleira;  
as abellas  
non zuarán mais mel nelas.

(Delgado Gurriarán, 1981: 74)

Só a edra, nunha sororidade propia da natureza, se mantén abrazada ao castiñeiro. Tamén permanece o recordo dos tempos idos (magostos) e dos compañeiros do souto.

No segundo poema, “Tristura do souto mudo”, os castiñeiros desaparecen coa chegada do eucalipto. A perda da árbore autóctona supón a desaparición tamén dos paxaros (retomaremos esta idea nun apartado posterior) tal e como mostra esta selección de versos:

Ao recendo da candeia  
dos petrucios castiñeiros  
(enxebre, da terra, aroma),  
os reiseñores afeitos  
estaban, cando de lonxe  
arbres alleas viñeron  
de cheiro de meiciña  
e follas de coiro rexo.  
E dos soutos  
os reiseñores correno,  
no-aturando  
aqueles estranos cheiros  
-so querían  
enxebres vellos recendos-.  
Dende aquela  
ficóu o souto en silencio;  
sen paxaros  
morreron os castiñeiros  
e agarimo  
nas caracochas, o vento  
non atopóu, e si en troque,  
frentes verdes coitelos.

(Delgado Gurriarán, 1981: 77)

O texto poético “O souto morto” amosa unha Santa Compañía de castiñeiros atacados polo mal cativo. Os corpos descríbense na súa decadencia de toros, gallas, follas, ponlas e guizos. O seguinte fragmento ilustra o que acabamos de enumerar:

Santa Compañía  
dos castiñeiros.  
  
Do mal cativo  
todos morreno:  
Corpos retortos  
como xemendo.  
Tácita queixa  
dos toros vellos.  
Verde gafura  
de brións e fentos,  
no cerne podre  
dos castiñeiros.  
Pranto de follas  
e guizos secos.  
Ponlas espidas.  
Infindo inverno...

(Delgado Gurriarán, 1981: 115)

Aínda así, a Santa Compañía dos castiñeiros, pregando inmóbil á natureza, volverá fecundar a terra da que saíu para “Trocarse ínteira en humus fecundo, / voltare axiña ao seio da terra” (Delgado Gurriarán, 1981: 116).

“Andan os paxaros...” poetiza a percepción das aves sobre a presenza de especies arbóreas foráneas, neste caso dos castiñeiros xaponeses, e dos perigos para o seu hábitat. Dada a breve extensión do texto, reproducímolo íntegro:

Andan os paxaros...  
co medo, a chilar...  
(Do Xapón, mandaron  
castiros enáns  
pra que os nenos podan  
os niños pillar  
sin rubir ás gallas,  
sin engateñar,

sin rachar as calzas...  
¡dende o mesmo chan!)  
Andan os paxaros  
co medo, a chiar.

(Delgado Gurriarán, 1981: 118)

O poema “Namórame o feitizo do tesouro...” presenta a visión humana das árbores, pois a voz poética prefere os castiñeiros a calquera outra (ciprés, bido, eucalipto, piñeiro, ameneiro...) que tamén é descrita dunha forma animada.

Nin crásico cipreste: xeometría  
circia e lanzal, do reiseñor capela,  
mística oxiva, ergueita centinela  
do vello pazo ou da espadaina esguía.

Nin os bidos en verde teoría,  
veira da estrada, a debercer na arela  
de camiñar e camiñar por ela,  
romeiros dunha eterna romeiría.

Nin o eucalipto a acoitelar ventos.  
Nin o piñeiro a marmular centos.  
Nin a esmeralda a tremar dos ameneiros...

Namórame o feitizo do tesouro  
-fino brocado de candeas de ouro-  
enfeite dos petrucios castiñeiros.

(Delgado Gurriarán, 1981: 119)

Por último, “As xeiras do castiro” poetiza a vida do castiñeiro (espreguízase, agroma...). Se ben parece unha descrición humanizada, a árbore non se reduce unicamente a persoa humana, senón que se relaciona con outros elementos naturais. Por tanto, a vida do castiñeiro está interrelacionada coa da contorna (paxaros, vento) e, en menor medida, coa dos humanos e humanas.

Espriguízase o rexo castiñeiro,  
vello petrucio, pai de cen anadas.  
Ao quentor das lumiosas labaradas  
volve a agromar, nun pulo brincadeiro.

As candeias, de afrodisíaco cheiro,  
pola verde follax agarimadas,  
son, ao xeito de doas penduradas,  
ouro a tremer co vento rebuldeiro.

Da sombra, na romax, ás muiñeiras.  
Alcovita ao malvís nos seus xuntoiros.  
E quence, dos magostos, coas fogueiras.

Abre as arpadas bolsas. Xoga aos dados,  
mais, co frío, perde todo e fica encoiros  
con carraxe de ourizos regañados.

(Delgado Gurriarán, 1981: 120)

A modo de síntese do exposto, dos seis poemas protagonizados polo castiñeiro, catro céntranse na súa ferida e morte, nos seus cambios; mentres que os restantes desvelan o tesouro que agochan e a preferencia que sente por eles o poeta. En todos os textos de FDG, ao noso entender, as árbores (o mesmo ca os animais) non son reducidas a un simple valor instrumental.

## 2.2. Natureza silenciada

Inspirámonos noutro título de R. Carson<sup>7</sup> para facer referencia á natureza obrigada a desaparecer por problemas ambientais. Como afondaremos, nos poemas seleccionados de FDG detéctase a pegada ecocida derivada da introdución de especies foráneas e da construción de encoros.

O seu curmán Gonzalo, con motivo da primeira viaxe de FDG de retorno a Galicia prevista para 1968, cóntalle por carta (09/09/1967) os cambios físicos sufridos polo val de orixe:

el Sil embalsamado hasta La Rúa desde San Martín de Quiroga; otra presa se inicia por Pumares-San Justo. Las laderas cubiertas por postes metálicos hasta 25 m de altura (una birria), creo que son 5 o 6 las líneas de alta tensión que recorren la parte baja de estas montañas... Más arriba plantaciones de pinos, algunas ya crecidas como las de Baxeles. Esto es una mejora que embellece nuestro valle, tan querido por ti...

(*apud* Gurriarán, 2001: 293)

---

<sup>7</sup> *Primavera silenciosa*, publicada orixinariamente no ano 1962.

Anos despois, nun traballo enviado por FDG ao seu amigo Pepe Gayoso (“Carta aos netos de Juan Giral”), maniféstase a preocupación<sup>8</sup> polo medio e aconséllase medrar “sen bruidos, sen fumes, sen calixar a maravillosa paisaxe valdeorresa, sen contaminar o pai Sil (...) polas boas, compondo un armonioso contraponto do xeórxico e do urbano” (*apud* Gurriarán, 2001: 329).

Ademais da prosa que acabamos de citar, tamén a obra poética de FDG reflicte os perigos que padece a natureza galega, especialmente os castiñeiros, pola acción humana que sobreexplota, introduce especies foráneas e que constrúe encoros. Sobre a primeira cuestión, o biógrafo R. Gurriarán explica as causas da morte dos castiñeiros:

por mor dos esmouques (...) primeiramente para producir carbón vexetal tanto para uso doméstico coma para alimentaren as varias forxas e ferrerías que desde o século XVI estaban instaladas no río Leira, perto de Córghomo, coma logo por efectos da tinta e do chancro, fixo que pouco a pouco a árbore máis estendida da nosa xeografía se fose perfendo sen remedio.

(Gurriarán, 2001: 31)

A través da relación (presencial durante a súa infancia e epistolar durante o exilio) co tío Manuel, experto en castiñeiros, FDG sería receptivo ás doenzas que afectaban ás árbores, pois o seu parente fora

unha das persoas que traballara na polinización para a obtención de híbridos resistentes á “tinta”. Importara portainxertos xaponeses nos anos trinta, nos que logo inxertou especies galegas, con notable éxito, en colaboración con Pedro Urquijo, da Estación Fitopatolóxica da Coruña.

(Gurriarán, 2001: 287)

A acción humana, coa introdución de especies foráneas, restoulles espazo ás árbores autóctonas, tal e como se explica nos versos de “Tristura do souto mudo”:

---

<sup>8</sup> O seu biógrafo, R. Gurriarán, reconece que “moito caso non lle fixeron se nos atemos á realidade ecolóxica e do medio ambiente que hoxe goza o noso val: contaminación do Sil, explotacións mineiras ferintes, vertedeiros incontrolados, fumes, escombreyas...” (Gurriarán, 2001: 329).

Dende aquela  
    ficou o soto en silencio;  
sen paxaros  
    morreron os castiñeiros  
    (...)  
Arbres de pel esfolada  
    - sempre a apouvilgalos ceos-  
    arroubáronlle aos castiros  
seu asento.  
    Novo rico da campía,  
circio e baril eistranxeiro,  
    o eucalipto  
veu a trunfar dos antergos.

(Delgado Gurriarán, 1981: 77-78)

O eucalipto, denominado “matachín” noutro dos poemas de *Cantarenas*, fai máis dano que os castiros ananos chegados do Xapón e que, en “Andan os paxaros...”, asustan os animais alados ao non poder protexer os seus niños.

FDG reitera que a desaparición dos castiñeiros provoca o silencio da natureza pois xa non hai paxaros nin insectos zoadores para darlle voz. Exemplificamos, máis unha vez, cuns versos de “Tristura do soto mudo”:

Tristura do soto mudo,  
seráns sen cantares tenros,  
asprás ponlas sen paxaros  
-congoxas para o meu peito-  
outonos e primadeiras,  
quentes vráns, fríos invernos  
mudas; mudas, silenciosas  
todo o tempo  
Saudades tén a campía,  
polas árbores que morreno  
ao fuxir, dos eucaliptos,  
os reiseñores troveiros.

(Delgado Gurriarán, 1981: 78-79)

Outra das actuacións humanas, perniciososa para a contorna, foi a construción de encoros co conseguinte asolagamento dos vales e sen contar,

en moitas ocasións, coa opinión dos veciños e veciñas nin co seu beneficio. Este aspecto é o que desenvolve FDG nos catro “Poemiñas da terra asolagada”, publicados en 1986 pero redactados nos anos 70<sup>9</sup>.

En cada un dos “Poemiñas da terra asolagada” engádese unha idea sobre a desfeita provocada polos encoros: a falta de espazo para a natureza galega (árbores, tipos de terreo, plantas...), o encaixamento da auga para darlles electricidade aos alleos, o desacordo coa situación creada, a descrición do ermo e a interrogación sobre a reacción dos galegos e galegas. Como se acaba de describir, FDG non formula unha tristura ecolóxica, que hoxe chamariamos “solastalxia” (Rivas, 2020: 118), senón que pretende afondar nos antecedentes, consecuentes e culpables. Reproducimos o segundo dos catro textos:

## II

Onte, as augas escumantes  
dos rigueiriños brañegos,  
bailaban a muiñeira  
para engado dos penedos.  
Hoxe, danzan, a «go-go»  
en turréiros de cemento  
e van, por irtos aramios,  
a darlle forza aos alleos.

(Delgado Gurriarán, 1986: 62-63)

Os dous últimos poemiñas da serie de catro salientan pola introdución de termos procedentes doutras terras, hibridismo lingüístico habitual na obra de FDG, e que inciden na consideración de Galicia como “Far West da España, / “set” pra un “western” de indios mansos” (Delgado Gurriarán, 1986: 63).

### 2.3. Vida das árbores en México

FDG chegara a México a bordo do *Ipanema* en 1939, a primeira parada foi en Veracruz e, antes de asentarse na capital mexicana, percorrería outras poboacións como Toluca. A itinerancia das súas diferentes ocupacións

---

<sup>9</sup> O primeiro dos catro poemas está datado en 1968 e fora publicado no número 4 da revista *Vieiros*. Para saber máis sobre esta publicación do Padroado da Cultura Galega do México pode lerse un estudo aparecido na revista *A Trabe de Ouro* (Acuña, 2009).

ofreceríalle a posibilidade de coñecer moitas localidades (Puebla, Tlaxcala, Michoacán...).

Segundo o seu biógrafo, Ricardo Gurriarán, unha das actividades de FDG, tralo seu traslado a Guadalajara en 1951, foron “os grandes paseos e a observación da natureza” entre unha vexetación “exuberante e rica, cousa que Florencio reflicte ben nos seus cooridos poemas desta época” (Gurriarán, 2001: 221).

Testemuña do indicado son os dous poemas, pertencentes aos “Poemas mexicanos” de *Galicia infinda* (1963), protagonizados dende o título polo xacarandá e o tabachín, dúas árbores espectaculares na época de floración polas súas intensas cores.

Por unha banda, o xacarandá é observado con detemento en cada unha das partes (flores, follas, ponlas) e valorado coma un foguete malva a estoupar nunha mañá de marzo.

#### Xacarandá

A esta terra da infinda primadeira  
a nova primadeira vai chegar  
e a xacaranda teima en estoupar,  
foguete malva, na mañán marceira.

Das súas ponlas pendura, churrusqueira,  
axóuxeres azúes, a vibrar  
nun ourente tanguido que enche o ár  
e espalla o seu engado feiticeira.

Orvallada de frores no chan deita,  
a choiva malva-azul o parque enfeita...  
E, verde muiñeira polo vran,

peneira o ardente sol, coas súas follíñas / da bris arrandeadas, e  
as herbiñas  
recadan, a bulir, a lús do chan.

(Delgado Gurriarán, 1963: 77)

Pola súa parte, o tabachín, no seu florecemento, é descrito como unha fogueira vermella a queimar a primavera.



### Tabachín

Froesce o tabachín...  
súa bermella fogueira  
alumea o xardín  
-ledo roibén do abrente-  
¡Quéimase a primadeira / no tabachín ardente.

(Delgado Gurriarán, 1963: 86)

O sentido do abraio ante a natureza do país de acollida que estamos abordando en FDG tamén se detecta na literatura doutras persoas exiliadas. É o caso da escritora santiaguesa en lingua castelá Concha Castroviejo, trasterrada coma FDG en México. Con estas palabras confesaba ela o seu abraio pola terra, de acollida e de orixe, nun texto autobiográfico e póstumo<sup>10</sup>: “nunca se me han cansado los ojos de contemplar llanuras, las verdes y las sepías, las suaves y las ásperas, las que van a encontrarse con el monte y las que desafían la mirada y el horizonte” (Castroviejo, 2020: 11).

Para o tema que nos ocupa procede que mencionemos unha obra anterior de Concha Castroviejo, a novela *Los que se fueron*, e na que, entre moitas outras cuestións (Acuña, 2021), constata a depredación provocada polos humanos da natureza mexicana. Tras participar no ecocidio capitalista, o seguinte discurso ecosocial (Rodríguez, 2018: 164) é pronunciado polo protagonista, un galego exiliado que decide retornar:

El oro negro que fluye de sus árboles no era para mí. No era para ninguno de los que allí ofrecían su esfuerzo y su salud al dios del comercio y del dólar. Pero hacia la selva marchaba aquel grupo de hombres secos, cetrinos, obstinados; de mirada perdida y brillante que, día tras día y año tras año, se desgarran en la lucha. Una lucha que ellos creen entablar contra los árboles vengativos, contra las fieras y la naturaleza, contra las fiebres y la muerte, y que no es más que una lucha inútil contra la empresa omnipotente, contra la fría organización que los ha vencido y que los ahoga.

(Castroviejo, 2009: 8)

---

<sup>10</sup> O maior abraio de Concha Castroviejo procede dos animais tal e como pode lerse na citada obra póstuma *En las praderas del Gran Manitu*.

### 3. Consideracións finais

Pretendemos neste traballo, a través dunha lectura ecocrítica da obra de FDG, achegarnos á súa “mirada afectuosa” (Marilyn Frye *apud* Flys, 2015: 312) sobre a natureza e crítica sobre os depredadores. Consideramos que coñecer a escrita de FDG permite defender a natureza e, en palabras de Marta Tafalla (2019: 159), construír esa memoria colectiva da biodiversidade que estamos exterminando.

Nun momento en que a reflexión sobre a nosa actitude co mundo natural non humano é ineludible (Velasco, 2015), os textos de FDG serven para cambiar a nosa actitude co mundo, para que deixemos a nosa percepción arrogante e acollamos a súa percepción afectiva do mundo non humano.

En definitiva, os poemas de FDG mostran a beleza natural produto da súa renuncia a dominar a natureza e a impoñerlle a identidade humana. Preguntarse como sente unha árbore implica xa unha revolución na mirada sobre o mundo; ao intentar sentir o que senten, déixase de ignorar a outra metade.

### 4. Bibliografía

- Acuña, Ana e Xesús Alonso Montero (eds.) (2008): *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada de Xosé Filgueira Valverde*. Pontevedra: Museo de Pontevedra/Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales.
- Acuña, Ana (2009): “Na encrucillada dos vieiros: a revista *Vieiros* e os galegos doutras periferias (Madrid, Arxentina, Cuba...)”, *A Trabe de Ouro*, 80, pp. 571-587.
- \_\_\_\_\_ (2021): “*Los que se fueron*. Concha Castroviejo (1910-1995)” en Carmen Mejía Ruiz (dir.) e María Jesús Piñeiro Domínguez (ed.), *Voces de escritoras olvidadas*. Madrid: Escolar y Mayo/Guillermo Escolar Editor, pp. 273-294.
- Carson, Rachel (2001<1962): *Primavera silenciosa*. Barcelona: Crítica.
- \_\_\_\_\_ (2018<1965): *O sentido do abraio. A celebración da natureza para persoas de todas as idades*. Vigo: Catroventos [Tradución de Patricia Buxán Outeiro].
- Castroviejo, Concha (2009<1957): *Los que se fueron*. A Coruña: Ediciones del Viento.

- \_\_\_\_\_ (2020): *En las praderas del Gran Manitu*. Santiago de Compostela: Tandaia.
- Delgado Gurriarán, Florencio M. (1963): *Galicia infinda*. Vigo: Salnés.
- \_\_\_\_\_ (1981): *Cantarenas*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- \_\_\_\_\_ (1986): *O soño do guieiro. Poemas, poemiñas e poemoides*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- Flys Junquera, Carmen; José Manuel Marrero Henríquez e Julia Barella Vigal (2010): “Ecocríticas: el lugar y la naturaleza como categorías de análisis literario” en Carmen Flys Junquera, José Manuel Marrero Henríquez e Julia Barella Vigal (eds.), *Ecocríticas. Literatura y medio ambiente*. Madrid: Iberoamericana/Vervuert, pp. 15-25.
- Flys Junquera, Carmen (2015): “Ecocrítica y ecofeminismo: diálogo entre la filosofía y la crítica literaria” en Alicia H. Puleo (ed.), *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. Madrid: Plaza y Valdés editores, pp. 306-320.
- \_\_\_\_\_ (2018): “En el principio era la palabra: la palabra y la creación de imaginarios ecológicos” en José Albelda, José María Parreño e José Manuel Marrero Henríquez (coords.), *Humanidades ambientales. Pensamiento, arte y relatos para el siglo de la gran prueba*. Madrid: Catarata, pp. 182-200.
- Gurriarán, Ricardo (2001<1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- Instituto Nacional de Antropología e Historia, México (1979): “Entrevista a Florencio Delgado Gurriarán realizada en la ciudad de Guadalajara por Dolores Pla. Proyecto de historia oral. Refugiados españoles en México” [Disponible en <https://mediateca.inah.gob.mx/repositorio/islandora/object/entrevista:884>]. [Consulta: 07/12/2021].
- Rodríguez Mattalía, Lorena (2018): “Audiovisuales y discurso ecosocial: de la casa a la intemperie” en José Albelda, José María Parreño e José Manuel Marrero Henríquez (coords.), *Humanidades ambientales. Pensamiento, arte y relatos para el siglo de la gran prueba*. Madrid: Catarata, pp. 164-181.
- Parreño, José María e José Manuel Marrero Henríquez (2018): “Presentación. La cultura del Antropoceno” en José Albelda, José María Parreño e José Manuel Marrero Henríquez (coords.), *Humanidades ambientales*.

- Pensamiento, arte y relatos para el siglo de la gran prueba*. Madrid: Catarata, pp. 7-14.
- Rivas, Manuel (2020): *Zona a defender. A esperanza indócil*. Vigo: Xerais.
- Tafalla, Marta (2019): *Ecoanimal. Una estética plurisensorial, ecologista y animalista*. Madrid: Plaza y Valdés editores.
- Velasco Sesma, Angélica (2015): “Más allá del mecanicismo: heroínas ecológicas del imaginario actual” en Alicia H. Puleo (ed.), *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. Madrid: Plaza y Valdés editores, pp. 341-358.
- Villar, Miro (2006): “O macrotexto poético en galego de Florencio Delgado Gurriarán”, *Raigame*, 23, pp. 87-94.

## **Florencio Delgado Gurriarán e Ramón Otero Pedrayo. Un epistolario (1930-1975)**

PATRICIA ARIAS CHACHERO  
(UNED)

Na Fundación Penzol de Vigo consérvanse seis cartas e tres postais de Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987) a Ramón Otero Pedrayo (1888-1976)<sup>1</sup>. Esta comunicación epistolar, que comeza o 30 de Nadal de 1952 e remata en decembro de 1975, é a base da que parte o presente traballo. Unha correspondencia breve e probablemente incompleta que, aínda así, dá boa conta da amizade fraternal que, pese a distancia, mantiveron o homenaxeado nas Letras Galegas en 2022 e Ramón Otero Pedrayo, un dos grandes intelectuais galegos do século XX.

### **As orixes da amizade. Antes da Guerra Civil (1930-1936)**

Delgado Gurriarán e Otero Pedrayo comezaron a tratarse en 1930. En abril dese ano constituíuse a Irmandade Galeguista Valdeorresa, presidida por Xaime Prada, con Ánxel Regueiro como Segretario e Manuel Valcarce Gómez como Bibliotecario. O nome de Delgado Gurriarán figura no organigrama como Delegado vogal por Córsgomo, a súa aldea natal<sup>2</sup>.

Ben pouco despois, o 27 de abril, celebrábase na Coruña, no local social da Irmandade da Fala, a VI Asemblea Nacionalista, á que o grupo de Valdeorras non acode pero envía adhesión. Nesa xuntanza tomáronse varios acordos; entre eles, a creación dun partido autonomista agrario e a celebración dunha festa da lingua cadrando co 25 de xullo. Con tal motivo espallouse un manifesto no que se alentaba a todas as delegacións para que celebrasen algún festival literario na súa vila<sup>3</sup>. Ricardo Gurriarán (1999: 45) afirma que no faiado da casa de Florencio Delgado se conservou un documento, asinado por Otero en Ourense o 15 de abril do 30, no que se

---

<sup>1</sup> Agradézolle a Benito Ramírez Abal, o bibliotecario da Fundación Penzol, e a Xosé Manuel Soutullo, o seu director, a posibilidade de consultalas. Estou en débeda tamén con Mari Rodríguez Travieso e Miguel Anxo Seixas Seoane, que leron e corrixiron este texto.

<sup>2</sup> *A Nosa Terra*, nº 271, 1-V-1930, p. 12.

<sup>3</sup> *A Nosa Terra*, nº 273, 1-VI-1930, p. 8.

Ile proporcionaban instrucións para organizar a celebración do Día de Galicia seguindo os parámetros que se proporán na xuntanza coruñesa.

Os entusiastas membros da Irmandade valdeorresa cumpriron de sobra coa encomenda. Nas páxinas de *El Pueblo Gallego* do 29 de xullo dese ano dáse noticia do acto de afirmación galeguista que se organizou no Círculo Valdeorrés da Rúa. Interviñeron, en galego e en defensa da lingua galega, o escritor Manuel Valcarce e o debuxante Xaime Prada. Xunto aos conferenciantes, no estrado, estaban os principais artífices do espertar galeguista na comarca: o farmacéutico e vicepresidente da Irmandade valdeorresa Pablo Quiroga, o secretario do Concello das Nogais Ángel Regueiro, o mestre da Rúa Matías Núñez, o doutor José Folla, o fotógrafo Manuel Blanco Pascual e, por suposto, o avogado Florencio Delgado Gurriarán. Ao rematar as intervencións, recitáronse poemas de Manuel Curros Enríquez, de Rosalía de Castro e de Ramón Cabanillas.

E se a relación entre Delgado Gurriarán e Otero Pedrayo comezou a través da actividade política e por medio de misivas, moi pronto derivou en encontros persoais. Os primeiros, segundo parece, acabada de proclamar a II República e en Valdeorras. O 29 de abril de 1931, apenas un ano despois da celebración da festa da lingua, en *La Zarpa*, atopamos o anuncio dun mitin político en Valdeorras que, sen concretar o nome do orador, apunta á presenza de Otero Pedrayo na comarca natal de Florencio Delgado (Gurriarán, 1999: 54). Seguramente se trate do acto de afirmación galeguista que se celebrou o domingo 24 de maio de 1931, no que interviñeron, ademais do propio Ramón Otero Pedrayo, Víctor Casas da O.R.G.A e Leuter González Salgado, do Partido Nazonalista Republicán de Ourense.

Nesa época Otero, deputado a Cortes desde comezos de xullo, multiplica a súa actividade pública. As estancias na capital madrileña e os actos e intervencións por toda Galicia ocúpano febrilmente ao longo do verán sen que conste a súa presenza na bisbarra valdeorresa. Quizais a isto fai referencia a carta máis antiga que conservamos entre el e Gurriarán. Dille o primeiro ao segundo desde Madrid o 9 de agosto de 1931 (Gurriarán, 1999: 56):

Deica agora non tiveren vagar para lle respondere e préggolle que me dispense por ista longa demora. Vde. como fino poeta sabe ben que o calor diste pobo tolle a un de mala maneira. Temos de

falar de moitísimas cousas. Axiña se fará o plebiscito dos concellos pro Estatuto e cumpre loitar ben pra lograre sinón a todos polo menos os máis e millores. Teño unha grande arela de falar en Valdeorras aínda que Vde sepa que eu non procuro o espeitáculo. Consideroo agora un deber. E cumprireino n'iste mes, sinon no primeiro viaxe á casa que será un lóstrego de dous días, mais adiante, a mediados, aproveitando ús días de folgo d'istas Cortes preguizosas e aburridas.

Este novo encontro debeuse producir nalgún momento antes de outubro dese ano pois o día 10 dese mes atopamos unha nota anónima na portada de *La lucha: órgano de la Agrupación Socialista y de la Federación Agraria de la Provincia* que di así:

SEÑOR GOBERNADOR

En Villamartín de Valdeorras se celebró un mitin sin la debida autorización.

Elementos bugallistas, con el Diputado Otero Pedrayo, hablaron en el mismo sin el permiso necesario para ello de la autoridad correspondiente.

¿Por más bugallistas que sean estos señores, aunque estén avalados por un Deputado *republicano de cuño nuevo*, pueden faltar tan descaradamente a la Ley?

Pouco despois deste polémico episodio, en novembro do 31, un entusiasta Delgado Gurriarán escribe un comprometido poema que publica nas páxinas do xornal *A Nosa Terra*<sup>4</sup>. Apenas catorce versos que, tras o título, “¡Xuntanza!”, conclúen así:

Bos galegos, é hora de xuntanza,  
a quen forte non é, ninguen o escoita,  
se queredes ser dinos de gabanza  
ide xuntos a nobre e civil loita,  
se non, triste será vosa lembranza  
e nunca terá fin a vosa coita.

Un par de anos despois, en 1933, don Ramón regresa a Valdeorras e pronuncia un mitin na praza de Viloira onde o acompañan o avogado Xosé Fernández Borrajo, Leuter González Salgado e Alexandre Bóveda.

---

<sup>4</sup> *A Nosa Terra*, nº 290, 1-XII-1931, p. 4.

Presentounos Miro Villagómez. Segundo parece, Otero Pedrayo comezou a súa intervención explicando que non era o mesmo ser católico, coma el, que ser de dereitas (Gurriarán, 1999: 89). Ao rematar o mitin, Alexandre Bóveda e o propio Otero Pedrayo participaron nun acto cultural que organizou a Mocidade Galeguista no Bar Ideal do Barco, presentounos Luis Rivaya. Ao concluír este segundo acto, Otero e Bóveda acoden a unha concorrida cea na que o coro “Airiños do Barco” interpretou o himno galego.

Con todo a amizade entre Delgado Gurriarán e Otero Pedrayo consolidouse na III Asamblea do Partido Galeguista, celebrada en Ourense entre o 13 e o 14 de xaneiro de 1934. Moitos anos despois, en 1979, na coñecida entrevista que lle concede a Dolores Pla (1979: 40), o homenaxeado nas Letras Galegas de 2022, lembra así aquel encontro:

Estaba Castelao, don Ramón Otero Pedrayo –que fue hasta su muerte en el año ochenta y cinco, pues el patriarca de las letras gallegas–. Un hombre de una gran cultura y una gran capacidad, un gran valor como ensayista y como narrador, que hizo su obra casi cien por cien en gallego pero trascendió, trascendió, non fue una cosa que no, que se quedara limitada a Galicia sino trascendió a los elementos culturales de España.

Quizais foi entón cando Gurriarán lle dedicou a don Ramón un exemplar do seu primeiro poemario, *Bebedeira* (Nós, 1934). Na primeira páxina do libro, hoxe na biblioteca de Trasalba, escribiu: “Ao querido irman e amigo. O Ramón Otero Pedrayo con fondo agarimo”.

### **Despois da Guerra Civil (1952-1975)**

A primeira carta deste período que conservamos foi escrita o 30 de Nadal de 1952 en Guadalajara (México) onde residía o autor, Delgado Gurriarán, que, cremos, retoma unha comunicación interrompida durante moitos anos, probablemente desde o inicio da guerra.

Un par de datos apuntan nesa dirección. En primeiro lugar, o feito de que felicite a Otero Pedrayo polo seu trunfo nas oposicións á cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela. Faino con case tres anos de retraso pois Otero tiña superado os exames pertinentes en marzo de 1950. Explícalle ademais, que está ao tanto dalgúns dos seus



traballos e que por seu curmán Gonzalo Gurriarán soubo “da cita que garimosamente me adicou nunha conferencia dada por vostede no Liceo de Ourense e organizada polo Montañeiros de Galicia. miña gratitú por elo”. Entendemos que se refire á conferencia que o Club Peña Trevinca de Montañeiros de Galicia, fundado polo médico Gonzalo Gurriarán, organizara no Liceo de Ourense o 15 de maio de 1949, dous anos e medio antes da redacción desta carta. Segundo recolle o boletín do Club Peña Trevinca<sup>5</sup> (Gurriarán, 1995: 71), don Ramón: “elogió nuestras sierras gallegas y a los poetas de la región cantores de estas montañas: Noriega, Amado Carballo, Delgado Gurriarán”.

Nesta carta o poeta valdeorrés proporciona novas sobre a súa vida que ten mudado moito desde os tempos de militancia política que emisor e receptor compartiron:

Vivo na capital da “Nueva Galicia”. Non se asemella á nosa, das choivas benqueridas, pois pola súa sequidade tira máis a Castelá. Ten, en troques, unhas belas rapazas de ollar verdecente como Melibea e como moitas das nosas, un “tequila” que quenta e gorenta coma os nosos augardentes e unha rexoubeira danza, o “jarabe tapatio”, que lembra un pouco a unha nosa muiñeira.

Explícalle ademais que está casado –fixérao no ano 44 con Celia Teijeiro– e que a súa dona “é galega polo ‘jus sanguíneo’ e polo sentimento e formación, pois viveu na Terra, os meus catro cativiños tamen se senten enxebres”. No terreo laboral, aclara: “Son axente d’uns laboratorios e viaxo desde Manzanillo, no Pacífico, ata México, principalmente polo estado de Michoacán, que ese si, polos seus logares, piñeiros e vigorosas agras lembra a Nosa Terra”. Refírese a Queralt Mir, o laboratorio onde comezara a traballar en 1949 e onde se xubilará en 1973.

Completa esta carta facéndolle saber a don Ramón que segue escribindo en galego e que compuxo “nun intre de lecer, unhos aleluias xeográficos, ou refraneiro da Nova Galiza” que lle anexa. Trátase do seguinte poema:

---

<sup>5</sup> No noveno número do boletín *Peña Trevinca. Montañeros de Galicia*, correspondente a decembro de 1950, atopamos un artigo de Ramón Otero Pedrayo titulado “Cumbres en el horizonte” (pp. 3-6).

Xalisco, Guadalajara, nenas de fermosa cara  
A “Pérola do Oucidente”: nenas de ollar verdecente  
Terra de enxoiñas valgadas, de irtos agaves inzadas  
Xurden, feros, dos terréos, para acoitelar aos ceos  
Agaves de seiva ardente, pai do tequila, augardente  
de moi esgrevia liñaxe que no sangue lle dá carraxe,  
compre, pra o bebericare, limón e sal lle botare,  
e gorenta que gorenta, canta quen co’ele se quenta  
O xarabe tapatío, ledó coma un rechouchío  
é unha danza rebuldeira parenta da muiñeira.  
E, n’ un bailéu, bailado, cos pés ben repinicados,  
mentres as pernas dos nenínos fan rendas de Camariñas,  
logo, xionllo no taboado, o compañeiro arrufado  
co pé rálballes a testa pra pór lle remate á festa  
e, do van avencellados, afastanse os namorados  
Tapatíos, tapatías reloucan as retesías  
parexiña por parexa pra darlle ao fastío envexa.  
O sangue fervelle á xente, coitado de quen a emente!  
Súpeto estoupa a pistola pois seica se armou a “bola”  
Desfeita pola liorta esvaea a festa na porta  
e fica un morto caído, novo herói para un “corrido”.

A composición, con pequenas variantes, foi publicada por vez primeira sete anos despois da redacción desta carta, no verán de 1959, no primeiro número da revista *Vieiros*, e incluída en *Galicia infinda* (1963: 73-74) dentro da sección “Poemas mexicanos”. O texto, dedicado “A Don Ramón Cabanillas, mestre e petrucio da lírica galega de arastora, con fonda venerazón e agarimo”, mestura con naturalidade ritmos e léxico mexicanos coa lingua galega. Xa desde o propio título, “Xarabe tapatío”, baile rexional mexicano, o poeta fai que a nosa lingua se adapte á nova realidade vital, o exilio en México, lonxe da Terra. O artificio, ben estudado pola profesora María Xesús Lama López (1999: 749), reflicte “o ambiente festivo con que parece ir asociada esta música: celebra as mozas de Jalisco, que teñen sonda de fermosas na tradición popular mexicana, e canta as terras onde medra e se bebe o tequila e cómo se baila o ‘xarabe tapatío’”.

Antes de dar por concluída a análise da misiva que estamos comentando, cómpre anotar que o autor engade: “Escrebo moi pouquiño, pro ben das Musas e exercítome no galego con algunhas traducións,

adxúntolle a do “Cemiterio Mariño” de Paul Valéry”<sup>6</sup>. Refírese, seguramente, á tradución que publicara uns meses antes, en agosto do 52, nas páxinas de *Opinión Gallega* de Buenos Aires.

A seguinte epístola relevante é do 11 de Nadal de 1955, dous anos despois da anterior. Achega algo máis de información sobre a súa situación laboral e persoal:

Sigo co mesmo traballo de axente de laboratorio; traballo que me da pra vivir e manter aos meus cinco cativos, inda que non vaia moi de acordo co meu temperamento; por eso digo de min: “camiño con disfrace de extroverso como calquera comercial axente –a visitar galenos e farmacias– e namentres en min xermola un verso bon, por fora a nadare coa corrente e, ata a rir chego, do cliente as gracias.

E anuncia que:

Fai algún tempo escribeume o amigo Illa pedíndome un traballo pra un n<sup>o</sup> estraordinario adicado a vostede, da revista que publican en Caracas. Cómo non sei si se publicou ou aínda está no prelo, enviólle unha copia, por certo con algunhos engádegos: sempre a lembranza do curruncho que me viu nacer.

En 1954 o Centro Galego de Caracas convidara a Otero Pedrayo para que fose pronunciar unha serie de conferencias a Venezuela. A viaxe frustrouse a última hora no aeroporto de Barajas por cuestións completamente alleas ao

---

<sup>6</sup> Anos antes traducira ao galego trece textos de poetas franceses modernos e presentáraos ao certame que a Federación das Sociedades Galegas de Bos Aires organizara en 1946 para conmemorar o seu 25 aniversario. As traducións resultaron premiadas e publicáronse en 1949, na editorial Alborada, no volume *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, asinado por Plácido R. Castro, Lois Tobío Fernández e o propio Delgado Gurriarán. Neste volume, de Paul Valéry escolleu unicamente un texto, “Les Pas”, “Os Pasos”. Otero, en carta a Gonzalo Gurriarán do 7 de xaneiro de 1950, acusa recibo do volume. Di: “Acaba de llegarme un hermoso libro de Buenos Aires. Poesías Inglesas y francesas (Tennyson, Shelley, Emerson, Baudelaire, Claudel...) traducidas al gallego por Plácido Castro, Luís Tobío y Florencio Delgado Gurriarán. Todos grandes y recordados amigos. Gurriarán traduce cosas de Valéry, Mallarmé, Verlaine, muy bellamente a lo poco que he visto” (Gurriarán, 1995: 81). Lamentablemente, na actualidade, na Casa Grande de Cima de Vila, sé da Fundación Otero Pedrayo, non se conserva ningún libro de Florencio Delgado Gurriarán.

escritor e, para compensalo do desgusto, os organizadores, Ramiro Illa Couto entre eles, pensaron en dedicarlle un número extraordinario de *Galicia*, a revista que editaba o Centro Galego da capital venezolana. En marzo de 1956 don Ramón visita finalmente Caracas e o número extraordinario de *Galicia* adíase. O material que deran reunido incluíuse finalmente no volume *Homaxe da Galicia Universal*, imprentado en 1958 para conmemorar o 70 aniversario de Otero Pedrayo.

Xunto a esta carta, Florencio Delgado envía unha copia mecanoscrita do poema “Saúdo” dedicado “A Don Ramón Otero Pedrayo, con fondo agarimo” tal e como se publicou na *Homaxe* (1958: 100-101). Anos despois, “Saúdo” apareceu, modificado, en *Galicia infnda* (1963: 33-34) e máis tarde en *Cantarenas* (1981: 103-105). O longo poema, cheo efectivamente de referencias paisaxísticas a Valdeorras, comeza así:

Don Ramón benquerido: Eu te saúdo  
en nome do meu vale feiticeiro,  
da terra de Valdeorras benamada  
celmosa de godello e de caíño,  
do brincadeiro Sil, do enfesto monte  
e da bocarribeira corgomesa.

Esta será unha das dúas composicións que Delgado Gurriarán brinde a Otero Pedrayo. A outra, coa mesma dedicatoria, é “As xeirás do castiro”, recollida nas páxinas de *Galicia infnda* (1963: 48) e publicada por vez primeira en *LAR. Revista del Hospital Gallego de Buenos Aires*, ano XIX, nº 224-225, 25-VIII-1952 (Gurriarán, 1999: 232). Comeza así:

Espriguízase o rexo castiñeiro,  
vello petrucio, pai de cen anadas.  
Ao quentor das luminosas labaradas  
volve a agromar, nun pulo brincadeiro.  
As candeias, de afrodisíaco cheiro,  
pola verde follax agarimadas,  
son, ao xeito de doas penduradas,  
ouro a tremer co vento rebuldeiro.

Nesta carta, plenamente inmerso no traballo intelectual, Florencio Delgado Gurriarán afirma, ademais, que acaba de recibir *Valdeorras*, “revista publicada coa emposta da feira de agricultura de Ourense, e vexo que aínda

se lembran de min os meus conveciños, pois adícanme unha nota e publican uns anacos de ‘Bebedeik’”. Refírese á publicación aparecida en setembro de 1955, con motivo da III Feira-Exposición Agropecuaria e Industrial de Orense, que, efectivamente, lle dedica a páxina 36 que inclúe, ademais dunha breve pero coidada semblanza biográfica, algúns dos seus versos de preguerra.

Na seguinte carta de certa entidade que ten chegado a nós, asinada o 8 de novembro de 1957, Delgado Gurriarán refírese nestes termos ao novo proxecto cultural que o ocupa:

Non sei se saberá que tencionamos dar a luz unha revista “Vieiros”, totalmente en galego e que poida ser espallada por Galiza sin empezos para os lectores ou colaboradores.

Contamos con que salla a fins diste e xa temos recibido por meiación de del Riego, traballos dil e de Carballo Calero, Bouza Brey e Cuevillas. Mais coido que sin un traballo de vostede (a quen consideramos a figura máis representativa das letras galegas de agora e tamén o noso mestre e guiador benquerido) estaría incompleta a revista, polo que lle prego nos envíe pra enfeite dela, ao meu enderezo.

Son compañeiros meus neste choio literario Carlos Velo –trunfador no cine mexicano con “Raices” e “Torero”–, Lois Soto, Elixio Rodríguez, Xermán Rañó, afillado do inesquencible Daniel, Alvaro Casas, [Carlos] Tome, [Andrés] Valín e moitos máis, todos de fonda raigame galeguista e ferventes admiradores seus.

Folgamos moito o ver que rapaces novos, nados as letras nestes derradeiros anos, fagan en galego a súa laboura literaria. Vemos que hai un vigoroso rexurdir da nosa lingua e non queremos ficar alleos.

En 1959, o primeiro número de *Vieiros*, a revista do Padroado da Cultura Galega de México, ábrese precisamente con “Noite compostelán” un breve texto de Otero Pedrayo que parece ter atendido solícito a petición que se lle fai nesta carta. Os seguintes números de *Vieiros* acollerán tamén a sinatura de don Ramón. No segundo, outono do 62, atopamos “O convidante dos camiños”; no terceiro, outono de 1965, “A roseira mucha dos ribeiros ourensáns e no cuarto, en 1968, “Cen anos do pasamento de Fontán”<sup>7</sup>.

---

<sup>7</sup> Na revista *Saudade. Verba Galega das Américas* (1942-1953), o anterior proxecto cultural no que participara Gurriarán como redactor, unicamente figura un pequeno fragmento

Os amigos continúan compartindo proxectos literarios e confidencias. O 10 de marzo de 1965, no penúltimo documento que chegou a nós, lemos o sentir de Delgado Gurriarán sobre a recepción de *Galicia infinda* e sobre a postura lingüística dos que veñen atrás del:

Inda que un pouquiño máis novo, tamén eu empezo a estar, senón no “Diablo Mundo”, nos algo máis recentes (e, dende logo, máis cursis) tempos do “Último cuplé”). Sen dúbida por iso, pasou sin deixar ronsel a miña cativa “Galicia Infinda”. Non é cousa de pórse a chorar por iso. Os gostos teñen que mudar cós tempos. O que si quixera é que algúns dos novos tomaran un pouco mais en serio a fala e foran un pouco menos “esotéricos” no seu xeito de espresarse; menos esotéricos “e c’un pouco de máis quentor nos seus poemas. De tódalas maneiras, gorento o ver a espréndida froración das nosas letras, froración que supera á dos tempos do (arestora dino de ser lembrado con agarimo) xenial Primo de Rivera.

A última carta, apenas unha nota, é de decembro de 1975. O emisor ten 72 anos cumpridos; ao receptor, Otero Pedrayo, apenas lle quedan catro meses de vida. Di así:

Benquerido e admirado Don Ramón: Boandanza e Saúde pra o Nadal e Aninovo!  
Eis as arelas deste seu vello amigo e de toda a miña xente.  
Unha forte aperta

Péchanse así corenta e cinco anos de amizade, unha amizade que perdura pese a distancia pois foi fraguada nos tempos de esperanza e sostida grazas á idea compartida.

## **Bibliografía**

- Delgado Gurriarán, Florencio (1963): *Galicia infinda*. Vigo: Galaxia  
\_\_\_\_\_ (1981): *Cantareñas*. Sada: Edicións do Castro.  
Delgado Gurriarán, Florencio, Plácido Castro e Lois Tobío Fernández (1949): *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*. Bos Aires: Editorial Alborada.

---

asinado por Otero Pedrayo. Trátase dunha transcripción dun anaco de *Historia de la Cultura Gallega*, publicada en Emecé, Bos Aires, 1939.

- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edición do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2001): “Literatura epistolar de D. Ramón Otero Pedrayo (I). O clube Peña Trevinca Montañeiros de Galicia correspondencia entre Gonzalo Gurriarán e Don Ramón Otero Pedrayo”, *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, 14, pp. 75-88.
- \_\_\_\_\_ (2009): “Vieiros cumpre cincuenta anos: a pequena intrahistoria dun proxecto editorial do exilio galego en México”, *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, 30, pp. 18-25.
- Lama López, María Xesús (1999): “Un caso de mestizaxe cultural na literatura galega do exilio; os poemas mexicanos de F. Delgado Gurriarán” en VV.AA. (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Tomo II, Literatura. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela/Servizo de Publicación, pp. 739-753.
- Pla, Dolores (1979): “Entrevista a Florencio Delgado Gurriarán realizada en la ciudad de Guadalajara, por Dolores Pla, los días 23, 24 y 25 de agosto de 1929” en <https://mediateca.inah.gob.mx/repositorio/islandora/object/entrevista%3A884> [Consultada o 20 de outubro de 2021].





## O quefacer tradutor de Florencio Delgado Gurriarán

XOSÉ MANUEL DASILVA  
(UVigo)

Pódese afirmar que a tradución representou para Florencio Delgado Gurriarán unha actividade notable, malia que non lle tivese consagrado atención de forma perseverante<sup>1</sup>. De feito, é complicado pór en cuestión que investiu moitas das súas enerxías no transvase de textos alleos. En realidade, estaba persuadido de que supuña un vantaxoso labor a prol do fortalecemento da cultura galega, tanto no plano lingüístico como desde unha perspectiva literaria. Así o deu a entender nalgunha oportunidade na etapa derradeira da vida, momento sempre apropiado para facer repaso da traxectoria pretérita, resaltando, aínda que con modestia, a dimensión desta parcela suficientemente transcendente das súas angueiras intelectuais.

Como tarefa necesaria, cómpre inventariar o corpus das versións que Delgado Gurriarán materializou na nosa lingua. A primeira contribución, e a máis sobranceira, sen cuestión, pola preeminencia que chegou a acadar como fito histórico no curso da tradución galega, foi a súa intervención na colectánea *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, estampada en Buenos Aires pola editorial Alborada, no ano 1949, co patrocinio da Federación de Sociedades Galegas da Arxentina<sup>2</sup>. Tratábase esta entrega do froito dun certame celebrado tres anos antes, o cal se organizara para conmemorar o vixésimo quinto aniversario do nacemento da amentada institución. Segundo se elucidaba no “Limiar” do libro devandito, na convocatoria do evento propuxérase, entre outras opcións, a posibilidade de presentar un conxunto de poemas de autores franceses ou ingleses. Xunto con Delgado Gurriarán, finalmente recibirían galardón Plácido R. Castro e Lois Tobío Fernández, e no escrito introdutorio referido, sen paxinar, apuntábase de todos eles:

---

<sup>1</sup> A ausencia de constancia no cultivo da tradución por parte de Delgado Gurriarán non deixa de estar conectada ao ritmo desigual que preside a xestación da súa obra poética, consonte se corrobora tendo en conta a cronoloxía dos libros que deu á luz: *Bebedeira* (1934), *Galicia Infinda* (1963), *Cantareñas. Poemas, 1934-1980* (1981) e *O soño do guieiro* (1986).

<sup>2</sup> Saíu do prelo unha nova edición, por iniciativa da editorial Galaxia e a Fundación Caixa Galicia, actualizada ortograficamente (Castro; Tobío Fernández; Delgado Gurriarán, 2005). No presente estudo recorrerase á obra orixinal.

Tres coleccións foron premiadas: unha de poesías inglesas, outra de poesías francesas e outra de poesías inglesas e francesas. Os tradutores, escritores galegos ben conocidos, viven –como pra remarcare o senso de universalidade do seu traballo– fora de Galicia, en terras ben alonxadas: un na Inglaterra, outro en México, outro no Uruguai.

(Castro; Tobío Fernández; Delgado Gurriarán, 1949)

A circunstancia de residiren os protagonistas noutros países, que se consignaba, como se percibe, de modo expreso, conduce a salientar a relevancia de que *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* saíse no exilio, non en territorio galego, converténdose no primeiro tomo de traducións galegas que viña a lume após a Guerra Civil. Dentro de Galicia, as publicacións inaugurais deste xénero haberían ser aínda as seguintes: a escolma *Musa alemá* (1951), de Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro; os *Carmina* (1951), de Horacio, trasladados por Aquilino Iglesia Alvariño; o *Cancioeiro da poesía céltiga* (1952), de Julius Pokorny, traducido por Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro; a antoloxía *Versos de alleas terras e de tempos idos* (1955), de Ramón Cabanillas; e o tratado filosófico *Da esencia da verdade* (1956), de Martin Heidegger, dos citados Fernández de la Vega e Piñeiro. Importa advertir que o primeiro e o derradeiro título dos enumerados atoparon graves obstáculos perante a censura franquista.

En *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* reúniáanse dúas dúcias de versións de Plácido R. Castro, inicialmente, pertencentes a dez poetas ingleses, desde Christina Rossetti a Padraic Colum. Seguía unha vintena de textos de catro nomes de fala inglesa, do romántico Shelley ao norteamericano Henry W. Longfellow, e seis franceses, de Charles Baudelaire a Louise de Vilmorin, transportados por Lois Tobío. Na parte final, da responsabilidade de Delgado Gurriarán, constaban trece autores novamente de procedencia francesa, con cadanseu poema, desde Paul Verlaine a Philippe Chabaneix, pasando por Mallarmé, Maeterlink, Henri de Régnier, Paul Valéry. Hélène Vacaresco, Paul Claudel, Tristan Klingsor, Lucie Delarue-Mardrus, Jules Supervielle, Jean Cocteau e Pierre Drieu La Rochelle. É ostensible a presenza de dúas voces femininas, concretamente Vacaresco e Delarue-Mardrus, dado que o elenco de figuras seleccionadas por Plácido R. Castro e Lois Tobío estaba só conformado por achegas masculinas.

No que concirne ao perfil idiomático e tradutor de cada un dos tres participantes, débese indicar, en primeiro lugar, que Plácido R. Castro, quen vivira boa parte da súa infancia e xuventude en distintos lugares do Reino Unido, efectuara antes de 1936, en compañía de Antón e Ramón Villar Ponte, a versión galega das pezas teatrais *The Land of Heart's Desire* e *Cathleen Ni Houlihan*, de W. B. Yeats (Dasilva, 2001-2002). Lois Tobío, á súa vez, ingresara na carreira diplomática en 1933, o que o levaría a viaxar por diferentes países, logo de realizar estudos en Berlín a finais dos anos 20. Non se está ao corrente de ningunha versión precedente súa en galego, se ben daquela xa se ocupara de pasar ao castelán diversos títulos, tanto de ficción como ensaísticos, para selos editoriais hispanoamericanos. Con bastante posterioridade, poría en circulación, en galego, os *Sonetos a Orfeo* (1980), de Rainier M. Rilke, *Nai coraxe e mais os seus fillos* (1987), de Bertolt Brecht, e *Fausto* (1997), de Goethe.

Con respecto a Delgado Gurriarán, hai que anotar que era, con carácter previo, quen acreditaba menor competencia lingüística, á parte de non amosar experiencia tradutora. Agora ben, como contrapartida, era o único cun notorio historial literario como autor, mormente, de *Bebedeira* (1934)<sup>3</sup>. Polo demais, a familiaridade exhibida por Delgado Gurriarán coa lingua francesa explícase en razón dos seus avatares biográficos na Guerra Civil, que o empuxaron a asentarse en Francia en dúas fases distintas<sup>4</sup>. Se cadra, a partir desas vivencias, xurdiu ademais unha nítida querenza polos

---

<sup>3</sup> Delgado Gurriarán coñecía substancialmente na posguerra por ser o autor de *Bebedeira*, no ronsel do arquetipo amadorcarballista, como se ratifica neste testemuño de Ánxel Fole: “Amado Carballo y su inmediato seguidor Delgado Gurriarán han abusado de las imágenes meramente visuales, plásticas o cromáticas. Vieron y representaron el paisaje en superficie, no en profundidad, como Rosalía o Teixeira. Lo han pintado en cartel, a gruesas pinceladas” (Neumandro, 1956). Nunha entrevista a Luís Soto arredor de *Vieiros*, o narrador lugués repetiría: “A todos nos había sorprendido gratamente el primer número. Este segundo, mejora la impresión. Transmite nuestra efusiva felicitación a todos los organizadores de allá, especialmente a tu compañero de dirección, el aquí siempre admirado poeta autor de *Bebedeira*, Florencio Delgado Gurriarán” (Neumandro, 1962).

<sup>4</sup> Fuxido tras o estalido da Guerra Civil, Delgado Gurriarán viaxou desde o Porto a Bordeos nun barco portugués. Permaneceu en terras francesas durante un prolongado período, desprazándose a Barcelona en xaneiro de 1938. Transcorrido un ano, regresou a Francia para ficar alí ata que embarcou, en xuño de 1939, no barco *Ipanema*, tamén en Bordeos, con destino a México (Pla Brugat, 2003).

poetas franceses, nos cales se alicerzou para elaborar as versións enviadas ao concurso da Federación de Sociedades Galegas da Arxentina<sup>5</sup>.

Semella adecuado deterse, pola perspicacia de moitos dos seus pensamentos, no “Limiar”, aludido con anterioridade, que encabeza *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, sen asinar, aínda que da autoría probablemente de Lois Tobío (Dasilva, 2005)<sup>6</sup>. Ao comezo, púñase énfase no peso das traducións para a puxanza de calquera literatura, sobre todo de natureza emerxente:

Longo sería facel-a historia do infruxo das traducións no desenrolo das literaturas. Unha literatura nova moitas veces trocou o rumbo i-encetou roita nova pol-a mor d'ese infruxo. Moitas literaturas teñen comenzado, ou axudáronse no seu primeiro pulo, con versións, adaptacións ou paráfrasis de obras estranxeiras.

(Castro; Tobío Fernández; Gurriarán, 1949)

Deseguido, revelábase o delicado reto que encerra a práctica da tradución poética en particular, na que, polo que se esgrimía, non abonda con traspasar “os conceptos do orixinal”, senón que demanda máis ben, consonte figuradamente se declaraba, “dal-o vento, a lus e soma, o són, o arume, o ambiente, ingredientes, imbeles i-esenciaes da creación poética, que riscan s'evaer na traslación” (Castro; Tobío Fernández; Gurriarán, 1949). Alén de lamentar a cantidade exigua de traducións galegas por aquel entón, no “Limiar” defendíase, antes do remate, a necesidade de fomentar os intercambios con outras literaturas mediante o exercicio da tradución,

---

<sup>5</sup> Lois Tobío insistiu na forte atracción que Delgado Gurriarán sentía pola poesía francesa: “Se houbera que dicir cara qué escola poética bandeaba, eu tería que dicir que cara á poesía francesa do seu tempo” (Gurriarán, 2003: 273). De xeito explícito, asociaba a ese gusto a vontade de importar autores desta literatura: “Indudablemente que os poetas franceses de aquel tempo foron lidos e estudiados e traballados por el, de modo que sucedeu que cando veu o concurso do Centro Galego, así como outros tiraron para o inglés, ou á mestura que é o que eu fixen, el todos os poemas que traduciu e que mandou ó concurso eran poemas franceses e casi na súa totalidade do seu tempo” (Gurriarán, 1999: 204).

<sup>6</sup> Nalgunha ocasión atribuíuse a paternidade ao poeta e editor Arturo Cuadrado, mais Lois Tobío deu fe, nas súas memorias, de que lle encomendaran a súa redacción a el: “As [traducións] de Plácido eran todas inglesas, as do Florencio todas francesas e as miñas metade e metade: tres anos despois serán publicadas nun fermoso volume pola Editorial Alborada precedidas dun limiar que me pediran que fixera” (Tobío, 1994: 562-563).

primordialmente por mor do seu incontrovertible beneficio para o idioma propio:

A nosa língoa acaróase, asina, a outras línguas e literaturas e d'este contaio estreito somente ben lle pode vir. Os ares d'afora limpan, refrescan, renovan. A vos de Galicia ten que se ouvir no mundo e as do mundo en Galicia. Máis alén d'este senso profundo e universal, unha razón máis concreta e propincua aconsella promover este xeito de labouras i-ela é a grande importancia que garda pr'o rexurdimento da nosa fala.

(Castro; Tobío Fernández; Gurriarán, 1949)<sup>7</sup>

Da destacada repercusión que obtivo *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* ofrece proba, en principio, unha crítica no xornal bonaerense *La Prensa* ao pouco de saír, reproducida sen dilación no vespertino compostelán *La Noche*:

Más de treinta autores se encuentran representados, y en cada caso se ha dado la obra original junto con la traducción. La selección de por sí, asegura la belleza del libro en conjunto, y a ella se suma el interés lingüístico de las versiones, a las cuales la dulzura fonética del gallego da un encanto singular.

(Sen sinatura, 1950)

Ademais, Plácido R. Castro facíase eco do volume nun programa radiofónico emitido desde Londres, o 6 de febreiro de 1950, pola BBC:

As verbas que conteñen, escritas unhas na terra galega, outras no México ou no Uruguay, ateigadas todas elas de amor a Galicia e a súa fala, atravesaron manuscritas océanos e continentes, foron lidas, premiadas e imprentadas, na capital de Arxentina, e veñen de cruzar este Atlántico, que é para nós un lazo que axunta e non un abismo que arreda, para seren hoxe comentadas en galego a través da antena londinense.

(Castro, 1950: 200)

---

<sup>7</sup> Neste preámbulo non se eludía unha valoración condensada do desempeño dos tradutores, garantindo que na “triple colleita” soaban “varias melodías”. Emporiso, identificábase como elemento común un “nidio aspecto galego”, polo que se proclamaba con entusiasmo: “O estranxeiro ven a gañar carta de cidadanía. O alleo é agora noso” (Castro; Tobío Fernández; Gurriarán, 1949).

Durante a transmisión, procedeuse á lectura das poesías “Volta da primavera”, de Philippe Chabaneix, e “Choiva”, de Paul Verlaine, traducidas por Delgado Gurriarán, á parte doutras de Lois Tobío e o propio Plácido R. Castro. Delas pronunciábase favorablemente este ditame: “(...) pódese apreciar un xusto equilibrio entre a fidelidade ao orixinal e o anxeio de facer unha traducción que fose unha verdadeira poesía galega” (Castro, 1950: 202). Por outro lado, enzalzábase a determinación da Federación de Sociedades Galegas da Arxentina por permitir, coa súa loable proposta, “aportar á riqueza poética da nosa fala estes exemplos doutras literaturas, estas vibracións da sensibilidade doutros pobos, vibracións irmáns das nosas propias, nesa linguaxe universal que é a poesía” (Castro, 1950: 202).

Luís Seoane inseriu, no mesmo ano, unha ampla recensión de *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* na revista *Galicia*, do Centro Gallego de Buenos Aires. Principiaba o seu exame con esta caracterización integral, onde sostiña que os tradutores se guiaran polas súas preferencias estéticas, sen suxeitarse a ningunha influencia estraña ao seu designio:

He aquí un libro bellamente presentado de poesía inglesa y francesa traducido al idioma gallego por tres notables escritores de Galicia. Cada uno de ellos, (...) ha traducido por propia cuenta, sin que les vigilara el bastardo interés comercial de una empresa editora, aquellos poemas que más gustaron a su sensibilidad, o que encontraron más en armonía con su espíritu.

(Seoane, 1950: 14)<sup>8</sup>

Con relación á categoría das versións en especial, Seoane aseveraba, sen vacilar, que “muchos de estos poemas quedarán incorporados como breves obras maestras realizadas en nuestro idioma” (Seoane, 1950: 14). Facía

---

<sup>8</sup> Seoane non esquecía encarecer a faceta de Plácido R. Castro, Lois Tobío e Delgado Gurriarán como creadores contrastados: “Los traductores de *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* son al mismo tiempo escritores gallegos de alta jerarquía intelectual” (Seoane, 1950: 14). Deste último, principalmente, expresaba: “Publicó hace muchos años un tomo de poesía, *Bebedeira*, en idioma gallego, en un idioma rico, con formas y palabras y aire de su comarca. *Bebedeira* es un libro dionosíaco, nacido entre las vides de Valdeorras, entre las que Delgado Gurriarán escuchó la flauta de Pan, observó las carreras de las Ninfas y escuchó la soberana carcajada de Baco encendido de color y de vino, coronado de hojas de parras de Orense. Sus poemas últimos no están recogidos en libro, sino en muy diversas publicaciones” (Seoane, 1950: 15).

fincapé en que a premissa que as norteara radicaba non tanto en traspasar o discurso orixinario de maneira submisamente literal, senón en reflectir ante todo os ingredientes formais, sen sacrificar tampouco a lealdade á fondura semántica:

Las traducciones son, en general, modelo de justeza en lo que se refiere a respetar íntegramente el tema del poema traducido, a la vez que por el cuidado de dar al verso el valor rítmico aproximado al del original. Non son estas, afortunadamente para los poetas traducidos, versiones en las que se atiende exclusivamente a la traducción de la palabra, donde la fidelidad se establezca con “la letra”, el medio de expresión, y no con el espíritu del creador. Era esta norma –la que siguen los tres escritores gallegos– establecida de antiguo entre los que por placer intelectual dedicaban sus actividades o sus ocios a la tarea de traducir o de interpretar, antes de que surgiesen los partidarios de la traducción de poemas en verso libre... y, al pie de la letra, cuyo resultado es a veces atentatorio para la finalidad original del poeta.

(Seoane, 1950: 14)

No ámbito de Galicia, alguén coas iniciais de J. R. subscribía, nas planas de *La Voz de Galicia*, outra avaliación laudatoria de *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*. Tras pór de relevo, desde unha óptica extensa, a “enorme importancia” que comportaba o exercicio da tradución “en el desarrollo de una literatura y en la formación de una lengua” (J. R., 1950), o articulista eloxiaba o bo facer da tríade de autores á hora de plasmar, en idioma galego, emocións máis que meramente locais:

En manos de estos tres poetas, la lengua gallega, forzada a la expresión de nuevas ideas e imáxenes, de nuevos sentimientos y matices, se ve sometida a una formidable disciplina, para adquirir nuevos giros, belleza formal, intensidad y concisión. Profunda satisfacción nos causa leer una lengua y una poesía gallegas, elevadas sobre el tono y la preocupación de “corredoira”. Una poesía y una lengua gallegas abiertas a las inquietudes y sentimientos universales.

(J. R., 1950)

Un compoñente central que se remarcaba era a destreza para assimilar o espírito primixenio dos textos. Así, garantíase que a publicación se erixía nun “magnífico libro de poesía gallega”, non en galego simplemente, pois as versións adquirirían, segundo se razoaba, “una expresión y un sentimiento tan genuinamente vernáculos” (J. R., 1950), o que potenciaba, en última instancia, a literatura receptora. No que fai a este mérito, acentuábase a reformulación atinada dos poemas orixinais que cabía constatar:

Plácido Rodríguez Castro, Luis Tobío Fernández y Florencio Manuel Delgado Gurriarán no han hecho una simple traducción o transcripción, carente de sensibilidade y de valor poético. Su obra es de auténticos poetas. El sentimiento y la imagen de los poetas que han traducido, los convirtieron antes en cosa propia, y los “recrearon” en una expresión gallega que nos parece uno de nuestros más formidables logros filológicos.

(J. R., 1950)

Con seguranza, Francisco Fernández del Riego foi quen se fixou máis desde o contexto galego na preciosa referencia que significaba *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*<sup>9</sup>. Moito antes de que saíse, nas páxinas de *La Noche* daba noticia, baixo o pseudónimo Salvador Lorenzana, do proceso da súa confección: “Vertida a nuestro idioma, con la máxima solvencia, se imprime en estos días en Buenos Aires una selección de modernos poetas ingleses, franceses y alemanes, realizada por Plácido Castro, Delgado Gurriarán y Tobío Fernández” (Lorenzana, 1948). Xa co libro na rúa, saudaría a súa irrupción nun ton altamente encomiástico, outra vez desde *La Noche* (Lorenzana, 1950)<sup>10</sup>.

Fernández del Riego reservoulle a *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* unha descrición demorada na revista *Tapal*, editada en Noia, onde debullaba con lucidez os trazos cardinais das versións. En primeiro termo,

---

<sup>9</sup> Delgado Gurriarán tiña comunicación epistolar fluída con Fernández del Riego, o que axuda a interpretar ese tratamento xeneroso dispensado: “Co primeiro galego que Florencio mantivo correspondencia regular foi con Francisco Fernández del Riego, evidentemente de contido literario. Encetan, no ano 48, unha relación epistolar que vai durar ata os últimos anos da vida de Florencio. A partir desta, Del Riego comeza a introducir nos seus artigos xornalísticos a vida e a obra de Florencio, como puidemos comprobar” (Gurriarán, 1999: 216).

<sup>10</sup> Fernández del Riego reiteraría as mesmas impresións, agora en galego, nunha emisión da BBC do 21 de abril de 1955 (Lorenzana, 1955a).



enalteía, ao igual que outros predecesores, o impacto da obra para as letras galegas: “A Galicia cómprelle –pra incorporar ó acerbo da súa cultura renacida– o esforzo das traducciós. Todo canto se faga pra verquer á nosa lingua as obras mestras da literatura universal é merecente dos meirandes apoios” (Lorenzana, 1955b: 32). Deseguido, enarboraba a plural condición da selección lírica brindada: “Trátase dunha escolma –ou millor de tres escolmas– preparada por escritores nosos de rexa persoalidade” (Lorenzana, 1955b: 32). Como saldo global, Fernández del Riego xulgaba que a calidade da obra, polo elevado nivel que destilaba, non se podía debater:

A antoloxía de poemas ingleses e franceses, que nos regalou a Editorial Alborada, é unha certeira amosa de bó gusto. Revela, por parte dos tradutores, longo e antergo trato cos poetas traducidos. Sinala, por banda dos editores, un cuidadoso i esforzado aneiro de nos dar unha obra digna. E o propósito está acadado: un volume ademirabremente presentado, e unhas versións cáseque todas perfectas.

(Lorenzana, 1955b: 32)<sup>11</sup>

Co obxecto de aquilatar o rango artístico das versións, Fernández del Riego establecía o cumprimento de tres normas convenientes, ao seu xuízo, na translación do xénero poético. Primeiramente, o manexo dunha linguaxe equiparable á utilizada por cada poeta. En segundo lugar, a adhesión ao compás e a cadencia do texto de partida. Para terminar, tornábase idóneo transmitir o fondo conceptual de cada composición. Diante de *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, Fernández del Riego ponderaba que se achaba unha resposta satisfactoria aos preceptos enunciados:

Non sempre é posíble a ouservancia simultánea das tres régoas. E o traductor de boa fé abanéase entre conceder a primacía ó contido ou ás palabras. Pergúntase: ¿é máis importante criar novas formas, forzándoas deica a onde sexa necesario pra que sexan poesía na fala do traductor? ¿Ou, con meirande docilidade, restrinxir a súa tarefa á estricte reprodución do texto na nova lingua? Si se opta pol-a primeira distas técnicas, o perigo máis notorio é que a poesía da traducción sexa a do traductor, e non a

---

<sup>11</sup> No desenlace desta serie de reflexións, Fernández del Riego observaba: “Trátase dun traballo feito con dilixente amor á tarefa, ateigado de certos, e mergullado –no seu conxunto– no espírito dos poetas traducidos” (Lorenzana, 1955b: 32).

do traducido. Escollendo o segundo método, a versión pode ser totalmente extrapoética.

N-ista obra de que falamos, consérvase, en xeral, o ritmo e a fidelidade ó contido. Atinguiuse unha armoñización intelixente das dúas técnicas devanditas. Por outra banda, o acerto que presidiu a escolma dos poemas traducidos, permitiu unha belida i enteira transfusión dun a outro idioma.

(Lorenzana, 1955b: 32)<sup>12</sup>

Curiosamente, Álvaro Cunqueiro atendería de modo puntual á vertente tradutora de Delgado Gurriarán. Nunha colaboración en *La Voz de Galicia*, a mediados dos anos 50, escrutaba a versión de “Brise marine”, de Mallarmé, disposta polo valdeorrés co título “Vento mareiro”. Facíao ao analizar a recompilación *Poesía francesa. Antología* (1954), do escritor e diplomático colombiano Andrés Holguín. Cunqueiro diverxía da solución conferida por Delgado Gurriarán a un par de versos:

De “Brisa marina” nos había dado hace unos años, en lengua gallega, otra traidora traducción –*traduttore traditore*–, pero todavía más confusa que traidora, el poeta Delgado Gurriarán, que hace decir, a aquel otro poeta que pesaba en trémulas telas de araña cuajada de roca, las palabras

(...) cal paxariño tolo  
de voar ante nebras, do ceo escuma branca...

allí donde Mallarmé a la letra gallega, al pie de la letra gallega, dice esta hermosura que es, sin duda, uno de los más bellos versos del mundo:

(...) Eu sinto que hai paxaros que están borrachos  
de vivir entre a escuma descoñecida i-os ceos!

(Cunqueiro, 1956)

---

<sup>12</sup> Fernández del Riego aplaudía, de forma individual, o lustre das traducións de Delgado Gurriarán: “Finalmente, Delgado Gurriarán verificóu unha mañífica escolma de modernos poetas franceses: escolma na que non falta ningún dos representativos, e que, partindo de Verlaine, remata en Chabaneix. O autor de *Bebedeira* ten feito máis que traducir; danos o espírito da moderna poesía francesa, en versos tan belos como armónicos. Escolleitíu, pra iso, algú dos máis fermosos poemas; mantén n-iles, en todo intre, unha fermosura e unha elegancia de linguaxe, que non somella doado de superar n-unha traducción así” (Lorenzana, 1955b: 32).

Os versos orixinais eran estes:

(...) Je sens que des oiseaux sont ivres  
d'être parmi l'écume inconnue et les cieux!

A segunda tradución acometida por Delgado Gurriarán que resulta indispensable tomar en consideración sitúase máis de década e media despois de *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*. É a versión do célebre poema “Oh Captain! My captain!”, de Walt Whitman, escrito en homenaxe ao presidente Abraham Lincoln a raíz do seu asasinato. Dedicada a Castelao, analogamente, con motivo do primeiro cabodano do seu falecemento, integrouse orixinalmente nun número especial d’*A Nosa Terra* e volveuse dar aos lectores, en 1957, na publicación periódica *Galicia* (Delgado Gurriarán, 1951). Excepcionalmente, a lingua fonte aquí era o inglés, no canto do francés. Adicionalmente, un pormenor digno de mención estriba en que Delgado Gurriarán, a fin de salvagardar o sentido alegórico do poema, visto que Castelao non gozou da mesma sorte heroica que Lincoln, viuse forzado a prescindir dun verso non banal, en decisión difícil de discutir. Velaquí a pasaxe do poema en inglés:

O Captain! my Captain! rise up and hear the bells;  
rise up-for you the flag is flung-for you the bugle trills,  
for you bouquets and ribbon'd wreaths-for you the shores  
a-crowding,  
*for you they call, the swaying mass, their eager faces turning.*

Este é o equivalente subministrado por Delgado Gurriarán:

¡Ouh, Capitán!, ¡Meu Capitán! Érguete a escoitar os sinos.  
¡Érguete! Por ti arfa a bandeira, por ti frolean os trompeteiros.  
Pra ti as grinaldas e as froes, a multitudume enche as praias por ti.

O terceiro proxecto de tradución executado por Delgado Gurriarán consistiu no traslado do célebre poema “Le cimetière marin”, de Paul Valéry, que chegou ao público no xornal *Opinión Gallega*, en Buenos Aires, ao ano seguinte (Delgado Gurriarán, 1951). Transcribiuse, pasadas case dúas décadas, en *Grial*, por unha peculiar coincidencia (Delgado Gurriarán, 1969). Aconteceu que nas páxinas desta aparecera outra versión firmada por Fernández del Riego, da que se detallaba: “Pensamos que se trata da primeira versión galega do sonado poema de Valéry. Cando

menos, non sabemos de outra que se teña dado a conocer” (Lorenzana, 1965: 344). Delgado Gurriarán mandou unha carta á revista informando da súa tradución, e suxerindo a seguir en actitude humilde: “Prégolle a súa publicación, se o xusga comenente. De tódalas maneiras, fica acrarado que a versión –moi boa, repito– de Salvador Lorenzana, non é a primeira, no tempo, do poema de Valéry” (Gurriarán, 1999: 233)<sup>13</sup>. En efecto, ao proporcionarse á fin a tradución de Delgado Gurriarán, anunciábase nunha breve nota:

No número nove da nosa revista publicamos unha tradución galega de “Le cimetière marin” de Paul Valéry feita por Salvador Lorenzana, e na súa presentación manifestábase a opinión de que quizáis fose a primeira versión galega do famoso poema. Dende México, o poeta galego Florencio Delgado Gurriarán comunicounos a existencia dunha versión feita por il (...). Co fin de que esta versión do poeta valdeorrés acadase unha maior difusión, con gusto a publicamos nas páxinas de *Grial*.

(Delgado Gurriarán, 1969: 110)<sup>14</sup>

A última versión de Delgado Gurriarán que hai que rexistrar é “Barco bébedo”, incluída en *Vieiros* (Delgado Gurriarán, 1968)<sup>15</sup>. Nunha nota especificábase que constituía unha “paráfrasis galega do Bateau Ivre de Jean-Arthur Rimbaud”<sup>16</sup>. A través da misiva coa que remitía o texto a esta

---

<sup>13</sup> Con posterioridade, Luz Pozo Garza (1981) e Antón Avilés de Taramancos (Valéry, 1994) concibirían senllas versións de “Le cimetière marin”.

<sup>14</sup> No momento do seu pasamento, desde *Grial* lembrouse de novo a antecendencia temporal da tradución de Delgado Gurriarán: “Fixo a primeira tradución á nosa lingua do Cemiterio marino de Paul Valéry” (Sen sinatura, 1987: 387).

<sup>15</sup> Delgado Gurriarán tiña en mente pór en galego algunha cousa do seu conterráneo Lauro Olmo, polo que se desprende dunha carta deste ao seu amigo Pepe Gayoso do 11 de novembro de 1981: “En cuanto a mis textos más significativos editados en castellano, están sujetos a contratos que me impedirían ese hermoso proyecto que supone la traducción por Florencio de algún texto mío, pues me hubiese encantado la traducción por él de mis *Golfos de bien*, por ejemplo” (Gurriarán, 1999: 335).

<sup>16</sup> A tradución está datada, en Guadalaxara-Nova Galiza, no ano 1968. Non obstante, por unha carta de Delgado Gurriarán ao seu curmán Gonzalo Gurriarán do 23 de agosto de 1966, compróbase que é anterior e se propuxo a outra revista: “Agora déille romate á traducción do Baetau ivre de Rimbaud e mandeilla a *Grial*, de Vigo, a ver si a publican” (Gurriarán, 1999: 291).

revista, da que fora codirector nos primeiros números, dirixida a Luís Soto o 20 de maio de 1967, Delgado Gurriarán exteriorizaba que tiña en estima o resultado conseguido, posto que tentara ser absolutamente fiel, conforme dicía, desde o punto de vista formal:

Adxúntoche unha paráfrasis do poema “Bateau ivre” de Jean Arthur Rimbaud. Modestia aparte, coido que está moi ben feita, xa que, contra o que se adoita facer nas simpres traducións, leva a mesma medida, as mesmas estrofas e a mesma rima aconsonantada do orixinal, o que non foi nada sinxelo conquistar.

(Gurriarán, 1999: 275)

Delgado Gurriarán realzaba, por outra parte, o galego que optara por elixir, o cal cualificaba de bastante escrupuloso e auténtico, aludindo mesmo ao modelo propugnado ao respecto por Carballo Calero ao respecto, sen sospeitar tan sequera que este se rendería máis adiante a un padrón lusitanizante:

Vai en galego superenxebre, no galego ideal (como diría Carballo Calero). Que outros traduzcan en sermo vulgaris, ou galego real ou falado. Eu, coma ti sabes, coido que compre depurar a fala, sin perxuicio, dende logo, de escribir tamén moito no galego falado, para ir acostumando á xente, pouco a pouco, a lér na nosa lingua. Mais tamén compre prepararse para un futuro en que se poda insinar o galego, insinando unha fala limpa de castelanismos e demais lixos. Ademáis, un poema coma “Barco bédedo” é para minorías e, por iso, coido que é ineludible o emprego dun galego escolleito na súa paráfrasis.

(Gurriarán, 1999: 275)

Para comprender o alcance das traducións espaxadas por Delgado Gurriarán ao longo do seu percorrido vital, nada máis oportuno, se callar, que reparar no balance por el mesmo exposto, poucos anos antes de morrer, co gallo da recollida dalgunhas versións de *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* nun número dos *Cadernos do Instituto de Estudos Valdeorreses*<sup>17</sup>.

---

<sup>17</sup> Os poemas ascendían á suma de sete: “Choiva”, de Paul Verlaine; “Vento mareiro”, de Mallarmé; “Cancións”, de Maeterlink; “Os pasos”, de Paul Valéry; “Canción rumana”, de Hélène Vacaresco; “Saída”, de Jules Supervielle; e “Volta da primavera”, de Philippe Chabaneix.

En comentario preliminar, desvelaba ao primeiro a intención capital que perseguira con elas:

De acordo có “traduttore, traditore”, apotegma italiano moi traído e moi levado e moi comenente e proveitoso, para –como nesta emposta– axudar a encher ocos nun proemio, e, aínda millor, para poñelo á cabeza dél, como eu fago arastora. De acordo –digo– co ése dito, o ser “traditores”, é, seica do tradutor. Eu, como exercicios para arriquecer o meu pobre vocabulario galego, fixen tantiñas traduzóns, ou máis ben paráfrases, de poemas de sobranceiros poetas franceses.

(Delgado Gurriarán, 1982: 42)

A continuación, perfilaba a estratexia tradutora que marcara sempre o seu traballo:

Tiven, para levar a cabo esta miña angueira, que atraizoar moitas veces o léxico dos poetas traducidos ou “atraizoados” por min, mais penso que debo mercer o voso absolvimento por este delito de “alta traizón poética”, xa que foi cometido na miña xusta precura de gardarlle fidelidade ao esencial dos poemas que traduxen ou freseí, que é espírito dos mesmos, o seu contido emocional, aquilo que deixa ou debe deixar na sensibilidade do lector unha sorte de vibración que corresponda á que sinte o poeta. ¿Logréino? ¿Atinguín o branco que eu precuraba ao traducir e atraizoar as miñas “víctimas” galas?

(Delgado Gurriarán, 1982: 42)

Para finalizar, acudía a unha metáfora de feito lúdico, como síntese do seu esforzo tradutor, na que vinculaba o universo lírico galo aos eidos nativos:

Pola miña parte, penso que non fixen máis que botar o delicado e coxigueiro xampana francés en enxebres xarros de Portomourisco....

Velahí van. Ao mau paso darlle presa. Alerta fiscais e defensores...

(Delgado Gurriarán, 1982: 42)

## Bibliografía

- Castro, Plácido R. (1950): “Dous libros galegos que nos chegan de América” en Antonio Raúl de Toro Santos (ed.), *Galicia desde Londres-Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC (1947-1956)*. A Coruña: Editorial Tambre, pp. 200-205 [Programa radiofónico emitido pola BBC o 6 de febreiro de 1950].
- Castro, Plácido R.; Lois Tobío Fernández e Florencio Manuel Delgado Gurriarán (1949): *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*. Buenos Aires: Editorial Alborada.
- \_\_\_\_\_ (2005): *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*. Vigo-A Coruña: Editorial Galaxia/Fundación Caixa Galicia.
- Cunqueiro, Álvaro (1956): “Las antologías”, *La Voz de Galicia*, 16-III.
- Dasilva, Xosé Manuel (2001-2002): “O pensamento de Plácido R. Castro sobre a tradución”, *Viceversa*, 7-8, pp. 281-288; reproducido en *O alleo é noso. Contribucións para a historia da tradución en Galicia*. Noia: Editorial Toxosoutos, 2008, pp. 311-318.
- \_\_\_\_\_ (2005): “Un clásico da tradución galega”, *Grial*, 167, pp. 90-91; reproducido en *O alleo é noso. Contribucións para a historia da tradución en Galicia*. Noia: Editorial Toxosoutos, 2008, pp. 255-258.
- Delgado Gurriarán, Florencio (1951): “¡Ouh Capitán! ¡Meu Capitán!, por Walt Whitman”, *A Nosa Terra*, 475, p. 6; reproducido en *Galicia*, 30-XII-1957.
- \_\_\_\_\_ (1952): “O cemiterio mariño, por Paul Valéry”, *Opinión Gallega*, 135, 1-VIII, pp. 4-5.
- \_\_\_\_\_ (1968): “Barco bébedo”, *Vieiros*, 4.
- \_\_\_\_\_ (1969): “O cemiterio mariño”, *Grial*, 23, pp. 110-112.
- \_\_\_\_\_ (1982): “Do xardín alleo”, *Cadernos do Instituto de Estudos Valdeorreses*, 2, pp. 42-46.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2003): “Entrevista con Luís Tobío”, *A Trabe de Ouro*, 54, pp. 271-276.
- J. R. (1950): “Poesía inglesa e francesa vertida ao galego”, *La Voz de Galicia*, 1-III.

- Lorenzana, Salvador (1948): “Los valores intelectuales de nuestra tierra”, *La Noche*, 24-VII.
- \_\_\_\_\_ (1950): “Traducciones al gallego”, *La Noche*, 27-IV; reproducido en *La Voz de Galicia*, 25-I-1961.
- \_\_\_\_\_ (1955a): “Literatura universal na lingua galega” en Antonio Raúl de Toro Santos (ed.), *Galicia desde Londres-Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC (1947-1956)*. A Coruña: Editorial Tambre, pp. 526-528 [Programa radiofónico emitido pola BBC o 7 de novembro de 1955].
- \_\_\_\_\_ (1955b): “Poesía inglesa e francesa, en galego”, *Tapal*, 9, p. 32.
- \_\_\_\_\_ (1965): “O cemiterio mariño de Paul Valéry”, *Grial*, 9, pp. 342-348.
- Neumandro (1956): “Nuestra lírica contemporánea”, *La Noche*, 24-V.
- \_\_\_\_\_ (1962): “Entrevista a Luís Soto”, *El Progreso*, 7-IX.
- Pla Brugat, Dolores (2003): “Florencio Delgado Gurriarán: Galicia es mi patria y yo sigo siendo cien por ciento gallego” en *El Aroma del recuerdo: narraciones de españoles republicanos refugiados en México*. México: Plaza y Valdés/Instituto Nacional de Antropología e Historia, pp. 57-69.
- Pozo Garza, Luz (1981): “Cemiterio marino”, *Nordés*, 5, pp. 30-36.
- Sen sinatura (1950): “Notas de oír y ver”, *La Noche*, 10-II.
- \_\_\_\_\_ (1987): “Finou en California o poeta Florencio Delgado Gurriarán”, *Grial*, 97, p. 387.
- Seoane, Luís (1950): “Dos libros editados en Buenos Aires”, *Galicia*, 443, pp. 14-15.
- Tobío, Lois (1994): *As décadas de T.L.* Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- Valéry, Paul (1994): *O cemiterio mariño*. A Coruña: Espiral Maior.



## O exilio galeguista en México e a presenza de Florencio Delgado Gurriarán

UXÍO-BREOGÁN DIÉGUEZ CEQUEL  
(UDC)

México foi un dos primeiros países aos que arribarían exiliados galegos, tal e como sucedería con cataláns, vascos e españois. A relación pro-republicana que mantería aquel país, a través do seu presidente Lázaro Cárdenas e o seu goberno, desde o inicio do golpe cívico-militar reaccionario de xullo do 1936 posibilitará esta realidade. Entre agosto daquel ano e febreiro do 1937 México faría chegar a territorio peninsular leal coa República, aproximadamente, 3 millóns de pesos ouro, chegando a mercar armamento para a bloqueada República española. Mais sempre procurando manter certa discreción ao respecto; chegando, mesmo, a realizar as compras como se foran para si diante o boicot internacional que certos países exercían contra a II República, tal e como ten exposto a historiadora Nuria Tabanera<sup>1</sup>. Así mesmo, foron miles de quilos de azucre e varias decenas de toneladas de garavanzos, por exemplo, os enviados desde México para paliar as necesidades da España republicana. Unha realidade que serviría, así mesmo, para pagar o crédito que México subscribira co Estado español tres anos atrás de comezar a guerra e que ascendía a máis de 12 millóns de pesos ouro<sup>2</sup>. Unha axuda que tamén se estendeu a nivel diplomático, un plano crucial no plano internacional, dado que había que tentar posicionar ao concerto multinacional en favor da legalidade republicana.

Neste senso, diante da *deserción* das filas republicanas do 70% dos diplomáticos españois en favor dos golpistas, México puxo ao dispor dos republicanos a súa rede diplomática<sup>3</sup>; facendo o posíbel en territorio leal á República, así mesmo, os responsábeis da diplomacia mexicana por seguir apoiando a democracia republicana, caso do Embaixador de México en

---

<sup>1</sup> Nuria Tabanera, “Las relaciones entre España e Hispanoamérica durante la Segunda República Española, 1931-1939: la acción diplomática republicana” en Clara E. Lida (comp.), *México y España en el primer franquismo, 1939-1950: rupturas formales, relaciones oficiosas*, México D.F., El Colegio de México, 2001, p. 43.

<sup>2</sup> *Ibidem*.

<sup>3</sup> *Ibidem* pp. 31-33.

Madrid, Manuel Pérez Treviño, que interpelaría ao resto de embaixadores latinoamericanos para que non abandonasen a capital española, dado que isto podería ser visto como un xesto de negativas repercusións diplomáticas e políticas internacionais para a República española<sup>4</sup>.

Nun primeiro momento, parte da colonia galega asentada naquela altura en México Distrito Federal (D.F.), nomeadamente a asociada á Casa de Galicia, participaría en gran medida, xunto a cataláns, vascos e españois, en favor da democracia, mais non sen friccións entre pro-republicanos e pro-fascistas. Segundo ten escrito o historiador José Antonio Matesanz, no inicio da toma de partido da devandita colectividade na contenda armada a postura de non inxerencia, e malia recadárense fondos para a España republicana, tería como pano de fondo a división daquela:

En la asamblea que se llevó a cabo el 30 de julio, se decidió, a iniciativa del Círculo Vasco, que formar un comité para recolectar fondos destinados a la Cruz Roja española. Con ello la colonia hacía honor a su larga tradición caritativa y benefactora, pero lo importante en esta ocasión fue que se decidió también adoptar una actitud neutral ante el conflicto, en vez de una beligerante, en favor de la República (...), o en favor de los militares rebeldes<sup>5</sup>.

Con todo, segundo os sediciosos ían gañando posicións e terreo, iría medrando o número de emigrados en terras mexicanas, ao igual que noutros países de América, que se sumarían aos golpistas, realidade da que non escaparía a comunidade galega; feito que se manifestou abertamente o primeiro de abril de 1939, cando as tropas franquistas tiñan dominado todo o territorio español noutrora republicano:

El mismo día primero de abril un grupo apedreó el coche de la Embajada española, y estuvo a punto de herir seriamente al chofer y al ayudante que iban en él (...). Al día siguiente se llevó una reunión multitudinaria en el Casino Español, para celebrar el triunfo de Franco, y también para que los falangistas sermonearan a la colonia española sobre lo que debían hacer de ahí en adelante<sup>6</sup>.

---

<sup>4</sup> José Antonio Matesanz, *Las Raíces del Exilio. México ante la guerra civil española (1936-1939)*, México D.F., El Colegio de México, 1999, p. 183.

<sup>5</sup> *Ibidem*, p. 84.

<sup>6</sup> *Ibidem*, p. 344.

Entre outros estaría o presidente da Casa de Galicia, José R. Pillado, ao igual que Serafín Larrea, presidente do Círculo Vasco Español e Federico J. Molas, homólogo do Orfeó Catalá. Estes, xunto aos directivos do propio Casino Español, o Centro Asturiano e a Beneficencia Española serían o epicentro dos apoios á España franquista. E é que, se ben de inicio os apoios cívicos ao golpe militar reaccionarios virían dados desde capas burguesas e obreiras conservadoras e ultracatólicas, aquén e alén terra, o certo é que foi irradiando velozmente aquí e aló o discurso dos golpistas a un espectro ben máis amplo. Coincidimos, pois, con Jaume Renyer cando presenta para o caso catalán esta realidade, ben válida para o caso galego:

La col-laboració amb el Franquisme es fonamenta en un ample substrat social (conservador, catòlic i burguès) que arran de la persecució patida durant el conflicte se sent identificat amb el règim franquista, però hi ha també molts casos de conversions entre els sectors que havien donat suport a la República. Proliferen les expressions d'autoodi, de renúncia a les il·lusions polítiques del passat immediat i de reinserció lingüística a favor del castellà<sup>7</sup>.

Este intre de celebración vitoriosa parafascista en clave españolista coincidía coa chegada masiva de refuxiados a América e á Europa alén Pirineos. Polo que non resulta sorprendente que estes, ao veren esfarelada a democracia que derrocara a ditadura de Miguel Primo de Rivera, procuraran organizarse e erguer un tecido asociativo prorrepblicano de inmediato, lonxe do derrotismo e a desidia, e coa colaboración que aínda estaban dispostos a fornecer gobernos como o mexicano. Así, pois, desde a chegada daqueles refuxiados concretamente a terras mexicanas, os galegos deseñaron e impulsaron diversos proxectos, pasando a ser o núcleo expatriado máis activo dos creados en América na primeira hora do establecemento do goberno franquista en territorio ibérico, malia non se lle conceder a nivel historiográfico especial atención, fronte ao caso arxentino, que, efectivamente, ao pouco tomará as rendas do exilio galeguista alén mar<sup>8</sup>. Un dos máis

---

<sup>7</sup> Jaume Renyer Alimbau, "L'Exili català del 1939: les actitudes dels partits d'esquerra davant la reivindicació nacional" en Enric Pujol, *L'Exili Català del 1936-1939. Noves aportacions*, Quaderns del Círcle, Girona, 2006, p. 136.

<sup>8</sup> Uxío-Breogán Diéguez Cequiel, *Nacionalismo galego aquén e alén mar (1936-1975)*, Santiago de Compostela, Laivento, 2015.

importantes animadores daquel polo galeguista en México sería o comunista Luís Soto, quen afirmaría como na:

primeira semana de chegar a México fundouse o ‘Fogar Galego’ e nunha asemblea acordouse a integración dos compañeiros que non estaban integrados ó traballo e entón denominouse a entidade ‘Lar Galego’ (...); tiñamos grandeiro interese en espallar, non soamente en México, senón no mundo enteiro, e primordialmente no país, a información sobre da situación dramática que vivía o noso pobo e cales eran os vieiros da vitoria<sup>9</sup>.

### **Os primeiros exiliados e exiliadas galegos en México**

A maioría daquelas e daqueles exiliados chegarían ao porto de Veracruz en México, procedentes de campos de refuxiados franceses, entre o 1939 e o 1940<sup>10</sup>; en suma até unha década despois máis de dezasete mil<sup>11</sup> inscritos no Rexistro Nacional de Estranxeiros mexicano. Os primeiros arribarían a terras mexicanas na primavera do 1939 a bordo do buque Flandre, no que viaxaba, entre outros, o cineasta galego Carlos Velo, após zarpar de Saint Nazaire a principios de maio dese ano, con trescentos doce pasaxeiros con viaxe paga polo Servizo de Evacuación dos Republicanos Españóis (SERE), con sede en París e do que facían parte representantes das organizacións políticas e sindicais ligadas á Frente Popular (retratados polos fotógrafos Irmáns Mayo). Servizo de Evacuación do que, por certo, sería secretario o galeguista Bibiano Fernández Osorio-Tafall<sup>12</sup>, exalcalde de Pontevedra, e o presidente Pablo de Azcárate, ex-embaxador español en Londres. Ao Flandre debemos sumar o Sinaia, no que uns mil oitocentos refuxiados se dirixirían ao porto mexicano

<sup>9</sup> Luís Soto, *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*, Vigo, Xerais, 1983, p.162.

<sup>10</sup> Para unha panorámica xeral do exilio galego, véxase Xosé Manoel Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (coords.), *O Exilio galego de 1936, política, sociedade, itinerarios*, Santiago de Compostela, Edicións do Castro/Consello da Cultura Galega, 2006.

<sup>11</sup> Magna cifra procedente da República española, dos que un 4,5% serían galegos, estando destes organizados no nacionalismo arredor dun 7%.

<sup>12</sup> Que fora militante da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA) e de Izquierda Republicana despois, elixido, como marcamos, alcalde de Pontevedra no 1930; comisario xeral de ‘todos los ejércitos’ no 1938 co goberno de Negrín, chegando a ser tempo despois subsecretario da Organización de Nacións Unidas (ONU), institución da que faría parte desde o 1948.

de Veracruz, no que ficaría amarrada a devandita embarcación o 13 de xuño de 1939. Neste buque entre outros galegos estaban o escritor Lorenzo Varela, o fotógrafo Francisco Souza, o historiador Ramón Iglesia Parga, o arquitecto Xosé Caridad Mateo, o xastre Manuel Sousa Hermida, o funcionario do corpo de carabineiros Vicente Rodríguez Rodríguez xunto a súa dona e a súa filla Electra, así como o mariñeiro Francisco Fernández Abal.

A estes habería que sumar os que chegaban no Mexique ou no La Salle, que portaba entre outros ao arredista galego Ramiro Illa Couto e a súa compañeira Conchita Lamas, así como aos que arribaron ao porto mexicano de Veracruz no célebre buque *Ipanema*, que arribaría o 7 de xullo do 1939, e dos que temos coñecemento a través da publicación *España Libre* editada naquela altura en Nova York. Neste último buque viaxaba o escritor Florencio Delgado Gurriarán<sup>13</sup>, ao que neste 2022 se lle dedica o Día das Letras Galegas (partillando singradura con el Ramón Cabanillas Álvarez, Xohán López Durá, Elixio Rodríguez Domínguez, Manuel Diéguez Rodríguez, Ramón Esturao Calvo, Guillermo Aneiros Manday, Bieito Búa Rivas, Jesús Bernárdez Gómez, Joaquín Barreiro Barciela, Loreto Seoane López, Manuel Domínguez Benavides, Nazario Domínguez Menor, Eugenia Sanjuán Moreno, María Domínguez Sanjuán, José Domínguez Esteiro, Lucio Ferreiroá Veiga, Dolores Ontañón Soriano, Rosa M<sup>a</sup> Ferreiroa Ontañón, Pedro Martul Rey, Laureano Poza Juncal, Manuel Porteiro Viña, Roxelio Rodríguez da Bretaña, José Rodríguez Cociña, Andrés Valín Salvador, María Tobío, Carlos Tomé e Amadora Tomé, Antonio Cardero, Domingo Rodríguez, Félix Martín Iglesias, Horacio Casas Iglesias, Xusto Couto, Serafín Fernández Ferro, Edmundo Domínguez e Inocencio Ferrer Xusto, entre outros)<sup>14</sup>.

Entre os citados había un número importante de activistas de sentir nacionalista, organizados uns no Partido Galeguista<sup>15</sup> e outros vinculados a

---

<sup>13</sup> Para coñecer a súa biografía é de grande interese o libro de Ricardo Gurriarán (1999) *Florencio Delgado Gurriarán: vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, Compostela, Edicións do Castro.

<sup>14</sup> “Refugiados evacuados por cuenta de las Sociedades Hispánicas Confederadas” en *España Libre. Órgano de las Sociedades Hispánicas Confederadas/Confederated Spanish Societies of U.S.A.*, Nova York, 19/01/1940.

<sup>15</sup> Para dimensionar o que supuxo o golpe militar de 1936 no esfarelamento do proxecto político que significou o Partido Galeguista no tempo republicano, véxase Justo Beramendi,

outras forzas republicanas, nomeadamente a Izquierda Republicana ou ao Partido Comunista de España. Entre os primeiros podemos citar ao propio Florencio Delgado Gurriarán, ou o docente universitario Xohán López Durá<sup>16</sup>, o escritor Ramón Cabanillas (fillo), ou o aviador Elixio Rodríguez; entre os segundos o masón noutrora sarxento de carabineiros na Coruña Manuel Diéguez Rodríguez; e entre os terceiros o mestre ourensán Luís Soto, activo militante da Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense (ATEO) e secretario de Castelao inmediatamente antes desta súa chegada a México. Todos estes últimos activistas citados, como moitos outros que pasarían a militar no galeguismo vertebrado no exilio americano, coincidiran na Solidariedade Galega Antifeixista creada aínda en territorio peninsular, nomeadamente en Cataluña, e da que fora secretario xeral o propio Soto, ocupando Castelao a vicesecretaría.

### **Do Fogar Galego á Alianza Nazonal Galega**

A partir dunha clara afinidade identitaria galega (en moitos casos en absoluto galeguista) e un explícito republicanismo antifascista daqueles refuxiados, reorganízase a tendencia galeguista nese primeiro exilio da man de xestións realizadas, fundamentalmente, polos nacionalistas Luís Soto, Xosé Caridad Mateo, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán. Para algúns daqueles exiliados o golpe militar españolista e o contacto con cadros do galeguismo expatriados supuxo un espertar ao nacionalismo. De tal xeito que, segundo afirmou Luís Soto:

Esta época foi de estudio, meditación e ao mesmo tempo acción política positiva. Os nucleos de galegos refuxiados sofren unha transformación da súas concepcións políticas e encomenzan a comprender, desenrolar e fixar na súa mente de trasterrados un dos problemas vitais, transcendentales e definitivos pró devir dos tempos na Península Ibérica: o problema nacional<sup>17</sup>.

E a este respecto sería de alcance a función que cumpriría aquela primeira entidade societaria galega que se acababa de crear, naquel complexo

---

*De Provincia a Nación. Historia do Galeguismo Político*, Vigo, Xerais, 2008.

<sup>16</sup> Que antes de chegar a México estivera en Cuba, de onde tiña nacionalidade por ter nacido na Habana.

<sup>17</sup> Luís Soto, *Castelao, a U.P.G. e ...*, p. 40.

contexto, baixo a denominación de Fogar Galego. Ao tempo créase en Arxentina a Irmandade Galega, como sorte de Partido Galeguista no exilio. O arquitecto Xosé Caridad Mateo nunha carta a Castelao daría conta da importancia da entidade que nacía en México, á hora de clarificar a cuestión nacional entre a comunidade galega exiliada naquel país:

Formamos eiquí o Fogar Galego, entidade cultural e recreativa, co fin de xuntar a todol-os galegos de diferentes ideoloxías xunguidos n-unha arela de antifeixismo e de galegitude e no que contamos con algúns elementos da vella colonia galega en México. Pol-o pronto vexo un renascer do galeguismo en xentes, que sendo antifeixistas, nunca pensaran no probrema da nazolidade galega.

Caridad Mateo na mesma misiva apuntaba implicitamente a idea de contar a nivel internacional cun organismo que vinculara e coordinara o galeguismo exiliado (obviando a Irmandade Galega que se viña de crear), apostando por un “Comité Delegado” que operaría en México, afirmando que o “proieito mais grande do Fogar é o da formazón d-un Comité Delegado da Comunidade Nazonal Galega das Américas”<sup>18</sup>.

Cando estas palabras de Caridad Mateo eran escritas estíbese a xestar a Alianza Nazonal Galega (ANG), que nacería o 6 de setembro do 1942<sup>19</sup>, a partir do grupo que xa con ese nome estaba a actuar desde o 1940<sup>20</sup>. Sería o seu secretario xeral o ferrolán Edmundo Lorenzo Santiago, noutrora deputado nas Cortes españolas polo PSOE. Acompañaría a acción da ANG a partir do 1943 a saída do prelo da publicación *Loita*, editada da man dos galeguistas de tendencia comunista baixo o liderado de Luís Soto, presentándose en clave antifeixista e autodeterminista. Esta publicación sería

---

<sup>18</sup> Carta de Caridad Mateo a Castelao datada o 8/5/1942. Fundación Penzol (Fondo Castelao).

<sup>19</sup> Orixinada esta organización por diversos activistas galegos de esquerdas, con especial protagonismo dos nacionalistas e da Agrupación Socialista Galega, publicou un documento fundacional intitulado *Bases políticas*, Fondo Luís Soto, caixa 14622, carpeta 1, Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPO).

<sup>20</sup> Segundo se sinala no documento “Mensaxe o pobo galego diante o problema democrático i eleitoral”, elaborado en México por fundadores daquel grupo, así como do Padroado da Cultura Galega [analizada a escrita, os xiros e discurso, entendemos que é un documento redactado, no seu groso, por Luís Soto e, malia estar sen datar, e segundo as referencias presentadas, ficaría elaborado para se repartir o 1/05/1977], p. 4.

substituída meses despois por *Galicia. Órgano de Alianza Nazonal Galega* aparecendo o seu primeiro número o 15 de decembro do 1943. Entre outros integrantes fundadores daquela Alianza, xunto a Soto tamén estarían o activo socialista galego Marcial Fernández Vázquez<sup>21</sup> e o cofundador da ORGA Salvador Etcheverría Brañas<sup>22</sup>, diplomático que xa fixera estadias no 1937 e 1938 en México, para no 1939 asentarse naquel país –onde pararía pouco polo seu labor diplomático–, rexentando de inicio un restaurante, lonxe dos subsidios do que sería especialmente crítico, de cara a “garantizar el modo de vivir aunque sea pobremente, pero con honestidad”<sup>23</sup>.

Os nacionalistas galegos en México terían diverxencias no referido á práctica a seguir. Non todos eran de tendencia comunista, aínda que si a maioría pola acción e prédica de Luís Soto; como era o caso de Ramón Cabanillas (fillo), quen entendía que os galeguistas debían ter unha liña xenuína e independente da dos comunistas españois, afirmando que no “Partido Galeguista d’eiquí hai uns cantos afiliados –que por certo son

---

<sup>21</sup> Mestre de profesión, para alén de enfermeiro no marco da guerra civil, sería director xeral do corpo de Carabineiros no goberno Negrín entre 1938 e 1939, xa no exilio republicano. De ideario socialista foi tomando consciencia nacionalista co paso do tempo, de maneira explícita a partir do seu exilio, cofundando a Irmandade Galeguista, así como a Agrupación Socialista Galega en México D.F. xunto Edmundo Lorenzo no 1942. O seu labor político combinaríao coa docencia no Instituto Hispano-Americano Ruíz Alarcón.

<sup>22</sup> Nacido en Ferrol, fora fundador da ORGA no 1929 e militante despois do Partido Republicano Radical Socialista (PRRS), do que se escindiría cos cadros que encabezarían en 1934 a Unión Republicana, xunto con militantes doutras formacións, organización que se integraría ao ano seguinte na Fronte Popular, logrando trinta e seis escanos no Parlamento español. Etcheverría Brañas, masón desde o tempo da República, tería diversos cargos de relevo no exilio, sendo cónsul xeral en Veracruz e, entre outros, Ministro de Información e Propaganda no 1955 do goberno español no exilio baixo a presidencia Félix Gordón Ordás.

<sup>23</sup> Salvador Etcheverría, *Eclipse en España. Apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República española. 1939-19...*, Sada, Edición do Castro, 1990, p. 165. Etcheverría achega datos de relevo nestas súas memorias, axudándonos a recrear as primeiras horas daquel exilio. Memorias nas que indica que probablemente sería o primeiro refuxiado político que abriría un negocio en México, nun tempo no que aínda “son muy pocos los emigrados que buscan refugio en el hospitalario país mexicano; se anuncian remisiones caudalosas de excombatientes y la llegada de muchos que pertenecieron a la plana mayor dirección republicana”, cousa, como sabemos, ben certa. p. 166.



diretivos a maoría– que siguen d’un xeito ‘canino’ aos comunistas, facéndolles o xogo d’unha maneira pouco honrosa pra nós”<sup>24</sup>.

Sexa como for, aqueles que impulsaban a ANG serán maioritarios no exilio galeguista en México e mesmo se verían con folgos e autoridade para cuestionar a hexemonía que se pretendía desde Bos Aires arredor da figura de Castelao, chegando a desacreditar a representatividade do Consello de Galiza, que nacería dous anos despois da Alianza, suxerindo crear un ‘Consello Nacional de Galiza’, no que non só os galeguistas estiveran presentes a partir de perseiros electos como deputados, senón tamén organizacións republicanas vinculadas con Galiza, con independencia da súa orientación dentro da esquerda.

### **O Padroado da Cultura Galega, a delegación mexicana do Consello de Galiza (vs. ‘Consello Nacional de Galiza’), *Saudade e Vieiros*.**

Luis Soto lembraba décadas despois aquel tempo, aseverando que “todo o mundo andaba a testarazos e infruímos profundamente no desenrolo da conceición nacional en América e no país”<sup>25</sup>. Non sabemos se Soto con aquilo dos ‘testarazos’ facía autocrítica da súa dinámica, que implicou na maior parte dos casos alonxarse das pautas marcadas polo Consello de Galiza, co debilitamento do galeguismo en México (fracturado entre dúas posicións...). Unha dinámica que faría que a ANG fora esmorecendo cara ao ano 1946 –tendo xa marchado da organización a ponla anarquista no outono do 1943–. Realidade diante da que se procedería a crear unha organización unitaria, que selase desavinzas entre galeguistas. Esta organización foi o Padroado da Cultura Galega, nacido no ano 1953, a partir da que se crearían outras entidades homónimas, como foi o caso en Montevideo (Uruguai), co seu voceiro *Guieiro*<sup>26</sup>, así como en Caracas (Venezuela) e París (Francia). Agora, temos un importante problema para reconstruír como se creou aquel Padroado primixenio en México, dada a falta de documentación que se conserva. Tal e como nos dixera hai unha década Manuel Rodríguez Viqueira, neto do filósofo galeguista Johán Vicente Viqueira e xa nacido en México,

---

<sup>24</sup> Carta de Ramón Cabanillas Álvarez a Daniel Rodríguez Castelao con data 8/5/1943. Fundación Penzol (Fondo Castelao).

<sup>25</sup> Luis Soto, *Castelao, a U.P.G. e ...*, p. 240.

<sup>26</sup> Recuperando o cabezal da Federación de Mocidades Galeguistas do PG e que tería vida até os anos 80 do pasado século.

fillo da relevante exiliada galeguista Luisa Viqueira Landa: “La mayoría [de aqueles exiliados] ha muerto y no dejaron memoria escrita que permitiera reconstruir aquellos tiempos”<sup>27</sup>.

Agora ben, por fortuna contamos con algúns materiais orixinais, pezas únicas, do grupo exiliado galego de México, caso da revista *Vieiros*, (reeditada por A Nosa Terra, 1989), así como de *Saudade* (reeditada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008)<sup>28</sup> e algunhas volantinas e publicacións orixinais de pequeno formato que nos remiten ao primeiro momento daquel exilio, de recomposición militante. Fontes ás que se suman algunhas autobiografías ou libros de memorias<sup>29</sup>.

Por unhas e outras fontes sabemos que a nivel editorial crearíase en 1942 a publicación *Saudade, verba galega nas Américas*, da man da Irmandade Galeguista de México. O seu primeiro director sería Xosé Caridad Mateo, compartindo fundación e consello de redacción con Florencio Delgado Gurriarán<sup>30</sup> (que sería director da publicación unha década despois do seu nacemento), Carlos Velo, Ramiro Illa Couto e Ramón Cabanillas Álvarez. Publicación na que colaborarían intensamente exiliados en México como Uxío e Artuto Souto, Bieito Búa, Roxelio Rodríguez da Bretaña, Serafín García ou Luís Soto<sup>31</sup>, así como outros galeguistas exiliados en Cuba, caso de Xerardo Álvarez Gallego, ou en Bos Aires, caso de Antón Alonso Ríos, Castelao ou Luís Seoane; contando tamén con achegas de galeguistas desde

---

<sup>27</sup> Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Manuel Rodríguez Viqueira, 6/05/2011.

<sup>28</sup> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (coords.) (2008), *Saudade, verba galega nas Américas*, [edición facsimilar], Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

<sup>29</sup> Destacamos os textos autobiográficos de Luís Soto e de Elixio Rodríguez, respectivamente *Castelao, a U.P.G. e outras memorias* (Xerais, 1983) e *Matádego mañá* (Xerais, 2008, 2ª ed.), para alén de fonte hemerográfica diversa, aínda que non comparábel coa producida en Arxentina, nomeadamente en Bos Aires.

<sup>30</sup> A partir de xullo do 1952, coincidindo co nº 5 de *Saudade*, encargárase da dirección Marcial Fernández (autor da pouco coñecida obra *Transcendencia y Honduras de Castelao*, México D.F., Ed. Triskele, 1951), observándose un outro cambio ao respecto a partir do último volume coñecido da devandita publicación, nº 7 imprentado con data de xullo do 1953, cando asumiría a dirección Florencio Delgado Gurriarán.

<sup>31</sup> Que faría parte do Consello de Redacción desde o nº 5 de xullo 1952 (número duplicado, dado que a anterior xeira rematara nun nº 5, con data agosto do 1944).

Galiza, nomeadamente o escritor galeguista Ramón Otero Pedrayo, a poetisa Pura Vázquez, o musicólogo e músico ourensán Faustino Santalices e o escritor e mestre Xosé Ramón Fernández Oxea, *Ben-Cho-Shey*.

Ao ano seguinte da creación da revista *Saudade* compilábanse diversos poemas nun volume intitulado *Cancioneiro da loita galega*. Malia que maioritariamente composta esta obra na Arxentina, sería editada en México no ano 1943 polo denominado Partido Galeguista, baixo iniciativa de Florencio Delgado Gurriarán, que vería publicados naquel cancionero os seus poemas, xunto outros de Emilio Pita, en homenaxe aos galeguistas asasinados polos fascistas.

Ao pouco de se ver editada a devandita obra, Florencio Delgado recibiría unha proposta que simbolizaba a confianza que tiñan depositado nel desde a dirección do galeguismo exiliado con epicentro na Arxentina. Acabado de crear no 1944 o Consello de Galiza, como sorte de goberno galego no exilio, Florencio Delgado Gurriarán sería designado ‘mandatario’ do Partido Galeguista/Irmandade Galeguista<sup>32</sup> de México na refundación do pacto *Galeuzca*. Con todo, os galeguistas de México viñan de elixir ao mariño Xohán López Durá como representante da devandita fraternidade nos encontros galeuzcanos en México D.F., polo que se daría unha disputa entre Delgado Gurriarán e López Durá<sup>33</sup>. Sendo sabedor Castelao de que dos dous Delgado Gurriarán sería máis fiel á dirección galeguista bonaerense (e a súa persoa), admitiría porén que López Durá fora o representante galego naquel *Galeuzca* dada a súa referencialidade entre os exiliados (evidenciada co seu nomeamento en asemblea). Cumpría evitar que se romperan as relacións entre

---

<sup>32</sup> Observemos como non é inocente que neste primeiro exilio aínda se referencie por parte dos nacionalistas galegos o Partido Galeguista. Tentábase reafirmar unha continuidade alén mar do galeguismo republicano.

<sup>33</sup> Quedaría constituído *Galeuzca* en México con data 22 de decembro do 1944, a partir dunha xuntanza desenvolvida á noite no Roof Garden do Hotel Majestic. Neste intre López Durá sería non só o delegado do Consello de Galiza naquel *Galeuzca*, senón tamén presidente da ‘delegación’ do Partido Galeguista, responsabilidade esta última que logo ocuparía Rodríguez de Breña. Os representantes que se sumaban a López Durá serían Joan Loperena i Romá (1888-1957) pola delegación catalá –nourora alcalde Reus– e José Luís de Irisarri (?-2005) pola delegación vasca –delegado, á súa vez, do goberno vasco en México entre 1848-1957, logo de ostentaren este cargo Telesforo Monzón (1942-1946) e Antonio Orbe (1947-1948).

o exilio galeguista en México e Arxentina. Castelao chegaría a dicirlle a López Durá que “[os de Arxentina] sabemos, por unha postal, que tí quedaches ao fronte da Delegación Galega que nos representa en Galeuzca de México, cousa que nos enche de ledicia”<sup>34</sup>.

Nesta altura na que se acababa de constituír o Consello de Galiza, a delegación mexicana do mesmo estaría presidida por Xohán López Durá, Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Covelas, Horacio Casas, Francisco Comesaña, Inocencio Ferrer Ovide, Elixio Rodríguez, Luís Soto, Andrés Valín, Antón Yáñez e Luisa Viqueira Landa, quen ostentaría a secretaría da mesma. O lanzamento do Consello non fora aceptado de bo grado polo grupo de Soto, por moito que ao cabo fixeran parte do mesmo (entendía este grupo que había que integrar no organismo representación da totalidade de partidos políticos que operaran na Galiza con presenza no exilio). Sería o propio Luís Soto, en calidade de responsable da Comisión Galega do Partido Comunista de España, o que lle escribira a Castelao para que repensase o formato do Consello de Galiza<sup>35</sup>. Malia estas suxestións do contorno mexicano, aquel organismo seguiría a desenvolverse segundo o formato escollido de inicio, entendéndose Soto e os seus achegados, de seguro, desprazados. Probablemente por este motivo Soto e os seus partidarios se inclinarían por (re)lanzar o Consello Nacional de Galiza, aproveitando o novo goberno republicano encabezado por Giral (proposta coa que concordarían os exiliados galegos en Francia arredor da figura de Xohán Xosé Plá<sup>36</sup>; proposta que Castelao non aceptaría e que concibiría como unha *traizón* ao Consello de Galiza). Unha iniciativa, en todo caso, que non tería grande percorrido.

### **De Saudade ao Padroado da Cultura Galega**

Destacaría o grupo mexicano no seu axir pola edición de diversas publicacións, pasando, mesmo, a crearen unha editora propia. Será no 1951 cando bote a andar a devandita editora auspiciada por Marcial Fernández

---

<sup>34</sup> Daniel Rodríguez Castelao, *Obra Completa*, vol. 6, Vigo, Galaxia, 2000, pp. 466-467.

<sup>35</sup> Xurxo Martínez González, *Luís Soto. A xeira pola unidade*, Vigo, Xerais, 2011, pp. 109-111.

<sup>36</sup> Vid. Uxío-Breogán Diéguez Cequiel, “El exilio europeo del nacionalismo gallego a partir de 1939. Francia y la figura de Xohán Xosé Plá” en *Cahiers de civilisation espagnole contemporaine*, 18, 2017.

Vázquez, director naquela altura da revista *Saudade*, inmediatamente antes da dirección de Delgado Gurriarán. Nacía baixo o nome Triskele e facíao cunha obra do propio director daquela revista, e con prólogo de Ramón Suárez Picallo, intitulado o volume *Transcendencia y Honduras de Castelao*<sup>37</sup>.

E é neste contexto no que nacería, á altura do 29 de xullo do 1953, o xa nomeado Padroado da Cultura Galega de México. Facíao con trinta e tres asociados no marco dunha xuntanza desenvolvida no Hotel Majestic de México D.F., baixo a presidencia de Xesús Dopico Barreiro, violinista ferrolán. Entre outras actividades impulsaría programas radiofónicos, caso de *Hora da Cultura Galega*, guiado por Elixio Rodríguez e Roxelio Rodríguez da Bretaña e conducido, fundamentalmente, por Luisa Viqueira Landa e Luís Soto, emitíndose os domingos. Aquel grupo tiña capacidade radiofónica para irradiar a Bos Aires, Nova York, Caracas e La Habana, mercé á xenerosidade e compromiso coa causa patriótica galega e democrática do propietario da estación radiofónica XEMC-XESC, o galeguista Ramón Ferreiro. Aqueles galeguistas emitían desde a devandita emisora tratando arredor da realidade nacional da Galiza, así como a cuestión autodeterminista no marco da Península Ibérica, nomeadamente referida a Euskadi, Catalunya e Galiza, dando lugar a diversas entrevistas.

Debemos tamén computar a este grupo a edición da revista *Vieiros*, nacida no 1959 a partir do substrato que deixara *Saudade*, unha publicación aquela que tería unha amplísima nómina de colaboradores, salientando galeguistas do interior e de alén mar, caso de Xosé Núñez Búa, Albino Núñez, Elixio Rodríguez, Ramón Piñeiro, Ramón Cabanillas, Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo, Manuel García Barros, Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carvalho Calero, Xosé Ramón Fernández Oxea, Bernardino Graña, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, Dora Vázquez, César Arias e Arcadio López Casanova, entre outros, para alén das ricas achegas que ao apartado gráfico realizarían Arturo e Uxío Souto, Carlos

---

<sup>37</sup> De interese as palabras pronunciadas por Roxelio Rodríguez da Bretaña, presidente da Irmandade Galeguista de México, no acto de presentación do selo, das que se dá conta na revista *Saudade* en N.R., “Verbas pronunciadas polo irmán Roxelio Rodríguez da Bretaña...” en *Saudade, verba galega nas Américas*, nº 5 (bis), 1952, p. 35. Véxanse tamén as palabras de resposta de Marcial Fernández a Rodríguez da Bretaña en N.R., “Resposta de Marcial Fernández na ceia homaxe que lle foi ofrecida...” en *Saudade, verba galega nas Américas*, nº 5 (bis), 1952, p. 37.

Maside, Isaac Díaz Pardo, Acisclo Manzano, Xaime Quesada, Manuel Prego, Conde Corbal ou Reimundo Patiño.

A publicación tería en Luís Soto, Carlos Velo, Florencio Delgado Gurriarán, Luisa Viqueira Landa e a parella exiliada procedente de Cuba composta por Francisco Comesaña Rendo<sup>38</sup> e Ascensión, ‘Choncha’ (ou ‘Chonchiña’), Concheiro García<sup>39</sup>, os seus principais sostedores ideolóxicos. O grupo fundacional de *Vieiros* afirmaríaa:

Sáímos as soalleiras da cultura universal co espello limpo da nosa língoa, única axeitada pra exprimir a literatura e o arte, e cencia e mais a filosofía e limiarmente a vida espiritual e material do povo galego, que endexameis renunciou a sua fala.

(...)

Por iso arelamos ser unha publicazón da Galiza única, co pensamento co curazón, cos pés e coa vida na Terra, pra sinalar os VIEIROS da nosa cultura diferenciada, do noso xeito de ser e de vivir, da nosa economía pegullal, do noso devir na laboura civilizadora do universo, adaitada as nosas características, as cales fixan, sen dúbida algunha, que somos unha Nazón<sup>40</sup>.

A publicación tentaríaa ampliar o círculo de colaboradores que de inicio estiveran ligados a *Saudade* e ao Padroado da Cultura, mantendo enorme relación con exiliados galegos que de inicio non tiñan militancia nacionalista, mais que se irían decantando polo galeguismo de tendencia comunista, caso do pediatra ourensán Antonio Fernández Carnicero<sup>41</sup> e a súa dona, a mestra María Bouzas Pérez, exiliados desde 1939 en México. Estes serían uns dos piares económicos da publicación, xunto Luís Soto e Rodríguez da Bretaña.

---

<sup>38</sup> Que estivera algo máis de sete anos preso, entre o 1936 e o 1943, e que inspiraría décadas despois ao literato Manuel Rivas para escribir a novela *O lapis do carpinteiro*, adaptada para o cinema por Antón Reixa e Xosé Morais no 2001.

<sup>39</sup> Interesante aproximación á figura de Ascensión Concheiro en Beatriz Grañas Pérez, *Voces da memoria: galegas exiliadas, emigradas e resistentes durante o réxime franquista*, Santiago de Compostela, Concello de Santiago de Compostela, 2003, pp. 31-48.

<sup>40</sup> N.R. “Alicerce” en *Vieiros* nº 1, 1959.

<sup>41</sup> Activo militante do Partido Comunista de España en tempo da II República.

Naquela etapa na que, após a morte de Castelao en xaneiro de 1950, perdera capacidade de liderado o grupo galeguista con epicentro en Bos Aires, o Padroado da Cultura Galega de México, empregando *Vieiros* como canle de comunicación co resto do exilio e co interior, procurará en particular ser a referencia máxima do galeguismo expatriado, e da comunidade galega emigrada no seu conxunto, dándolle especial importancia á relación co interior. Entendía este grupo que era na Galiza aquén terra onde había que procurar o relevo do nacionalismo exiliado, algo que tamén opinaban firmemente desde o Consello de Galiza en Bos Aires (intervindo desde o exilio na Galiza a través desas novas xeracións).

Mais non todo serían eloxios para o traballo realizado por aquel grupo, nomeadamente polo traballo desenvolvido polos promotores da revista *Vieiros*. Habería tamén críticas, nomeadamente centradas no 'luxo' daquela publicación, como a realizada polo escritor e xornalista Xosé Fernández Ferreiro, fundador e activo do grupo Brais Pinto, a partir da publicación compostelá *La Noche*.

En resposta a esta crítica relativa á revista galega editada en México, aseveraría Luís Soto, nunha longa exposición:

O 'luxo' de 'Vieiros' foi inevitábel coa tenzón de esmoer o complexo de inferioridade dos galegos emigrados, que mercan sanatorios, criptas marmóreas, cimiterios, tabernas, bandas de gaitas ou ramos de lacós –pra apracar os vermes das suas boas concencias– e que non invirten –polo xeral–nin un soio can no inzamento da cultura da sua terra, a cal en definitiva é a súa propia raigame, io seu único 'ser'.

Outra revista calquera, migratoria, con anuncios de ferreterías e funerarias, as fotos da boda da filla do Presidente do Centro, dúas poesías fanadas e catro [actos] de folklore resésego, non [cumpría] misión algunha, non no tempo nin no espacio. Nin tampouco se era bilingüe –non tiña ouxeto– ou si estaba escrita en castrapo.

¿Que sería, Fernández Ferreiro, da túa carta a 'Ulises', documento dramático, literariamente xenial, esmagada nunha revista (...) sin proiección, sin lectores e sin perspetiva de telos?

(...) *Vieiros* non é unha revista da emigración, senón unha revista escrita e dibuxada na terra. A emigración [é] un accidente, unha doenza e polo tanto non pode, nin debe, aparecer como

guieiro da cultura (...), entendéndose por cultura o polo da súa diferenciación en todol-os aspeitos da vida, a cal en derradeiro termo é a que conta.

É certo que a pagaron –moitos cartos– un fato cativo de xentes, que viven do seu traballo e que pra colmo nin xiquera saben cobrar. É certo que desvelaron o seu caletre algunhas persoas que moran fora do país, pra concebila, estroiturala e pra que servira de v[i]eiro adoitado os problemas ios anceios. Descasí, foi e será sempre unha manifestación cultural da Terra, meditada na Terra, e afincada na súa esencia e na súa personalidade. (...) onde foi ergueu un espírito xeneroso e demostrou que aínda temos algo que decir na nosa lingua, que falan cen millóns de homes e que berrou con barileza que aínda somos nos.

(...)

Si ‘Ulises’ –Breogán– que a edita naufragara na súa barca de coiro, collerían os remos os escritores ou artistas das súas páxinas, un ‘Brais Pinto’, mellor ti mesmo, amigo Fernández Ferreiro, xustamente arrebatado diante a lagoa do silencio.

Ora ben, querido e admirado amigo, antre os centos de loubanza –casique míticas– que recibiu ‘Vieiros’ cecais ningunha coma túa, que con poucas verbas, deu no cravo da eficiencia, aínda que a min me doían as costas.

De contado, somentes che podó prometer –con Carlos Velo– que recibirás ‘Vieiros’ aínda que sexa en papel de estraza, mais con unha calidade tan esplendente cos fitos ficarán engaiolados con alborques inmarchitables<sup>42</sup>.

O último número de *Vieiros* saíu na primavera de 1968, após case unha década de andaina. Segundo o seu máximo facedor, Luís Soto, o proxecto carecera dunha apoiatura colectiva que mantivera a publicación, mais tería sido un erro abandonar a súa edición, segundo afirmaríaa o ourensán anos despois:

dada a significación sociopolítica e literaria de *Vieiros* non debemos coutar esta tarefa no ano 1968. A cuestión foi de anguria, pois por circunstancias especiais fiqui practicamente só coa responsabilidade de editar sucesivos números de *Vieiros*.

---

<sup>42</sup> Luís Soto, “Aclaración encol da Revista (*Vieiros*)” en *Hermandad* nº 2, Caracas, abril 1965 [Suplemento interior sen paxinar].



Logrei sacar o número tres e o número catro, pro como se botaban enriba cuestións políticas de limiar valencia, decidín abandonar Vieiros por non poder atender tódolos ángulos do traballo galego e ademais do meu persoal<sup>43</sup>. (...) recoñezo que foi un erro e que debín obter axuda e decisión para que a revista chegase coa luz esplendente da súa galeguidade á Terra e a tódolos lugares da diáspora<sup>44</sup>.

Coa edición do último número de *Vieiros* pecharíase a historia (en maiúsculas) do nacionalismo galego exiliado en México. E xustamente coincidía aquel peche de etapa co momento no que Florencio Delgado Gurriarán regresaría á Galiza, aínda que non definitivamente. Obviamente estaba aquel exilio nun cambio de ciclo, iniciando unha nova etapa. Agora, isto non significaba que aqueles galeguistas non tiveran intención de seguir organizados politicamente. Este grupo sería central a partir do 1964, no relanzamento político-organizativo do nacionalismo galego aquín mar e esta realidade tamén tería que ver co propio cese de *Vieiros*, en canto que o seu actuar orientaríase cara á propia Galiza. O contexto socio-político dado na España do tardofranquismo suxería a posibilidade dun marco democrático, ao que poder sumarse aqueles vellos galeguistas exiliados, dun ou doutro modo (o que en xustiza tería que ter sucedido, mais que, infelizmente, nunca sucedeu).

### **Bibliografía**

- Beramendi, Justo (2008): *De Provincia a Nación. Historia do Galeguismo Político*. Vigo: Xerais.
- Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (2015): *Nacionalismo galego aquín e alén mar (1936-1975)*. Santiago de Compostela: Laivento.
- \_\_\_\_\_ (2017): “El exilio europeo del nacionalismo gallego a partir de 1939. Francia y la figura de Xohán Xosé Plá”, *Cahiers de civilisation espagnole contemporaine*, 18, pp. 1-13.

---

<sup>43</sup> Soto era propietario duns laboratorios químicos ubicados en México, adicados á elaboración, fundamentalmente, de deterxentes. Conversa de Uxío-Breogán Diéguez con Manuel Rodríguez Viqueira, 6/05/2011.

<sup>44</sup> Luís Soto Fernández, *Castelao, a UPG e outras memorias*, Vigo, Xerais, 1983, p. 176.

- Etcheverría, Salvador (1989): *Eclipse en España. Apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República española. 1939-19...* Sada: Edición do Castro.
- Grañas Pérez, Beatriz (2003): *Voces da memoria: galegas exiliadas, emigradas e resistentes durante o réxime franquista.* Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista.* Sada: Edición do Castro.
- Martínez González, Xurxo (2011): *Luís Soto. A xeira pola unidade.* Vigo: Xerais.
- Matesanz, José Antonio (1999): *Las Raíces del Exilio. México ante la guerra civil española (1936-1939).* México D.F.: El Colegio de México.
- Núñez Seixas, Xosé Manoel e Pilar Cagiao Vila (coords.) (2006): *O Exilio galego de 1936, política, sociedade, itinerarios.* Santiago de Compostela: Edición do Castro/Consello da Cultura Galega.
- Renyer Alimbau, Jaume (2006): “L’Exili català del 1939: les actitudes dels partits d’esquerra davant la reivindicació nacional” en Enric Pujol (ed.) *L’Exili Català del 1936-1939. Noves aportacions.* Girona: Quaderns del Circle.
- Rodríguez, Elixio (2008): *Matádeo mañá.* Vigo: Xerais.
- S/A (1940): “Refugiados evacuados por cuenta de las Sociedades Hispanas Confederadas” en *España Libre. Órgano de las Sociedades Hispanas Confederadas/Confederated Spanish Societies of U.S.A.* Nova York, 19/01/1940.
- Rodríguez Castelao, Daniel (2000): *Obra Completa*, vol. 6. Vigo: Galaxia.
- Soto, Luís (1983): *Castelao, a U.P.G. e outras memorias.* Vigo: Xerais.
- Tabanera, Nuria (2001): “Las relaciones entre España e Hispanoamérica durante la Segunda República Española, 1931-1939: la acción diplomática republicana” en Clara E. Lida (comp.), *México y España en el primer franquismo, 1939-1950: rupturas formales, relaciones oficiosas.* México D.F.: El Colegio de México.

## Florencio Delgado Gurriarán e Córghomo

ANTÓN DOBAO  
(CRTVG)

En lembranza de Antón Arias Prada (O Clavel), Elías López Delgado,  
Lucas Blanco Baranga, Juan Taboada Anyo e Justo Prada López,  
veciños e mestre de Córghomo asasinados polo fascismo.  
Á memoria de todos os que sufriron a barbarie.

Nun brillante poema dedicado a Otero Pedrayo, Florencio Delgado Gurriarán saúda o mestre en nome da súa ben amada terra valdeorresa e da bocarribeira corgomesa, cinguida de barreiras e de soutos. O poema, unha mostra de virtuosismo imaxinístico, descritivo, de dominio léxico e de cadencias rítmicas, sitúanos como lectores, mediante a homenaxe a Otero, no espazo vizoso de toda a profundidade vital e poética de Delgado Gurriarán. Non hai mellor ofrenda ca a totalidade do mundo reconstruído pola visión do poeta. Para Florencio, a poesía non é arte menor. El non é un poeta de grande extensión, pero si de moita intensidade na aparente distancia da descrición paisaxística ou do canto anacreóntico ao viño, á festa, ao amor, á vida. A súa poesía é arte vital coa profundidade dos cavorcos que baixan da montaña coma lagartos e delimitan, co ceo e os ríos, as fronteiras da súa terra valdeorresa.

Florencio Delgado Gurriarán é o poeta de Córghomo. E non só por nacer nesa pequena aldea valdeorresa que debe vir reconstruíndose sobre si mesma xa desde época castrexa, cinguida de barreiras e de soutos, como di el, senón porque a pesar de que só unha parte pequena da súa vida transcorre en Córghomo, hai algo que o liga con Florencio para sempre tanto nos seus textos coma nos seus cursos vitais.

De Córghomo, Florencio Delgado Gurriarán cáptao e cántao todo, o grande e o pequeno. Córghomo como bocarribeira. O poeta olla ás veces desde o Sil para ver Córghomo, porque Córghomo mira sempre ao Sil e para observar a aldea hai que poñerse de fronte e ollar cara ao norte, acompañando o percorrido solar, de oriente a occidente, da mañanciña á tardiña baixa. Córghomo, que é máis ca o seu núcleo habitado, exponse entón coma un lenzo sobre a aba do monte, non tan preto do Sil como para confundirse nas súas augas nin tan metido na serra como para perdese no Prado de Abedul ou no

Cavorco do Oso, contra as terras do Courel ou contra Oencia. Nese lenzo, nas cores que mudan coas estacións, nace o poema. Cógomo, o regueiro, río de Farelos, que baixa ata Arcos dándolle volta á terra e deixando parte de si pola caldeira dos camiños para que a auga se distribúa nas terras de regadío, as uvas coas súas castes, as xentes e os seus traballos coas súas festas, os viños... Cógomo significa totalidade en Delgado Gurriarán, o centro do mundo, como o é tamén a poesía. A totalidade do mundo. Cógomo excita a musa e o pensamento do poeta, os seus sentidos e a súa razón. Unha sen os outros non se entenden en Florencio.

Cógomo é unha aldea pequena da bocarribeira da marxe norte do río Sil. Nunha ascensión moderada, desde o empalme que se separa da estrada que vai de Ourense a Ponferrada, empezan a aparecer os primeiros territorios: o Valsadal (ou Balsadal?), a Fornalla e Rulín á dereita; á esquerda, o camiño a Valdegodos, fronte a Penouta e Correxais e antes de chegar a Vilamartín. Seguindo estrada arriba, chégase a carón das terras do Bañal a un lado e o Barreiro ao outro, e un pouco máis adiante ás Barreiras (meu avó dicíalles Sobrebarreiras), un precipicio abismal resultado da acción da minería romana, a extracción de ouro mediante a técnica de *ruina montinum*. Ao fondo das Barreiras, o cemiterio, e moi preto del, a Poula, onde vin hai moitos anos xogar algún partido de fútbol pola festa da Santa Marta. Por esa zona, preto do cemiterio, está o Bañal co pedregal a un lado, o leito seco dun río de pedras. Son os restos da minería romana, que alí dialogan ao paso dos séculos coa man transformadora dos seres humanos e cos castañeiros, os cireixois e as cepas de garnacha, mencia, godello ou algunha outra variedade. As Barreiras apálpanse desde a estrada, xusto na entrada do primeiro barrio de Cógomo: a Pereira. Despois, a aldea en si, coa súa forma castrexa de vivendas aconchegadas e pequenas e retortas quellas que nos van levando da Prazuela ao Campo, á Cruz, a Surregos, ao Poulo cara a San Xulián e despois a Portela, ao cruzar o río de Farelos. E polo outro lado ás Gralleiras e Baxeles, cara ao norte, antes de seguir estrada arriba ata San Vicente ou tomar a man dereita cara á Cabeza e ata a Zapateira, a onde creo que unha vez cheguei con meu avó no cabalo tras saírmos da casa pola noite, pois o camiño era longo. E sempre, na banda do outro lado do regueiro, coma unha cofia protectora, a presenza amable do Pico de Santarán.

Polo camiño que leva á Cabeza e montaña arriba cara á Zapateira, onde meus avós tiñan un prado, vese ao fondo o serpear do río de Farelos (“Chamaranche fita ou cobra, / poéticas nomeadas, / mais ti, ¿que arela teis diso, / souril brinquedo das augas?”). Por alí meu avó explicoume como a enorme mole de granito que se vía alá abaixo era unha pena que unha moura trouxera á cabeza apoiada na rodela, que estaba ao carón, un pouco máis pequena. Ao neno que eu era custoulle comprender aquela historia, pero crina, claro, de tal forma que anos despois acabou converténdose nun soneto que lle enviei a Uxío Novoneyra e el publicou no número 5 da revista *Escrita*, da Asociación de Escritores, aló polo outono do ano 1984. O pequeno texto que acompaña o poema é unha cita que incluíu Novoneyra da carta que eu lle enviara, en que lle explicaba aquilo que dera lugar aos versos. Meu avó morrera en 1977, case sete anos antes, pero aquela viaxe no seu cabalo quedárame na memoria; aínda hoxe vexo a Pena da Moura e a Rodela e escoito a música dos cascos do cabalo. A Uxío Novoneyra mandáralle aquel texto porque el xa me falara da relación entre o Courel e Valdiorras (ou Valdiorras, sempre co ditongo, como di a xente alí), pois ían a cabalo ata Vilamartin e pasaban por San Vicente e por Córghomo, ou por Cernego e O Robledo: “Do Sil da ribeira quente, por Córghomo ou San Vicente ou por Cernego e Robledo...”. Uxío Novoneyra, que coñecía e cantou aquelas terras e os camiños que levaban desde o seu Courel ata o pé do Sil, merece un lugar de prestixio na fachada da casa de Anxo Baranga en Córghomo, ao carón de Florencio, de Rosalía, Castelao, Celso Emilio, Manuel Antonio e os gaiteiros que chamaron ao seu grupo Follas Novas, entre os que estaban o pai de Anxo e mais meu avó José Dobao, o Rito.

A Pena da Moura tamén fai parte do Córghomo de Delgado Gurriarán, entre os nomes da beira do Sil, canda o Castro, Porto Mourisco, Baxeles, Córghomo, Arnado, Portela, Arcos, as serras da Lastra, do Eixe, Montouto, Trevinca sempre presente desde Valdeorras, o mesmo Pía Páxaro que tamén cantou Novoneyra. Todos estes nomes danzan con nós e ás veces mestúranse cos nomes mexicanos cos que tan ben mestizan, nun xogo de reflexos que elimina toda tentación de exotismo. Delgado Gurriarán é o poeta da Galicia Infinda: de Córghomo ao Gulf Stream; da Pena da Moura a Michoacán sen solución de continuidade. Apenas o Cavorco de Farelos e o Cavorco do Oso. E a fenda salvaxe da guerra.

Florencio viviu a maior parte da súa vida fóra de Córghomo, pero Córghomo e a súa obra fúndense nunha aliaxe compacta e moi dura. Na aldea pasa os seus primeiros anos, ata que marcha coa familia a Palencia e a Valladolid, onde fai os estudos ata terminar a carreira de Dereito. Nos veráns, volve a Galicia, pero a súa vida transcorre fóra. Cando o pai é trasladado, a familia volve instalarse en Córghomo, con Florencio xa feito un mozo e a carreira de dereito terminada. Prepara oposicións, pero con pouco ánimo; o seu tempo dedícao máis a coidar das terras e ás súas arelas literarias. Nesa fase da súa vida, o coñecemento de Córghomo e a relación coa súa xente non deixan de fortalecerse; tamén a súa posición galeguista, que vai collendo forma sólida e consciente. Nese ano de 1928, faise socio protector do Instituto de Estudos Galegos. Ao mesmo tempo, traballa de pasante no bufete de Segundo Trincado no Barco. Arredor do 1930 organiza con outros mozos a sección valdeorresa do Partido Galeguista.

Cando en 1936 se produce o golpe de Estado fascista, vese obrigado a agocharse durante os primeiros días. Os falanxistas vano buscar á casa e rexístranlle o estudio. O seu irmán Lucio prepara con el un plan para que poida marchar de Córghomo, pois cada vez é máis evidente que a súa vida corre perigo. Florencio pasa uns días no Barco, na casa dos seus familiares, canda o seu curmán Gonzalo, e logo colle rumbo a Zamora, onde está seu irmán Edmundo. Axúdao un capitán dos sublevados compañeiro de promoción dun curmán seu. Facílítalle un pase e recoméndalle fuxir canto antes, pois el non poderá garantir a súa seguridade. Vai ata Ponferrada en coche, con Segundo Trincado, e alí colle o tren ata Zamora. En Zamora bota un tempo e marcha a Valladolid co pase que lle dera o capitán. Alí espera, pero decide volver a Galicia. Ao chegar a Ponferrada, Segundo Trincado exprésalle a dureza da represión en Valdeorras e dálle a nova do asasinato do seu íntimo amigo Segundo García Núñez, de Portela, a quen Florencio lle dedicará un soneto que termina dicindo: “E, por eso, os imbéciles e escuros, / contra a súa vontade de perxuros, / premiáronte coa gloria ao darche a morte!”. Trincado chama ao seu irmán Lucio, que o leva a Valladolid a un sitio seguro. Florencio agóchase coa axuda dun compañeiro de carreira que se fixo de Falange. Lucio regresa a Valdeorras e encontra o marido dunha parente axudante de Obras Públicas que traballaba nunha estrada na fronteira con Portugal. Lucio volve a Valladolid e acompáñao ata Benavente, de alí pasan a Seabra e a Xinzo de Limia, desde

onde xa Florencio cruza a fronteira co parente coma se fose empregado de Obras Públicas.

En Portugal conseguiu estar un tempo no Porto ata poñerse en contacto coa tripulación dun barco noruegués, coa que negocia o prezo do traslado a Bordeos. Viaxa agochado debaixo dunha cama. Ao chegar, determina pasar á Barcelona republicana, onde, desde xaneiro de 1938, chega a tenente no Servizo de Información Periférico da Secretaría de Información do Estado Maior do Exército de Terra. Nesa etapa coincide con Castelao e con Lister, que frecuentan o Estado Maior. E mantén a relación co seu amigo e paisano Santiago Álvarez, que combate no Ebro. Tras a derrota, a mediados de xuño de 1939, parte desde Francia no buque *Ipanema* con outros case mil refuxiados republicanos cuxa evacuación el axuda a organizar. Van para México. Cando o buque cruza fronte ás costas de Galicia, xúntase un grupo a cantar o Himno Galego e botan unha botella ao mar cunha despedida. O resto da súa vida transcorre en México, con tres visitas a Galicia e a Córghomo (1968, 1976 e 1981). Morre en 1987 en Fair Oaks, California.

En México, onde casa en 1944 con Celia Teijeiro, é unha peza fundamental do traballo dos refuxiados republicanos no exilio. O Patronato da Cultura Galega, a revista *Saudade, Vieiros*, canda Luís Soto e Carlos Velo entre outros, son algunhas das iniciativas do seu labor a prol da cultura e da nación. Florencio permanece sempre ligado a Galicia. En realidade, nunca deixa de planear o seu regreso. Dalgunha maneira, debe sentirse de paso en México, aínda que a familia que alá constrúe, coa súa muller e os cinco fillos de ambos, o liga definitivamente a aquel país. En México non validou a súa licenciatura de avogado, pese ás favorables condicións que o goberno mexicano ofrecía, posiblemente por aquela especie de sensación de estar de paso, de ser un exiliado que proxectaba o regreso. Traballou vendendo zapatos, aceites, fertilizantes, xamóns, pólizas de seguros, roupa... En 1949 entra a traballar nos Laboratorios Queralt Mir, ata que se xubilou en 1973.

Na relación entre o poeta Florencio Delgado Gurriarán e Córghomo hai certa circularidade un tanto dramática. En Delgado Gurriarán, a idea do retorno está presente tanto na súa mocidade coma durante a súa fuxida do terror fascista e, desde logo, no seu establecemento en México. Pero non é tanto unha nostalxia saudosa coma a necesidade de completar o círculo vital coa súa terra: “Quen no teu tépedo colo para sempre acougar poidera!”,

cántalle a Valdeorras. Non regresou definitivamente en vida, pero si que pecharon este círculo os seus veciños uns anos despois da súa morte, e con iso e a súa loita polo recoñecemento do poeta quedou boa parte da conta histórica saldada.

En Córghomo, ao redor de Florencio Delgado Gurriarán xerárase unha tea de misterio e mitificación non allea ao temor e ao silencio respecto ao que se vivira naqueles tempos atroces. A represión foi especialmente brutal; canda ela, sobre o estucado do silencio, unha leve pintura mítica. A imaxe esvaecida dun home sabio e amante da súa xente e da súa terra que un día tivo que marchar e, chorando, recitou uns emotivos versos de despedida a Corgomo antes de fuxir e perderse na confusión dos mares. Esa pequena luz que se perdeu naqueles día terribles quedou levemente prendida na memoria dalgunha xente, pero en realidade Florencio Delgado Gurriarán non acabou de se facer de todo presente e real ata que non veu a dar o pregón ás festas do Barco en 1981 e a recibir a homenaxe que o seu amigo Pepe Gayoso lle prepara no Instituto de Estudos Valdeorreses. Foi cando eu coñecín o home real, que xa non sabería deixar de ser en parte mito. Alí, no Campo, no barrio onde está a casa de meus avós. Despois, por volta de 1983, teriamos un contacto epistolar breve pero moi cariñoso: “Eu escriboche de tu porque desde agora xa te considero irmán nas musas e na Terra; ti podes facer o mesmo. Quixera que me contaras como vai a túa xente e que saudaras cunha aperta no meu nome a Teresa e demais familia corgomesa”. A Teresa era a miña avoa, que o conservara na memoria e o soubera transmitir á súa maneira. Foi quen mo presentou no Campo, quen me puxo diante un home que para min adquiría aínda máis grandeza mítica pola súa traxectoria vital admirable, a súa firmeza e un labor poético nada desprezable. Era a continuidade da imaxe que eu tiña gravada daquel home triste que se despedía ante uns veciños emocionados e poñía a vida en xogo por defender a República, a idea de Galicia e a liberdade. Coñecín un mito feito home.

Florencio Delgado Gurriarán foi vítima da mesma represión que encarcerou, humillou e asasinou veciños e amigos e estendeu o silencio, o esquecemento e se cadra a culpa sobre as vidas de todo un pobo. En *La Región* do 6 de febreiro de 1937, na páxina 2, o Juzgado Militar Especial de Incautaciones o Confiscaciones publicaba: “Por este juzgado y como medida



de previsión hasta la tramitación del expediente oportuno, se ha decretado la incautación de todos los bienes, cuentas de banco, industrias y toda clase de negocios públicos y privados de las personas pertenecientes a partidos declarados fuera de la ley, que a continuación se detallan”. Na relación figura Florencio Delgado Gurriarán, de Córghomo, a carón de Antonio Arias Prada (a) el Clavel, de Elías López Delgado e de Antonio Sánchez Arias, todos eles de Córghomo, e tamén Justo Prada, de Vilamartín, que era mestre en Córghomo.

O Clavel, Antón Arias Prada, curmán de miña avoa Teresa Arias (e do seu irmán Emiliano Arias, falanxista e alcalde de Vilamartín durante os anos da posguerra), era Concelleiro do Partido Galeguista en Vilamartín. Tras os enfrontamentos entre veciños leais á República e forzas rebeldes de falanxistas e gardas civís do 21 de xullo, Antón Arias foxe para os montes coa intención de pasar a Asturias, a zona republicana. Acabou capturado, disque por delación dalgún familiar, e fusilárono en Ourense o 7 de novembro de 1940 tras xulgáreno por rebelión militar. Para a súa memoria escribe Florencio un doído soneto titulado “Un guerrilleiro”, un dos seus moitos poemas cívicos que, como el comentaba, facían parte das vivencias amargas. Coma no caso do Clavel, a represión estendeuse coma un veneno arredor da xente próxima a Florencio. Antes, en setembro de 1936, xa o seu amigo Segundo García Núñez fora asasinado. Tamén na súa familia, pese á posición certamente acomodada e a certos contactos, se sentiu o alento da besta. Sentiuño o seu curmán Gonzalo, que despois sería médico de meus avós. E no ano 1941, por exemplo, no mes de xullo, publicábase na páxina 2 de *La Región* un edicto do xuíz de Primeira Instancia accidental do Barco Francisco de la Barrera: “HAGO PUBLICO por medio del presente edicto que (...) en este Juzgado y a petición de doña María del Consuelo Delgado Gurriarán, vecina de Córghomo, se tramita expediente de ausencia legal de su hermano don Florencio Manuel Delgado Gurriarán (...) que se ausentó para Méjico hace más de cuatro años, sin que se tenga noticia de su paradero desde hace más de un año”. Pode deducirse a presión que se exercía sobre a familia de Florencio. Son apenas tres pequenos exemplos da dimensión espantosa do que ocorreu. A serpe non se detiña ante ningún obstáculo.

E con iso, silencio e o temor teceron paciente e tuzaramente, día a día, una tea negra sobre aquel episodio histórico e as súas consecuencias.

Coma se o pobo interiorizase a culpa de sufrir tanta violencia. Silencio, medo e esquecemento, os esteos sobre os que a reacción afianzou unha hexemonía que inda dura. Só desa maneira se daría explicado algunha anécdota coma aquela aclaración ao poema “Ranae ad solem” na edición de *O soño do guieiro*, que non daba saída do prelo e xeraba reticencias polo seu contido antimonárquico. A lama da transición, coas súas pequenas miserias. Pero por riba de todas as miserias do tempo, da historia e dos homes, Florencio quería dar á luz en Galicia toda a súa produción poética e non renunciou de ningunha maneira a ningún dos versos que as súas vivencias, tamén as amargas, lle inspiraron.

O silencio e o esquecemento teñen a capacidade de o invadir todo, tamén a contribución de Delgado Gurriarán a un galeguismo progresista e de esquerda, non marxista pero sempre aberto a compartir proxectos, como dá fe a súa constante colaboración con Luís Soto, con quen, máis aló de certos desencontros na etapa de *Vieiros*, seguiu en relación de amizade ata o final. Tamén o seu labor poético. Toda a súa dimensión humana e artística. Pero o silencio e o esquecemento tamén se poden vencer. Esa convicción moveu algúns veciños de Córghomo, apoiados no traballo e no entusiasmo do artista Anxo Baranga, a recobrar en toda a súa profundidade, para si, para todo o pobo de Córghomo, de Valdeorras e de Galicia, a figura de Florencio Delgado Gurriarán. Non foi doada a tarefa. Quedaban vivas moitas sombras de medo e de cautela que seguían esixindo silencio e temían espertar vellas consciencias durmidas e incómodas. Desde o ano 2001, empezan a organizarse xornadas teatrais, recitais de poesía, actividades culturais e festivas en que conquistan protagonismo principalmente as xeracións máis novas, netos e bisnetos das persoas que viviran o trauma da fenda histórica do fascismo. As Xornadas de Teatro Florencio Delgado Gurriarán protagonizáronas homes e mulleres, mozos e mozas, nun fermoso proceso de recuperación da memoria. Todo naceu coa idea de que a RAG dedicase o ano do seu centenario, o 2003, ao escritor. O labor de dinamización cultural e asociativo de Córghomo en todos estes anos foi extraordinario. Florencio Delgado Gurriarán non deu previsto que algún día volvería estar presente na memoria dos veciños que o coñeceran e o trataran e tan vivamente na dos netos e bisnetos. Ningún recoñecemento o satisfaría tanto coma ese cariño incondicional. Queda pendente a recuperación da memoria doutros que sufriron persecución e habitan a cuneta do esquecemento, como Antón Arias Prada, o Clavel, o mestre Justo Prada e outros cuxa memoria debe poñerse en valor.

A poesía de Florencio Delgado Gurriarán ofrece unha tripla vertente. Dun lado, a poesía anacreóntica, de exaltación do goce sensitivo que tanto a paisaxe coma os resultados da intervención do ser humano sobre esta ocasionan no poeta. Doutro lado, a poesía mestiza, en que o recordo da vivencia valdeorresa se funde coa experiencia mexicana e dá lugar a un encontro intercultural sorprendente e harmónico. Por último, a poesía cívica e nacional, en que conviven elexías aos amigos perdidos, reflexións dolorosas sobre Galicia e as súas xentes mais os momentos históricos que nos atravesaron cun conxunto creativo de versos sarcásticos e acedos, de escarnio, que nos trasladan ao mellor das tradicións epigramáticas e das nosas cantigas de escarnio e maldicir ao tempo que nos conectan cun especial sentido do humor popular valdeorrés, expresado en ditos, frases feitas, cantares e baseado nunha mestura de ironía e escarnio que serven para acochar e dulcificar se cadra a dor do mundo. Todos estes mundos poéticos conviven e son harmónicos, porque expresan unha visión orgánica da existencia. Da razón ao sentimento e do sentimento á razón; da tristeza á alegría e da festa á dor. Nada máis humano.

Florencio é autor dunha poesía esencialmente vitalista, a pesar das súas experiencias traumáticas e do seu retorno imposible, talvez porque mira desde a bocarribeira, como mira Córghomo, ao val, ao alto da Portela, a Penouta, Correxais, o Castro, Arnado e toda a ribeira do Sil. Non nos fai sentir o pouco que é un home, como o Courel que maxistralmente captou Novoneyra; é máis bocarribeira que tesos cumes, aínda que tamén observa e canta as serras. Gusta máis do movemento cromático dos viñedos entre as primeiras podas e a vendima e do escorregar cantareiro do Farelos que da pena dura dos cumes. Non é unha poesía telúrica, non somete o home á terra; é gozosa, amosa a terra que é obra do traballo humano. É o ser humano o protagonista. Nas tres vertentes da súa arte: na anacreóntica e valdeorresa, que é dionisiaca e de festexo; na mestiza, porque é tamén o asentamento humano e a vivencia o que une Valdeorras con México e Nova Galicia, e na cívica, porque o seu patriotismo é material, non unha construción idealista.

En Delgado Gurriarán temos un poeta antifascista e republicano. Para el, Galicia non é unha sublimación idealista nin o seu suxeito humano construción mítica dun paisano refractario ao progreso que represente pureza antihistórica, como se desvela no Risco reaccionario e antisemita da viaxe a

Alemaña. Florencio coñece os seus paisanos, confúndese neles, son el mesmo, teñen os nomes do Severino da Pireira e o Ferros, rin e choran canda el, beben e cantan xuntos, compréndense e comparten necesidades e arelas, organizan festas, configuran na impureza o suxeito real da liberdade de Galicia. O seu é un galeguismo materialista que se aliña e colabora coas forzas progresistas, aínda que o seu sentimento libertario e individualista bata con algunhas experiencias históricas ligadas ao socialismo. Florencio apostou polo Frente Popular e pola unidade. Sen unha dúbida. E ata a fin da súa vida.

Visitar a obra completa de Florencio é un exercicio de actualización de todo o seu universo vivencial, da súa experiencia de simbiose coa terra e os traballos, do seu sufrimento amargo do fascismo e do exilio e da distancia como dor pero tamén como experiencia de renovación e de reconstrución vital. Para este 2022, Córghomo saberá seguir honrando a súa memoria e a daqueles que sufriron a barbarie. Esa festa das Letras Galegas terá que servir para que os estudosos nos axuden a penetrar en todos os segredos dos seus textos e para que teñamos a súa obra completa ao noso dispor.

Que os seus versos poboen as escolas, as prazas e os fogares igual que as cores moradas, verdes e douradas ocupan o seu val de Valdeorras coa demora líquida do outono.

## **Bibliografía**

- Delgado Gurriarán, Florencio (1934): *Bebedeira*. Santiago de Compostela: Ed. Nós.
- \_\_\_\_\_ (1963): *Galicia infinda*. Vigo: Galaxia.
- \_\_\_\_\_ (1986): *O soño do guieiro*. Sada: Edicións do Castro.
- \_\_\_\_\_ (1981): *Cantareñas*. Sada: Edicións do Castro.
- García Yáñez, Félix (2005): *O Barco e a terra de Valdeorras durante a II República e o Franquismo (1931-1977)*. Vigo: A Nosa Terra.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edicións do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2001): “Florencio Delgado Gurriarán, poeta valdeorrés no exilio mexicano”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, 13, pp. 20-31.

- \_\_\_\_\_ (2009): “*Vieiros* cumple cincuenta anos. A pequena intrahistoria dun proxecto editorial do exilio galego en México”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, 30, pp. 18-25.
- Novoneyra, Uxío (1981): *Os eidos. Libro do Courel*. Vigo: Xerais, col. Grandes Mestres, 1.
- Pla Brugat, Dolores (1979): *Entrevista a Florencio Delgado Gurriarán*. México: Instituto Nacional de Antropología e Historia de México. [<https://mediateca.inah.gob.mx/repositorio/islandora/object/entrevista:884/datastream/PDF/view>].
- Villar, Miro (2006): “O macrotexito poético en galego de Florencio Delgado Gurriarán”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, 23, pp. 86-94.
- VV. AA (1959-1968): *Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega de México*. México D. F.



## Lírica amatoria en Delgado Gurriarán

XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE  
(Profesor de Lingua e Literatura Galegas no Ensino Medio)

### Introdución

O presente texto tentará achegar uns apuntamentos sobre unha faceta sobresaínte da produción poética do autor de Córghomo. Esta non é outra que a vertente afectiva ou amatoria. Á cal se estima que corresponden algúns dos máis escollidos textos do seu quefacer literario, encadrábel, xa que logo, dentro do ámbito poético.

Por este motivo procurárase dar conta dunhas cantas características definitorias do que é este corpus textual. O cal se inclúe, na meirande parte, no volume compilatorio, saído cara á fin dos seus días, titulado *Cantareñas*<sup>1</sup>. E que, pola súa vez, se subtitula *Poemas, 1934-1980*, e contén os poemarios *Bebedeira* –este saído do prelo, orixinariamente, en 1934–, *Valdeorresas* e mais *Dionisias*.

O certo é que as composicións ás que se fará referencia atravesan, coma unha certa frecha de Cupido, o conxunto da obra. Atinxindo, xa que logo, cada un dos tres conxuntos poéticos referidos.

A xeito de adianto do que de aquí en diante se pretende explorar é mester subliñar unha hipótese de traballo que guiará a singradura que se vai acometer. O dito aserto fai referencia, como se verá, ao feito de que na obra poética do autor valdeorrés se evidencian notábeis pegadas dunha corrente literaria na que esta se adscribe.

O cal xustifica, en boa medida, que, dunha banda, permeabilice o conxunto do corpus, enxergado este na súa totalidade e, doutra, que –o universo analizábel– posúa unhas nidias características. As cales se explican, precisamente, por seren mostras significativas da corrente da que forman parte.

---

<sup>1</sup> Publicouse na colección de poesía de Edicións do Castro, en 1981.

## Lírica amatoria

Florencio Delgado Gurriarán inclúese na denominada Xeración de 1925, aquela que abrangue os autores nados entre 1895 e 1909. Quen posuirán unhas peculiaridades específicas en función das coordenadas que lles tocou vivir.

Herdeiros directos da Xeración Nós, con quen non amosarán vontade de ruptura ideolóxica e, ben pola contra, si participarán nos órganos de expresión por estes creados.

É este o caso do autor nado en 1903 no lugar de Córcomo –Vilamartín de Valdeorras–, quen, como se ha deixar ver, formará parte daquel vizoso ronsel de realizacións.

Como son as Irmandades da Fala e o seu voceiro *A Nosa Terra* ou o Seminario de Estudos Galegos, coas que tivo vínculos. Como é o Partido Galeguista, no que ingresa en 1933 e do que chegará a ser –en calidade de membro da executiva– secretario de propaganda en 1938. Ou o caso da Editorial Nós, onde dará ao prelo o seu poemario *Bebedeira* apenas un ano despois da primeira das datas citadas.

Neste estado de cousas convén ter presente que o conxunto da crítica e os estudos máis autorizados sitúan a obra deste autor ao pairo do estro poético de Luís Amado Carballo. Principiando xa por *De Pondal a Novoneyra*, onde se incluía nun “vasto e desigual conxunto de poetas provisionalmente calificados de imaxinistas, en toda ou parte da súa obra” (Méndez Ferrín, 1990: 57).

Débese isto, en gran medida, a ser o –con máis precisión– alcumado hилоzoísmo un movemento poético de vangarda autóctono. Que sería o que, fronte aos “excesos” postulados no manifesto *Máis alá*, máis encaixase nos intereses, foren estes de xorne estético ou ideolóxico, do movemento galeguista.

Así as cousas, os principais antecedentes deste movemento están:

Na tradición paisaxística galega, no saudosismo portugués, no neopopularismo e en certos momentos da vangarda ultraísta. A mestura de tradición e modernidade que leva a cabo o hилоzoísmo é tan axeitada que será o movemento que maior



número de adeptos teña e o que mellor acollida acade por parte da crítica e dos estudiosos do galeguismo de preguerra.

(Vilavedra, 2004: 128)

Ricardo Carballo Calero, un destes preclaros estudiosos, sería quen, referíndose á poesía do autor de *Proel*, adoptase este termo para a nosa tradición literaria. Se ben nun principio empregaría a nomeclatura de escola neorromántica<sup>2</sup>, pola homenaxe realizada ao mundo rural, aos pequenos espazos e ás realidade máis miúdas.

Sendo xa máis adiante cando cualifica como hилоzoísta aquela poética, en reparando na imaxe, que presenta unha natureza viva, animal, humana. Cando observa, na obra do pontevedrés e dos seus seguidores, unha frecuencia e significación substanciais ao enxergar a “ficticio personae, a prosopopeia, a metáfora que substituí o inanimado polo animado” (Carballo Calero, 1981: 701).

O principal obxectivo desta acometida será, entón, vermos como se cumpren e manifestan algunhas das principais marcas do hилоzoísmo na súa obra. Así como enxergar como se amosa nela unha singularidade propia que ha definir a súa produción literaria en verso. Isto sempre dende o campo de traballo establecido, que é o da súa vertente lírica amatoria.

Tomemos, así, como alicerces estruturantes algúns dos seus trazos, deseguido enumerados a xeito de decálogo.

- A presenza da figura humana, correspondente á flor da mocidade, adoita acharse inserida de xeito harmónico na natureza.
- A lírica dunha afectividade próxima confírelle calor e ledicia aos espazos vitais.
- A paisaxe convértese en alicerce na construción do poema.
- O territorio valdeorrés é o dominio definitorio e o ámbito vivencial da experiencia poética.
- As referencias a unha toponimia propia debuxan unha cartografía de horizontes concretos.

---

<sup>2</sup> Ricardo Carballo Calero, *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, Madrid, Gredos, 1955, p. 142.

- A presenza de elementos folclóricos achéganlle unha ambientalidade consubstancial ao conxunto.
- Na abundancia de imaxes, procedente deste universo específico, abala unha dimensión viva da paisaxe.
- A sensualidade é o elo envolvente que se coa polas fendas dos versos e lle outorga unha carnalidade gozosa á materia.
- Os metros e as formas populares confirman unha clara vocación de sinxeleza e eficacia poética.
- O emprego dunha lingua poboada de trazos dialectais valdeorreses representa un acento específico para a voz poética.

No poema “Quince anos” prodúcese o espetar á vida, a floración da natureza: “Madurecen amerodos/na campía do teu peito”. Trasmutado en intenso poder embriagador: “¡Ai, nena,/a túa boca toda é mosto/agre-doce de garnacha;/o teu ollar, viño novo,/bébeda ten miña i-alma” (“Cantiga da vindima”). E isto é así xa que, como declara no comezo de *Dionisias*, o viño valdeorrés é:

mocidade, festa e cantiga de amor sinxelo de rapaz da aldea  
que, cando é correspondido, desenvólvese polas canles dunha  
xuntanza fecunda, e, cando non, morre escoándose en ironías e  
non en sangue.

(Delgado Gurriarán, 1981: 132-133)

O clasicismo horaciano acadada nidia expresión en “Camiño da serra”, onde, nun idílico e propicio *locus amoenus*, é o encontro amoroso o que desencadea un *beatus ille* que, por mor do suxeito amado, afonda aínda máis na tradición: “Á bela pastora que me enfeitizou/acheina coa avenza entre uces en flor”.

Se ben non é infrecuente rexistrar exemplos, dunha sensualidade telúrica que lle é consubstancial á paisaxe, en que o espazo orixinario se converte en fecundo ámbito provocador.

Sirvan as citas seguen de mostra:

fresca moza/da valdeorresa ribeira,/daslle pracer, churrusqueira,/a  
quén, no xerro, te goza” (“Louvor condensado á moza fresca”);  
“Miña noiva,/miña terra:/Á beira do Sil deitada,/pra ollar a túa  
beleza/do mesmo xeito que a ‘Venus/do espello’ nel se contempla./

Terra de curvas tan dóces/coma os peitos dunha nena/e de  
recente aroma/coma o alento dunha deusa./Verde mantelo  
de vides,/cobre o teu corpo de femia.

(“Valdeorras”)

O folclore autóctono provoca e fai posíbel os tan arelados encontros. A isto contribúen cantares, muiñadas, foliós, alalás e ruadas, como se pode dixer en poemas como “Cantiga da vindima”, “Cousas” ou “Festas”.

A través do poder da prosopopea outórgase unha ambientalidade propicia –“Unha noite no muiño/moitos din que non ê ren,/mais, sabendo aproveitala,/nela moise moito e bén” (“Muiñada”)–. Mais será tamén este artificio o que propicie á vez consumación e esquez: “cando se farte o vento/do amor da rosiña branca,/leixaraia nun camiño,/toda murcha e desfollada” (“Ruada”).

A irresistíbel abrasión do devezo –“O sol, quente como as pallas,/ao ver núa a noiva terra/bicouna con beizos de ouro/e tivo cópula co’ela”–, nunha reviravolta inesperada, chega a provocar estraños efectos: “Dispois, morta de vergoña,/do amor non querendo froito,/coa súa comadre xiada/púdo amañar un aborto” (“Amores”).

Consecuencias funestas tamén as padecidas pola loura otonía logo de ser forzada polo vento do inverno: “Morta se atopa a súa dona/na campa do seu castelo;/seu sofrido señorío,/asoballado do inverno,/trocouse en agro de morte/todo de friaxe cheo” (“Romanzo da dona outonía”).

Tras do sortilexio embriagador das tebras, na noite máis especial, esperta a alba e con ela espreguízase o desexo:

Os mociños bailan ledos/ao redor dunha fogueira/(linguas roxas,  
a lamber/das sombras as carnes pretas;/o pintor viño, a pintar/  
fortes côres nas meixelas/a estoupalos aturuxos/coma foguetes  
nas festas)./Unha rapaza arelante/escoita, detrás da fiestra,/as  
cantigas que lle adica/a mocidade da aldea/mentres que lle a  
enfeitan toda/cós coraes das cireixas,/con recentes loureiros/e  
con rosiñas bermellas.

(“Amañecer de San Xoán”)

É a moza, a muller nova, a destinataria e auténtica protagonista destes versos. A un tempo, suxeito e confidente da consumación dos afectos:

“cóma non hei de matar/os meus bicos, na túa boca,/sen bon enterro han levar?” (“Enterro”).

Ao igual ca nos versos compostos no desterro por Valentín Paz-Andrade, a natureza –do oriente ourensán– é o marco natural do encontro amoroso: “Seus tépedos brazos/fan doce cadea; de amor esmorece/meu peito ao pe dela;/arelando un bico/duas bocas se achegan//O amor satisfeito,/enche a esgrevia serra” (“Camiño da serra”).

No limiar da edición de 1981 da obra de Florencio Delgado Gurriarán, Xosé Gayoso Díaz indicaba que *Cantareñas* é un libro de amor. Mais xa ben antes, dende outro enfoque, se reparaba nesta fasquía no primeiro número da revista *Vieiros*:

Este realismo tan subxectivo coma ollado, venlle seguramente ao poeta do misterioso senso erótico con que se pon en contaoto coa natureza, n-unha comunión tremante e emozoada que fai que o poeta se non esqueza endexamais de sí mesmo, aínda que se desleixe na multipricidade sensíbre da paisaxe, porque latexa alí, nas somas do estremecemento sentimental, o celme do seu ser, esforzándose en xuntar, líricamente, ao traveso da súa ialma-terra, os anacos soltos de sí mesmo.

(Fernández, 1959: 2)

E é que a potencia das imaxes serve tanto para amosar a rotundidade do vigor –“Bate o martelo do instinto/na zafra das miñas sens; o corazón chouta baixo/a espora do deber”– coma o fluír da delicadeza: “No vencello dos meus brazos/a debecida apreixíi./Nas veas, canles azúes,/quente cachón a ferver” (“No vencello dos meus brazos”).

### **Consideracións finais**

Delgado Gurriarán semella ser un bo coñecedor da produción literaria que estaba a agromar en galego e na que el se insire á mantenta. Isto pode observarse dende varios ángulos de enfoque.

Un constitúeo o seu propio quefacer poético. No cal se albiscan pegadas ou referencias con creadores de noso. Como poden ser as evocación de Curros –“Ahí ven o maio”– ou de Cabanillas –“A traxedia dos castiñeiros”–. Se ben resulta unha alusión máis directa a realizada polo

autor dos versos “Córgomo de Valdeorras/é bocarribeira crara” en “Saúdo a Otero Pedrayo”.

Outro representao o seu labor de crítico literario na revista mexicana *Vieiros*, na que el era director, xunto con Luís Soto e Carlos Velo. Atento ás novidades, comenta libros de Ánxel Fole –*Á lus do candil, Terra brava*–, Xohana Torres –*Do sulco*–, Uxío Novoneyra –*Os eidos*–, Gonzalo López Abente –*Centileos nas ondas*–, Álvaro Cunqueiro –*O incerto señor Don Hamlet, Príncipe de Dinamarca*–, Ramón Cabanillas –*Samos*– ou Valentín Paz-Andrade –*Galicia como tarea*–.

Na sección “Os homes i as labouras”, no número 3 da referida revista, enxálzase o seu talento e barileza así como a súa galeguidade nidia e afervoadada. Xa nunha entrega antes, en “Na encrucillada dos vieiros”, refírese a el Gonzalo Gurriarán –aludindo a unha fidelidade idiomática que el decote practicou– como ‘formador de verbas novas’.

Demostrada a vinculación da súa obra coa corrente hilozoísta, é ben traer á luz agora as verbas do propio Florencio, a propósito dun elemento que garda relación con este traballo.

Cando realiza a aludida análise d’*Os eidos* a gabanza que lle merece o volume lévao a formular a seguinte afirmación: “Que perto estamos da auténtica vos da Terra e que lonxe do requintado panteísmo de Amado Carballo! E que ninguén vexa nisto axe pra o derradeiro, xa que íl tamén chegou, polo seu camiño, a producírnos o anoto poético” (Delgado Gurriarán, 1959: 61).

Que quería dicir con isto? Ben é certo que non se deben interpretar as súas palabras como ofensa –‘axe’– e que reconece a emoción –‘anoto’– que provocaron nel os versos do autor d’*O galo*.

Con respecto á obra do autor do “COUREL dos tesos cumes que ollan de lonxe!” fica en claro, tal como manifesta, a súa querenza polo emprego, no citado poemario, da toponimia e das verbas e modismos enxebres dos brañegos do leste galego.

Mais que coidar do expresado a respecto do sintagma que emprega para se referir á produción do autor pontevedrés? De seguirmos a formular interrogantes ocórrensenos outras que terían máis a ver cunha posíbel interpretación.

Non se podería conxecturar que o distanciamento principal coa obra do seu mentor radica, en especial, no relativo á non infrecuente presenza da figura humana nos versos que se acaban de analizar? El non será asemade que se opta por unha escrita na que o eu poético se perciba máis presente?

Velaí, logo, algunhas consideracións para unha lectura atenta na que, co vagar necesario, se confronten as poéticas de dous autores que fían boa parte da súa inspiración nunha natureza –humanizada– chea de vitalidade.

### **Bibliografía**

- Alonso Gargado, Luís (ed.) (1994): *Luís Amado Carballo. Poesía galega completa*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.
- Carballo Calero, Ricardo (1955): *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. Madrid: Gredos.
- \_\_\_\_\_ (1981): *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Delgado Gurriarán, Florencio (1959): “Os eidos”, *Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega do México*, 1, Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- \_\_\_\_\_ (1963): *Galicia infinda*. Vigo: Colección Salnés, 12.
- \_\_\_\_\_ (1981): *Cantareñas*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2002): *Antoloxía. Vide, paisaxe, fala*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Fernández, Marcial (1959): “A Poesía de Florencio Manoel Delgado Gurriarán”, *Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega do México*, 1. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Ferreiro Fente, Gregorio (ed.) (2012): *Valentín Paz-Andrade. Poesía completa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1990): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Vilavedra, Dolores (coord.) (1995): *Diccionario da Literatura Galega. I. Autores*. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 171-172.
- \_\_\_\_\_ (coord.) (1997): *Diccionario da Literatura Galega. II. Publicacións periódicas*. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 491-492.
- \_\_\_\_\_ (coord.) (2004): *Diccionario da Literatura Galega. IV. Termos e institucións literarias*. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 126-129.

## Florencio Delgado Gurriarán e o Galeusca de 1944 en México

XOSÉ ESTÉVEZ  
(Universidade de Deusto)

O pasado é moi rebelde e teimudo.  
Sempre volve, ás veces a xeito de lenda.

### I.- O GALEUSCA

O Galeusca é un anagrama que encerra restrinxidos os nomes de Galicia=Gal; Euskadi=Eus e Catalunya=Ca. Foi un movemento de unión, axuda mutua e solidariedade entre partidos nacionalistas das tres nacións, co obxectivo de obter a soberanía, que uns situaban en maiores cotas de autogoberno ou nunha autonomía máis ou menos integral, outros na reformulación do Estado nun senso federal ou confederal e algúns directamente na independencia.

O nome de Galeusca aparece por primeira vez o 13 de maio de 1933 no xornal nacionalista *Euzkadi*, co gallo dunha viaxe de representantes nacionalistas guipuscoanos a Barcelona para entrevistarse con Josep Maria Batista i Roca, dirixente da entidade nacionalista Palestra. Foi inventado por Batista i Roca e polo GBB, presidido daquela polo Telesforo de Monzón, sendo secretario, Teodoro Hernandorena.

As reaccións deica 1923 foron moi esporádicas, puntuais e bilaterais: vasco-cataláns ou galego-cataláns.

Coa Tripla Alianza de 1923 comezaron as conxuncións trinacionais, que terían períodos de esmorecemento e silencio e tamén cumes de alporizamento contractual no devandito 1923, en 1924-25, 1933, 1940-41, 1945-47, 1958-59, 1966, 1977 e 1998.

Os contactos trinacionais entre forzas nacionalistas galegas, vascas e catalás encetaron en xuño de 1923, en resposta a un chamamento inserido no xornal *La Publicitat* para artellar un bloque trinacional, por parte da acabada de nacer Acció Catalana, liderada por Antoni Rovira i Virgili, Lluís Nicolau D'Olwer e Jaume Bofill i Mates.

Nese intre o estado español achábase nunha conxuntura de fonda crise económica, social e política, polo que era preciso aproveitar a ocasión.

Hai que ter en conta, ademais, que dende a I Guerra Mundial funcionaba unha sección de minorías nacionais da Sociedade de Nacións, á que acudían forzas catalanistas, representadas por esgrevios xuristas como Francesc Maspons i Anglasesell.

Respondeu de xeito inmediato ó chamado de AC, coa máis fervente adhesión, o PNV, daquela a pola máis radical do nacionalismo vasco, encabezada por Elías de Gollastegui, “Gudari”.

Durante o verán fóronse sumando á convocatoria a Comunión Nacionalista Vasca (CNV), as Irmandades da Fala, Estat Catalá, Unió Catalanista e Irmandade Nazonalista Galega (ING).

A xeira remataría coa sinatura do Pacto da Triple Alianza en Barcelona o 12 de setembro de 1923. Poñerán o selo as seguintes forzas asinantes:

–Pola banda galeguista: Irmandades da Fala, representadas por Federico Zamora e Alfredo Somoza, e a ING, que se adheriu a través dun telegrama remitido por Vicente Risco.

–Polo nacionalismo vasco: O PNV, mediante a presenza de Gallastegui, Telesforo Uribe-Echebarria, José Domingo de Arana, Manuel Robles Aranguiz e Manu Egileor. A CNV, representada por Jesús María Leizaola, Julián Arrién e Torre, postergou a aprobación á unha consulta ás bases do partido, que loxicamente non puido realizarse por mor do golpe de Estado de Primo de Rivera o día 13.

–Polo Catalanismo selaron o acordo: Acció Catalana, con algunhas reticencias, encabezada por Lluís Nicolau D’Olwer, Antoni Rovira i Virgili e Jaume Bofill i Mates, a entidade cultural Unió Catalanista, representada por J. Riera i Puntí e Pere Manén i Artés, e Estat Catalá, liderado por Francesc Macià.

O pacto era de carácter arredista e claramente doutrinario, constaba de oito artigos e en dúas ocasións apelábase a un procedemento heroico e ao derramamento de sangue, é dicir, á loita armada.

No exilio galo durante a ditadura primorrista o aberriano Telesforo Uribe-Echebarria propúxolle a Macià un anteproxecto de “Liga de Nacións Oprimidas”, que o catalán reelaborou e guindou á opinión pública dende París o 9 de setembro de 1924.



O 8 de xaneiro de 1925 constituíase en París o “Comité de Acción da Libre Alianza”, integrado por representantes de Estat Catalá, PNV, dos cataláns en América e a CNT. Asinaban o “Pacto da Libre Alianza”, que deixaba reservado un lugar para unha delegación galeguista.

Durante os anos 1931 e 1932, xa durante a II República, desfilaron chamamentos ou achegamentos puntuais co obxectivo de acadar fronteiras ou avinzas trinacionais ou binacionais nas Cortes republicanas, sen que o éxito as coroase até 1933, que se asinaría o Pacto de Compostela ou Galeusca.

A conxuntura letárxica dos Estatutos vasco e galego e o canso proceso de transferencias a Catalunya despois do logro do Estatuto de Autonomía 1932 proporcionaba unha tesitura axeitada para un afondamento nos vencellos trilaterais.

O 2 de abril de 1933 celebrábase no frontón Euskalduna de Bilbao un mitin trinacional artellado por ANV, coa participación desta forza, nas persoas de Basterra, Arrien e Urrengoetexea, de ERC, a cargo de Josep Riera i Puntí, e do PG, coa presenza de Castelao. No mesmo serán do 2 de abril asinouse, no álbum da Casa de Xuntas de Gernika, o que algún historiador nomeou Pacto de Gernika, como un nidio antecedente do Pacto de Compostela ou Galeusca.

Os cataláns e vascos desprazáronse a Galicia o 23 de xullo e o 25 asinouse no local do Seminario de Estudos Galegos o Pacto de Compostela ou Galeusca, redactado en galego por Alexandre Bóveda. Os asinantes foron:

- A. Bóveda, polo PG, e Álvaro das Casas, por ULTREIA.
- Josu Doxandabaratx, Joseba Rezola, Esteban Isusi e Manuel de Irujo polo PNV.
- Josep María Batista i Roca e Joseph Girona, de PALESTRA, Pau Vila, de ACR, e Josep Pich i Salarich e Pau Muñoz Castanyer, de UDC.

En Bilbao, o 30 de xullo, engadíronse dúas novas precisións e a sinatura doutras tres forzas políticas: a Lliga Catalana, por medio de Joan Estelrich; ERC, a cargo de Josep Riera i Puntí, e ANV, mediante Andrés Perea.

As conversas seguiron en Barcelona, con intervención incluída do presidente Macià, até o 12 de agosto, onde se adquiriron outros compromisos. Castelao desprazouse á cidade condal con varios obxectivos, segundo esmiazaba

nunca carta remitida a Bóveda: urxir a necesidade de presentar os Estatutos vasco e galego, ir de contado á orixinaria estrutura federal do Estado, crear un bloque Galeusca no Parlamento, acadar o decreto de bilingüismo para Galiza e Euskadi e procurar o ingreso de Galiza na Sociedade de Nacións.

Pero tras a euforia, viña a calma e o Galeusca esmorecía por mor de variados atrancos internos e externos: enfrontamentos e diverxencias entre as forzas asinantes, incumprimentos de acordos comprometidos durante a viaxe, influxo negativo da nova conxuntura outonal co triunfo das dereitas nos comicios do 18 de novembro de 1933.

Durante o bienio dereitista (1933-35) a crecente tensión entre o Goberno central e a periferia estoupou nuns fitos ben coñecidos, en 1934: a cuestión da lei de contratos de cultivo en xuño, a revolta dos Concellos Vascos no verán e a revolución en outubro. A situación posterior á revolución de outubro, cos destellos de Castelao e Bóveda, o apresamento do Goberno catalán e a forte represión en Catalunya, Euskadi e Asturias, ademais do tradicional adiamento dos Estatutos e o ferreño centralismo das dereitas no poder, non era unha conxuntura axeitada para “veleidades” galeuscanas.

As eleccións de febreiro do 36 e a vitoria da Fronte Popular anovou a esperanza galeuscana, sobre todo no tocante á aprobación dos Estatutos vasco e galego. Pero os voires militares sobrevoaron o ceo.

Na Guerra “Incivil” Catalunya acolleu os vascos desterrados, amosando a meirande e máis efectiva mostra de solidariedade galeuscana. A Generalitat promulgou decretos especiais para os refuxiados vascos, concedéndolle ó Goberno vasco unha case-extraterritorialidade e toda clase de facilidades e medios materiais co obxecto de solucionar tódalas necesidades dos citados refuxiados. Unha actitude semellante levou a cabo a Generalitat respecto dos galegos leais, entre eles Castelao. Un Consello de Galeusca funcionou na Catalunya republicana, do que formaban parte Castelao, Suárez Picallo e Xoán Xosé Pla.

A caída de Catalunya a comezos de 1939 provocou a saída ó exilio dos Gobernos republicano, vasco e catalán. Os presidentes destes dous últimos, Aguirre e Companys, atravesaron xuntos a fronteira na compañía doutros persoeiros como Irujo e Pi i Sunyer. Este conta nas súas memorias que a noite antes de cruzala comprometéronse a facer rexurdir o Galeusca.

Fusilado Companys o 15 de outubro de 1940 e descoñecido o paradiro de Aguirre, Londres constituíuse no eixo e espello da política vasca e catalá. Bos Aires, sobre todo despois chegada de Castelao en xullo de 1940, con abondosas colonias das tres nacións instaladas na capital do tango, ferveu en galeuscanismo.

En Bos Aires celebrábanse xuntanzas de Galeusca no Casal Catalá, que culminaron no selo dun pacto Galeusca o 9 de maio de 1941. Constaba de catro apartados, salientando a proclamación da soberanía de cada nación, o seu dereito a autodeterminación, a aposta por un réxime republicano e democrático e o compromiso de loita contra o franquismo.

A comezos de 1942 Castelao turraba teimudamente diante de Aguirre pola articulación dunha política trinacional.

A viaxe de Aguirre por varios Estados americanos, entre eles Arxentina, orixinou multitude de homenaxes organizadas polas tres colonias e, con posterioridade, a celebración dun magno festival Galeuzca o 7 de outubro de 1942 no teatro Alvear, de Bos Aires.

O 16 de maio de 1943 Castelao delegaba, en carta manuscrita, a José Antonio Aguirre a “representación do galeguismo”, en calquera xestión a executar en Estados Unidos. En novembro volvía a escribir unha longa epístola de 8 folios con esmiuzadas precisións sobre o Galeusca e xebres pregos da súa posta en marcha.

Non resulta doado avanzar entre os recunchos da fervenza documental do Galeusca no bienio 1944-46.

Principiaba a xeira unha carta-manifesto de Galeusca de Bos Aires, remitida ó lehendakari o 31 de xaneiro de 1944. Axiña respondía Aguirre cunha longa misiva de 10 páxinas, dirixida a Castelao, na que resumía o seu pensamento sobre Galeusca. O vasco amosaba o seu acordo co Galeuzca, pero dicía que o pacto aínda non se debía asinar por mor da conxuntura internacional, da desavinza no campo político catalán e da falla dun Goberno galego, pois era preciso que o acordo se asinase polos tres Gobernos.

Esta posición de Aguirre suscitou unha morea de proxectos galeuscanos entre abril e novembro de 1944.

No entreacto, cumpríase unha das condicións esixidas por Aguirre para a sinatura do pacto Galeusca: o 15 de novembro de 1944 constituíase o Consello de Galiza, en cuxa acta fundacional autorizábase ó seu presidente, Castelao, para negociar alianzas cos Presidentes de Euskadi e Catalunya.

Pouco despois, o 22 de decembro de 1944 en México representantes dos partidos nacionalistas vascos, galegos e cataláns asinarían, nos catro idiomas, un acordo de Galeusca, coa explícita reivindicación do dereito de autodeterminación. Nel participou o noso protagonista, Florencio Delgado Gurriarán.

## **II.- O PERIPLO GALEGUISTA E GALEUSCANO DE RODOLFO PRADA EN 1944**

Antes da fundación do Consello de Galiza por indicación de Castelao e aproveitando unha das moitas xiras comerciais por mor da súa profesión de representante farmacéutico dos laboratorios Dr. Andreu, Rodolfo Prada realizou un longo periplo por América para espallar galeguismo e galeuscanismo e ao mesmo tempo preparar o terreo para a creación do Consello de Galiza.

Os días antes da partida, 12 de agosto de 1944, Castelao concedíalle en carta manuscrita plenos poderes a Rodolfo Prada para representalo en tódolos países que ía percorrer:

Con xefe circunstancial do galeguismo político-democráticamente autorizado pola inmensa coleitividade galega da Arxentina e do Uruguai-deposito a miña absoluta confianza no irmán Rodolfo Prada e delego n-él a mesma autoridade que a min se me outorgou, para que me represente, ante quenqueira que sexa, nos diferentes países de América que vai percorrer. Prégolle moi encarecidamente a todol-os irmáns galegos –en especial aos de Chile, Cuba e México– que faciliten, con decidido patriotismo, a misión que Prada vai desempeñar no meu nome e para ben da nosa Terra.

(Museo de Pontevedra, Castelao, 2-6)

O periplo comezou o 13 de agosto e a primeira etapa recalou en Chile.

Na sexta e penúltima etapa Rodolfo Prada partiría cara a México a primeiros de outubro de 1944. Na cidade azteca residían unha extensa morea de exiliados republicanos de tódalas ideoloxías, incluídas as colectividades de galegos, vascos e cataláns.

Axiña Rodolfo Prada comprobou con acedume, en México, a definición que del dera Castelao: “é nin máis nin menos, unha réplica do Madrid cafeteril d-ante guerra”. Segundo Prada nun parágrafo que non ten desperdicio dicía:

Alí bulen e rebulen toda clase de políticos e politiqueiros, de ideólogos sereos ou trasnoitados (máis d-istes que d-aquiles), de profesores doutos e dos pseudos, de escritores e de artistas auténticos e falsos, de sabios e de ñorantes, de cordos e de tolos, de intelixentes e de parvos, de limpos e de porcós, de inxénuos e de picaróns... cada cal coidándose dono da úneca fórmula, non soio pr-arranxar o problema hespañol, senón tamén o do mundo enteiro. Nos cafés e casinos bulen e rebulen, berran, procraman, intrigan e corroen, desfán e trituran, algús de boa fé e moitos de mala lei...! O Madrid dos 35 primeiros anos d-iste século atormentado! Partidos políticos, sub-partidos, núcreos desprendidos dos sub-partidos e figuras isoladas dos núcreos... “Este Madrí, cabeza das Hespañás”, que tan certeira fustigou en versos cáusticos o noso poeta Cabanillas.

Pero Prada menciona no medio deste caos un oasis incorrupto onde latexa “un afervoadado e san patriotismo e un cordo anceio de facer unha Hespaña millor ca de onte! E xa non digamos ca de hoxe!, unha Hespaña conseqüenza e resume de total-as Hespañás”.

Pero a estadía de Prada non foi un camiño de rosas en México. As reaccións á presenza, actuacións e declaracións súas foron ambivalentes, positivas pola banda de case tódalas organizacións nacionalistas vascas, galegas e catalás, pero negativas por parte da maioría do grupos republicanos españois asentados en México.

A caixa dos tronos e lóstregos centralistas abriuna unha entrevista. Ao pouco tempo de recalar Prada en México, o célebre xornalista e escritor valenciano exiliado Alardo Prats Beltrán (Culla, Castelló, 1903-México, 1984), colaborador do prestixioso xornal *Excelsior*, o segundo máis antigo de México

capital despois do *Universal*, fundado en 1917 por Rafael Alducín, empresario de orixe vasca, realizoulle unha entrevista o 4 de outubro de 1944 (ANT, nº 432 novembro-1944, p. 4). Tamén existe unha copia mecanografada, o día antes de ser publicada, anexa a unha carta enviada a Rodolfo Prada polo xornalista e escritor catalán exiliado, de ERC, Jaume Miravittles i Navarra (Figueres, Girona, 1906-Barcelona, 1988; dende México, datada o 3-10-1944. Fundación Penzol, Fondo Rodolfo Prada, carpeta Galeusca). A entrevista, despois dun breve limiar do persoeiro entrevistado, está dividida en dúas partes: “Bases Federales para España” e “Primero derribar a Franco”. Despois de dar a coñecer un acordo galeusca asinado en Bos Aires por Castelao, presidente do Consello Nacional de Galicia, Ramón Aldasoro, representante do Goberno Vasco, e Manuel Serra i Moret, por Catalunya, Prada incidía na primeira parte en que o pacto galeusca tiña como obxectivo articular un programa de reconstrución peninsular sobre as bases dunha Confederación de catro entidades nacionais: Castela, Galicia, Euskadi e Catalunya, á que se podía engadir no seu día Portugal. Esta confederación sería o único modo de dar estabilidade democrática ao futuro Estado español, eliminar as supervivencias do feudalismo unitario, evitar inxerencias estranxeiras, establecer vínculos coas nacións iberoamericanas para chegar a organizacións rexionais de carácter mundial, que se estaban preconizando.

A crónica da viaxe reconece expresamente os alporizamentos dalgúns sectores políticos españois e tamén galegos en México:

As decraracións de Prada produxeron, ao mesmo tempo, unha reación estrepitosa do “Madrí centralista” de México. Foi coma se lle pisara o rabo o gato. Iste fungou adoecido, estrapexou, mostrou a dentamía podre, botou lume pol-os ollos e babeou de carraxe. Foi a millor sinal de que o tiro de Prada dera prenamente no blanco. Iste alporizamento tivo estrepitoso reflexo n-unha morea de artigos e comunicados en casi todol-os diarios de México. Sereos e doutrinaes uns; venenosos e chabacáns outros. A resultante foi proveitosa: Galeusca fixo a súa aparición con outa categoría no Madrí mexicano. Coma problema preocupante pra uns; e coma lumioso camiño de solucións patrióticas pra outros.

Unha das protestas veu da man dun abundante fato de republicanos galegos, que inseriron unha nota nun xornal de gran tiraxe *El Nacional* (10-10-1944) baixo o título “Los gallegos republicanos desconocen la autoridad

política de Rodolfo Prada”. A nota estaba asinada por 62 personalidades con nome e apelidos e outras que o xornal omite. Entre elas atopábanse algúns persoeiros coñecidos: os deputados Alejandro Otero Fernández, médico e catedrático da Universidade de Granada (Redondela, 14-12-1888-México, 26-6-1953), do PSOE, Pedro Longueira Patiño (Ferrol, 25-11-1905- México, 10-8-1983), do PSOE, Manuel García Becerra (Verín, 1905-México, 1950), de IR, o pintor Arturo Souto (Pontevedra, 4-7-1902-México, 3-7-1964) xunto a médicos, B. Bua Rivas, José M<sup>a</sup> Lema, Marcelino Losada, Manuel F. Márquez, Hermenegildo Losada, C. Barja Casanova, Antonio F. Carnicero, Ramón G. Cerviño; avogados, Ramón Esturau, J. Prieto Villabrille, Sabino Jurado, Jesús Dopico; farmacéuticos, Manuel Caamaño, Antonio Cardero; militares, L. Cuesta Urzáiz, Enrique Varela, Enrique Vázquez, Benito Dopico, químicos e catedráticos como Laureano Poza Juncal e outros. A nota contiña tres apartados. No primeiro afirman non recoñecer a autoridade política de Prada “por haber estado ausente de España hace más de veinticinco años”, aínda que lle conceden “amplio crédito comercial en Buenos Aires”. No segundo acusan a Prada de cometer un grave erro ao nomear a Castelao como “Presidente del Consejo de Galicia”, negando a existencia do devandito Consello, pois só poderá constituírse “el día en que las Cortes de España aprueben el Estatuto que nuestro pueblo se dio con fecha del 28 de junio de 1936”.

Tamén os socialistas se sumaron ao carro das diatribas publicando un folleto, *Algunas consideraciones sobre el problema gallego* (ed. Voces socialistas en el exilio, México D.F, 1945), con acedas críticas contra o Consello de Galiza e o Galeusca, despois xa da celebración das Cortes en México en novembro de 1945, que recolle Ricardo Gurriarán na súa biografía de Florencio Delgado Gurriarán (*op. cit.*, p. 201):

Por gallegos y por afiliados al Partido Socialista Obrero Español. no podemos, como en principio era nuestro decidido propósito, despedir en silencio a los Diputados de la región gallega que un mal día constituyeron en Buenos Aires el llamado Consejo de Galicia y, más tarde, crearon, con la colaboración del PNV y de algunos disidentes del catalanismo formal, una aparato político denominado Galeusca. Silenciar las maniobras que en el curso de este mes y a su paso por México, han realizado los miembros del Consejo Nacional Gallego (?), sería tanto como otorgarles en

cierto modo el asentimiento de los gallegos socialistas acogidos a la hospitalidad del más bello y generoso país de Iberoamérica. Y nada hay más lejos de nuestro deseo ni de nuestro deber...

As discrepancias reaparecen nunha longa crónica, escrita por Prada e titulada “Lembranzas de viaxe” (ANT, nº 435, febreiro, 1945, pp. 4-6). Nela narra as súas conversas en México con persoeiros políticos republicanos que se atopaban fóra da órbita de Galeusca, concretamente D. Diego Martínez Barrio, D. Luis Jiménez de Asúa e os cataláns D. Miguel Santaló e D. Antoni María Sbert. Este último ofreceulle concertar unha entrevista con Indalecio Prieto, ao que Prada se negou rotundamente, porque “frecuentemente infería ofensas aos galegos e qu-era un aberto nemigo da galeguidade, tal como acababa de ratificar n-un artigo publicado en México n-ises días, no que Prieto reincidía na súa nemiga contra Galicia”. ANT sentenciaba: “É íste, un rasgo de outa dignidade dignidade galega que todol-os patriotas galegos temos de apraudir e agradecer ao irmán Prada”.

O xeógrafo e pedagogo Miquel Santaló i Palvorell, de ERC (Vilahrur, Girona, 1887-Guadalajara, México, 1961), tamén na órbita da JEL, divorciado das Comunitats catalás e do Consell Nacional Catalá, presidido en Londres por Carles Pi Sunyer, e representante en México de Josep Irla, Presidente do Parlament Catalá, quen asumiu a legalidade tras a morte de Lluís Companys, foi o segundo entrevistado por Prada. En Santaló aparecían “uns matices, unhas comprensións e unhas emocións catalanistas que o amosan achegado espiritualmente aos seus irmáns catalás que integran GALEUSCA”.

As lembranzas máis agradables deste longo periplo serían para Prada o encontro con tres grandes figuras. Unha viaxe por países, onde “núcleos de patriotas gallegos, vascos y catalanes, que bajo el nombre de GALEUSCA propugnan por la estructuración de una nueva, grande y venturosa España bajo un régimen republicano federal, pactado a base de las cuatro naciones hispanas: Castilla, Catalunya, Euzkadi y Galicia, y con la alta aspiración de que la otra nación hispana, Portugal, en un mañana feliz, integre el conjunto federal de la Península” (*El Orensano*, nº 6, 27-1-1945, p. 7).

Pero Prada tamén se entrevistaría en México con persoeiros das comunidades galega, vasca e catalá, ademais de participar noutras actividades.



Reuniuse Prada con esgrevios persoeiros galeguistas, aos que dedicaría grandes eloxios e que o convidaron a un xantar ao que acudiron galeguistas das poboacións máis afastadas de México. Os máis coñecidos, que menciona Prada, foron:

–Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, Ourense, 27-8-1903-Fair Oaks, EE.UU., 14-5-1987): avogado, militante do PG, grande poeta. Delgado Gurriarán, xunto a López Durá, serían os principais impulsores e mantedores do Galeusca en México e seguiría carteándose con Rodolfo Prada (Tuñón Pablos, 2006: 184 e 186).

–Johan López Durá (Habana, 1910-México, 1973): avogado, militante do PG, profesor de dereito administrativo na Universidade de Santiago de Compostela e no exilio na universidade Michoacana San Nicolás Hidalgo, situada en Morelia, capital do estado de Michoacán. López Durá “encabezou a delegazón galega nas negociacións cos vascos e catalás pra formación de Galeusca que tiveron comenzo a instancias de Prada nos derradeiros días da súa estanza en México”.

–Ramón Cabanillas Álvarez: fillo do poeta Ramón Cabanillas, xornalista, nado en Cambados o 28 de outubro de 1909, militante do PG, capitán do exército republicano e exiliado en México.

–Roxelio Rodríguez de Breñaña: nado en Ourense o 11-11-1909. Militante da Federación de Mocidades Galeguistas, alistouse nos requetés para salvar a vida e pasouse ao bando republicano. Exiliouse en México en 1939. Foi o primeiro Secretario Xeral do Padroado da Cultura Galega en 1953. No Padroado tivo problemas polo seu anticomunismo, en especial con Luís Soto, sendo substituído por Carlos Velo. Colaborou en *A Nosa Terra* e iniciou en decembro de 1952 o programa radiofónico *A Hora de Galicia*. Foi editor dos números 5 ao 7 da revista *Saudade* de México. Foi o último secretario xeral do PG, dende 1945 de xeito testemuñal ata os anos oitenta; tamén foi secretario de relacións da Irmandade Galeguista. En 1980 protestou pola disolución do PG por parte de Coalición Galega.

–Carlos Tomé Alonso: nado en Vilalba, Lugo, o 26-5-1908. exiliouse a Francia en 1939 e foi un dos moitos que dende alí partiron a México no famoso barco *Ipanema*. Era contable de profesión.

–Elixio Rodríguez Domínguez: nado en Grou, Lobios, Ourense, 4-1-1910-México, 9-7-2007. Durante a II foi o fundador das Mocedades Galeguistas de Bande e obtivo o título de piloto na Escola de Aviación. Ao comezo da Guerra Civil pasou dous meses no cárcere en Celanova, conseguiu evitar o “paseo” alistándose na Lexión. Evadiuse da zona rebelde nun Breguet XIX a Xibraltar e de alí pasar a zona leal. En territorio republicano foi destinado á base de San Javier en Murcia, pero foi detido e condenado a morte, acusado de espionaxe. Grazas á intervención de Castelao e outros deputados galegos residentes en Valencia, conseguiu a anulación da sentenza e nun novo xuízo foi absolto. Coa caída de Catalunya, pasou a Francia, saíndo no barco *Ipanema* cara a México. onde chegou o 13 de xullo de 1939, establecendo a súa residencia na cidade de México como empresario e distribuidor. Mantivo a militancia no PG. Foi un dos promotores e locutor en 1952 do programa semanal de radio en galego Hora de Galicia. En 1953 participou na creación do Padroado da Cultura Gallega. Foi delegado no Congreso da Emigración Galega celebrado en 1965 en Santiago de Compostela, sendo o único en ler a súa comunicación en galego. Tamén participou na creación da revista *Vieiros*, dirixida polo cineasta Carlos Velo. En 1994 publicou en Edicións Xerais o libro de memorias *Matádeo mañá; memorias dun aviador galeguista republicano entre a guerra e o exilio*.

–Andrés Valín Salvador: exiliouse dende Francia a México no barco *Ipanema* en xullo de 1939. En 1953 foi tesoureiro do Padroado da Cultura Galega.

–Horacio Casas Iglesias: nado en Teo, A Coruña, o 28-6-1906. Formou parte do exército republicano. Exiliouse a Francia en 1939 e no mesmo ano a México no barco *Ipanema*. Era mecanógrafo e ebanista. En 1953 foi contador do Padroado da Cultura Galega.

–Xermán Rañó Pérez: nado en Rianxo, A Coruña, galeguista que en 1936 fuxiu a Barcelona. Despois embarcou no *Ipanema* dende Francia con destino a Veracruz no ano 1939. Foi membro do Padroado da Cultura Galega en México.

A xuntanza cos vascos realizouse na sede da Delegación do Goberno Vasco, creada en 1939 e rexentada daquela polo deputado peneuvista Teleforo Monzón, que substituíra en 1942 o empresario Francisco Belausteguioitia.

Na xuntanza, ademais dos membros da delegación, atopábase tamén o deputado nacionalista, Julio Jaurégui. Días despois os vascos agasallaron a Prada cun xantar no Hotel Majestic e tamén o citado Belasteguigoitia convidouno a unha cea, na compañía de personalidades vascas, na “sua suntuosa residencia”.

–Telesforo de Monzón y Ortiz de Urruela: escritor e político nacionalista vasco naceu no seo dunha rica familia aristocrática en Vergara, Guipúscoa, o 1 de decembro de 194 e finou en Baiona, Francia, o 9 de marzo de 1981. Foi un histórico dirixente e deputado do PNV durante a II República e a Guerra Civil, sendo conselleiro do primeiro Goberno Vasco en 1936. Tras a contenda exiliouse primeiro a México e despois en Francia durante máis de corenta anos. Ao seu regreso ó País Vasco converteuse nunha figura de referencia do nacionalismo vasco e nun dos fundadores da coalición política HB.

–Francisco Belausteguigoitia Landaluce: nacionalista e futbolista, como tamén os seus irmáns Ramón e José María, o famoso Belauste, nacera en Bilbao no seo dunha familia adinerada en 1898. Tras rematar a carreira de Medicina e de ter formado parte do Athletic Club de Fútbol, trasladouse nos anos 20 do século XX a México, onde fixo unha enorme fortuna. Ao estoupar a Guerra Civil, encargouse de recadar fondos para o Goberno Vasco. Nomeado delegado do Goberno Vasco en México, en 1939 promocionou a viaxe da selección vasca por esas terras. Despois de deixar o cargo en 1942, financiou, xunto a Martín María Urteaga, Manuel María Inchausti e Antonio Orbe, os congresos de Estudos Vascos, celebrados en Biarritz. Finou en México en 1981.

–Jauregui Lasanta, Julio: naceu en Bilbao en 1910 e finou en Madrid en 1981. Foi político do PNV. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Deusto e foi avogado do sindicato ELA-STV. Saíu elixido deputado polo PNV por Biscaia nas eleccións xerais de 1936. Exerceu varios cargos no Goberno Vasco durante a Guerra Civil e ao rematar esta exiliouse a Francia e despois a México até 1946, que se estableceu en Biarritz. Regresou a Euskadi en 1974, e logo foi residir a Madrid. Foi encargado polo PNV de formar parte da comisión que negociou a transición política en Euskadi. En 1979 foi elixido senador por Biscaia. Era un fervente seareiro do Galeusca e defendeu os intereses galegos nas Cortes de México de 1945.

Os cataláns convidaron a Prada na sede do Consello da Comunitat Catalá, onde, entre outros presentes, mencionaba a estes tres persoeiros, aos que deu “unha ampla informazón do Galeusca de Bós Aires” e “Todos íles tiveron conceutos de admirazón e d-afeuto pra o noso presidente señor Castelao”.

–Baltasar Samper i Marquès (Palma de Mallorca, 1888-México, 1966): músico, compositor e estudoso da música popular, en 1907 trasladouse a Barcelona, onde militaría en Acció Catalana. En 1939 exiliouse a Toulouse e en 1942 a México. Nesta cidade traballou no Instituto de Bellas Artes, estudando o folclore mexicano. Foi profesor de folclore musical no Conservatorio Nacional de México e incluso encarnou pequenos papeis en media ducia de películas mexicanas. Moi activo dentro da colectividade catalá, pertenceu ao padroado organizador dos Xogos Florais da Lingua Catalá de México en 1942, dirixiu o Orfeó Catalá e formou parte da delegación mexicana do Consell Nacional Catalá (1944). Tamén colaborou en revistas catalás do exilio como *Lletres* e *La Nova Revista*.

–Josep Carner i Puig-Oriol (Barcelona, 9-2-1884-Bruxelas, 1970): poeta, xornalista, autor teatral e tradutor. É coñecido como “o príncipe dos poetas cataláns”. Descubriu o catalanismo en 1897, cando ingresou na Universidade de Barcelona, na que estudaría as carreiras de dereito e filosofía. Nesa época xa empezou a colaborar en revistas como *Montserrat* e *La Atlántida*, entre outras. Dirixiu *Catalunya* (1903-1905), *Empori* (1907-1908) e *Catalunya* (1913-1914). En 1911 foi designado membro da Sección Filolóxica do Institut d’Estudis Catalans e colaborou con Pompeu Fabra, o creador da normativa do catalán, na fixación e enriquecemento da lingua catalá. A principios do século XX incorporouse ao xornal *la Veu de Catalunya*, voceiro do partido rexionalista La Lliga, onde escribiu ata 1928. Foi un renovador da poesía, da prosa e da lingua. Creou un novo estilo de xornalismo político e loitou pola profesionalización da literatura catalá. Despois das correspondentes oposicións, ingresou en 1921 na carreira diplomática, instalándose en Xénova como vicecónsul. Exerceu cargos diplomáticos en Xénova, San Xosé de Costa Rica, A Haia, Hendaia, Beirut, Bruxelas e París. Durante a Guerra Civil foi un dos diplomáticos que se mantivo fiel á República e non volveu a Catalunya. Exiliouse, primeiro en México (de 1939 ata 1945), onde foi profesor do Colexio de México, e despois a Bruxelas.

–Josep Tomás i Piera (Barcelona, 1900-Guadalajara, México, 1976): avogado e político catalán. Tras licenciarse en Dereito na Universidade de Barcelona, participou durante a ditadura de Primo de Rivera na fundación de Acció Catalana Republicana. Máis tarde participaría tamén na fundación do Partit Catalanista Republicà e finalmente ingresaría en ERC. Con este partido concorrerá ás eleccións de novembro de 1933, obtendo escano pola circunscrición de Barcelona, escano que repetirá nas eleccións de febreiro de 1936. Nesta época trabou amizade con Castelao, porque Tomás i Piera presidía nas Cortes a Comisión de Estatutos, da que formaban parte Castelao e José Antonio Aguirre. Foi ministro de Traballo, Sanidade e Previsión Social entre o 4 de setembro e o 4 de novembro de 1936, pasando despois a representar a República española como cónsul en Montreal. Ao rematar a Guerra Civil exiliouse en México, onde finou.

O periplo de Prada remataría a finais de novembro en Bogotá. Con anterioridade xa estaban constituídas organizacións de Galeusca en Bos Aires e Uruguai. A primeira integrada por Castelao (Gal), Ramón Aldasoro (Euz) e Manuel Serra Moret (Ca). A de Uruguai compoñíana: Manuel Meilán (Gal), Vicente Amezaga (Euz) e Francesc París, coa axuda de Frances Bergós i Ribalta (Ca) (Vid: Irujo Ametzaga, 2007: 203-220).

O propio Rodolfo Prada, en carta a Xerardo Álvarez Gallego, regresaba a Bos Aires “moi satisfeito da miña xira pol-o ambiente que atopei, en todol-os países visitados, a prol do ideal fundamental de “GALEUSCA”: restauración da república na hespaña sobor da base federal”. Continúa afirmando

que en México quedaron botadas as bases pra constitución de ‘Galeusca’ a semellanza da que ven funcionando en Bos Aires, Montevideo e Santiago de Chile, dando fe d-elo o grandeiro aito que de celebrou no paraninfo da Universidade mexicana conmemorando o 4º aniversario do fusilamento de Companys, aito no que falaron representando a Euzkadi o deputado Julio Jáuregui, a Galicia eu, e a Cataluña o escritor José Carner, membro do Consello Nazonal de Catalunya; que eiquí na Habana pódese considerar tamén un feito a formación de ‘Galeusca’ e que axiña se dará a coñocer públicamente a súa constitución definitiva.

(FP, Fondo Rodolfo Prada, carpeta IV)

Sobre esta xira Castelao dicíalle totalmente entusiasmado aos galeguistas do interior:

Chegou Prada do seu percorrido por toda América. Realizou unha inxente laboura a prol da organización galeguista e do entendimento con vascos e cataláns. Hoxe contamos con grupos en moitos países. En Cuba con moita forza, que ourenta e dirixe Alvarez Gallego. En Chile está Picallo traballando ben e manténdose en pé. Sebastián González está en Porto Rico, sen núcleo de galegos. Temos un bó grupo en Venezuela. Illa Couto[Ramiro] represéntanos en Bogotá. Etc. Etc. Todo vai moi ben [...]. En México, a nosa Delegación está presidida por López Durá e Delgado Gurriarán, que firmaron o pacto local de Galeuzka e manteñen a triple alianza a moita outura [...]. Será moi posible que dentro de tres meses saia para Portugal un Delegado do Consello –persoa de moito empuxe– que se porá en relación con vós”.

(Castro, 2000: 161)

Algo semellante lle comunicaba Castelao ao Lehendakari José Antonio Aguirre, residente daquela en Nova York, en carta datada o 3 de xaneiro de 1945 dende Bos Aires:

Ha regresado Prada de su larquísimo viaje por América , y sus informes reflejan el alto valor que en todas partes se le otorga a Galeusca, en contraste conn el triste concepto que merecen “los repúblicos exiliados en México. Mucho nos han impresionado los relatos y opiniones de Prada, que en lo esencial ya conocerás por la vía vasca. Su trabajo sobre las colonias gallegas ha dado magníficos frutos. Contamos con una fortísima organización en la Haban, ya metida en Galeusca, que dirige Alvarez Gallego, tenemos un grupo de incipiente galleguismo en Venezuela, que iremos fortificando desde aquí, tenemos Delegaciones con hombres concienzudos en Puerto Rico, Colombia y Chile. En Méjico ya funciona una Delegación Galleguista, con López Durá al frente y con bastante número de amigos y enemigos como para ponerse a tono con aquel ambiente. Pero la labor de Prada fue principalmente galeuzquiana (*sic*) y nuestro hombre viene encantado con la acogida que en todas partes le dispensaron los vascos y catalanes”.

(Castelao, 2000: 92-493)

### III.- FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN E O GALEUSCA

Despois do periplo de Rodolfo Prada, temos constancia da sementeira dos ideais galeuscanos, que xermolarían na constitución de organismos de Galeusca, nos seguintes países:

–Santiago de Chile. Integrantes: Ramón Suárez Picallo, coa inestimable axuda de Manuel Celso Garrido (Gal), Pedro de Aretxabala (Euz) e Antonio Blavia (Ca).

–Bogotá. Integrantes: Ramiro Isla Couto (Gal), Pedro Amutxastegi (Euz) e Francesc D'Agulló (Ca). (ANT, Nº 433, decembro, 1944, p. 4; ANT, nº 434, xaneiro, 1945, p. 6., *Quaderns de l'exili*, México, nº 12, març-abril del 1945, p. xvi).

–Venezuela. Integrantes: Silvio Santiago (Gal), José María Garate (Euz) e Joan Gols i Soler (Ca). (ANT, 434, xaneiro, 1945, p. 5).

–Habana. Integrantes: Xerardo Alvarez Gallego (Gal), José Luis Garay (Euz), sen citar (Ca) (ANT, nº434, xaneiro, 1945, p. 5).

–Lima. Integrantes: Roxelio Fernández Blanco (Gal), Eduardo Diaz de Mendivil (Euz), sen mencionar (Ca) (ANT, nº 434, xaneiro, 1945, p. 5).

–México. Integrantes: Xoán López Durá (Gal), José Luis Irisarri (Euz), Joan Loperena i Romà (Ca) (ANT, nº 436, marzal, 1945, p. 7; ANT, nº 438, maio, 1945, p. 6).

De todas estas delegacións as mellor estruturadas, organizadas e activas, ademais das de Bos Aires e Montevideo, foron a de Santiago de Chile e, sobre todo, a de México. Esta última creou un Pleno de Galeusca, representado por un Consello Executivo, integrado polos mencionados López Durá, Irisarri e Loperena. O resto do Pleno formábano Avelí Artés, X. Carreres Palet, Arturo Costa, X. Cid i Mulet, Pedro Estapé i Pagés e Xaime Senyal i Ferrer polas organizacións catalás, José María Goikoetxea e Jacinto Suárez polos vascos e Florencio Delgado Gurriarán polos galegos (ANT, nº 436, Marzal, 1945). O acto de constitución celebrouse ás 11,30 da noite, no Roof Garden do hotel Majestic de México, o 22 de decembro de 1944, con intervencións orais de Baltasar Samper, Xoán López Durá e Joan Loperena.

Florencio coñecía o Galeusca dende os tempos da II República, aínda que non participara de primeira man na súa creación en 1933, ano no que se afiliou ao PG. Confesáballe a Enriqueta Tuñón (p. 184-185): “Nosotros formamos la Galeusca, que era una organización de movimientos nacionalistas, Galicia, Euzkadi y Catalunya... En el exilio siguió funcionando, yo era uno de los representantes de Galicia en la delegación de Galeusca de México”.

O mesmo día, hora e acto no que se constituía a organización Galeusca en México, asinábase este Pacto Galeusca. Do acto daba cumprida conta en tres amplas páxinas (das catro do periódico) a revista catalá *El Poble Catalá* (nº 27, gener-febren 1945, pp. 1-2), con fotografías de Aguirre, Castelao, Carles Pi Sunyer, López Durá, Loperena, Irisarri e un longo artigo do lehendakari Aguirre.

No Roof Garden do Hotel Majestic de México, ás 8,30 do serán, reuníronse representantes das tres nacións. Ocupaban a presidencia do acto, Baltasar Samper, presidente da Comunitat Catalá de México, o deputado nacionalista vasco, Julio Jauregui, secretario da Delegación do Goberno Vasco, que presidía Teleforo de Monzón, Josep Carner i Puig-Oriol, vicepresidente do Consell Nacional Catalá de América, Xoán López Durá, delegado do Consello de Galiza e presidente da Delegación do PG, Xosé Luis Irisarri, presidente do PNV, Joan Loperena Romà, presidente do Secretariado de militantes de ERC, Pedro Estapè, vicepresidente da delegación de Estat Català, Josep Soler, delegado do Partit Socialista Català. Ramón Peipoc, secretario xeral de Acció Catalana, Marcellí Perelló, presidente da Unió de Cataláns Independentistes e Xosé María Goikoetxea, presidente de Solidaridad de Traballadores Vascos (ELA-STV).

Actuou de mestre de cerimonia, Jaume Miravittles, e de locutor Carles Sala. Pronunciou o discurso introdutorio Baltasar Samper e ao remate resumiu o acto, Xoán López Durá, “con verbas cheas de emoción”.

Foron asinados trece exemplares do pacto nos tres idiomas e dúas versións máis, en castelán e en inglés. Destináronse os exemplares a cada unha das organizacións asinantes, ao Goberno Vasco, ao Consello de Galiza e ao Consell Nacional Catalá.



Asistiron reporteiros de *Euzko Deya*, de México, do *El Poble Catalá*, de xornais mexicanos de ampla tirada, *Novedades*, *El Universal* ou *El Nacional*, os correspondentes do *New York Times* e do *Manchester Guardian* e das axencias Reuter e Telepress, así como cadeas de radio, Radio Mil, de México, Broadcasting Columbia, de Nova York, e BBC, de Londres.

O Pleno e Consello directivo do recentemente creado organismo de Galeusca reuniuse por primeira vez o 28 de decembro nos locais da Comunitat Catalana, onde tódolos membros tomaron posesión dos seus cargos, levantando a acta correspondente do acto. Na xuntanza procedeuse a un cambio de impresións “sobre les tasques que immediatament caldrá empender”.

Convén sinalar que con anterioridade á sinatura do pacto na sede da Comunitat Catalana, como actividade preparatoria, pronunciara unha conferencia Xoán López Durá, presidente da delegación do PG en México, o 15 de decembro, co título, “Presente e futuro do Galeguismo”. A Comunitat Catalana celebraríaa unha asemblea xeral ordinaria o 3 de marzo de 1945, no local do Orfeó Catalá, R/Uruguay, 49, na que ratificaríaa o pacto de Galeusca.

O texto do pacto recibiu os parabéns de Castelao, quen, en carta dirixida a López Durá o 31 de xaneiro de 1945, di: “Recibimos por vía aérea o pacto Galeusca en México, firmado por tí e Delgado Gurriarán. Peréceme moi ben a redacción que acordáchedes” (Gurriarán, 2001: 200 e 426, e Castelao, 2001: 519-520). Este era o seu teor, que saíu na meirande parte dos medios en castelán:

Las organizaciones Comunitat Catalana de México, Partido Nacionalista Vasco, Solidaridad de Trabajadores Vascos, Partido Galleguista, Ezquierda Republicana de Catalunya (Secretariado de México), Estat Català, Acció Catalana, Partit Socialista Catala y Unió de Catalans Independendistes, declaran por medio de sus representantes autorizados que han llegado al establecimiento de un Pacto, que tiene sus precedentes en otros de alianza y en la solidaridad sellada con la sangre de sus mártires sobre las siguientes BASES:

Primera.—Que se hallan firmemente decididas a intensificar, mediante una acción conjunta de Catalunya, Galicia y Euzkadi, los esfuerzos que vienen realizando en contra del régimen

tiránico y totalitario del general Franco hasta lograr el completo derrocamiento de dicho régimen.

Segunda.—Que se opondrán a todo intento de restauración monárquica, antipopular y antidemocrática, así como a todo régimen que no sea aceptado por las voluntades libres y soberanas de sus respectivos pueblos.

Tercera.—Que proclaman una vez más que Catalunya, Euzkadi y Galicia constituyen, por sus títulos históricos y lingüísticos, por sus características culturales y por sus tradiciones políticas, tres naciones claramente definidas, con su voluntad nacional reiteradamente expresada, y demandan para ellas los derechos fundamentales que corresponden a toda nación en el concierto de los pueblos civilizados, cuales son: su libertad, su soberanía y su derecho de autodeterminación, postulados por los que luchan las Naciones Unidas contra el fascismo internacional.

Cuarta.—Que se comprometen a defender para sus respectivos pueblos un régimen republicano democrático, basado en el respeto a la libertad y dignidad de la persona humana e inspirado en postulados de justicia social.

Quinta.—Que la unión de los pueblos sólo puede ser eficiente, fecunda y duradera, mediante el respeto a las personalidades de cada uno y sobre la base del pacto libre y voluntario.

Sexta.—Que para mantener los presentes acuerdos, coordinar y dirigir la acción conjunta que las circunstancias exigen y realizar una acción defensora de los derechos de Galicia, Catalunya y Euzkadi en todas las esferas y órdenes, se constituye un organismo que se denominará GALEUZSCA, integrado por las representaciones de las organizaciones vascas, gallegas y catalanas. El presente pacto se redacta por triplicado en las tres lenguas: gallega, catalana y vasca, y se firma en la ciudad de México el 22 de diciembre de 1944.

Por Comunitat Catalana de México, BALTASAR SAMPER, presidente, y LLORENÇ PERRAMON PLAYA, secretario.—  
Por el Partido Nacionalista Vasco, JOSE LUIS DE IRISARRI, presidente, y JOSE LUIS DE LARTITEGUI, secretario.—  
Por Solidaridad de Trabajadores Vascos, JOSE MARIA DE GOIKOETXEA, presidente, y JACINTO SUAREZ, secretario.—  
Por el Partido Galeguista, J. LOPEZ DURA y FLORENCIO DELGADO GURRIARAN, delegados en México.—  
Por Esquerra Republicana de Catalunya (Secretariado de militantes

de México), JOAN LOPERENA ROMA, presidente, y JAUME SENYAL FERRER, delegado.—Por Estat Català, JOSEP SOLER, presidente y ARTUR F. COSTA, secretario.—Por Acció Catalana, RAMON PEYPOC PIC y JOAN CID MULET, delegados.—Por el Partit Socialista Catala, VICTOR COLOME y JOSEP SOLER VIDAL, del Consejo Ejecutivo.—Por la Unió de Catalans Independentistes, MARCELLI PERELLO, del Consejo Ejecutivo, y JORDI ARQUER, secretario”.

(EUZKO-DEYA, de México, 1-enero-1945, p. 2.,  
EUZKO DEYA, de México, 1-1-1945, p.2,  
*ANT*, Nº 434, xaneiro, 1945, Portada.  
ESTEVEZ, X., Donostia, 1992, pp. 190-192)

#### IV.- BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Fernández, Bieito (2000): *O exilio de Castelao*. Vigo: A Nosa Terra.
- \_\_\_\_\_ (2001): “Castelao: un político nacionalista no exilio” en Xosé Manuel Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (coords.), *Congreso Internacional o Exilio Galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pp. 329-337.
- Amezaga Iribarren, Arantzazu (1999): *Manuel Irujo. Un hombre vasco*. Bilbao: Fundación Sabino Arana.
- Anasagasti, Iñaki (1986): *Julio Jauregui, parlamentario y negociador vasco*. Bilbao: Ediciones Alderdi.
- Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais.
- \_\_\_\_\_ (2011): “O exilio e os galeguistas do interior: acordos e disidencias (1940-1970)” en Ramón Villares (ed.), *Emigrante dun país soñado. Luis Seoane entre Galicia e Arxentina*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 353-388.
- \_\_\_\_\_ (2017): “A influencia do exilio na ideoloxía de Castelao”, *Revista Murguía*, 35/36, pp. 39-51.
- Castelao (2000): *Obras. Correspondencia*, Tomo 6. Vigo: Galaxia.
- Castells, Víctor (2008): *Galeuzca. Un ideal compartit*. Barcelona: Rafael Dalmau editor.
- Castro, Xavier (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.

- \_\_\_\_\_ (ed.) (2000): *Castelao e os galeguistas do interior. Cartas e documentos (1943-1954)*. Vigo: Galaxia.
- Delgado Gurriarán, Florencio e Dolores Pla Brugat (1979): *Proyecto de historia oral refugiados españoles en México*. México: Instituto Nacional de Antropología e Historia (INAH).
- Delgado Gurriarán, Florencio (2002): *Antoloxía. Vida, paisaxe, fala*. Barco de Valdeorras: Imprenta Peymar.
- Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (2015): *Nacionalismo galego aquén e alén mar. Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975)*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Estévez, Xosé (1989): “Castelao e o nacionalismo vasco (1931-37)”, *Actas Congreso Castelao*. Santiago de Compostela, pp. 67-88.
- \_\_\_\_\_ (1992): *Impenitencias galeuzcanas*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- \_\_\_\_\_ (1994): “Castelao no Galeuzca”, *A Trabe de Ouro*, tomo I, Ano V, Xaneiro-Febrero-Marzo, pp. 71-79.
- \_\_\_\_\_ (2001): “O Galeuzca e a articulación ibérica en Castelao”, *Actas do Congreso Castelao co pensamento en Galiza*. Pazo da Cultura de Pontevedra: Concello de Pontevedra/Asociación Socio-Pedagóxica Galega, pp. 129-160.
- \_\_\_\_\_ (2002): *Castelao e o Galeuzca*. Santiago de Compostela: Laivento.
- \_\_\_\_\_ (2009a): “Bóveda en Galeuzca de 1933” en Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (coord.), *Actas do Congreso A Galiza de Bóveda*. Vigo: Universidade de Vigo, Cátedra Alexandre Bóveda: Difusora de Letras, Artes e Ideas, 29 novembro de 2003, pp. 417-460.
- \_\_\_\_\_ (2009b): *Galeuzca: La rebelión de la periferia (1923-1998)*. Madrid: Entimema.
- \_\_\_\_\_ (2009c): “Ramón Piñeiro e o nacionalismo vasco, 1945-46”, *GRIAL, Revista Galega de Cultura*, 182, abril, maio, xuño, pp. 64-81.
- Fernández Del Riego, Francisco (1990): *O río do Tempo. Unha historia vivida*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2000): *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Santander, Carlos (2002): *El exilio gallego de la Guerra Civil*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- García Yáñez, Félix (2005): *O Barco e a Terra de Valdeorras durante a II República e o Franquismo (1931-1977)*. Vigo: Edicións ANT.

- Garrido Couceiro, Xoán Carlos (2006): “A actividade política de Castelao no exilio: Castelao ministro” en Xosé Manuel Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (coords.), *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, pp. 359-364.
- \_\_\_\_\_ (2009): *Piñeiro contra Castelao. Castelao contra Piñeiro*. Vigo: A Nosa Terra.
- Goigolana, Iñaki, Xabier Irujo e Josu Legarreta (eds.) (2007): *Un nuevo 31. Ideología y estrategia del Gobierno de Euskadi durante la Segunda Guerra Mundial a través de la correspondencia entre José Antonio Aguirre y Manuel de Irujo*. Bilbao: Sabino Arana Fundazioa.
- Granja, José Luis de la (1987): *Apéndice: documentos históricos del Archivo Ramón Goñi, conservados en la Universidad de Nevada Reno*, Tomo XXXII, nº 1, Riev: Eusko Ikaskuntza-Sociedad de Estudios Vascos, pp. 232-252.
- \_\_\_\_\_ (1989): “La alianza de los nacionalismos periféricos en la II República: Galeuzca” en Justo G. Beramendi e Ramón Villares (eds.), *Actas Congreso Castelao*, Tomo I. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 321-347.
- Granja, José Luis de la, Justo Beramendi e Pere Anguera (2001): *La España de las autonomías*. Madrid: Síntesis.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Huguet i Biosca, Josep, José María Murià Rouret e Josep Val I Segura (2012): *Esquerra a Mèxic, 1941-1980*. Barcelona: Fundació Josep Irla.
- Martí i Soler, Manuel (1989): *L'Orfeo Català de Mèxic (1906-1986)*. Barcelona: Curial.
- Núñez Seixas, Xosé Manoel (1991): *Actitudes del nacionalismo gallego frente al problema de la emigración gallega a América (1856-1939)*, vol, 27, nº 102, pp. 191-217.
- \_\_\_\_\_ (1992): *O Galeguismo en América, 1879-1936*. Sada- A Coruña: Edicións do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2006): *Trayectorias del destierro. Una aproximación al exilio gallego de 1936-1939* en Jesús de Juana e Julio Prada Rodríguez (coords.),

- Lo que han hecho en Galicia. Violencia, represión y exilio (1936-1939)*. Barcelona: Crítica.
- \_\_\_\_\_ (2006): “Itinerarios do desterro: sobre a especificidade do exilio galego de 1936” en Xosé Manuel Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (eds.), *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, pp. 11-51.
- \_\_\_\_\_ (2011): *Política dos exiliados e política dos emigrados* en Ramón Villares (ed.), *Emigrante dun país soñado. Luis Seoane entre Galicia e Arxentina*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 89-120.
- Núñez Seixas, Xosé Manuel e Ruy Farias (2009): *Transterrados y emigrados: una interpretación sociopolítica del exilio gallego de 1936*, *Arbor. Ciencia, Pensamiento y Cultura*, CLXXXV, 735, pp. 113-127.
- Pablo, Santiago de, Ludger Mees e José Antonio Rodríguez Ranz (2000-2001): *El péndulo patriótico. Historia del Partido Nacionalista Vasco*. Barcelona: Crítica.
- Paz-Andrade, Valentín (1982): *Castelao na luz e na sombra*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- \_\_\_\_\_ (1997): *Epistolario*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Pla Brugat, Dolores (coord.) (2011): *Catálogo del fondo de historia oral: refugiados españoles en México: Archivo de la Palabra*. México: Instituto Nacional de Antropología e Historia.
- Prada Rodolfo (1950): “Lembranzas”, *A Nosa Terra*, 474, Buenos Aires, 25 de xullo, p. 9.
- \_\_\_\_\_ (1952): “Verbas do irmán Rodolfo Prada no segundo ano da morte de Castelao”, *Saudade*, 6, pp. 26-27.
- Riera y Llorca, Vicenç (1994): *Els exiliats catalans a Mèxic*. Barcelona: Curial.
- Rodríguez Domínguez, E. (1994): *Matádeo mañá*. Vigo: Edicións Xerais.
- Rodríguez Galdo, M<sup>a</sup> Xosé (2004): *Galegos en México. Pasado e presente*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Sixirei Paredes, Carlos (1995): *Galeguidade e cultura exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Soto, Luís (1983): *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*. Vigo: Edicións Xerais.
- Tobío, Lois (1994): *Décadas de T. L.* Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Tuñón Pablos, Enriqueta (2006): “El exilio gallego de 1939 en México” en Xosé Manuel Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (eds.), *O exilio galego*

- de 1936: Política, Sociedade, Itinerarios*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, pp.175-188.
- Ugalde Zubiri, Alexander (1996): *La acción exterior del nacionalismo vasco (1890-1939): historia, pensamiento y relaciones internacionales*. Bilbao: IVAP.
- Villares, Ramón (2015): *Exilio, democracia y autonomía: entre Galeuzca y las Españas* en Joan Romero e Antoni Furió (eds.), *Historia de las Españas: una aproximación crítica*. Valencia: Tirant lo Blanch, pp. 331-370.
- \_\_\_\_\_ (2017): “O Consello de Galiza na estratexia dos exilios ibéricos, 1939-1950” en Ramón Villares e Xosé Manuel Núñez Seixas (eds.), *Os exilios ibéricos: unha ollada comparada nos 70 anos da fundación do Consello de Galiza*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp.15-94.
- VV. AA. (1977): *A Nosa Terra. Castelao e Bóveda irmáns!!*, Extra 5-6. Vigo: Promocións Culturais Galegas.
- VV. AA. (2010): *Delegaciones del Euskadi (1936-1975). Antecedentes históricos de los siglos XVI al XIX, origen y desarrollo*. Vitoria-Gasteiz: Eusko Jaurialitza/Gobierno Vasco, col. Urazandi, 24.





## O motivo de Valdeorras na poesía de Florencio Delgado Gurriarán

NOELIA ESTÉVEZ RIONEGRO  
(USC)

A figura de Florencio Delgado Gurriarán non pode entenderse nin interpretarse literariamente xebrada da súa Valdeorras natal, símbolo central da súa obra poética mediante o que expresa o amor pola terra, a lingua e a cultura galegas, que o definen aquén e alén do Atlántico, onde nace e morre o poeta.

Malia ter pasado na súa terra tan só catorce anos (dos 84 que vive) esta inflúe fondamente na vida e obra de Delgado Gurriarán. Dunha banda, foi un condicionante en moitas das decisións profesionais e políticas que tomou ao longo da súa traxectoria; e, doutra, aquilo que a evoca (o agro, o viño, o comercio, a lingua, a natureza...) mantense coma unha constante en toda a súa produción literaria. A aldea de Córghomo, a comarca de Valdeorras, a imaxe da Galiza do interior ourensán, dos ríos e montes, da flora autóctona, da fala e dos costumes serven ao autor non só para expresar as emocións íntimas ou a exaltación das raíces, senón tamén para reivindicar a cultura, a lingua e a sociedade galega dende unha ideoloxía galeguista e republicana en momentos de gran convulsión social e política, que o acaban condenando ao exilio.

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu o 27 de agosto de 1903 en Córghomo, Vilamartín, na comarca ourensá de Valdeorras, na coñecida como casa da Cruz, que pertencía á familia materna dos Díaz e fora construída, en estilo indiano, coa pedra vermella característica da zona. A súa nai, Consuelo Gurriarán Díaz, procedía da unión entre os Gurriarán (ferreiros vascos asentados ao pé do río Leira, na comarca valdeorresa, no século XVI que, posteriormente, se adicaron á agricultura, á viticultura, á banca e ao comercio) e os Díaz (propietarios de terras e prestamistas que, nalgún momento, chegaron participar na política local). O pai, Florencio Delgado Prada, que cursara estudos universitarios de Agricultura, era fillo de Constantino Delgado Gurriarán, agrimensor de profesión, quen curiosamente nacera dunha mestura anterior das familias Delgado (asentados en Córghomo dende, polo menos, o século XVII) e Gurriarán. Dos Prada, pola

súa banda, existen testemuños que os sitúan espallados por toda a bisbarra e unha hipótese que parte do tronco familiar de Andrés de Prada, afamado secretario, primeiro, de don Xoán de Austria e, despois, de Felipe II. O poeta críase no seo dunha familia acomodada, mais ao carón das clases populares e das xentes do campo, que marcan a súa infancia e xuventude cunha pegada que Delgado Gurriarán lles devolve en forma de activismo cultural e político.

A situación socioeconómica privilexiada da familia e o empeño do pai na formación dos seus cinco fillos (tiveran un sexto que morreu ao pouco de nacer) posibilitou que catro deles obtiveran un título universitario (os maiores, Lucio e Edmundo, realizaron estudos agrícolas, dando continuidade á vocación familiar, María estudou Maxisterio e Florencio licenciouse en Dereito). Florencio recibiu as primeiras letras na casa, a través de profesores particulares. Malia ter nacido nunha familia de clase media, tivo o galego como primeira lingua (algo, en principio, máis propio das clases populares), así que foi a través da escola como adquiriu as competencias en español. Esta vivencia persoal e a súa visión sobre a situación sociolingüística do galego e o español en Galicia lévano a defender firmemente a adquisición das competencias comunicativas básicas na lingua propia da comunidade, como deixa clara constancia nunha entrevista que lle fai o Instituto de Antropoloxía de México no ano 1979.

O ano 1909 supuxo, para o poeta, a primeira de moitas veces que tivo que despedirse do seu Córgomo natal. Nesta data, por asuntos laborais do pai, a familia Delgado Gurriarán múdase á cidade de Ourense, onde permanece ata 1913, cando deixa Galicia para trasladarse a Palencia. Alí pasa os cursos Florencio agardando con ansia a chegada do verán, no que regularmente retornaba á aldea. Este tempo de lecer, de xogo e encontro coa natureza espertaba nel un impulso creativo e literario xa dende ben novo, que o afanaba na lectura e a decoración de libros e papeis con *graffitis*, nos que xa comezaba agromar, tamén, un compromiso galeguista, a través de frases como “¡Terra a Nosa!”, “Galego sempre”, ou “Xuventude autonomista”.

Uns anos despois, un novo traslado leva a familia a asentarse en Valladolid, o que afonda no sentimento de saudade dun Florencio Delgado mozo que non é quen de afacerse fóra da súa terra. O inicio desta época estivo, ademais, tristemente marcado pola morte repentina da nai, en 1921, xusto cando acababa o poeta de alcanzar a maioría de idade. O tráxico

suceso causou un forte impacto nel e o desacougo traducíuse nun aumento da morriña, da lembranza permanente da terra de Córghomo e do profundo desexo de retorno.

O contacto cultural entre Galicia e Castela na primeira xuventude de Florencio terminaron por fraguar nel un fondo sentir galego, que emerxeu de xeito especial no poeta na súa estadía en Valladolid e que expresou a través do semanario *A Nosa Terra*, no que manifestara ter descuberto que o seu galeguismo era un sentimento compartido por máis compatriotas: “Eu era un galeguista por libre, pensaba que non había no mundo máis galeguistas” (Gurriarán, 1999: 21). Reivindicaba abertamente a ausencia do galego na escola, na administración ou na igrexa, declarándose contrario á tendencia unificadora do castelán e á perda das características diferenciadoras do galego. Case sen decatarse, Delgado Gurriarán mergullárase nun galeguismo individual, produto “dun sentimento sociocultural propio desde a distancia xeográfica” (Gurriarán, 1999: 22). Durante os estudos universitarios na cidade vallisoletana Florencio participou activamente na vida cultural e nalgunha mobilización estudantil, amosando novamente unha dobre vía de sensibilidade literaria e ideolóxica, que acabaron por constituír os dous eixos cardinais da súa traxectoria vital e poética.

En 1928, producíase a desexada volta ao Córghomo natal, cando o pai pedía traslado a Galicia, posibilitando o regreso de toda a familia. Nesta ocasión, ocuparon a casa do barrio do Poulo, de estilo modernista, construída nos anos vinte. Florencio, que xa se licenciara en Dereito, comezou a preparar oposicións para rexistrador, mentres colaboraba no coidado das fincas familiares. Porén, o regreso á terra, ás amizades e á natureza mativérono afastado do estudo, que terminou deixando para traballar como pasante no bufete do abogado barquense don Segundo Trincado. Así, tivo contacto co xuíz de primeira instrución do Barco, don Sebastián Martínez Risco, democrático, republicano e galeguista, que tratou de acabar co caciquismo imperante na comarca cun exercicio sempre imparcial da xustiza. Curiosamente, era afeccionado á poesía e converteuse nun dos primeiros críticos da obra de Delgado Gurriarán, que daquela comezaba a difundir nos xornais *Heraldo de Galicia* e *A Nosa Terra*. Arredor desta amizade cóntase a anécdota de que o xuíz lle comentara, nunha ocasión, a Florencio que o máis feo da súa poesía era o pseudónimo co que a asinaba, e que daquela

era “Korgomófilo” ao que, posteriormente, lle mudou o *k* por un *c*, para, finalmente, pasar a asinar con nome e apelidos.

En efecto, o pseudónimo que escolle o poeta pon de manifesto explícito ese amor que sentía pola terra que o viu nacer e medrar e á que regresara xa adulto. Nesta época estivo, ademais, moi presente nas actividades socioculturais de Córghomo e a contorna, participando nas festas, nos espectáculos musicais e no deporte. Tamén iniciou os primeiros contactos políticos a través do Grupo Galeguista do Barco e fíxose socio protector do Seminario de Estudos Galegos xunto aos valdeorreses Abdón Segundo García Núñez e Lois Rivaya Riaño, que despois serían importantes membros do Partido Galeguista de Valdeorras. A súa defensa da lingua galega tornábase cada vez máis intensa e difundíase a través de poesías satíricas que ridiculizaban aos castelán falantes que, malia rexeitaren o galego, mesturábano inconscientemente co español nos seus discursos. Un claro exemplo é a composición “Opiniós sobre o galego” que publica no *Heraldo de Galicia* en 1931, onde parte da referencia pondaliana aos “imbéciles e escuros” (que repetirá noutros poemas) para referirse aos “señorotes” que non falan galego por consideralo ordinario e que, coñecida a ideoloxía do autor, cabe identificar cos caciques da época. Esta acción poética reivindicativa de Delgado Gurriarán, que se fai máis evidente no último libro do poeta, *O soño do guieiro*, foi amplamente estudada por Xesús Alonso Montero, quen fixo especial fincapé na vertente militante, civil e francófoba (termo en referencia ao ditador) de Florencio, que deixa nun segundo plano a paisaxe bucólica valdeorresa para centrarse, especialmente a partir da década de 1930, nunha poesía máis reivindicativa e rebelde. Testemuño desta faceta son os poemas “¡Xuntanza!” (publicado en *A Nosa Terra* en 1931), “O que din os rumorosos” (publicado en *Alborada* no 1931), “Falan castelán” (no ano 1934 en *A Nosa Terra*) ou “Fala Galiza” (que difunde no *Heraldo de Galicia* en 1934).

O ano 1933 é o que se adoita sinalar como punto de inflexión na traxectoria literaria de Florencio Delgado Gurriarán e no que se percibe máis claramente ese cambio de rumbo nos temas e motivos das súas composicións poéticas. É a mesma data na que ingresa no Partido Galeguista, o que fai decaer a súa produción literaria en prol da militancia política; a esta época pertencen os poemas de maior denuncia social e política do autor. Tras estalar a Guerra Civil, Delgado Gurriarán vese obrigado a fuxir de Galicia,

despedíndose da aldea de Córghomo o 18 de xullo de 1936 e comezando un periplo que o levou a atravesar Ponferrada, Zamora e Valladolid para chegar a Porto e, dende alí, viaxar a Francia, ficando primeiro en Bordeos e, finalmente, en París, dende onde logrou acadar a Barcelona republicana en 1938. Alí permaneceu ata 1939, momento no que regresou a Francia para iniciar unha operación político-militar. Ao remate da Guerra Civil saíu cara ao exilio en México a bordo do buque *Ipanema* en xuño de 1939, onde se estableceu, casou con Celia, filla de emigrantes galegos, no 1944 e coa que tivo cinco fillos. Dende alí continuou a súa reivindicación ideolóxica galeguista e a súa produción literaria, mediante diversas accións como a participación na fundación das publicacións periódicas *Saudade* e *Vieiros*.

Os fortes sentimentos de saudade foron constantes no poeta exiliado, que só voltou temporalmente á terra nos anos 1968, 1976 e 1981. Nestas visitas aproveitou para fornecer antigas amizades e afianzar lazos de unión culturais, mesmo a nivel institucional. Concretamente, arredor do ano 70 comezaba un período moi importante na vida literaria de Florencio e o seu vencello a Valdeorras, que culminaba co seu nomeamento, xunto ao de Lauro Olmo, coma os primeiros membros de mérito do Instituto de Estudos Valdeorreses en 1979, mesma data na que é nomeado, tamén, correspondente da Real Academia Galega en México (cuxa medalla recibiu en 1981 durante a que sería a súa última visita a Galicia). Un ano despois, por iniciativa de Pepe Gayoso, presidente do Instituto de Estudos Valdeorreses e amigo do autor, foi descuberta unha placa na casa onde nacera Florencio, dándolle o seu nome á rúa. Tamén en 1980 esta institución sacaba do prelo a súa primeira publicación, nada menos que unha pequena biografía de Delgado Gurriarán xunto a tres poemas seus que, máis tarde, formarían parte da obra *O soño do guieiro*: “A Celso Emilio Ferreiro”, “Louvanza á toponimia enxebre” e “Nova arte poética”. En 1982, o segundo caderno publicado polo Instituto de Estudos Valdeorreses reproduce o seu discurso de entrada como membro emérito, o poema “Do xardín alleo” e algunhas traducións ao galego de poemas que foran editados anteriormente en inglés e francés. Cinco anos despois da última visita á terra, Florencio morre lonxe de Galicia, pero tamén da súa residencia de México, en 1986, na casa da súa filla en Sacramento, California.

A poesía de Florencio Delgado Gurriarán, que comezara timidamente coma un exercicio intimista de xuventude, acadou recoñecemento arredor dos

anos 50, nos que o autor xa era un poeta coñecido pola poesía arredor do viño e da comarca de Valdeorras. A paisaxe, ateigada de castiñeiros, viñedos, flores, montes e paxaros, acostuma empapar os seus versos e servir de pretexto para a exaltación dos costumes e a idiosincrasia da comarca, pero tamén, moitas veces, para a denuncia da desigualdade social e a reivindicación de dereitos para o pobo e o rural galego.

Enoloxía e paisaxe (presente a través de evocadoras imaxes ou da sonora toponimia), os dous principais distintivos da comarca, son, como se irá amosando ao longo deste traballo, o *leit motiv* da produción poética de Delgado Gurriarán. Aínda que, nalgúns ocasións, unha e outra poden constituir separadamente o motivo dun poema, o máis habitual é que aparezan entremesturadas nunha constante identificación mutua, polo que non sempre é doado separar nitidamente a poesía do viño da paisaxe valdeorresa. É moi significativo, a este respecto, o título de *Bebedeira* (1934), que recolle á perfección esa indivisibilidade da natureza, da terra e o viño como produto natural, porque na mesma semántica da palabra conflúen diversos significados que non se desambiguan, xogando, así, co lirismo e a polisemia do nome, que designa *stricto sensu* un estado de ebriedade, pero tamén unha planta medicinal silvestre, unha flor ou unha pía (*vid.* Gurriarán, 1991). Canto ao contido, é unha escolleita de traballos xa publicados e algunhas poesías inéditas, que datan de entre os anos 1931 e 1934 e que sintetizan moi ben a lírica bucólica que nesa época caracteriza ao poeta. Quizais por motivos comerciais, prescindiu de incluír na colección as composicións con elementos revolucionarios galeguistas e de reivindicación lingüística que difundira noutros medios. O poemario concentra o principal contido temático da súa poesía: o viño, os montes, os castiñeiros, as flores, a lúa, o vento, as festas, as mozas, os amores... É unha galería das tradicións e os costumes, unha poesía emotiva e preocupada pola imaxe que, ás veces, lembra as cantigas. Tamén se pode considerar unha poesía de romaría, en tanto que amosa o contraste entre o culto e o popular nun reiterado sistema de interferencias entre ambos.

Dende o comezo da obra o motivo do viño actúa como fío condutor do sentido e a interpretación dos versos, a través dun madrigal no que o pracer de gorentar os licores é elevado ás virtudes do amor e a beleza ("Teu cabelo e viño branco / os teus beizos viño tinto / (...) ¡Quixera beberte a

bicos!”) e á divindade do ceo e os astros (“De dourado viño a lúa / era unha cunca moi chea / (...) lixouse o azul do ceo / coas pingotas das estrelas”).

Unha composición moi característica da chamada poesía do viño de Florencio é a coñecida “Cantiga da vendima”, que publica por primeira vez en outono de 1931 no xornal *A Nosa Terra* e que, posteriormente, selecciona para *Bebedeira*. A composición é unha sucesión de versos sonoros, musicais e coloristas, cheos de imaxes pictóricas que retratan o arraigado costume da vendima nas terras de Valdeorras e a súa característica paisaxe cando morre o verán: “retortas cepeiras”, “roxo culeiro sol”, “acios maduros”... A voz lírica recreáase en todos os elementos naturais que, a modo de decorado, compoñen a escena e que, pouco a pouco, se van entrelazando, coma as mans vendimaregas arredor dos pámpanos e os racimos cos atributos femininos, símbolo dunha beleza equiparable á paisaxe: “A verde aperta das vides / cingue o pescozo das nenas”, “Manciñas de nenas louras / entre as follas depenicán”, “Cò bago doce da boca / déitame celme de amor”, “a tua boca é mosto”, “o teu ollar, viño novo”.

Non é de estrañar que a lírica de Florencio fora denominada poesía báquica ou dionisíaca, pois é un canto de amor ao viño de Valdeorras, ás vendimas, á natureza representada nas viñas e as cepas e tamén, coma o propio título do seu primeiro poemario, ás bebedeiras. Así, terminan por confluír os elementos animistas, eróticos, xeórxicos e dionisíacos nunha lírica que outorga personalidade propia a Delgado Gurriarán como poeta. Poderían citarse múltiples composicións arredor do motivo do viño, pero quizais as máis representativas sexan as tres seguintes: “Loubanza ao viño de Ourense”, que publica dende o exilio no primeiro número da revista *Saudade* e na que destaca o motivo barroco da verde paisaxe, reflectida nas cepeiras, as parras, as polas dos castiñeiros e os montes; o “Himno ao Viño”, do *Cancioneiro da loita galega*, que a xeito de rezo transgrede os valores cristiáns, e os motivos do sangue e a resurrección de Cristo son asociados ao poder reconfortante dos licores; e “Casoiro”, que aparece no poemario *Galicia infinda* de 1963, na que nomea todas as variedades de uva que se colleitan no poeticamente evocado como “val das viñas” en referencia a Valdeorras (“godello”, “Mencía”, “viura”, “caíño”, “merenzao”, “mociña fresca”, “garnacha”, “brancellao”, “viveira”, “Jerez” e “María Ordoña”).

Outros poemas representativos desta poesía báquica son os que publicou na revista *La Tója* nos anos 1979 e 1980. Do primeiro ano é “Auga Ardente. Descordo da Queimada”, unha brincadeira poetizada sobre a festa da queimada que, no exilio, o poeta sente coma mensaxeira da terra que tanto anhela. De 1980 son “Gabanza de moza fresca” (“Filla da torta cepeira / e do sol quente que a goza”), “Louvor ao condensado godello” (“Dos viños brancos espello, / fogo líquido, aloumiño”), “Louvor a purrela” (“Purrela: agulla que molla / gorenta e non embebeda”) e “Madrigal ao tostado” (“Pinga de ouro do Sil / derretido topacio”), nos que enzalza os viños da terra coma o seu ben máis valioso e prezado.

Cómpre salientar que as escasas tres visitas que Delgado Gurriarán efectuou á súa terra natal dende que se instalara no exilio tiveron notable repercusión na súa obra poética: como lle sucedía canda novo na etapa en Castela, a volta ás orixes esperta nel o espírito creador, a sensibilidade poética e necesidade de plasmar a súa esencia e darlla a coñecer ao mundo. Así, as súas viaxes acaban suscitando novas composicións poéticas, que escribe durante as estadias ou xa de volta na rutina americana, e que aproveita para enviar chiscadelas dende México ás xentes valdeorresas, coma na soada composición en prosa poética “Saúdo do ‘Far east’ para o ‘Far west’ galegos”, tamén publicado na revista *La Tója* en 1978, e no que novamente describe a súa terra, a través de imaxes báquicas nas que o viño se compara con motivos asociados á riqueza: “da terra do TOSTADO, topacio derretido e namoro do paladar, do viño ‘groso e agullento’ e do augardente de ‘feudal recendo”.

Como xa se comentou con anterioridade, malia que nalgúñas composicións ten máis peso a presenza da viticultura, case sempre existe unha conexión entre ela e a natureza, non só como a visión paisaxística máis emblemática de Valdeorras, senón coma unha parte dun conxunto escultórico natural, que comeza no val, nos regatos e nos viñedos, pero ascende cara aos montes e as montañas, as serras que protexen a bisbarra e a custodian, o ceo, os astros no verán, alleos á contaminación lumínica das cidades, e o vento e a neve que a envolven no inverno. Delgado Gurriarán canta ao seu Córcomo natal, pero tamén a toda a comarca e ás terras veciñas que enxerga dende a ladeira.

A paisaxe na poesía de Florencio atopa dúas vías de expresión: a través de imaxes e descrições dos lugares ou a través da súa toponimia, tamén



moi recorrente na súa obra. Os elementos naturais empréganse xeralmente con función evocadora, coma forzas envolventes que crean unha atmosfera de exaltación do espírito, de paixón e de recoñecemento dun propio. Tal é o caso do poema “Cousas”, subtítulo “Dez cousas de Valdeorras (no vran)”, recollido en *Bebedeira*, onde sintetiza a emoción pola comarca en dez elementos, aos que adica cadansúa estrofa: “as vidras”, “o vento”, “a fonte”, “a cobra”, “as nubens”, “o monte”, “o carro”, “a vaca”, “a lúa”, e “as coitadiñas arrás”. As estacións do ano son nomeadas, ás veces, polo *eu* poético para situar, tamén no tempo, a composición. Porén, non se aprecia diferenza no estado de ánimo entre unhas e outras: non é o tempo senón o espazo o que eleva o espírito de Florencio. Basta con observar a mesma ledicia e emoción anteriores no poema “Inverno no monte” (publicado en 1932 no *Heraldo de Galicia* e, posteriormente, en *Bebedeira*), que escribe cando, tras pasar un ano en Madrid, se reencontra gozosamente cos montes, os regueiros, as bidueiras e a neve.

O poema titulado “Valdeorras. Romance ao xeito oitocentista” (publicado, primeiro, en 1948 en *Opinión Gallega* e, en 1981, na compilación *Cantarenas*) quizais sexa un dos máis representativos deste tipo de poesía bucólica, pictórica e mesmo impresionista, na que o poeta enche os versos de pinceladas que, pouco a pouco, van completando o retrato paisaxístico da bisbarra, a modo de imaxe panorámica que se recrea na fauna e na flora característica de todas as épocas do ano. Están presentes as árbores (“castiñeiros”, “cerdeiras”, “carballos”...), as flores e os arbustos (“chorimas”, “amerodos”, “amoras”, “silveiras”, “xestas”...), os paxaros (“reiseñor”, “xílgaro”, “curuxa”...), a orografía (“serras”), os xardíns, as ribeiras... e, entre todos eles, o único que se evoca con nome propio é aquel que cruza a comarca como arteria principal natural da mesma: o río Sil, mencionado no terceiro verso da primeira estrofa como parte da identificación da terra coa amada:

Miña noiva,  
Miña terra:  
Á beira do Sil deitada,  
Para ollar a túa beleza  
Do mesmo xeito que a “Venus  
do espello”, nel se contempla.

En definitiva, os elementos naturais serven, principalmente, para crear un ambiente bucólico no que o *eu* lírico atopa unha vía para canalizar as súas emocións, pero tamén, en certas ocasións, para trasladar as súas impresións sobre a situación social, política ou económica que reflicte a paisaxe. Este é o caso no poema “A traxedia dos castiñeiros” (recompilado en *Bebedeira*), no que retrata unha paisaxe fáustica dos soutos e carballeiras da comarca, produto do uso irresponsable da madeira dos castiñeiros, a árbore máis estendida en Valdeorras, por parte das ferreirías instaladas no río Leira e de particulares. Toma, así, o motivo dos castiñeiros, especie emblemática da zona, coma pretexto para denunciar a súa tala e relacionalo co caciquismo imperante na época. Un exemplo similar é “O souto morto”, recompilado na obra *Galicia infinda*.

A paisaxe valdeorresa desglosada en elementos naturais é unha constante en toda a obra de Florencio Delgado Gurriarán, unha visión que o acompaña permanentemente aquén e alén do océano que separa o seu fogar da súa residencia. En “Bocarribeira valdeorresa”, que publica na revista *Peña Trevinca* e que forma parte, máis tarde, da compilación de *Galicia infinda*, evoca precisamente unha paisaxe valdeorresa que contrasta co sentimento de dor da partida a América. A saudade de Florencio ten que ver coa distancia e a ausencia da súa xente, da súa cultura e das súas raíces, pero tamén da paisaxe e da imaxe viva do rural, no que naceu e creceu coma un elemento natural máis. En 1955 escribe o “Poema adicado a Otero Pedrayo”, que publica en *Eufonía* en 1958 e recompila en 1963 para *Galicia infinda*. Nel saúda a don Ramón en nome da comarca de Valdeorras, terra que define como “benamada / celmosa de godello e caíño, / do brincadeiro Sil, do enfesto monte / e da brincadeira corgomesa”. Ao longo dos versos sucédense as coñecidas imaxes dos soutos, o val, os toxos, os loureiros, os cereixos, as cegoñas... que se entremesturan co léxico culinario da gastronomía valdeorresa (“viño”, “pulpo”...), nunha perfecta conxunción dos produtos que, novamente, remiten á súa terra.

Son tamén moi representativos do motivo da paisaxe en Florencio Delgado Gurriarán os “Poemas da terra asolagada”, que publicou no xornal *La Región* en 1968 e incluíu, en 1986, no poemario *O soño do guieiro*. Os imponentes versos conteñen as súas impresións da primeira viaxe a Valdeorras dende que se exiliara e son unha sentida recreación do *eu* lírico na paisaxe,

o ambiente, os costumes e a lingua da súa terra natal. As imaxes superan en opulencia ás empregadas ata o momento polo poeta, o que denota unha especial emoción produto, probablemente, da vivencia de reencontro: “espellos de auga”, “madrigal de cerdeiras”, “drídicos carballos”, “apolíneos loureiros”, “dionisiacos bacelos”...

Como se comentou con anterioridade, xunto aos elementos naturais é habitual, na poesía de Delgado Gurriarán, atopar topónimos, hidrónimos e orónimos que sitúan xeograficamente a voz lírica dos poemas. Son especialmente reiteradas as mencións aos ríos Sil e Farelos (citado en “Riu de Farelos” ou na “A Caldeira”, ambos os dous incluídos en *Galicia infinda*), así como aos núcleos poboacionais de Córghomo (ao que ademais lle adica a composición “Córghomo de Valdeorras”, que se recolle en *Galicia infinda*) e Valdeorras; porén, no conxunto da produción poética do autor aparecen alusións a todas as zonas e accidentes máis representativos da xeografía do oriente ourensán, e lugares veciños, coma a localidade luguesa de Montefurado (citada no poema “A cadea”).

Son especialmente interesantes, canto á riqueza toponímica que amosan, tres composicións poéticas: unha na que se recrea na oronimia das serras e montañas; outra na que, a partir, da toponimia establece unha comparativa entre o seu lugar de residencia no exilio e o seu lugar de orixe; e unha outra na que a toma como pretexto para denunciar a castelanización dos nomes dos lugares.

A primeira delas, que leva por título “Cousas das serras” forma parte da colección de *Bebedeira* e responde ao ton bucólico e impresionista propio desta obra inicial. Florencio, a xeito de homenaxe, describe unha por unha as serras e montañas que rodean o val de Valdeorras, distribuíndo harmonicamente unha por cada estrofa: a serra da Lastra, a serra do Eixe e Montouto (as tres pertencentes á comarca), Trevinca (que forma parte do macizo galaico-leonés) e Cabeza de Manzaneda (cumio máis elevado do macizo central ourensán).

A segunda, que o propio autor titula “Nomes”, é unha sucesión de topónimos dos dous lugares que marcaron a súa vida, unha unión poética entre Galicia e a América do exilio, na que os contrastes se fan evidentes dende as diferenzas fonéticas dos nomes dos lugares. O percorrido pola toponimia comeza en Michöacan e remata en Valdeorras; as dúas series de

topónimos sepáranse de xeito moi significativo co canto dos paxaros, nunha posible metáfora referida ás aves como animais migrantes, que sobreviven nun eterno retorno, pero tamén nunha exlatación da sonoridade e a musicalidade propias da fonética do galego. Os versos máis relevantes para ilustrar estas ideas poden ser os que seguen:

Nomes de Michöacan,  
son garruleiro e lisgario:  
(...)  
Nomes da tarasca terra,  
¡rechouchío de paxaros!  
de antergo e de nobre alamio:  
(...)  
Nomes, nomes de Valdeorras,  
¡dóce e sonoro canto!”

Finalmente, resulta de grande interese o poema “Louvanzas dos nomes enxebres” subtítuloado “Muiñeira, sen música, da toponimia valdeorresa”, que foi publicado en *Nova Galiza* no Nadal de 1978. Dende o primeiro verso, a composición é unha declaración de intencións e unha clara defensa da lingua propia de Galicia (“Volten, de Valdeorras, os nomes xenuinos”). Delgado Gurriarán denuncia de xeito explícito a castelanización dos topónimos galegos, ridiculizando e parodiando a súa pronuncia á española (“traducindo os belos nomes de Valdeorras / ao feio ‘castrapo’, da linguaxe as borras, / xerigonza, xiria, xermanía impura / que é, do castelán, a caricatura!”), a través dunha longa sátira pola que desfilan os nomes de Córghomo e das zonas máis próximas xeograficamente, como “Veiga Muíños”, “Correxais”, “Penouta”, “Xaguaza” ou “Fiais”, entre outros; topónimos en lingua orixinal que merecen a louvanza do poeta: “Xentes valdeorresas, voltade a eufonía / dos nomes anterghos, baril fidalguía”.

A obra literaria de Florencio Delgado Gurriarán está fundamente condicionada polas súas vivencias. As súas crenzas e firmes conviccións impregnan as composicións dun ton moitas veces reivindicativo e rebelde, que move á loita pola recuperación da propia identidade, un sentimento que, xunto aos motivos do viño e da paisaxe valdeorresa, definen *grosso modo* o conxunto dunha obra escrita dende o intimismo da saudade e o permanente desexo de retorno.

## **Bibliografía**

- Delgado Gurriarán, Florencio (2002): *Florencio Delgado. Poeta valdeorrés. Antoloxía. Vide, paisaxe, fala*. O Barco: Adela.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edicións do Castro.



## Delgado Gurriarán na Academia

VÍCTOR FERNÁNDEZ FREIXANES  
(RAG)

Con data do 5 de nadal de 1980 recíbese na secretaría da Real Academia Galega un escrito asinado polos académicos numerarios Valentín Paz Andrade, Francisco Fernández del Riego e Xulio Francisco Ogando Vázquez proponendo a Florencio Delgado Gurriarán para académico correspondente da institución en México. No escrito cualifícanos como “inspirado poeta e patricio insiñe”, transcribo literalmente, “quen dende o ano 1934, coa publicación de *Bebedeira* (Santiago, “Nós”, volumen 60), pasando pola segunda mostra de poemas *Galicia infinda* (número 12 da colección Salnés. Vigo, 1963) e a súa participación na versión de poemas de outras linguas e literaturas con Plácido R. Castro e Luís Tobío Fernández (Bos Aires, Editorial Alborada, 1949), e tamén os seus poemas publicados na revista *Vieiros*, órgano do Padroazgo da Cultura Galega no México, mantivo alceso o espírito da galeguidade, da cultura galega e mesmo os anceios patrios nas longas horas do exilio, sendo hoxe en día un dos máis senlleiros representantes da nosa literatura nas anchas gándaras dos Estados Unidos de México, onde é respetado, estimado e querido en todos os cenáculos literarios, que o fan merecente do recoñecemento que propoñemos”.

Por aquelas datas, Florencio Delgado Gurriarán xa visitara Galicia en dúas ocasións, logo de trinta e dous anos de exilio. A primeira vez en 1968: unha viaxe curta, de dous meses. A segunda, acompañado da súa esposa, Celia Teijeiro, en 1976. En ambas as dúas ocasións os seus paisanos recibírono con admiración e cariño, e o Instituto de Estudos Valdeorreses, que entón presidía o seu amigo Xosé Gayoso, agasallouno coma o irmán que, despois de tantos anos, volvía por fin á casa. De feito, Gayoso, principal animador deste instituto, foi quen facilitou o regreso de Gurriarán, logo do sobresemento dunha parte das causas políticas contra os exiliados en 1959, entre elas a súa. Xosé Gayoso foi tamén quen xestionou moitas das publicacións do poeta en cadernos e revistas de Valdeorras.

A relación con Valentín Paz Andrade viña de antes, acaso dos días do Partido Galeguista na Segunda República, mais afirmouse en México, onde cadraan os dous cando o autor de *Pranto matricial*, casado cunha valdeorresa,

Pilar Rodríguez de Prada, visitou aquelas terras convidado polo pontevedrés exiliado Bibiano Fernández Osorio-Tafall, autoridade científica na FAO (Organización das Nacións unidas para a Agricultura e a Alimentación), para a cal durante un tempo Paz Andrade traballou en proxectos de economía pesqueira en distintos países americanos. Durante a súa estadía en México, Paz Andrade interesouse pola situación dos exiliados naquela república e mais polas diferenzas existentes no galeguismo, as súas relacións cos “irmáns” de Buenos Aires e coa Galicia interior.

A Francisco Fernández del Riego coñeceuno persoalmente despois, na primeira viaxe de 1968. Era unha referencia obrigada, confidente epistolar e quizais o correspondente máis activo da revista *Vieiros* que Delgado Gurriarán fundara e codirixira (os dous primeiros números) con Carlos Velo e Lois Soto. A relación con Ogando Vázquez tiña máis que ver coas raiceiras ourensás e mesmo con amigos comúns na bisbarra valdeorresa. Os tres académicos numerarios asinaron a proposta do poeta como académico correspondente salientando dous aspectos fundamentais: as características da súa produción literaria e o traballo que durante décadas realizara en México a prol da causa galega. Florencio Delgado Gurriarán forma parte do escolleito grupo de galeguistas que despois da traxedia da guerra civil, forzados ao desterro, mantiveron aceso o lume da nosa identidade e mesmo da esperanza, traballando a prol das liberdades democráticas, o recoñecemento de Galicia como identidade política e cultural, e a dignidade, incluso a continuidade da lingua galega na comunidade exiliada. Como el mesmo di no discurso que redactou como académico correspondente:

Sen tencionar compararnos cos galegos de Bos Aires, capital cultural da Galiza nos anos da postguerra, cando despois da vitoria da metade dos españois ficou a España maltreita, a intelectualidade diezmada e a fala galega ás escuras, a emigración galega en México tamén alcendeu o seu fachiño para escorrentar as trebas culturais.

E deseguido pasa a enumerar algunhas destas iniciativas: a revista *Saudade. Verba Galega nas Américas* (1942-1953, dúas etapas), *Vieiros* (1959-1968), o Padroado da Cultura Galega en México (1953), o Ateneo de Galicia, o grupo Saudade, as Irmandades da Fala, o Partido Galeguista, “que editou en 1943 o *Cancioneiro da loita galega* e *Nova Xente*”, iniciativas todas as que participou moi activamente Delgado Gurriarán e que, volvo reproducir



literalmente as súas palabras, “fixeron o seu labor a prol de Galiza e da nosa fala en conferencias, publicacións, emisións de radio e celebracións dos Días de Galiza”<sup>1</sup>. A emisión de radio que durante case dúas décadas mantivo acesa a memoria dos galegos en México titulábase *Hora de Galicia*, dirixida por Roxelio R. de Breaña, e nela tamén colaborou o noso autor<sup>2</sup>.

Cando a Real Academia Galega acordou dedicar o Día da Letras Galegas do ano 2022 a Florencio Delgado Gurriarán volveu valorar estas dúas dimensións da súa personalidade: a significación da súa obra literaria e a súa participación nas actividades do exilio republicano naquelas terras. Outras celebracións do Día das Letras permitíronnos viaxar sobre todo a Buenos Aires: Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Eduardo Blanco Amor, a propia figura de Castelao, que falece na capital porteña en xaneiro de 1950. Nunca o exilio da cultura galega en México fora tratado nesta celebración. Dalgunha forma, Delgado Gurriarán, como el mesmo recoñece, asume a representación destes exiliados, capítulo importante na historia da Galicia contemporánea. A fotografía realizada en 1939 na cuberta do vapor *Ipanema*, un dos barcos fretados polas organizacións da resistencia republicana para transportar refuxiados a México, acollidos polo goberno do xeneral Lázaro Cárdenas, aparece Florencio Delgado Gurriarán, xunto con Roxelio Rodríguez de Breaña, Ramón Cabanillas Álvarez, fillo do “poeta da raza”, Elixio Rodríguez, Serafín Ferro, Johán López Durá, Carlos Tomé, Búa Rivas, Xusto Couto, Andrés Valín... Ricardo Gurriarán, na biografía que escribiu sobre o noso autor, dá conta miúda destes e outros capítulos da historia da resistencia republicana e democrática que encarna o galeguismo

---

<sup>1</sup> Florencio Delgado Gurriarán, “Discurso de ingreso na Real Academia Galega”, orixinal conservado no arquivo da Real Academia Galega. Co gallo da sesión extraordinaria da RAG o Día das Letras Galegas de 2022, dedicado á figura e obra de Florencio Delgado Gurriarán, a institución distribuíu unha edición impresa deste discurso.

<sup>2</sup> Inicialmente denominábase “Hora da Cultura Galega” e emitíase de xeito irregular. Segundo conta Elixio Rodríguez, compañeiro naquela experiencia, a iniciativa xurdiu da man de Roxelio Rodríguez de Breaña e Gloria Díaz, esposa de Elixio Rodríguez, que tiña amizade con Ramón Ferreiro, ourensán, dono dunha emisora local, XMEC. Posteriormente pasou a emitirse na Cadena Radio Intercontinental. *Vid.* Elixio Rodríguez, *Matádeo mañá. Memorias dun aviador galeguista republicano entre a guerra e o exilio*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1994.

naquelas terras do Novo Mundo<sup>3</sup>. Ademais dos citados, por estas datas foron chegando a México, entre outros, Carlos Velo, Arturo Souto, Luís Soto Fernández, Francisco Comesaña Rendo e Ascensión Concheiro, Alejandro Finisterre, os irmáns Ánxel e Demetrio Bilbatúa, Jorge Caridad Mateo, o citado Bibiano Fernández Osorio-Tafall, Marcial Fernández, Alejandro Otero, Jesús Dopico, Xesús Bal y Gay, Manuel Porteiro..., moitos deles activos militantes das organizacións republicanas. Algúns aparecen na relación de “petrucios” da revista *Vieiros*, na organización de Saudade, nas celebracións do Día de Galiza, no Padroado da Cultura Galega, na emisión radiofónica *Hora de Galicia...*

No arquivo e biblioteca da Real Academia Galega custodiamos a documentación das propostas de ingreso de Florencio Delgado Gurriarán como académico correspondente, asinadas polos académicos numerarios aos que fixemos referencia, xunto cos informes de apoio solicitados a Ricardo Carballo Calero, Ramón Piñeiro e Carlos Casares. Carballo Calero remite a escritos anteriores seus onde se salientan os méritos literarios do candidato. Mais non son moitos documentos. Sabemos que na Fundación Penzol está a correspondencia co seu amigo e correlixionario Fernández del Riego e agardemos que entre a familia residente na capital mexicana (a esposa, tres fillos, dúas fillas domiciliadas en California e algúns netos), xunto coas xestións que dun tempo para acó está a realizar a Fundación Delgado Gurriarán, constituída en Valdeorras, poidamos reunir e ordenar máis materiais.

Chama a atención a redacción do seu discurso de ingreso na RAG, algo que non é común nin perceptivo tratándose dun académico correspondente. Por referencias e noticias cruzadas entre académicos e amigos seica no seu momento se considerou a posibilidade de que Delgado Gurriarán puidese fixar o seu domicilio en Galicia, xunto coa súa familia. Algo que certamente chegou a considerar, segundo deducimos da abondosa documentación que manexa o seu biógrafo Ricardo Gurriarán. Iso explicaría o interese de Florencio por redactar o texto, sen dúbida aconsellado polos seus amigos. Mais ese regreso definitivo nunca se produciu. A terceira

---

<sup>3</sup> Ricardo Gurriarán, *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, Serie/Documentos 147, Sada, Edición do Castro, 1999.

viaxe do poeta, na compañía da súa esposa Celia, foi en setembro de 1981. Daquela celebráronse as homenaxes anunciadas na súa terra valdeorresa e mais un acto de recepción como correspondente da RAG no casino da localidade, con entrega da medalla de académico, acto ao que asistiron en representación da corporación os numerarios Ogando Vázquez, Ramón Piñeiro e Valentín Paz Andrade, xunto co editor Isaac Díaz Pardo, que daquela preparaba a publicación d'*O soño do Guieiro*, derradeiro libro do poeta (1986), o dramaturgo Lauro Olmo e mais o presidente da Xunta de Galicia na preautonomía, o tamén valdeorrés Xosé Quiroga. Presentou o acto o seu amigo Xosé Gayoso.

Florencio Delgado Gurriarán faleceu o 14 de maio de 1987. Na segunda viaxe a Galicia, en 1976, sufrira en Madrid un infarto de miocardio, que se repetiu en dúas ocasións máis, o que o levou a visitar médicos en California, onde residían as súas fillas. A súa intención era volver viaxar a Galicia para participar no Congreso dedicado a Castelao en 1986, pero a saúde non llo permitiu. Ingresado no centro médico, no que traballaba o seu xenro, non deu superada a terceira crise cardíaca. Segundo informa o seu biógrafo, as súas cinzas foron trasladadas dende Fair Oaks (California) a México, e dende alí ao seu Córrego natal.

Na biblioteca da RAG conservamos os seus libros, incluídas as traducións de poesía inglesa e francesa que compartiu con Plácido R. Castro e Lois Tobío Fernández (1949), algunhas notas de prensa e traballos do autor nas revistas *Vieiros* (México), *Galicia* (Caracas), *Saudade* (México), *Lar* (Buenos Aires), *Compostela* (México), *Eufonía* (Buenos Aires), *Galicia* (Buenos Aires), *A Xanela* (Betanzos) e nos *Cadernos do Instituto de Estudos Valdeorreses*, institución especialmente querida por el. Tamén conservamos traballos sobre o autor en *Dorna*, *A Trabe de Ouro*, *Raigame* e na devandita *Cadernos do Instituto de Estudos Valdeorreses*. No fondo da familia Martínez Morás custodiamos unha carpeta con recortes de prensa e unha entrevista anónima en *La Voz de Galicia* (3 de setembro de 1978) co título “Delgado Gurriarán: La autonomía tendrá que ser positiva para Galicia”.



## **A *Bebedeira* imaxinista e outras excelencias de FDG pro-canon das Letras galegas**

CAMILO FERNÁNDEZ VALDEHORRAS  
(UB)

A presente achega pretende ofrecer unha ollada sucinta á vez que transversal á obra e á arte poética de Florencio Manuel Delgado Gurriarán (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, Ourense, 27 de agosto de 1903 - Fair Oaks, California, EE.UU., 14 de maio de 1987, en diante FDG). Nos sucesivos apartados cingome, pois, a expor o seu corpus de poesía, as bases hermenéuticas xerais, dous retrincos de autopoética e as sete cordas da lira florenciana. Agrego como colofón unhas notas de lectura sobre *Bebedeira* (1934)<sup>1</sup>, o poemario *princeps* do autor, e un apéndice Pro-Catálogo da Obra Poética Reunida de FDG.

**1. Un corpus poético disperso.** Case ás portas da proclamación da Segunda República española, en febreiro de 1931 e á idade de 28 anos, Florencio (nado en 1903) irrompeu como poeta na prensa galega (*El Heraldo* de Galicia, nº 16 de Ourense) asinando como “Korgomófilo” unha elexía: “O castiñeiro morto”. En novembro de 1986, na Sesión de Clausura do Congreso sobre Castela celebrado en Santiago foi lido por delegación o seu derradeiro texto manuscrito en prosa “O soño do guieiro (lembranzas dun vello galeguista)”, édito (postmortem do autor) nas *Actas Congreso Castela*.

Entre ambas as datas median pois 56 anos de adicación non profesional mais constante á escrita maiormente de poesía e ao cultivo da reflexión intelectual de xeito practicamente *monolingüe* en galego. En efecto, como se pode observar na cronoloxía biblo-hemerográfica que vai en apéndice, durante máis de medio século de creación mantivo unha cadencia case continua de publicación, sen apenas interrupcións notábeis nin longos hiatos. Década tras década foi dando ao prelo, xa for en soporte hemerográfico

---

<sup>1</sup> A primeira edición de *Bebedeira* apareceu imprimada en 1934 pola Editorial Nós de Compostela e contaba cunha portada de Xosé de Castro Arines. Neste artigo citamos os seus versos pola versión que incluíu no volume *Cantarenas*, 1981, pp. 17-83.

ou bibliográfico, un total aproximado de 170 poemas<sup>2</sup>. Cómputo de textos orixinais aos que hai que engadir os 14 poemas franceses postos en galego que publicou como tradutor (entre eles, varios dos simbolistas Rimbaud, Verlaine, Mallarmé e o modernista Paul Valéry etc.), 2 poemas ingleses de Walt Whitman e mais a tradución ao galego de *Le cimetière marin*, de Paul Valéry (revista *Grial*, nº 23, Vigo, 1969).

Os catro poemarios principais de autor foron editados en Galicia, e saíron do prelo de tres das máis prestixiosas editoras da cultura galega do século XX: a Editorial Nós, a Editorial Galaxia e Edicións do Castro. E case a metade dos seus poemas apareceron en revistas e xornais de Galiza, España e os principais países das Américas (sobre todo nas revistas galegas dos exiliados republicanos, dos centros emigrantes e nos órganos de información dos nacionalistas galegos). Por conseguinte, atendendo ao ritmo de produción, á irradiación internacional así como á calidade artística media das súas composicións fica ben patente que non foi Florencio no seu tempo un escritor serodio, raro, nin marxinal, ou sexa un poeta *menor*; senón máis ben *primus inter pares* da súa xeración de anteguerra. Datos empíricos que coído poñen de relevo a necesidade imperiosa de reunir nunha edición integral e canónica a obra arestora tan dispersa, situación obxectiva mais que en absoluto xustifica a escasa visibilidade que se lle concedeu até agora na república literaria galega.

**2. Bases hermenéuticas xerais.** Se como reza o axioma atribuído a García Lorca “a luz do poeta é a contradición”, nesta epígrafe cifro eu a nódoa epistémica que atravesa en xeral toda a obra poética de FDG e se concreta de modo paradigmático na composición de *Bebedeira* (1934): a antinomia entre a substancia da súa forma de expresión (o tradicionalismo popularista), a esencia intelectual do seu estilo (o esteticismo modernista)

---

<sup>2</sup> Ese guarismo ou cifra é a suma total dos poemas que aparecen compendiados en 3 libros de autor, a saber: *Bebedeira* (1934, 32 poemas), *Galiza Infinda* (1963, 43 poemas) e *O soño do guieiro* (1986, 41 poemas, 11 deles xa éditos no *Cancioneiro da Loita Galega*), un libro multiautor: *Cancioneiro da Loita Galega* (1943, con 18 poemas da súa autoría), unha escolma multiautor: a *Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos*, de Fernández del Riego (1955, 7 poemas propios, 2 deles non reeditados logo) e unha autoescolma, *Cantarenas* (1981, 70 poemas, na que xunto coa reedición íntegra de *Bebedeira* reordenou en dúas subseccións “Valdeorresas” e “Dionisias” algúns poemas inéditos, outros publicados previamente nalgúns xornais e 19 éditos xa en *Galiza Infinda*).

e a substancia ideolóxica e relixiosa do seu contido (o espiritualismo cristián). A resultas desas antinomias, a identidade estético-literaria de FDG chéganos enneboirada nunha fatal confusión que, ao meu xuízo, remanece dun cuádruplo reduccionismo epistémico da súa identidade histórica, causa eficiente xa que logo dun desenfoque hermenéutico certamente lamentábel en varias ordes, que paso a comentar a continuación.

En primeiro lugar, tocante ao encadramento historiográfico do seu grupo xeracional. A FDG asígnaselle a equívoca etiqueta de “*novecentista*”, en xunto cos coetáneos cultivadores das correntes creativas do primeiro terzo do século vinte, cando en realidade do que se trata é dun escritor que abrolla á literatura dende a sensibilidade “enxebriata” e a visión neorromántica, formado nas lecturas propias do modernismo europeo, español e portugués, e criado no ambiente nacionalista conservador (ou sexa, anti-moderno e anti-progreso técnico) dos intelectuais do “Grupo Nós” ourensán (estreita relación mantida dende os seus 18 anos con Otero Pedrayo e Risco, admirados amigos ao longo da vida cuxa influencia resultou decisiva na conformación ideolóxica e cultural de Florencio).

Namórame o feitizo do tesouro  
-fino brocado de candeas de ouro-  
enfeite dos petrucios castiñeiros.

(*Cantarenas*, p. 119)

Ou estoutros dous, diatribas anti-modernas de todo elocuentes:

Do Barco, os esquiadores,

A serra civilizaron.  
As encostas da Trevinca  
xa saben o que é o slalom,  
mais á neve, outrora virxe,  
co seu riscar esforciaron.

(“Esquiadores”, *Cantarenas*, p. 114)

Opio do século, a “tele”  
aos desnutridos consola  
e a falla de proteínas,  
o famento lapa adrolas!

(“Subdesenrolo”, *O soño do guieiro*, p. 52)

De dito perfil de escritor *modernista* na súa xeira nacente dá elocuente proba a relación de autores literarios que afirma frecuentar e estimar como lector cando en 1955, na nota que precede á *Escolma da poesía galega* de Fernández del Riego, declara:

Véñenme á memoria algús dos meus [poetas] predilectos: Whitmann, Mallarmé, Rimbaud, Verlaine, Claudel, Keats, Wilde; Lope de Vega, Góngora, San Juan de la Cruz, Antonio Machado; Teixeira de Pascoaes, Machado de Asís, López Velarde... (sin que nista enumeración feita apresada estableza un orde rigoroso de categoría entre eles).

Da nosa Terra, referíndome samente ós mortos: Rosalía, Noriega, Manuel Antonio, Amado Carballo. Dos Cancioneiros: Annes Solaz, Meogo, Códax, Zorro... Dos vivos, Cabanillas, e moitos dos meus contemporáneos...

(Fernández del Riego, *Escolma de Poesía Galega IV. Os contemporáneos*, 1955, pp. 237-238)

E así mesmo en 1986, ás vésperas do seu pasamento, salienta:

Don Ramón Cabanillas é para min, e polo de agora, o millor poeta galego deste século [XX] que xa anda nas encollas...”, xunto coa sinxela ledicia de versos de Amado Carballo (mestre meu e de moitos máis) e co austero creacionismo de Manoel Antonio...

(*Actas do Congreso Castelao*, 1989, II, p. 475)

En segundo lugar, respecto ao seu estilo estético reitérase a tendencia tópica de cinguir a súa obra poética primeira ao *hilozoísmo*, como membro da escolanía ecoica de Luís Amado Carballo, dentro da rebautizada por Méndez Ferrín como “escola imaxinista”. Mais escamotéase o feito intrínseco de vincular o *imaxinismo* (etiqueta ao fin que se cifra apenas no subliñado dun procedemento técnico, tropolóxico, cal é a “imaxe”) á estética poética que lle é connatural e propia, historicamente. Esta non é outra, ao meu xuízo, que o simbolismo neorromántico, escola que nas literaturas peninsulares se significou como unha dirección moi fecunda do *modernismo* dando froitos moi celmosos non só nos experimentos vangardistas senón entre os anovadores da dicción e da visión poética, como demostraron ser os ultraístas e os surrealistas coetáneos:



### *Domadora de serpes*

Un, /dous,/ tres. /Fuxen da retorta serpe/ os paxariños dos pés/  
e as volvoretas das trenzas/. Un, /dous,/ tres. /Os paxariños dos  
pés/ fuxen, con medo, da cobra./ A túa gorxa, leda fruta,/ fai  
beilar á serpe tola./ (...) Rápida estordega,/ máis viras e viras /o  
corpo de vimio/ e á cobra alporeizas./ ¡Fuxide paxaros, / que a  
serpe asubía! / Cantigas na fruta...!/Apresa, neniña: un, dous  
tres,/ un dous tres...”.

(Fernández del Riego, *Escolma de Poesía Galega IV*.  
*Os contemporáneos*, 1955, p. 242)

En terceiro lugar, escamotéase ou invisibilízase a auténtica cosmovisión persoal que vivifica a obra de quen foi, en encadramento ideolóxico-político, un home de pensamento galeguista, nacionalista e demócrata (non marxista), afiliado ou polo menos simpatizante das Irmandades da Fala (cofundador en 1930 da “Irmandade de Valdeorras”) e socio protector do Seminario de Estudos Galegos. Leal cultor toda a súa existencia, polo tanto, do que noutra parte deixamos definido co marbete da “Tradición nacional de Galiza”, mais na facción “tradicionalista” do movemento (ollo, en absoluto “tradicionalista”) de filiación e praxe conservadora-liberal.

Porén dixo “Perogrullo”  
e cómpre non esquecer:  
¡Galiza é sempre Galiza  
inda que o non queira ser!

(“Cantarenas do castrapo”, *O soño do guieiro*, p. 13)

En cuarto lugar, tocante á contextura espiritual do autor, adoito se invisibiliza o feito, ao meu xuízo primordial, de que en materia de relixión foi un declarado crente. Católico practicante de nacemento e durante longo tempo até facer crise coas amargas decepcións que lle causou o proceder (anti-evanxélico) da xerarquía católica española e da maior parte do clero dende o bienio negro e durante a guerra e toda a posguerra. Nunca puido superar o escándalo moral que lle supuxo o continuado pecado de simonía cometido pola Igrexa amancebada coa ditadura franquista (“Levan a Cristo por fóra... Blasfemos!”, *O soño do guieiro*, p. 32) e o rexeito teimoso desta ao uso do galego na liturxia eclesial. Así e todo, a súa fe católica e o amor ás virtudes da esperanza e da liberdade cristiás mantívoas cernes e sen creba até o seu pasamento:

¡Deixa que pregarche os deixen  
no nobre falar galego  
pra que xamais esmoreza  
a lus da Fe nos seus peitos!

(“Prego dun valdeorrés ao Nazareno do Barco”,  
*O soño do guieiro*, p. 17.

Este foi o Florencio esencial. Unha persoa que elaborou a súa obra literaria e participou como intelectual na vida pública de modo consecuente co seu ideosistema de valores: galeguistas, enxebristas, “tradicionalistas”, anti-modernos, republicanos, democráticos e evanxélicos cristiáns. Con eses vimbios foi, en fin, quen de tecer o gueipo da súa personalidade, cultivar a literatura galega con amor e rigor e militar na política nacionalitaria ao longo de máis de 55 anos, tanto en Galiza como no exilio, sen nunca abxurar da súa condición de galego nin de membro significado do PG de Bóveda e Castela, os seus admirados líderes e compañeiros, na súa facción demócrata-cristiá.

**3. Dous retrincos de autopoética.** Bo versificador, destro na escanciación rítmica e métrica, bo coñecedor da preceptiva, gustoso da melódica narratividade e posuidor de amplo rexistro temático. De todo iso é reflexo a obra florenciana, de varia sensibilidade estilística, suxestión retórica e fonda emotividade. Autopoética concentrada en anovar a tradición cos recursos (verbais e técnicos) do modernismo simbolista e dos novos istmos (ultraísmo, suprarrealismo), mais sen renunciar endexamais ao culto romántico á Beleza e ao Amor e ao cultivo da forma musical, da figuración retórica e dos módulos versais tradicionais. Tales son os caracteres da súa arte verbal como inimigo do didactismo, da declamación, da falsa sensibilidade e da descrición obxectiva. Velaquí a seguir dous retallos da súa concepción da poesía de xinea horaciana, sinteticamente exposta por el mesmo:

É difícil dar unha definición da poesía. Emporiso, como di Houysmans, é doado recoñecela polos síntomas que xenera en nós. A poesía non cómpre entendela, senón sentila; a súa función peculiar é a de comunicar unha emoción, non transmitir un pensamento, senón deixar na sensibilidade do lector unha sorte de vibración que corresponda ó que sente o poeta. Á poesía pódese chegar polo camiño do verso, con todos os seus artificios; pode garnirse coa metáfora ou ir ispida de enfeites, mais ningunha distas

cousas lle é esencial, inda que ás veces sexan os substitutos dela.  
A poesía vivirá eternamente. Por moito que se materialice o mundo,  
sempre ficarán tolos con estrelas na fronte e cantares no bico...

(Fernández del Riego, *Escolma de Poesía Galega IV. Os contemporáneos*, Vigo, ed. Galaxia, 1955, pp. 237)

Teoría contraposta á das poéticas post-románticas, vangardistas e obxectivistas que, con sutil retrans, no texto que segue identifica coa suficiencia propia do “vate” moderno (“tautólogo e maniqueo”) a quen Florencio caricaturiza por prescindir da aprendizaxe e cultivo da ardua técnica inherente á arte de compor poesía, o que rebaixa o poema a un discurso utilitarista e prosaico, mero vehículo de ideoloxemas á moda social-realista:

“Nova arte poética”

Rimar e escandir o verso / cousa anacrónica é./ ¿Pra que cincelar  
sonetos/ ou romances compoñer?/ ¿Serventesios, redondillas?/  
¡Tempo botado a perder! / O asonar ou consonar/ xa non serve  
para ren:/ nin do Gautier o esculpir, *ni a* música de Verlaine... /  
Corta o verso onde ti queiras,/cousa doada, abofé;/ faille a “figa”  
á Preceptiva,/que só serve pra empecer./

“Cantar somente a beleza/ anacrónico é tamén./Esquece o luar e a  
lúa,/ que xa ten calcos de pés/ dende que os americanos/ aló foron  
de “week end”./ Non fales de amor nin rosas,/ mixiriqueiro lecer/  
que non gorenta en ningures,/ que non *perceve* (sic) ninguén”./  
“Pregoa a túa consigna,/ unha e unha e outra vez./ Sexa a verdade  
ou adrola/ o que ti andes a expoñer,/ malla, malla e amartela/  
sen trégoas, sen esvaecer;/ marteira con teimosía/ pra as mentes  
amolecer; / rilla, cal no queixo os ratos, / nos miolos pois sabes  
ben/ que, pra botar a semente, cómpre a terra remover./

“¡Rabuña nos pensamentos/ pra, as vontades, desfacer,/ tautólogo  
e maniqueo,/ se hoxe vate queres ser! (1973).

(*O soño do guieiro*, pp. 53-54)

**4. As nove cordas da lira florenciana.** A imaxe da arpa é a metáfora emblemática do espírito do poeta. Icona representativa dunha gran tradición dentro da poesía romántica e posromántica (lémbrese a socorrida rima de Bécquer, autor sen dúbida tan gustoso a Florencio) e relanzada pola poesía modernista que dimana do axioma simbolista segundo o cal a poesía, que existe no interior da persoa –como “o xenio que dorme no fondo da alma”–, obxectívase no poema tal como a figura no espello. Sete son as cordas do traste

da arpa con que Florencio tanxe as melodías que interpreta, harmonizadas en arpechos politonais nalgúns dos seus mellores poemas como en “Cantiga da vendima” “Sinfonía parva”, “Bocarribeira valdeorresa”, “Louvanza dos nomes enxebres”, “Alexandre Bóveda”, “Pintura de feira”, “A galega en París”, “Ditos do Povo galego”... Velái:

1. **-O bordón do canto tradicional, de estética popularista:** as “cantarenas”. O bordón identifícase con este gran subxénero lírico de invención do autor: as “cantareas”, das que deixou unha definición ritmada de gran suxestión, precisión e encanto<sup>3</sup> (trátase das “cuartetos de alalá”, como as designou Novoneyra<sup>4</sup>).

“Laios de vello”: “Ai, aquíl “agarradiño”!/ Ai, aquila muiñeira!  
Ai, aquiles coleados! Ai, aquilas habaneras! Ai, aquíl “Tu aliento  
es suave”, e “Entre rosas y azucenas”/ cosa que nas rondas de  
outrora,/ namorabamos ás nenas!... Hoxe a beilar coma os  
pretos,/ xa todo se escozomelan.../¡E as cantarenas de agora/ non  
se acompañan cás vellás”!

(*Galicia infnda*, reproduc. en *Cantarenas*, p. 92)

A presenza desta forma é dominante no libro-compendio do mesmo título, *Cantarenas* (1981), en particular nas seccións “Valdeorresas, cantarenas do val”, “Dionisias, cantarenas do viño” nel inscritas e no poema solto “Cantarenas de outrora” (pp. 111-113), no que se le: “mais... estas /

<sup>3</sup> “Cantarenas na noite”: “Foguetes que alumean, /caldeiros froreados / e notas rebuldeiras. / Cantarenas risoñas, / parafusos das trevas, / arrautadas de mozos/ que o dormir espaventan, / desafío pra os galos, / doce acordo prás nenas, / afilladas do viño, / da xolda mensaxeira / e pándigo alcaloide / da ledicia da Terra, / que os tópicos axota / de “Compañías e meigas”./ Cantarenas, relanzo / no correr das angueiras./ Cantarenas, estoiro, /puxante barileza / e brincadeiro diástole / dos corazois en festa./ Cantarenas, soaz/ das noitadas antergas... /Arastora, sen mozos, é / un xerocomio a aldea / e o silencio da noite, /só as curuxas o quebran./ Ulas, as mocidades? / Ulas, as cantarenas?” (*Cantarenas*, p. 15).

<sup>4</sup> Véxase Uxío Novoneyra, *A casa! O val! A patria humilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)* en *Cadernos Ramón Piñeiro XIV*, Santiago, Xunta de Galicia, 2010, p. 176: “No vello son”. “Adoptei a *cuarteta de alalá*, a forma máis concisa e profunda da nosa poesía popular, a fin de que esta prosiga, de mans dos poetas, xa que o pobo deixou de facer novas letras e non pensei nunha renovación do xénero senón simplemente nunha prolongación do mesmo por ser algo demasiado profundo, e no estilo, na propia lingua volver pró que pode ser innovado sin desvirtualo, e pretendemos máis ben reactivalo e dotalo do maior rigor poético sin que perda frescura nin naturalidade...”.

son catarenas de outrora. / Arastora/ o noso agro está tristeiro/ e o noso ar silandeiro,/ pois que, nos niños de antano/ non hai paxaros ogano” (p. 113).

Así mesmo, nos 11 poemas da sección –así titulada tamén– de *Galiza Infinda* (1963); e en poemas soltos como “Cantarenas do castrapo (panxoliñas leigas)”, d’*O soño do guieiro* (1986). É o bordón que pulsa o autor engadado polo feitizo emocional e sentimental que lle produce a visión da beleza, da bondade e da verdade da Natureza e dos seus seres omnianimados (flora, fauna etc.), en especial da súa terra natal, e logo da América mexicana onde viviu exiliado longos anos.

O carro / cò lombo cangado de herba, / ven, por amosrar os folgos,/ cantando unha cantarena”.

(“Cousas. Dez cousas de Valdeorras no vrau [de 1933]”, *Cantarenas*, pp. 26-27)

2. **-A corda do canto culto, de estética modernista e imaxinista.** É a que rexe no cancionero lúdico-festivo encabalgado nas estéticas simbolista, ultraísta, suprarreal, sentimental e apoloxética da natureza da Terra natal. Como tal, xunto co bordón popularista, é a corda dominante do lirismo en *Bebedeira* (1934). Mais tamén soa un pouco por toda parte en relanzos de *Galiza Infinda* (1963) como nos sonetos “Namórame o feitizo do tesouro...”, “As xeiras do castiro”, “Os Gaiteiros de Montgomery”, “A galega en París” e “Vello almanaque”. E en poemas e sonetos de homenaxe necrolóxica a amigos falecidos como “Alvariño” (*Galiza infinda*, pp. 61-62) e “Celso Emilio Ferreiro” (*O soño do guieiro*, p. 74).

Polo heliógrafo do río/ pide o ceo á terra estrelas;/ e aterra no tren da bris /remésallas con urxencia/ e ruben aturuxando/ que fan o viaxe ledas.

(“Festas. Folión do vrau”, *Bebedeira*, p. 38)

3. **-A corda do canto existencial, elexiaco e saudoso.** É a que guía a “poética da experiencia” conformando o Cancionero confesional de ausencias. Aparece espaxado en moitos anacos, dos que salientamos:

Elexías: “A traxedia dos castiñeiros. O castiñeiro morto” e “O souto morto” (de *Bebedeira*, en *Cantarenas*, pp. 74-76 e p. 115-116).

Oda-ditrambo: “Saúdo a Otero Pedrayo” (en *Cantarenas*, pp. 103-105).

Romance ao xeito oitocentista: “Valdeorras” (en *Cantarenas*, pp. 106-108).

Canción erótica: “No vencello dos meus brazos” (en *Bebedeira*, p. 36-37).

Autoetopea humorística: “Eu son ineficiente...” (en *O soño do guieiro*, pp. 69-71).

Autorretrato: “O viaxeiro” en “Poemas mexicanos” (en *Galiza infinda*, p. 91).

Cómpre ser un homiño ferramenta,/ “Homo faber” samente, sen nisco de “homo ludens”./ E iso é o que eu non quixen ser / e por iso é que eu son ineficiente:/;A Deus mercede por terme feito así!

(*O soño do guieiro*, p. 71)

4. **-A corda do canto épico-cívico, político, nacionalista e utopista galego.** É a que leva o peso do ton vindicativo dos poemas que conforman o seu Cancioneiro político de combate. Dominante nos poemas de *Cancioneiro da loita galega* e nalgúns textos de *Galiza Infinda* e de *O soño do guieiro*. É corda solista na vindicta épica, belixerante e acusatoria, dominada polo pathos da paixón xusticeira. Está ben representado en *O Soño do Guieiro* por poemas como “Galiza ergueita” (pp. 44-45), “Dou ao Demo o millor (dixo o que araba con lobos)” (pp. 46-48), “Ranae ad solem” (pp. 49-50), “Per me regis regnanm” (p. 51), “Subdesenrrolo” (a tele) (p. 52), “Nenia a Tata Lázaro” (pp. 54-55), “De camisas monócromas... (abaixo as ditaduras) (p. 59), “Poemiñas da Terra asolagada” (pp. 62-63), “Seis poemiñas inxenuos” (pp. 64-65); “Ditos do pobo galego” (pp. 72-73) que acada o seu clímax nos poemas de obertura (“Daniel, qué lonxe estamos do teu soño...”) e de remate do poemario *O soño do guieiro* (1986): “Asasinos!”.

Nosa Galiza é máis que toda a Terra. / Galiza só limita coa Saudade, elástica fronteira/ que serve para o tempo e para o espacio/-onde un galego está, atópase ela-/ mais que ninguén atravesala pode/ inda que leve nos papés: Poeta.

(*Galicia infinda*, p. 9)

5. **-A corda do canto festivo e exótico-festivo.** É a que leva a voz cantante nas romanzas e romanzos do melómano Cancioneiro de trobas. Aos poemas con ritmo de muiñeira e de pandeirada de *Bebedeira* hai que agregar a variante máis rechamante das súas partituras poemáticas, a sección de *Galicia*

*Infinda* titulada “Poemas mexicanos”. Trátase de 14 poemas galegos algúns con mexicanismos, que crean a aparencia (enganosa) de estaren escritos nunha sorte de crioulo galego-amexicanado por incluíren verbas *nuatles* como topónimos (“Michoacán”, “Uruapán”, “Tacámbaro” etc.), ritmos musicais (“huapango”, “xarabe tapatío”, “son veracruzano”, “aleluías”, “rumba” etc.) e ambientes naturais (o volcán “Paricutin”), da flora (“mangos”, “nopaleiros”, “xacaranda”, “tabachin”, “jacales”) e da fauna (“o coiote”, “a iguana”, “as aguías”...), verbas autóctonas de Nova Galicia mexicana, rexión onde residiu o autor coas súa familia durante a maior parte do seu exilio.

Ai que sin, que sí, que sin!  
¡Ai que non, que non, que non!  
O mar arrola ás estrelas...  
¡Ledo rolar de danzóns!(...)

(“Nouturnio da noiva jarocho” de *Galicia Infinda*)

6. -**A corda do canto enxebre e ecoloxista**, contra a desnaturalización da natureza polas pragas invasoras como as árbores esóxenas, intrusas e o progreso mecánico:

–“Esquiadores. Do Barco, os esquiadores / a serra civilizaron./ As encostas da Trevinca/ xa saben o que é o *slalom*,/ mais á neve, outrora virxe,/ co seu riscar esforciaron”. (En *Cantarenas*, p. 114)

–“Andan os paxaros...”. “Andan os paxaros / co medo, achiar.../(Do Xapón, mandaron/ castiros enáns/ pra que os nenos podan/ os niños pillar/ sin rubir ás gallas, / sin engateñar, sin rachar as clazas.../ dende o mesmo chan!)/ Anda n os paxaros / co medo, a chiar.”  
(De *Galicia Infinda*, reprod. en *Cantarenas*, p. 118).

–“Miudezas. Matanza”. “O matachín eucalipto,/ còs afiados coitelos, nunha matanza de azúes/ pon en anacos o ceo;/ a graxa do sol derrete;/ rustre os roxois das estrelas/ e na vixiga da lúa, / do luar garda manteiga”. (*Bebedeira*, p. 49).

–“Tristura do souto mudo. “A recendo da candeal/ dos petrucios castiñeiros/ (enxebre, da terra, aroma),/ os reiseñores afeitos/ estaban, cando de lonxe/ arbres alleas viñeron/ de cheiro de meiciña/ e follas de coiro rexo./ (...) Saudades ten a campía,/ polas arbres que *morrenol* ao fuxir dos eucaliptos, / os reiseñores troveiros”. (*Bebedeira*, pp. 77-79).

7. **-A corda do canto crítico, humorista e satírico-sarcástico,** dominante no Cancioneiro de burlas e de escarnio, presente sobre todo en *O soño do guieiro* (en concreto nas simpáticas pullas incluídas en “Da fala e do castrapo”; nos textos sarcásticos que enfían a sección “Da guerra” e mais sobre todo na derradeira sección do libro: “Pregos, poemiñas, descordos e poemoides”).

“O galego... é un home que envexa aos macacos...”; “Eu” (o ditador ególatra”).

(de *O soño do guieiro*)

8. **-A corda do canto devocional e relixioso.** A do *pathos* dramático-relixioso dominante en poemas coma os seguintes:

–“Himno ao viño”: “Gloria a Deus! /Louvanzas a El-Señor.../ Por nos redimir/ Cristo o sangue deitou; / aquel sangue/ mouro acio o aparelhou...” (reprod. en *Cantarenas* pp. 22-23); “San Xosé” (de *Bebedeira*, reprod. en *Cantarenas*, pp. 47-48).

–“Prego final á santa Marta, abegosa dos ouvidos” (de *Galicia Infinda*, / “Valdeorresas en *Cantarenas*, p. 97): “Deixa que pregarche os deixen / no nobre falar galego/ pra que non esmoreza/ a lus da Fe nos seus peitos!” (“Pregos ao Nazareno de un valdeorrés emigrado” en *Cantarenas*, p. 123-124).

–“Espiu o monte a mortaxa. Cataléptico no inverno, volta á vida na Coresma e viste de nazareno” (en *Cantarenas*, “Bocarribeira valdeorresa”, p. 109).

–“Pregos dun valdeorrés ao Nazareno do Barco”, (en *Cantarenas*).

–“Levan a Cristo por fóra...”, (en *O soño do guieiro*).

–“Ía á misa das doce...”; (en *O soño do guieiro*).

–“Pregos a Santa Lilaina” (en *O soño do guieiro*, pp. 59-62).

**5. Unha lectura de *Bebedeira* (1934): canto de cisne do enxebrismo simbolista cristián.** *Bebedeira* é un acio madurecido na cepeira do Florencio mozo, remanecido dun insólito enxerto de catro pugas: a poesía simbolista francesa, a poesía modernista española, a poesía imaxinista e neopopularista galega e a poesía enxebre valdeorresa (as populares “cantarenas”, de que foi durante toda a súa andaina literaria imitador e refinado cultor). Este delicado gromo de tantas pugas que logrou prender con forza libertouno de incorrer na



trapela de ensaiar a profusa imaxinería neorromántica que espallara o primeiro modernismo (rubendariniano) e permitiulle, en contrapunto, compor unha poesía de feitío sinxelo e elusivo, aínda que non menos elaborada. Unha poesía preñe de suxestión e intuición, de requinte popularista á que tan afeccionado foi que mesmo se revela baixo os traxes fastosos, de movementos cadenciosos e ritmos luxuriosos, dos seus exóticos poemas mexicanos (1963).

Alén de calquera outra consideración, a graza inxel de *Bebedeira* abrolla da primorosa peneira do léxico, da fraseoloxía popular e dunha sintaxe dúctil e melodiosa coma a fala valdeorresa que nesta obra acada plena madurez artística convertida no vehículo expresivo e plástico da propia intimidade do autor. A paisaxe e a natureza da súa contorna vital non son olladas por Florencio como o decorado grandilocuente da desesperación romántica. Son o arsenal retórico familiar, figuración orquestrada nun coro de voces cuxa polifonía adquire un significado á vez inmanente e transcendente, alumeado polo estado anímico do poeta que compón, retoricamente, cada un dos poemas acudindo sobre todo a figuras de dicción de repetición, como a correlación, e figuras de pensamento como as lóxicas (antítese, paradoxos) coas que logra harmonizar, con primor, a oposición de elementos contrarios. Por iso, a suxestión simbolista do referente inza por riba da apelación intelectual nun xogo de imaxes tradicionais (isto é, non irracionais nin visionarias) que, así e todo, comunican ese sentimento de vitalismo, fondura e inefabilidade do universo ficcional que engaiola o lector.

A diversidade de tons e ambientes contida en *Bebedeira* resulta da combinatoria de cinco temas primordiais que pairan, de xeito máis ou menos directo, sobre todos os poemas do libro: 1) o tempo cíclico, estacional (“Folión do vran”, “Cousas de outono”, “Paisaxes de inverno”, “Ahí ven o Maio”) e litúrxico (“San Xosé”), inexorábel en vívido contrapunto co dinamismo incesante dos meteoros climáticos; 2) a ledicia do vivir pautado polos traballos case rituais do agro (“Cantiga da vindima”, a poda de “Operación”, a “Muiñada” orxiástica, a veceira da avena en “A lúa: Branca pastora”, “Miudezas: matanza”); ledicia intensificada polas festas tradicionais como o “Folión de vran”, a “Ruada”..., as “cantareñas” e os “romanzos” (marabilloso o “Romanzo da dona outonía”); 3) o *eros* paixonal do espetar ao sexo e ao amor, tema que acada clímax no coito subrepticio “No vencello dos meus brazos”; e os galanteos de namoro presentes en “Arelas”, “Quince anos”, “Enterro”; 4) o amor cordial e o frío

desamor, contrapunteados como sístole/diástole da existencia, que se suceden sen grandes acenos retóricos en “Amores”, a pastorela de “Camiño da serra”; e 5) o *pathos* e o *thanatos*, ou sexa, a dor de existir (elusivamente exposta en “Dores do agro”, “Liorta”) e a morte natal, desoladora e restauradora de “A traxedia dos castiñeiros e o castiñeiro morto”.

En clave formal, todo aparece constrinxido na liberdade paradóxica da inxeleza expresiva que confire o xustillo das cuartetos octosilábicas asonantadas, módulos métricos dominantes na maioría dos 32 poemas do libro. Pois Florencio non cae na trapela do xogo modernista nin vangardista típico das imaxes coloristas, sinestésicas ou herméticas e de experimentos métricos ou versolibristas; nin sucumbe ao artificio virtuosista dos efectos rítmicos e aliterativos... Mima, iso si, con virtude demiúrxica a vibración da palabra reveladora: lírica por eufónica, dialectal por enxebre e revestida da inocencia das cousas primordiais. Totalmente allea por igual aos brillos da métrica modernista superficial dun Cabanillas, ás truculencias que recrean a vida campesiña coa retórica costumista ao Crecente Vega e ao intimismo sentimental revestido de ouropeis simbolistas (pianos enloitados, escalinatas de pazo etc.) ao xeito do refinadísimo Luís Pimentel.

E iso porque o persoalísimo estro poético de Florencio neste libro é sobre todo lúdico, esteticista. Máis que intimista e reflexivo, un estilo xogoral e fantástico. Bebedeira de sensacións, impresións, arelas e emocións subliminais. Imaxinería coetánea da xeira do culto á moda da poesía pura, intelectual, contemplativa e hermética, conforme ao maxisterio da mellor proxenie *mallarmeliana* e da súa linguaxe suxestiva, musical e sonora guindada ao ar como un *Coup de dés (que jamais n'abouliira l'hasard)*. Porén, nos seus xogos de palabras e filigranas de enxeño verbal escorregan, por veces, metáforas, alegorías e símbolos como tropos telúricos que se engastan no *pathos* sentimental das prosopopeas do eu lírico, transido dun puntual criticismo *enxebrista* (por exemplo, contra a desnaturalización humana da natureza, e non é pleonasma, como en “Tristura do souto mudo”) ou dun peculiar misticismo (abertamente cristián), poño por caso no case eucarístico “Hino ao viño”, mini-oda de acción de grazas ao Creador polo feitizo etílico da súa Creación.

Cando a desfeita desnaturalizadora que abraiaba os reiseñores do “Souto Mudo” aínda non parecía irremediábel, irrompeu no paraíso natal o anxo exterminador da Guerra incivil e obrigou a Florencio a fuxir ao

desterro. Mais a bebedeira de vida da súa Arcadia acompañouno sempre. Fondamente entrañada e extrañada en si. De xeito que reaparecerá adoito e a feito en poemas de libros posteriores (as cantareñas de “Valdeorrasas” e das “Dionisias”) se ben que, daquela, envolta xa nos veos da saudade do exiliado na *Galiza Infinda*, aburado polas duras angueiras do seu vivir lonxincuo. Outrosí, expulso polo pecado de odio e soberbia que despregou a hidra asasina dos seus persecutores, o certo é que do enfrontamento cos duros avatares do seu sino a que o obrigou o inxusto desterro a conciencia creadora de Florencio madureceu e evolucionou cara a situar a dor propiamente humana e a problemática da opresión da verdade, da xustiza e da liberdade na nódoa temática da súa poesía posterior a *Bebedeira*.

Mais, ao meu sentir, neste libríño Florencio atinxiu o cumio do seu canto. Ou sexa, o difícil equilibrio entre a ponderación xusta da palabra, á vez sinxela (dialectal) e intensa (tersa), segundo o modelo das “cantareas” populares de rolda e dos “romanzos” atemporais dos fístores e dos cegos, e a suxestión óptica dun mundo íntimo, grandioso de seu, natural e humano, daquela xa ameazado por unha irreversíbel crise de subsistencia da tradición enxebre infrinxida pola desnaturalización intrusa (o eucalipto). Así é como, consonte a forma de expresión e da substancia do contido do popular máis cualitativo e do artístico máis depurado, *Bebedeira* consagra a arte poética de Florencio como escritor valdeorrés universal. Manexando os medios tradicionais de expresión, engastándoos, con plasticidade e suxestión por veces hinóptica, nun imaxinario identitario de fonda autenticidade e persoal espontaneidade. Factores que, a maiores, lle confiren ao conxunto do libro certo carácter de autobiografía espiritual do autor, crónica esencializada dun tempo e dunha terra de Galiza.

É nesa beleza onde estriba, ao cabo, a súa verdade. Concorde coa romántica identificación que estableceron Keats e Novalis, en versos inesquecíveis, entre ambas as categorías conceptuais, *Bebedeira* brinda unha experiencia espiritual que, quizais no noso tempo de exacerbado materialismo, cómprenos ler, repensar e reaprender. Pois todo indica que estamos a incorrer na negación dos valores que sustentan, de modo esencial, a finalidade derradeira do progreso e o benestar social que acadamos: humanizarnos como integrantes da Natureza en harmonía con ela. Poesía pura, case espida e esencializada. Fundacional dun ámbito de beleza no que a sensibilidade

omninanimada de todas as criaturas, as paixóns primordiais, a sublimidade mística, a reflexión moral e a preocupación medioambiental van de mans dadas coa Poesía que devén así un ben imprescindible á sociedade. A fin de que toda persoa en calquera tempo poida atopar na súa esfera verdades eternas que embebeden o seu corazón.

## CODA

Logo do devandito, quero crer que, co extraordinario aval académico e oficial que supón esta efeméride de recoñecemento público, os tempos propicios *son chegados* para afrontar o estudo, demorado e rigoroso, do primeiro escritor valdeorrés verdadeiramente “clásico” das Letras Galegas contemporáneas. Límpido espello onde recoñecemos os valores artísticos e humanos da Poesía novecentista galega e do celme da Terra de Valdeorras (dentro, fóra e arredor de si). Concibidas ambas á imaxe e semellanza da Terra e da Poesía que cantou Florencio, entendedor e trobador namorado que foi non só do solaz anacréontico, xeórxico e eglóxico e do acervo paisaxístico, antropolóxico e etnográfico que a singularizan. Tamén, e sobre todo, da rica interioridade e do silencio fértil, da resiliencia moral, da orixinalidade verbal, do pulo creador das súas xentes e do compromiso político –que o seu exemplo exhorta a intensificar– coa Galiza galega, coa Democracia e coa Cultura. Excelencias e valores que non son outros que os que leva obxectivamente explícitos, por contelos belamente entrañados, a poesía e o periplo vital do gran “Corgomófilo” segundo testemuñan cantos o coñeceron persoalmente e reflicten os seus escritos. Excelencias que a partir de agora han poder gozar todos cantos así o queiran achegándose, abertos de espírito, ao seu legado.

## APÉNDICE

**1. Recoñecemento.** As ideas primordiais que aquí expoño sobre a poesía de FDG foron inspiradas no relatorio titulado “Prego de postulación da candidatura de Florencio Delgado Gurriarán a escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2022 pola Real Academia Galega”, que me foi encomendado de urxencia a finais de marzo de 2021 pola Concellaría de Cultura do Concello do Barco de Valdeorras e tramitado por esta en abril 2021 como documento oficial para solicitar á RAG ese nomeamento que, felizmente, en xullo de 2021 nos foi outorgado pola corporación

académica. Quero deixar constancia expresa da miña gratitude pola encarga de dito documento á Concelleira de Cultura do Concello do Barco de Valdeorras, Margarida Pizcueta. E á coordinadora das “Letras de Florencio”, Déborah Álvarez Moldes, pola súa achega ao “Informe sobre a vida e obra de Florencio”, que reelaborei como complemento ao meu “Prego...” e do que extraio parágrafos que incorporo neste traballo. Así como polo Anexo Documental da súa autoría no que se ofrece un amplísimo e detallado “Percorrido histórico polas iniciativas de apoderamento de Florencio Delgado Gurriarán (1980-2020)”, escritos que conforman en xunto o Dossier (inéxito) de 82 páxinas presentado á RAG. Por certo que non era esta a primeira vez que a Real Academia Galega recibira –e rubricara– unha petición de recoñecemento oficial á figura e á obra do vilamartinense. En setembro de 1981, a proposta da terna de académicos formada por Valentín Paz Andrade, Francisco Fernández del Riego e F. Ogando Vázquez, en representación das peticións elevadas a ese propósito polo Instituto de Estudos Valdeorreses (IEG) e do seu presidente-fundador de entón, Xosé Gayoso, FDG foi nomeado membro correspondente da RAG nun acto público celebrado no Casino do Barco de Valdeorras. Xusto corenta anos despois daquel evento, a teor de tantos esforzos de tantos durante tanto tempo e do empurrón final do noso Dossier de postulación, cábenos a ledicia de que FDG, a súa figura intelectual e a súa obra literaria, sexa o candidato elixido pola Real Academia Galega como persoeiro homenaxeado nas Letras Galegas de 2022, cadrando co trinta e cinco cabodano do seu pasamento.

## **2. Pro-reunida de FDG (1931-1986), dispersa en diversos soportes gráficos (xornais, revistas, libros...).**

### **2.1. Poesía en soporte hemerográfico**

Ordenada por cabeceiras, por prelación cronolóxica e por títulos.

#### **2.1.1. Colaboracións no xornal *El Heraldo de Galicia, Ourense*:**

##### **1931:**

–“O castiñeiro morto”, *El Heraldo de Galicia*, nº 16. Ourense, 16-02-1931.

- “Camiño da serra”, *El Heraldo de Galicia*, nº 23. Ourense, 6-04-1931.
- “Amañecer de San Xoan”, *El Heraldo de Galicia*, nº 39. Ourense, 27-07-1931.
- “Muiñada”, *El Heraldo de Galicia*, nº 84. Ourense, 13-06-1931.
- “Ruada”, *El Heraldo de Galicia*, nº 42. Ourense, 17-08-1931.
- “Carta de Guan de la Era al Doutor Novo campito”, *El Heraldo de Galicia*, nº 59. Ourense, 14-12-1931.
- “Bar interior... Madride”, *El Heraldo de Galicia*, nº 109. Ourense, 05-12-1931.

**1932:**

- “Inverno no monte”, *El Heraldo de Galicia*, nº 112. Ourense, 26-12-1932.

**1933:**

- “O casino do pobo”, *El Heraldo de Galicia*, nº 115. Ourense, 16-01-1933.
- “San Xosé”, *El Heraldo de Galicia*, nº 131. Ourense, 08-05-1933.

**1934:**

- “Fala Galiza”, *El Heraldo de Galicia*, nº 163. Ourense, 08-01-1934.
- “Miudezas”, *El Heraldo de Galicia*, nº 207. Ourense, 19-11-1934.

**2.1.2. Colaboracións no semanario *A Nosa Terra*, A Coruña:**

**1931:**

- “Vente ventiño do norte”, *A Nosa Terra*, nº 283. A Coruña, 1-05-1931.
- “Folión de Santiago”, *A Nosa Terra*, nº 286. A Coruña, 25-06-1931.
- “Cantiga da vindima”, *A Nosa Terra*, nº 288. A Coruña, 01-10-1931.
- “O cabaleiro ourizo”, *A Nosa Terra*, nº 288. A Coruña, 01-10-1931.
- “Xuntanza”, *A Nosa Terra*, nº 290. A Coruña, 1-12-1931.

**1934:**

- “Falan castelán”, *A Nosa Terra*, nº 330. A Coruña, 07-04-1934.

**1936:**

- “Namórame o feitizo do tesouro”, *A Nosa Terra*, nº 451. A Coruña, 09-1936.

**2.1.3. Colaboracións na revista *Alborada*, Bos Aires:**

**1931:**

–“O que din os rumorosos”, *Alborada*, Buenos Aires, nov-dec. 1931.

**2.1.4. Colaboracións na revista *Hispano-Americana*, Bos Aires:**

**1934:**

–“Cantiga da vindima”, *Revista Hispano-Americana*, nº 296. Buenos Aires, 05-1934.

**2.1.5. Colaboracións na revista *Nueva Galicia*, Barcelona 1938:**

–“Amencer”; “Ía a misa de doce”; “Fora Popes das sombras”, *Nueva Galicia*, nº 44. Barcelona, 12-06-1938.

–“Levan o Cristo por fóra”, *Nueva Galicia*, nº 38. Barcelona, 25-04-1938.

–“A un vello falanxista”, *Nueva Galicia*, nº 46. Barcelona, 19-07-1938.

–“Home pequeno fol de veneno”, *Nueva Galicia*, nº 48. Barcelona, 09-08-1938.

–“Foliada para o día da Vitoria”, *Nueva Galicia*, nº 53, Barcelona, 07-11-1938.

**2.1.6. Colaboracións na revista *Saudade*, México:**

**1942-1943:**

–“Noiturno da noiva Jarocho” “Louvanza do viño de Ourense”, *Saudade*, nº 1. México, 25-07-1942.

–“Pintura de feira”, *Saudade*, nº 2, México, 12-1942.

–“Galiza infinda”, “Rumba”, “Pandeirada” e “Os gaiteiros de Montgomery”, *Saudade*, nº 4. México, 25-07-1943.

**2.1.7. Colaboracións na revista *Galicia*, do Centro Galego de Bos Aires:**

**1948-1955 [1975]:**

–“Dou ao demo o millor”, *Galicia* [¿?], Buenos Aires, 24-04-1948.

–“Ranae ad solem”, *Galicia*, nº 1049, Buenos Aires, 24-04-1948.

–“A galega en París”, *Galicia* [¿?], Buenos Aires, 30-09-1955.

–“O soño do Guieiro”. *Galicia, Revista do Centro Galego*, nº [?], maio-xuño. Buenos Aires, 1975, p. 83.

**2.1.8. Colaboracións na revista *Opinión Gallega*, Bos Aires 1948:**

–“Valdeorras”, *Opinión Gallega*, nº 100. Buenos Aires, 04-12-1948.

**2.1.9. Colaboracións en *Lar. Revista de Hospital Gallego de Buenos Aires*, Bos Aires:**

**1952-1953:**

–“As xeirás do castiro” e “Hai sede na nova Galiza”, *Lar*, Ano XIX, nº 224-225, 25-07-1952.

–“Namórame o feitizo do tesouro”, “Bocarribeira valdeorresa” e “Vello almanaque”, *Lar* [nº?], 1953.

**2.1.10. Colaboracións en *Ecuador O° O’ O°*. *Revista de Poesía Universal*, México:**

**1957-1959:**

–“Poesía en México” (1957), pp. 129 e 130.

–“Poetas de Galicia” (1959), pp. 160 e 161.

**2.1.11. Colaboracións na revista *Opinión Gallega*, Bos Aires:**

**1958:**

–“Galiza ergueita”, *Opinión gallega*, nº 183. Bos Aires, xaneiro-febreiro 1958.

**2.1.12. Colaboracións na revista *Vieiros*, México:**

**1959-1968:**

–“Escolma poética Nova Galicia”: “O viaxeiro”, “Atotonilco”, “Xacaranda”, “Tabachin”, “Paricutin”, “Morelia”, “Manzanillo”, “Volta” e “Xarabe tapatío”, *Vieiros*, nº 1, 1959.

–“A noiva Jarocha” e “Conto Sinxelo”, *Vieiros*, nº 2, 1962.

–“A Galiza asolagada” e “Barco Bébedo”, *Vieiros*, nº 4, 1968.

**2.1.13. Colaboracións en *Varia* (outras revistas e xornais): 1962-1969:**

–“Conto sinxelo”, *Revista Fin de Semana*. Ourense, 31-08-1962.

–“Xarabe Tapatío”, *Prensa hispano-brasileira*. São Paulo, 25 de xullo de 1964.

–“Poemas da terra asolagada”, *La Región*. Ourense, 15-09-1968.



–“Gañemos a liberdade”, *El Correo de Galicia*. Buenos Aires, maio 1969.

#### **2.1.14. Colaboracións na revista *La Toja, A Toxa (O Grove)*, Galicia:**

##### **1976-1980:**

–“Niños de antaño”, *La Toja*, nº 2, 1976.

–“Saúdo do Far-west para o Far-west galego”, *La Toja*, nº 4, 1978.

–“Auga ardente. Descordo da queimada”, *La Toja*, nº 5, 1979.

–“Seis poemas”, *La Toja*, nº 6, 1980.

#### **2.1.15. Colaboracións en *Cadernos do Instituto de Estudos Valdeorreses, O Barco de Valdeorras*:**

##### **1982-1988:**

–“Do xardín alleo”, *Caderno*, nº 2 do IEV. O Barco. Instituto de Estudios Valdeorreses, 1982, p. 42.

–“Saúdo a Otero Pedrayo”, *Cadernos Monográfico*, nº 9. O Barco. Instituto de Estudios Valdeorreses, 1989, pp. 65-66.

–“Loubanza a toponimia enxebre” e “Córgomo de Valdeorras”, *Caderno Monográfico*, nº 7 do IEV. O Barco. Instituto de Estudios Valdeorreses, 1988, pp. 57-60.

## **2.2. Poesía en soporte bibliográfico**

Ordenada por prelación cronolóxica e títulos.

### **2.2.1. Textos de creación:**

**1934:** *Bebedeira*. Santiago: Ed. Nós. Volume LX; reedición en *Cantarenas*, Sada-A Coruña; Edicións do Castro, 1981, pp. 17-84 [contén 32 poemas].

**1943:** (ed. e coautor) *Cancioneiro da loita galega*. México: Ed. Partido Galeguista nº1; ed. facsímile: Sada-A Coruña: Ed. do Castro, 1996, 188 páxinas [contén 18 poemas de FDG].

**1963:** *Galicia infinda*. Vigo: Ed. Galaxia, 94 páxinas [contén 43 poemas].

**1981:** *Cantarenas*. Sada-A Coruña: Ed. do Castro, 154 páxinas [contén 70 poemas].

**1986:** *O soño do guieiro. Poemas, poemiñas e poemoides*. Sada-A Coruña. Ed. do Castro, Opúsculos de poesía, 80 páxinas [contén 41 poemas].

### 2.2.2. Textos de traducións:

**1949:** (en colaboración con Plácido Castro e Lois Tobío), *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* [FDG traduce poemas de Arthur Rimbaud, S. Mallarmé, Paul Valéry; a obra foi Premio da Federación das Sociedades Galegas na Arxentina 1946].

**1969:** “Cemiterio mariño”, tradución de “Cimètiere marin” de Paul Valéry, en *Grial*, nº 23, xaneiro-febreiro-marzo. Vigo, 1969, pp. 110-112.

### Bibliografía

- Couceiro Freijomil, Antonio (1951-1953): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* [en español]. Bibliófilos Gallegos, p. 345.
- Fernández, Marcial (1959): “A Poesía de Florencio Delgado Gurriarán”, *Vieiros*.
- Fernández del Riego, Francisco (1992): *Diccionario de escritores en lingua galega*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, p. 111 (2ª ed.).
- Gayoso Díaz, Xosé (1981): “Limiar” en F. Delgado Gurriarán, *Cantarenas. Poemas (1934-1980)*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2001): “Florencio Delgado Gurriarán: poeta valdeorrés no exilio mexicano”, *Revista Raigame*, 13, pp. 20-31.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais, p. 57.
- Vilavedra, Dolores (ed.) (1995): *Diccionario da literatura galega I*. Vigo: Galaxia. pp. 171-172.
- Villar, Miro (2006): “O macrotexito poético en galego de Florencio Delgado Gurriarán”, *Revista Raigame*, 23, pp. 86-94.
- VV. AA., (1986): *Actas do Congreso Castelao*. Justo Beramendi e Ramón Villares (coords.). Santiago de Compostela, USC/ Xunta/ F. Castelao, 1989, vol. II, pp. 475-478.
- VV. AA. (2010-2011): “Delgado Gurriarán, Florencio Manuel”, *Diccionario biográfico de Galicia I*. Vigo: Ir Indo Edicións, p. 324.

## Florencio Delgado Gurriarán e a etiquetaxe en galego

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ

(SNL do Concello de Redondela)

Falar da presenza do viño no relato poético de Florencio Delgado Gurriarán é sempre unha boa ocasión para pasarmos da lírica á oferta do consumo galeguizado.

Florencio Delgado Gurriarán escribiu varios poemas dedicados ás distintas castes de uvas que se cultivan en Valdeorras: “Filla da torta cepeira/e do quente sol que a goza/MOZA FRESCA, fresca moza/ da valdeorresa ribeira/MOZA FRESCA, faste un viño/que ao meu lecer da pracer” (“Gabanza da moza fresca”); “Dos viños brancos espello/fogo líquido, aloumiño/e groria do paladar/o deleitoso GODELLO/é milagre feito viño”. (“Louvor do Godello”); “Está no viño, a verdade: “In vino veritas”. Certo,/ terá o corazón aberto/vivirá na craridade/quen de xeito solermiño/de Valdeorras, beba o viño”; (“In vino veritas”); “Pinga de ouro do Sil/derretido topacio/sol fundido/e mel do acio/ es aloumiño macio i amantiño” (“Madrigal ao tostado”).

Álvaro Cunqueiro e Ramón Cabanillas foron tamén dous excelsos embaixadores poéticos dos nosos viños. Cunqueiro foi ademais un gran valedor dos Albariños. O éxito da súa proxección internacional débese a súa alícuota parte na organización anual da festa en Cambados para a súa promoción. Formou parte dos xurados das catas organizadas, pregoeiro nunha das primeiras festas, e tamén participante nunha das campañas publicitarias que se espallaron a través de Televisión Española. Pero para mellor dicir, hai que recoñecerlle a Cunqueiro as contribucións que fixo en verso e prosa de todos os viños que se producían en Galicia, por exemplo no seu “Laude do viño de Betanzos”.

Ramón Cabanillas no seu poema “Diante dunha cunca de viño espadeiro”, esa caste de minoritaria produción, ten verbas acaídas para definila, así como a terra e o seu peculiar feitío: “O espadeiro!/Asios mouros, cepas tortas/follas verdes, douradas e bermellas//Ledo viño das noites mozas!”.

Florencio Delgado Gurriarán e Ramón Cabanillas nacen en terras de vides e ninguén coma eles coñece a cultura que hai arredor dos bagos, acios e cepas que deron e dan afamados viños. Os discursos poéticos e prosaicos

sobre o viño de ambos os dous contribuíron a salientar a importancia que tiñan os cultivos e os seus elaborados como fonte das economías locais. Pertenceron os dous a unha xeración de intelectuais, como logo sinalaremos, que atoparon a fonte de inspiración no cancionero e cantigueiro populares que antes ca eles souberon sintetizar a importancia que tivo na nosa tradición vinícola o cultivo de castes tan variadas como o Treixadura, Torrontés, Godello, Loureiro, Lado, Caiño, Albillo, Caiño longo, Caiño bravo, Caiño tinto, Ferrón, Sousón, Mencía, Brancellao, Garnacha, Dona Branca, Ratiño, Cagarrucho, Collón de galo... e tantísimas denominacións que arrequereron o noso léxico. Denominacións que ían unidas ao inmenso mar de terras con cadanseu topónimo, que deron nomes ás distintas marcas comerciais. A primeira vez que miramos esa utilización toponímica na publicidade dos viños foi en *La Tierra Gallega* (1895), publicación periódica que dirixía Curros Enríquez en La Habana. “Seijo Hermanos”, colleiteiros de Ourense, exportaban viños á illa caribeña coas seguintes denominacións: “Salto do can”, “Enxebre” e “Vieira do Miño”. Tradición que aínda pervive hoxe.

No libro *A fala dos viños. Antoloxía de viños etiquetados en galego* (2007) editado pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística é ilustrativo: “Ribouzo”, “Mistura”, “Menciño”, “Valdouro”, “Biobra”, “Casal Novo”, “Chan de Ouro”, “Alán de Val”, todos eles da D.O. do Barco. Pero tamén noutras denominacións de orixe abundan os nomes referidos ás terras onde se cultivan: “Caba leiro do val”, “Val de Monxes”, “Pazo da Bouciña”, “Terra de Aorei”, “Terras Gauda”. “Alodio”, “Calexotes”, “Abadía da Cova”, “Pradio”, “Guímaro”, “Senlleiro”, “A torna dos pasas”, “Pousadoiro”, “O Con da Moura”...

Non será difícil atopar nos discursos pronunciados por Florencio Delgado na campaña a prol do Estatuto de Autonomía ou nos das candidaturas do Partido Galeguista referencias a esa simbiose entre terra, lingua e vide. A propósito do libro *Os viños de Galicia* que lle envía o seu amigo Pepe García, o autor valdeorrés escíbelle en 1979 dicíndolle:

Dáme moita lelicia ver que o galego se emprega tamén na técnica e na ciencia, aínda que polo de agora sexa en plan modesto e non somente na literatura poética, narrativa ou de ensaio. Eis o camiño a seguir para darlle ao galego o rango de que é merecente. Vexo que, ao falar das variedades de uvas, deixou de de citar algunhas que eu lembre e que ti sen dúbida lembrarás: “Rabo de ovella”,

da horta parroquial de Portela; “Vitura”, que tan bo viño dá;  
“Vicivera”, “Merenzao”...

Se os viños nacen en terras con topónimos e de castes galegas, o normal é que se etiqueten no noso idioma, como fan noutras latitudes xeográficas ben afastadas da nosa. Non hai máis que prestar atención aos expositores da botellería dos nosos restaurantes e centros de distribución comercial. As distintas marcas de whiskies, champañas franceses, bitteres, xenebras, coñacs, vermús, vodkas... están etiquetados en cadanseu idioma de orixe e chegan aos nosos mercados sen que ese monolingüismo sexa un impedimento para que os consumidores os demanden.

O Foro E. Peinador-Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros vén facendo desde hai ben anos campañas a prol da galeguización da produción agroalimentaria. Etiquetar en lingua galega é unha maneira de reforzar a singularidade dos nosos produtos nos mercados internacionais como o fan as marcas anteriormente citadas. A lingua non é ningún atranco para abrir mercados. Os consumidores queren calidade, ata o punto de que todo o que se denomine “delicatessen” fai referencia a produtos con garantía de calidade, que, por certo, se etiquetan nos máis diversos idiomas.

O Foro E. Peinador e Irmandade Galega de Consumidores apela ao sentido do patriotismo económico dos galegos para potenciar a nosa economía co engadido matiz da galeguidade das etiquetas.

No ano 1934 o partido de Castelao e Bóveda instaba aos consumidores galegos a adoptar unha actitude de defensa dos viños e demais produtos esenciais para a economía do país: “O nacionalismo galego (quere) construír unha patria. E unha patria para existir necesita contar cunha economía”. Laiábase de que houbera moitos galegos que actuaban como se non fose así e adoptaban un comportamento que consideraba cómplice doutras economías que competían abertamente coa nosa. A todos estes *desleigados* botáballes unha auténtica filípica:

Quen en Galicia toma aperitivos alleos, auga pintada con nomes pomposos en vez do noso insuperable branco Ribeiro, é un inimigo da Patria. Quen na mesa bebe detestables viños estraños (e o comerciante que os ofrece antes cos do país) en vez dos nosos Ribeiros e Valdeorras, ou espadeiro, ademais de non ter bo gusto, forxa a escravitude de Galicia.

“De aí que todos, o rico e o pobre, o comerciante e o agricultor, o industrial e o letrado, todos, deben interesarse en defender os nosos viños e procurarlles mercadores e consumidores”, dicía tamén o “Manifesto da Unión de Colleiteiro do Ribeiro do Avia (UCRA), fundada por Álvaro das Casas no Pazo de Esposende en xaneiro de 1936.

Sei que estou a escribir para unha publicación que non vai ser lida por metalúrxicos, labregos e outras profesións afíns; vai ser lida fundamentalmente por profesores, pero que son consumidores. Os máis deles profesan tanto amor polas nosas letras que menosprezan inconscientemente as que escriben as nosas industrias agroalimentarias nas etiquetas dos envases dos seus produtos. Pero fágoo coa esperanza de que a cultura do consumo galeguizado se espalle e que non se dea o caso de que aínda queden inercias como a daquel editor galego que tomaba “riojas” porque eran mellor cos galegos, “que son moi acedos”. Isto acontecía no refrixerio servido despois dunha presentación dun libro editado por el, ao tempo que metía o dedo índice nun vaso de cú ancho para remexer as pedras de xeos no whisky etiquetado en inglés que lle acaban de servir cun aquel afectado de home sabido en licores. El quería vender libros en galego, pero non consumía produtos etiquetados na nosa lingua. O seu é un caso máis de moitos que irresponsablemente lle fan a guerra á nosa economía e lingua. A eses denunciaba Florencio Delgado Gurriarán e Ramón Cabanillas no seu libro *Da terra asoballada* cando afirmaba: “Galicia! Nai e Señora,/ sempre agarimosa e forte;/ preto e lexos; onte, agora,/ mañán... na vida e na morte ¡Xuremos!/ Dereito ou torto,/ sin máis alcuño ni achego,/ doente ou san, vivo ou morto,/ gallego... ¡soio gallego!”.

A Carta do Consumo Responsable e Solidario do Foro E. Peinador-Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros solicita “o compromiso de optar por aqueles produtos galegos, etiquetados e comercializados na nosa lingua que herdamos dos nosos antepasados, e que queremos manter viva e transmitirllela á nosa descendencia”.

Os consumidores teñen un inmenso poder do que apenas fan uso: regular a lei da oferta e a demanda. A maior demanda de produtos galegos, maior será a presión para as marcas que aínda non incorporaron o noso idioma ás etiquetas e manifestan deste xeito desprezo pola lingua galega.

## Viño e maracas

BIEITO IGLESIAS

(Escritor)

O amigo Luís Cochón sempre se acorda de min cando lle encomendan un libro e desta vez encalatrroume para colaborar no volume sobre Florencio Delgado Gurriarán. Indicoume que podía glosar a súa poesía erótica e atentoume cun poema concreto intitulado “Rumba” onde o valdeorrés describe a danza dunha muller preta. Como non lembraba a lectura de *Bebedeira* (1934) nin *Galicia infinda* (1963) ou *Cantarenas* (1981), tamén non os números da revista *Vieiros* que incluían versos do noso autor, fun incapaz de evocar o bambeo rumboso mencionado polo Luís, pero si tiña idea de que da mesma pena saíra unha tradución ao galego de Mallarmé publicada en *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1949). Unha mala xogada da memoria impediu que me acudise ao acordo *Brise marine* (“La chair est triste, hélas! et j’ai lu tous les livres”) e mais a versión de Gurriarán *Vento mareiro* (“A carne é triste, probe! xa lin os libros todos”) que figura nesa tentativa de encabezar ou beneficiar a literatura galaica coa augardente da lírica universal, protagonizada polo propio poeta do Córghomo de par de dous convivas: Lois Tobío e Plácido R. Castro.

En troca lembreime dunha célebre composición poética mallarmeana que desencadeou toda unha narrativa de Alberto Moravia (“O home que olla”) dedicada a tratar o intricado asunto da escopofilia ou *voyeurismo*. Velaquí o poema liberrimamente vertido ao meu galego:

Unha negra posesa do demo  
quer probar o tasto dunha triste rapariga  
de acedos frutos baixo os farrapos que a envolven.  
A porca arma pois os lazos da súa armadilla.  
Frega, feliz, no ventre dúas breves mamoeelas  
encanto tan alto que a mao aí non chega  
rebrilla a escura tomba das botinas  
semellante a unha lingua inapta pró gozo.

Contra a nudez amedoñada da gacela  
trémula, como elefante louco repantigado  
no seu dorso, ela devece e arde na espera  
sorríndolle á meniña cos dentes inxenuos.

E entre as coxas que a vítima acariña,  
erguendo a pel preta baixo os pelos crespos,  
avanza o padao daquela estraña boca  
pálida e rosa como unha cuncha mariña.

Alberto Moravia, que debe algunha das súas páxinas máis famosas á súa condición de *voyeur* pertinaz, interpreta os versos arriba citados como “a posición erótica que acostuma chamarse 69. Coa tripla singularidade de se tratar dun 69 entre dúas mulleres; un 69 entre unha muller adulta e unha meniña; un 69 entre unha preta e unha branca”. Son transgresións de máis para que esta estampa obscena fose traducida entre as poesías francesas do libro do corenta e nove.

No entanto Gurriarán incorre sen querer (por ignorar que no futuro se imporía a linguaxe politicamente correcta) en versos transgresivos vistos desde a actualidade dominada no eido cultural pola esquerda puritana norteamericana. O valdeorrés sería acusado hoxe en día (estou oíndo crocitar aos censores) de cousificar e racializar. Xulguen vostedes:

Quenceu o azur bongó  
no lume do solpor  
e a maraca da lúa  
ceibou os runxe-runxe das estrelas.  
Entre o xurdir das sombras  
rítmica sombra viva,  
baila a preta.  
Preta,  
preta de arrecendo bravo,  
preta,  
ouh preta!, o teu corpo é todo  
berro a chamar polo macho.

O poema é máis longo pero creo que abundan estas estrofas para testemuñar que Florencio non cre que a carne sexa triste, pois asocia o sensual, o erótico, á alegría, á *gioia* presente na gaia (leda) ciencia dos trobadores provenzais, das cantigas de escarnio ou do *Decamerón e As mil e unha noites*. Trátase dunha perspectiva antiga, de cando estaba vixente o mito do bo salvaxe e cando o sexo era misterioso e tráxico. Obviamente o noso poeta non puido prever a pornificación das sociedades modernas que



atalora alcanza proporcións paroxísticas. Presentemente tórnase preciso illar as paredes para non aturar os xemidos tenísticos de mulleres que finxen o orgasmo porque viron nos filmes – pornos ou non– que os sós da paixón deben imitar a banda sonora do Calvario, asumindo a sinonimia entre paixón e suplicio. Gurriarán, por sorte para el, viviu nun tempo anterior a estas farsas da humanidade superflua, cando o erotismo estaba asociado á risada e mais á dozura de vivir. Anoto aquí, de pasada, certa reflexión de Pasolini sobre o seu cinema, que sen dúbida desafiou o escándalo vaticano e tamén o moralismo esquerdista coa “Triloxía da vida: Se quixera seguir rodando filmes como *O Decamerón* xa non podería facelo porque non encontraría esa realidade física (cuxa bandeira é o sexo con toda a súa alegría) que constitúe o contido dos devanditos filmes”. En fin, unha análise pormenorizada d’*A noite sexual* (así titula Pascal Quignard un libro que publicou en 2005 tras visitar Estados Unidos e asistir á votación dunha “Lei contra as imaxes indecentes”) excede as pretensións deste escrito, de modo que agregarei máis unhas notas sobre certos sucos (versos) arados polo valdeorrés no agro de Eros.

A conxunción de exotismo, erotismo e exaltación da sensualidade primitiva do bo (ou boa) salvaxe aparece tamén nun poema datado en Veracruz en 1962 e publicado en *Vieiros: Nocturno da noiva jarocho* (camponesa):

Teño unha noiva jarocho:  
cór, mel e arume de mangos,  
rítmico van de boleros,  
quente paixón de huapango.  
Doce rir da milgranada,  
engado do amor e o vento.  
Bebedeira de falsetes  
a ferver nos peitos.

Nun prólogo a *Cantarenas* (Ed. do Castro) asinado por Xosé Gayoso Díaz no mes de Santos de 1980 defínese a poesía amatoria do cantor do Córcomo nos seguintes termos: “Eros é o deus que inspira a Florencio. Erato, a musa do amor e do Himeneo é a musa de Florencio; é un amor universal, panteísta... Amor aos encantos femininos, á floración das raparigas, das nenas churrusqueiras... Florencio, namorado de tódalas criaturas de Deus é o máis apaixonado namorado dos engados das ledas nenas churrusqueiras: ‘Madurecen amorodos na campía do teu peito; No vencello dos meus brazos

a devecida apreixei; almasí morno a tremer'. Son imaxes non superadas por ningún poeta amatorio”.

Considero hiperbólica esta última avalación e mesmo creo que son superiores os “poemas mexicanos” de temática amorosa a estoutros versos valdeorreses máis propios dun idólatra de Baco que de Eros. O primeiro Gurriarán foi, en efecto, un poeta anacreóntico máis feliz nos himnos ao viño brancellao ou moza fresca que na celebración de belezas venerais (Mestúranse os alalás / á poeira das congostras; / andan zugando as abellas / o celme da moza fresca / e os beizos das nenas louras).

Aínda sen compartillar o estro erótico de Florencio Delgado Gurriarán, si que me une a el un fondo orixinario de galeguismo e de vendimas. Brindo nesta última frase mollando co brancellao anterior ao andazo de filoxera a palabra e a memoria do poeta e dos meus defuntos, amigos do bo viño de Ourense.

## Ecós de Cabanillas na lira de Florencio Delgado Gurriarán

EMILIO XOSÉ ÍNSUA

(Profesor de Lingua e Literatura Galegas no Ensino Medio)

### 1. Introito

Coñecemos hoxe con relativa exactitude o proceso e a argumentación que no seu día levaron á consagración literaria do cambadés Ramón Cabanillas Enríquez (1876-1959) como “Poeta da Raza” e á súa consideración como figura fundamental da lírica galega de preguerra, en apertada “competencia” con Noriega Varela. Sabemos canta responsabilidade adquiriron nese “construto” canonizante, máis que comprensíbel en todo caso, algúns dos principais vultos das Irmandades da Fala (Porteiro Garea, Antón Villar Ponte, Peña Novo, o grupo de impulsores do boletín *Nós...*) e explicámonos as razóns polas que o autor de *No Desterro*, a diferenza de Rosalía, Pondal e Curros, zafou en 1922 un tanto sorprendentemente das críticas contidas no manifesto de intencionalidade vangardista *Máis alá!*, de Álvaro Cebreiro e Manuel Antonio.

Mais, do mesmo xeito, non ignoramos que a partir de certa altura comezou a se producir un paulatino afastamento persoal e ideolóxico do de Fefiñáns a respecto dos seus antigos correligionarios “irmandiños” e que, por volta da edición do seu poemario *A rosa de cen follas* (1927), algúns dos máis conspicuos representantes da nova xeración literaria galega (Correa Calderón, Augusto M<sup>a</sup> Casas...), levados do seu entusiasmo e/ou identificación polas correntes da vangarda, xa non calaron as súas discrepancias estéticas co poeta cambadés. O resultado de ambas as dinámicas (ruptura cos antigos “irmáns” e desencontro a respecto dos “novecentistas”), como é ben sabido, foi a entrada de Cabanillas nun período de silencio público, de seca editorial e de práctica improdutividade creativa, que atravesou toda a xeira republicana e se prolongou ata ben entrada a posguerra franquista. Só rompeu esa situación, superando a súa ancianidade e con esforzado e reverdecido patriotismo, cando foi requirido por algunhas das novas plataformas editoriais que timidamente comezaron a despregarse no país nos anos finais da década dos 40 visando a reconquista do espazo literario como ámbito de re-dignificación do idioma: Bibliófilos Gallegos, Xistral, Galaxia...

O maxisterio ou a directa influencia de Cabanillas sobre moitos dos poetas galegos de preguerra está, en todo caso, fóra de dúbida. Mesmo adoitamos considerar *ad usum scholarum* a pertenza de figuras como Gonzalo López Abente, Vitoriano Taibo, Roberto Blanco Torres, Antón Zapata García, Avelino Gómez Ledo ou Nicolás García Pereira, cada un con personalidades de seu en tanto poetas, a unha “escola cabanilliana” na que mesmo cabería incluír ao antes citado Manuel Antonio na súa etapa máis temperá, con poemas como “O sol d’a libertade”, “Soio”, “Rima” ou “Serán”.

Vén todo este exordio a conto do evidente influxo do autor de *Vento mareiro* que coidamos percibir, tamén si, nunha parte da obra poética de Florencio Delgado Gurriarán, destacado poeta da Xeración do 25 a quen honramos no Día das Letras Galegas de 2022. Efectivamente, como xa advertira no seu día Álvaro de las Casas a propósito do perfil do escritor do Córghomo, pódese dicir que “Cabanillas está en él” (Casas, 1929: 193), ou con Carvalho Calero é pertinente aseverar que parte da obra do valdeorrés se axusta máis ou menos “ao diapasón da forma modernista, na súa mitigada versión galega, representada principalmente por Cabanillas” (Carballo, 1981: 727).

Na lira de Florencio Delgado Gurriarán achamos diversos trazos e elementos temático-estilísticos concretos que non cabe senón relacionar coas propostas plasmadas previamente nas súas obras poéticas polo de Fefiñáns, de maneira que, sen medo a erro, podemos atribuírlle ao de Córghomo nalgunha medida a condición de “discípulo” seu.

Antes de entrarmos na análise deses trazos e elementos debemos sinalar varias circunstancias ou condicionantes que concorreron nesa admiración poética de *Corgomófilo* polo poeta Cabanillas, da que fica testemuño expreso na dedicatoria que aquel estampou á fronte dun pequeno mollo de poemas que editou no primeiro número da revista *Vieiros*, no verán de 1953: “A Don Ramón Cabanillas, mestre e petrucio da lírica galega de arastora, con fonda venerazón e agarimo”.

En primeiro lugar está o feito de que Florencio, tras unha adolescencia e mocidade estudantil que transcorrera relativamente lonxe de Galiza (primeiro en Palencia e logo en Valladolid), ao retornar á Terra en 1928, achou nas obras publicadas nos anos previos polo de Cambados un

elemento de revelación idiomática e expresiva, a proba que procuraba sobre a valía, capacidade e dignidade do idioma galego como ferramenta literaria culta. A lectura dos versos cabanillanos serviulle asemade de substrato estético ao que engadiría axiña o maxisterio hilozoísta e popularista de Amado Carballo, tan caro ao seu agrupamento xeracional novecentista, dando orixe ao singular estilo que manifesta no seu primeiro libro édito, *Bebedeira* (Nós, Santiago, 1934).

O credo agrarista, galeguista e republicano do mozo Florencio nos anos finais da Ditadura de Primo de Rivera e durante a 2ª República é debedor, en boa medida, do galeguismo poético de Cabanillas, por máis que, como xa sabemos, as coordenadas en que se moveu o cambadés neses anos se afastasen claramente das expresións organizadas desa corrente política. A defensa da lingua, a reivindicación autonomista, a denuncia do maltrato ao país, a crítica aos galegos servís co caciquismo e co centralismo son, entre outros moitos que poderían sinalarse, aspectos en que Florencio bebe, sen lugar a dúbidas, da ideoloxía expresada en versos por Ramón.

Contribuíu igualmente para a admiración do de Cógomo polo de Fefiñáns a amizade e colaboración que aquel mantivo no exilio mexicano cun dos fillos do propio poeta cambadés, Ramón Cabanillas Álvarez. Esa colaboración plasmouse no libro *Cancioneiro da loita galega* (1943), onde non por acaso se reproduciron dous poemas de Cabanillas pai: “Acción Gallega (hino)” e o “Romance de loita”, que fora publicado en plena guerra nas revistas republicanas *El Miliciano Gallego* e *Nova Galiza*. Tamén coincidiron Cabanillas fillo e Florencio na revista *Vieiros*, editada en México<sup>1</sup>. No primeiro número desta (verán de 1959) o propio Delgado Gurriarán, asinando coas iniciais F.D.G., comentaría brevemente a aparición do poemario *Samos*:

Mestría, garrideza, sobriedade, enxebreza na poesía e na linguaxe.  
A baruda beleza da epopeia dos freires do mosteiro de Samos  
amaciada polo máis enxel lirismo: Eis o novo poema de Cabanillas  
da Coleizón “Trasalba” da editorial “Galaxia”, belamente ilustrado

---

<sup>1</sup> A atención a Cabanillas nesta revista do exilio galego non ficou niso. No segundo número (outono de 1962) apareceron un texto do propio Ramón Cabanillas, titulado “Curros, lira de ouro e de ferro”, e un artigo de Antonio Rodríguez Fraiz (abade de Campañó) sobre o poeta de Cambados. Do mesmo xeito, no número 4 (primavera de 1968) vería lume o artigo de Emilio Pita “Os meus poetas: Ramón Cabanillas”.

por Agostiño Portela. Don Ramón Cabanillas –compre repetilo de cote– é, sen dúbida, o primeiro dos poetas galegos de hoxe pola súa calidade e finura, o de estro máis largacío, o máis fecundo, o de linguaxe máis bela e o de meirande fidelidade á fala nai, xa que nela compuxo e compón toda a súa obra.

## 2. Un motivo común procedente de Rimbaud

É habitual referirse á poesía finisecular decimonónica francesa como un dos varios ingredientes que fixeron parte da peculiar, orixinal e moi atinada síntese de elementos estéticos que caracteriza a poesía de Ramón Cabanillas, nomeadamente a dos seus primeiros compases, ao raiar o século XX. Esa achega de tipo decadentista e simbolista sumaríase ao seu gusto polo Romanticismo serodio alemán (Heine), á asimilación indiscutíbel dos xeitos do Modernismo (Rubén Darío), ao pouso clásico greco-latino (Horacio, Virxilio...) –que o de Fefiñáns adquiriu nas aulas do seminario en Compostela–, á pegada evidente que nel deixou a constante lectura da tríade sublime do Rexurdimento galego e, sobre todo a partir da segunda década da vixésima centuria, ao influxo do Saudosismo portugués (Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra), sen esquecermos a fonte limpa da poesía folclórica popular galega da que bebeu desde a máis tenra infancia, en contacto co seu medio social cambadés.

Pois ben, cremos poder aseverar que o influxo de Arthur Rimbaud (1854-1891) sobre Cabanillas fíxose extensivo a Florencio Delgado, nunha especie de “diálogo a tres bandas”, a partir dunha composición concreta do francés, a titulada “Au cabaret-vert. Cinq heures du soir”, escrita en 1870 e que di así:

Depuis huit jours, j'avais déchiré mes bottines  
Aux cailloux des chemins. J'entrais á Charleroi.  
-Au Cabaret Vert-: je demandai des tartines  
De beurre et du jambon qui fût à moitié froid.

Bienheureux, j'allongeai les jambes sous la table  
Verte: je contemplai les sujets très naïfs  
De la tapisserie. -Et ce fut adorable,  
Quand la fille aus tétons énormes, aux yeux vifs,

-Celle-là, ce n'est pas un baiser qui l'épeure!-  
Rieuse, m'apporta des tartines de beurre,  
Du jambon tiède, dans un plat colorié,

-Du jambon rose et blanc parfumé d'une gousse  
D'ail -et m'emplit la chope immense, avec sa mousse  
Que devrait un rayon de soleil arriéré.

Este poema do escritor francés deixou evidente pegada nunha das composicións incluídas por Cabanillas no volume *No desterro (Visións gallegas)* (Habana, 1913) e que fora publicada previamente na revista galaico-cubana *Suevia* (núm. 6, 17 de marzo de 1912). Referímonos á titulada “Na taberna”:

Os mozos mariñeiros da fiada  
lémbrense rindo alleos de coidados;  
cheira a aceite e pemento requemados  
rustido de xurés en caldeirada.

Conta o patrón nun corro a trebonada  
do ano setenta, -hectoria de afogados;-  
e empuxándose, inando, entran mollados  
os homes dunha lancha de enviada.

Pasa de man en man a xerra roiba  
de albariño, e namentras cai a choiva  
e o vento fai tembrar a casa enteira,

detrás do mostrador crarexa o ceo  
nas trenzas de ouro, no mirar sereo,  
na surrisa de luz da taberneira.

Mais é igualmente certo que a antecitada composición de Rimbaud tamén exerceu como modelo dun poema que Delgado Gurriarán incluíu no volume *Cantarenas* (1981: 101-102) co título de “Taberna. (Augaforte)”<sup>2</sup>. Aparece asinado no “Córgomo. Ano 193...” e fora xa publicado, con algunhas variantes e unha dedicatoria “Ao meu amigo Pepe do Campo, con fondo agarimo”, no número 115 do *Heraldo de Galicia* ourensán o 16 de xaneiro

---

<sup>2</sup> Téñase presente que Delgado Gurriarán publicou no nº 4 de *Vieiros* (México, primavera de 1968) unha paráfrase ao galego doutra composición de Rimbaud, “Bateau Ivre”, co título de “Barco bébedo”.

de 1933, baixo o título de “O Casino do pobo”. Este poema, que “dialoga” propositadamente cos textos precedentes de Rimbaud e Cabanillas, di así:

TABERNA (Augaforte)

Ar que se apalpa. Balburdio.  
Cheirume de “mataquintos  
amarrados pola faixa”,  
irtos, éticos, cativos.  
Un noxento frorescere  
nas porcas táboas do piso:  
as brancas rosas do cuspe,  
moradas rosas do tinto,  
as mouras rosas da lama,  
queimadas rosas dos pitos.  
Ar que se apalpa. Balburdio.  
Bafos de augardente e de viño.  
Un can que tanxe a guitarra  
por ver de catar os bichos.  
Ar que se apalpa. As corenta:  
as dez últimas co cinco;  
tute de reises; renuncio...  
¡Veña logo outro xerríño!  
Ar que se apalpa. Un xornal  
a pór de traballos lido.  
Andrómenas, ditos, lérias,  
humor, sinxeleza, siso...  
Ar que se apalpa. Cantigas.  
Uns tangos esmorecidos  
(Dende Arxentina a Galicia  
media moi longo camiño  
e chegan as cantarenas  
que n’as coñece o qu’as fixo).  
Ar que se apalpa. Braseiro.  
Catro ou cinco aterecidos.  
Unhas chancas que fumezan.  
Fervuro que mata o frío.  
Carraspeiras. Contos verdes  
(seica as bruxas xa fuxiron).  
Brétemas de alento e fume.



De paroladas un río...

.....  
No augaforte da taberna  
hai uns risoños cintilos:  
os ollares de augardente  
e a gaseosa do sorriso  
da filla do taberneiro,  
toda mel, toda feitizo<sup>3</sup>.

Comparemos primeiramente as coincidencias entre os respectivos textos de Rimbaud e Cabanillas. Destacan, en primeiro lugar, a fórmula sonetística e os versos hendecasilabos empregados en ambos os casos, se ben Cabanillas bota man de rimas abrazadas onde Rimbaud usa rimas cruzadas. Tamén comparten os dous poemas en cuestión a abundancia de referencias sinestésicas, algunhas odoríficas (no poema de Cabanillas cheira a rustrido, no de Rimbaud a allo...) e outras de carácter ambiental xenérico (humidade e vento fóra fronte ao ambiente cálido do interior da taberna, no texto caballiniano; cansazo da camiñada de oito horas fronte ao pracer de estricar as pernas por riba da mesa e ter compañía, no de Rimbaud). En sentido semellante funcionan os toques colorísticos: a xerra roiba e as trenzas de ouro, no poema do cambadés, o prato con xamón rosado e branco, no poema do francés.

O retrato contrastivo entre o confort no interior tabernario e a hostilidade do mundo exterior (por mal tempo, por traballo ou polo cansazo da camiñada) é común aos dous textos, como tamén o é a pincelada erótica a propósito da beleza e atractivo da moza taberneira, se cadra algo máis tosca en Rimbaud (referencia ao tamaño dos peitos e ao seu carácter decidido no trato cos homes –“non é das que se asustan por un bico”–), moito máis púdica e recatada (alusión ás “trenzas de ouro”, ao “mirar sereo” e á “surrisa de luz”) en Cabanillas.

Cabe salientar, en todo caso, dous “desprazamentos” que o de Cambados introduce no seu texto a respecto do de Rimbaud, que sen dúbida

---

<sup>3</sup> Na versión do *Heraldo de Galicia* (Gurriarán, 1999: 85) os versos finais deste poema din así: “E antre os grises da taberna / hai os risoños cintilos / dos ollares de augardente; / e a gaseosa do sorriso / da filla do taberneiro, / toda mel e señorío, / que anda a roubar corazois / namentras bautiza o viño”.

Ile serviu de pauta. O primeiro ten a ver co protagonismo exclusivamente individual no poema do francés (o suxeito da enunciación é un camiñante-vagabundo que fai parada na taberna para xantar e repoñer forzas), que se torna colectivo no do cambadés: son os mariñeiros de Fefiñáns (os mozos mariñeiros da fiada, os da lancha de enviada, o vello patrón que conta historias de naufraxio e os que lle fan corro para escoitalo) os protagonistas da poesía, aínda que no seu final o foco fique posto nos sentimentos particulares do emisor, ata entón confundido como un máis entre os seareiros do local. E o segundo “desprazamento”, aínda máis destacado, está relacionado co raio de sol que ilumina a escena: mentres no poema rimbaudiano o que alumea é a xerra escumante de cervexa, no caballiniano deita a súa luz sobre o cabelo e o sorriso da taberneira.

O poema de Delgado Gurriarán “O Casino do pobo” ou “Taberna (Augaforte)” comeza distanciándose rotundamente na forma a respecto dos seus modelos: o soneto dá paso ao romance e as rimas consonantes en todos e cada un dos versos, cruzadas (Rimbaud) ou abrazadas (Cabanillas), convértense agora en rimas asonantes só nos pares. Mais, en realidade, rexístrase logo un auténtico rosario de coincidencias. De novo, abundancia de referencias sinestésicas (o balbordo, as voces dos xogadores de cartas, a música de tango, as paroladas...), algunhas delas odoríficas (o cheirume do tabaco, os bafos de viño e augardente...) e outras de carácter ambiental xenérico (“ar que se apalpa”, “brétemas de alento e fume”). Non faltan, xaora, os toques colorísticos (“*brancas* rosa do cuspe / *moradas* rosas do tinto, / as *mouras* rosas da lama”) e fica ben de manifesto, como acontecía nos respectivos textos de Rimbaud e Cabanillas, o contraste entre o benestar térmico que se proporciona dentro do local e o xélido ambiente reinante fóra (“Braseiro. / Catro ou cinco aterecidos. / Unhas chancas que fumeغان”). No poema de Delgado Gurriarán tamén son os raios de sol os que escintilan no sorriso meliflúo da filla do taberneiro.

Non obstante, salta á vista que no retrato tabernario ofrecido polo poeta valdeorrés hai, se así podemos denominalo, un evidente “feísmo” (lapos, queimaduras de cigarros e manchas de viño no chan; o can pulgoso que rañándose semella tocar a guitarra; berros e carraspeiras dos parroquianos etc.) que estaba ausente tanto no poema de Rimbaud como na composición “Na taberna” de Cabanillas. De onde saíu ese “feísmo”? A resposta témola,

coidamos, noutra das poesías do cambadés, a titulada “No Casino”, que fixo parte tamén de *No Desterro* (1913):

Nos vidros e na aceira e no tellado  
trisca a choiva batida polo vento;  
nun curruncho o conserxe, friorento,  
sonea nun sillón coxo e furado.

No coarto da leutura está acochado,  
lendo no “Heraldo”, un vello carraspeno,  
e en voz baixa rexouban do auntamento  
dous mozos que dependen pra abogado.

Uns señores que xogan ó tresillo  
no salón, por si foi posta ou codillo,  
levantan un barullo que pon medo;  
e faguendo chorar un mal piano  
que cai de podre, o fillo do escribano  
ensaia o “No-me-mates” con un dedo.

### **3. A lira dionisíaca**

Un segundo ámbito onde non pode negarse a pegada de Cabanillas na poesía de Delgado Gurriarán reside na abordaxe do viño e da vendima como motivos temáticos.

Cantarlle a ese produto e esa actividade agrícola encerra, desde logo, moitas intencionalidades e interpretacións. Versos así concibidos responden en parte ao canto de exaltación paisaxística, con evidentes reminiscencias clásicas, virxilianas e/ou horacianas; noutra porción, constitúe un xeito de afirmación de tipo panteísta, mesmo ecoloxista *avant la lettre*; pode encerrar, en certa medida tamén, unha homenaxe ao traballo agrario como representación suprema dun modelo ou tipo de sociedade de corte tradicional, precapitalista; e deriva por veces, igualmente, para a esfera do puramente sensitivo e espiritual, facendo do viño elemento de comunión coa Terra, don da divindade ou recurso para espertar a ledicia (*sursum corda*) e a sinceridade (*in vino veritas...*) no corazón dos seres humanos.

Desa riqueza de matices participaron algúns poemas báquicos de Cabanillas e, por iso mesmo, coidamos que exerceron un influxo máis ou

menos directo e inmediato sobre a lira de Delgado Gurriarán, cando menos na porción da súa produción poética dominada polo que Marcial Fernández (1959) catalogou como “dionisiaca paixón”, isto é, o poemario *Bebedeira* (1934), unha parte dos textos de *Galicia Infinda* (Ed. Galaxia, Colección Salnés, 1963) e as “Dionisas” incluídas na derradeira parte do volume *Cantarenas* (Eds. do Castro, 1981).

En textos como “Vendima en Salnés<sup>4</sup> de Cabanillas, xa están presentes varios dos motivos de exaltación báquico-panteísta despregados polo de Valdeorras na súa obra posterior. O enfoque decididamente plástico das escenas outonizas e crepusculares da vendima retratadas é semellante, como o é tamén o protagonismo das mulleres vendimadoras, que propicia expresións de destilado e refinado erotismo por parte de ambos os poetas<sup>5</sup>. Teñen, así mesmo, en común as alusións ás coplas e alalás populares relacionados coa vendima e insiren ademais certas notas de relixiosidade, que levan por exemplo ao de Córghomo a definir o viño como benzón de Deus e como renovado Cristo “redentor / pra as penas desbotar / pra nos redimir da dor”.

Do mesmo xeito que a lira báquica de Cabanillas cantou en *Da Terra asoballada* (1917) determinadas variedades do viño producido en terras do Salnés (“Diante dunha cunca de viño espadeiro”), enzalzou na composición titulada “No casal de Caticovas”<sup>6</sup> os “rebrilos dourados do Albariño / saltarín e algareiro” e “os acesos rubís do agre Caiño” e aludiu no poema “¡Sanxenxo!”<sup>7</sup> ao lugar de Bordóns como “o dos parrales costeiros / onde os asios do albariño / mostran o cor do ouro vello”, a lira de Florencio cantou as variedades todas de uva das terras valdeorresas do seu tempo. No poemario *Bebedeira* hai composicións de títulos ben significativos como “Hino ao viño” e “Cantiga da vindima”, pero ademais nas *Dionisias* (*Cantarenas do viño*) figuran os poemas “In vino véritas”, “Louvores ao godello”, “Gabanza da moza fresca”, “Madrigal ao tostado”, “Louvor á purrela”, un “Descordo

<sup>4</sup> Publicouse en *La Temporada de Mondariz* (nº 12, 14 VIII-1930).

<sup>5</sup> Escribe Florencio na súa “Cantiga da vindima”, por exemplo: “Manciñas de nenas louras / antre as follas depinican; / follas das tortas cepeiras / as mornas fazulas bican. [...] andan zugando as abellas / o celme da moza fresca / e os beizos das nenas louras”.

<sup>6</sup> Publicada por primeira vez en *La Temporada de Mondariz*, núm. 11, 15 de xuño de 1924 e recollida posteriormente en *Camiños no tempo* (1949).

<sup>7</sup> Publicado no diario vigués *Galicia* o 4 de setembro de 1925.

da queimada” etc. Ademais, no poema “Casoiro” fálase da voda do Godello coa Mencía, á que acoden convidadas outras castes de uva como a Viura, o Caíño, o Merenzao, a Garnacha, o Brencellao e a Viciveira. Por último no propio poema titulado “Alvariño”, que xa se incluía en *Galicia infinda* (1963), cítase expresamente ao “Ramón de Salnés, enxebre Apolo / que o cetno che deixara da poesía”.

Por se non fose abondo, en dous dos poemas dionisiacos de Florencio Delgado, os intitolados “Ruada” e “Quince anos”, respectivamente, aparece con toda a súa forza expresiva o símbolo por excelencia empregado por Cabanillas na súa obra: a roseira. No primeiro deles lemos

[...] na brancura dos teus liños  
frescen rosas bermellas.

Da roseiriña antre as rosas,  
teimosas, do anceo, voan  
as avelaíñas todas.

mentres que no segundo figuran estes versos:

O ventiño namorouse  
da rosa dunha roseira,  
negoulle a roseira a rosa  
e o vento fuxiulle co’ela.

Cómpre lembrar, en fin, que Delgado Gurriarán, probablemente en recoñecemento a esta débeda ou vinculación da súa estética báquica coa obra de Cabanillas, incluíu no volume *Cantarenas* (1981: 125) un saúdo “Do Far East” para o “Far West” galegos, isto é,

de Valdeorras, fronteira das cegoñas, reserva dos lobos, [...] baruda  
paisaxe de barrocas cepeiras, de petrucios castiros e da amarela  
urxencia primaveril das mimosas...

para a Arousa dos cabalos bravos, das luarizadas magnolias, da  
cós mica beleza das camelias, das langostas e centolas [...] das  
vieiras xacobeas [...].

Da terra do Tostado, topacio derretido e namoro do paladar, do  
viño *grosso e agullento* e do augardente *de feudal recendo* [...]

para a ribeira do Espadeiro e do Albariño, lizgaios brinquedos  
da gorxa, que cantara o Vate de Cambados [...]

#### 4. A lira indignada

Finalmente, ecoan determinados versos de Cabanillas tamén na lira máis combativa e civil do valdeorrés, mais non só na escrita durante o seu longo exilio en terras mexicanas, como xa ten analizado sabiamente Alonso Montero (1996), senón tamén, e aquí poñeremos nós o foco, na escrita antes da guerra.

O poema “Hino dos Grupos Galeguistas de Valdeorras” recollido no *Cancioneiro da loita galega* (1943: 27-28) e atribuído con razón por Alonso Montero (1996) ao propio Delgado Gurriarán rexistra numerosas e evidentes pegadas da retórica hímica cabanilliana:

En pé, barudos mozos da aldea,  
xa nasce o sol da nosa liberdade;  
en pé, rapaces, que xa alumea  
a luz esgrevia da nova idade.

Valentes mozos galegos  
xa é hora d-espertar,  
de ouvir da Terriña os pregos  
e de, por ela, loitar.

Man na fouce ide á seitura  
da máa herba que inza o chan;  
por xustiza, en loita dura  
acabade co tirán.

A fera pouta do centralismo  
tén a Galiza toda esnaquizada;  
a besta inmunda do caciquismo,  
daquel escravo, téna asoballada.

Ei, mocidade valente,  
moi xuntos en baril loita:  
¡por Galiza independente  
por rematal-a súa coita!

Queremos posto de honore  
da Iberia antre as naciois;  
veñan vencellos de amore,  
non xugo de mansos bois.

¡Ei, mocidade garrida,  
a conquistar coa victoria,  
pra Galiza, nai querida,  
a liberdade e a gloria!

Moitos dos versos e dos trazos expresivos deste himno escrito por Florencio lembran de maneira clara, coidamos, outros precedentes de Cabanillas en composicións como “Alma nazonal i ardente”<sup>8</sup>, “A Basilio Álvarez”<sup>9</sup>, “Acción Gallega”<sup>10</sup> ou “En pé”<sup>11</sup>. A intensidade no ton, conseguida a base de constantes exhortacións e exclamacións; o emprego de metáforas relativas ao sol, a luz, o amencer, a seitura ou a primavera como anuncio dos novos tempos; a alusión simbólica á fouce e as referencias ao marco aldeán; a invocación de determinados valores e ideais (*honor, liberdade, xustiza, loita, valentía...*); o emprego de determinadas verbas para definir a propia Galiza (*asoballada, nai querida*) e a identificación do caciquismo e do centralismo como principais inimigos a bater son algúns deses elementos que permiten colocar a citada composición do valdeorrés no ronsel dos cantos combativos do Cabanillas “basilista” e “irmandiño”.

Mais non ficou aquí o influxo do Cabanillas poeta civil sobre o poeta novo Delgado Gurriarán na preguerra. Unha serie de poemas escritos polo de Cambados a comezos dos anos 20 durante a súa estadía na capital hispana, recollidos logo na súa maioría na segunda edición de *No desterro* (1926) baixo o rótulo capitular de “Madri”<sup>12</sup>, constitúen referente, no formal e no temático, para algunha das composicións do de Valdeorras, máis concretamente para a titulada “Ban interior... Madride”, que foi publicada a finais de 1932 no *Heraldo de Galicia* ourensán<sup>13</sup>:

---

<sup>8</sup> Publicada en *No desterro* (Habana, 1913).

<sup>9</sup> Publicada en *No desterro* (Habana, 1913).

<sup>10</sup> Publicada en *Vento mareiro* (Habana, 1915) e tamén recollida en *Da Terra asoballada* (Vilagarcía de Arousa, 1917).

<sup>11</sup> Publicouse por vez primeira en *A Nosa Terra* (nº 17, 30-IV-1917) e recolleuse en *Da Terra asoballada* (Vilagarcía de Arousa, 1917).

<sup>12</sup> Referímonos principalmente ás composicións tituladas “¡1921!”, “O mentideiro” e “Orxía cortesán”.

<sup>13</sup> Vide *Heraldo de Galicia*, Ourense, nº 109, 5 de decembro de 1932. Recollida por Gurriarán (1999: 81-82).

Cinco andares sombrizos;  
 catro paredes outas;  
 embaixo, coa humidade,  
 mouro espello de louxas;  
 ringleiras de fenestras  
 con papés de coores;  
 “probes chicas” que cantan...  
 (¡¡probes ouvidos que ouven!!);  
 contra uns mármores duros  
 dominós a bater;  
 un “outa voz” veciño  
 a cantar en inglés.  
 A estudar, a estudar;  
 a gramola nun bar  
 a tocar, a tocar  
 ¿quen a pode aturar?  
 O préstamo “a la gruesa”;  
 A lex fori, a rei sitae...  
 ¡E a gramola do bar  
 que de novo se sinte!  
 A estudar, a estudar,  
 e-a gramola do bar, a tocar,  
 a tocar:  
 cada minuto, un disco;  
 e cada disco, un can...;  
 son, sesenta por hora,  
 fan ¡vintecatro reás!  
 Chotis, tango, flamengo.  
 (¡Amos, anda! ¡Ai, ai, ai!)  
 El ranchito está triste; - (¿Qué terá ise ranchito?)  
 la pebeta s’espianta; - (Ollade a moi... larpeira!)  
 por matar sus dolores - (¡Coitadiño! A rei sitae...)  
 un compadrito canta. - (O estudante rabea)  
 A su vieja le dise - (¡Malpocada velliña!)  
 Que ya deja la farra, - (O Congreso de Berna)  
 Que un compadre maldito- (¡Moi ben feito, por burro!)  
 Robó su mina mala” - (¡Anda á contarlle â vella!)  
 Uns autores opinan... Outros din ao revés...  
 Outros... eclecticismo (mitá e mitá está ben.)  
 Soluzón de armonía: Jitta, Fiore, Froland...



Sin... (a metade é leite... o mesmo que no bar,  
 A outra mitá. Achicoria, que o café... no Brasil  
 mesmo que a cencia d'eles, que aínda non a vin).  
 Brados da cancerbeira, laios do “cantaor”;  
 Poeira das alfombras; chamadas ao “garsón”.  
 (Tantos opositores son a tantos por praza.)  
 Tan, tan, tan, tan... - ¡Adiante! – Señorito, ¿chamaba?  
 Non, de outro ban sería... - ¡Ah!, coidei, pois perdoe.  
 De ren, aquí non era. – Ben, de aquela, pois voume.  
 (Son; a tantos por día; dende o tantos do tantos....  
 Ata... ¡Mala centella, hai lería para un anaco!)  
 Ben... A rei sitae... ¡Cala!: ¡xa é hora de xantar!  
 Ban interior, Madride ¡Bon sitio pra estudar!

O retrato do ambiente reinante nese local en que o protagonista intenta sen éxito concentrarse nos estudos está en sintonía, coidamos, coa pintura daquel Madrid de “mozas da vida, probes e soldados / nas rúas e dancings e merendeiros”, de cupletistas que triunfaban “en camisa” e se metían a “gran señora” e de xornais impresos en Bizancio que o de Cambados xa trazara con manifesta amargura no seu poema “¡1921!”, así como coa visión sobre a capital hispana deitada no poema “Serán de domingo”, un Madrid onde “xente vai e ven, rúas e rúas, / coa presa silenzosa da formiga”, cidade de “ceo afumado, terra pardecena” poboada por multitudes compostas de amas de cría, gardas, toureiros, soldados e prostitutas e de cuxas tabernas, cando xa é noite pecha, saen “bafaradas runxidas / dunha mistura tráxica: / Valdepeñas e touros e política”. Tamén hai algo no poema de Florencio da denuncia que vertebra o poema “Orxía cortesán” de Cabanillas: o contraste entre os penosos sacrificios e constantes esforzos que se ven forzados a protagonizar os elementos das clases máis humildes, sexan labregos ou, como neste caso, estudantes, e a vida disoluta, ociosa e desbaldidora que levan os representantes máis conspicuos do *statu quo* social e político (foreiros, deputados...) <sup>14</sup>.

<sup>14</sup> Escribe Cabanillas no poema “Orxía cortesán”: “Mentras ti como un bendito / triste probe e risiñado, / turras e turras do arado / sin lle dar repouso á mau, / en Madrí xogamos, rimos / no cabaret, na ruleta / ou bebendo si nos peta / un cabazo de champán. / Ven a Madrí, bo galego, / e verás como a “Fulana” / do teu amo en Parisiana / baila o tango e o “foxtro” / fuma xarutos exicios / e xoga ó trinta e corenta / e lambe bombóns de menta / e se apipa de “contró”.

Cabanillas e Delgado Gurriarán, cada un desde a súa particular peripecia biográfica, “padeceron” o choque anímico e ideolóxico derivado da súa instalación durante un tempo na cidade do Manzanares, convertida pola dinámica política do seu tempo nunha sorte de “Roma imperial” e deixaron vívido testemuño poético dese impacto, que suscitou neles criticismo, amargura e repudio en iguais doses.

Pero ademais, un eficazísimo recurso expresivo empregado por Cabanillas en poemas como “Un enterro de primeira” e “O mentideiro” co propósito de subliñar o acusado contraste existente entre o discurso político oficial, verborreico e grandilocuente, e a triste e misérrima vida dos desfavorecidos<sup>15</sup>, ou tamén, entre a banalidade das aparencias que preocupaban aos estamentos privilexiados fronte á dura e por veces mesmo sórdida realidade do vivir cotián dos sectores populares, tamén foi aproveitado por Delgado Gurriarán na composición que nos ocupa. Referímonos a esa especie de notas ou aclaracións que aparecen entre parénteses e que contrapuntean o que se di nos versos, a xeito dun río discursivo subterráneo que non obstante ten a capacidade de desvelar a verdadeira esencia e o real significado dos fenómenos superficiais descritos.

Por último, non deixaremos de chamar a atención sobre o moito que hai noutro poema de Delgado Gurriarán, “A galega en París”<sup>16</sup>, de imitación de Cabanillas no emprego dos estranxeirismos (galicismos, anglicismos...) como elementos caracterizadores da psicoloxía e do ambiente en que se moven certos protagonistas retratados no poema. Se o de Cambados dicía que as *fulanas* de certos prebostes da política galega de entón se empipaban de “contro” e bailaban o “foxtro”, o de Valdeorras escribiu:

A mociña galega, que chegou a París  
en longa “promenada” da aldea ao boulevard,  
garda, baixo da tona do seu francés pavelo,  
todo o espírito da Terra, todo o celme aldeán.

<sup>15</sup> Escribe o de Cambados en “O mentideiro”, retratando os debates nas Cortes sobre o desastre de Annual: “¡O Honor! ¡A Patria! (A sangre xenerosa / da mocidade, a regos) / ¡Millóns!, ¡Millóns! (A anemia, / a fame dos obreiros, / os farrapos dos probes, o suor dos labregos)”.

<sup>16</sup> Incluído en *Galicia Infinda* (1963: 63-64) pero xa publicado con anterioridade no xornal *Galicia* de Bos Aires o 30 de setembro de 1955.

Seu mundo de arastora é tamén verdecente,  
con xente branca e loura e só de estrana lingua,  
mais, pra sentirse a xeito e viver as súas lembranzas,  
ouvir, lle compre, a gaita na feira da Bastilla.

Inda que, engaiolada de París polo engado,  
pode ter “randevús” na porta do “metró”,  
pode troular nas rúas o catorce de xullo,  
da señardade, a espiña, leva no corazón.

A galega, en París, baila o vals “museta”,  
na “gangueta” rebulda, se “amusa” ao “Luna-Park”  
e un “copén” do “cartier”, “garsón de pharmasi”  
nas seráns de “conxé” a leva ao “sinemá”.

Mais de noite, na “chambre”, ten “reves” do seu povo  
—os eidos nos esquece, ni o cheiro das mazáns—  
e pensa no mociño, e dalle ao derradeiro  
“tangó” de Tino Rossi, recendos de alalá.

## Bibliografía

- Alonso Montero, Xesús (ed.) (1979-1981): *Ramón Cabanillas. Obra Completa. 3 Tomos*. Madrid: Akal Editor, col. Arealonga.
- \_\_\_\_\_ (1996): “As musas belixerantes do exilio”, prólogo á edición facsimilar do *Cancioneiro da Loita Galega* (México, 1943). Sada: Eds. do Castro, Serie Documentos, 127, pp. 9-27.
- Carballo Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casas, Álvaro de las (1929): *Antología de poetas gallegos*. Bos Aires: Ed. Sopena.
- Dobarro, Xosé M<sup>a</sup> (2001): “O nacemento dun poeta en terras cubanas: Ramón Cabanillas” en VV.AA., *Actas das Xornadas sobre Ramón Cabanillas*. Santiago: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, pp. 161-208.
- Fernández, Marcial (1959): “A poesía de Delgado Gurriarán”, *Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega do México*, 1.
- Fernández Rei, Francisco (2015): *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa*. Vigo: Xerais.

- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Eds. do Castro, Serie Documentos, 147.
- Ínsua, Emilio Xosé (2015): “Ramón Cabanillas e as Irmandades da Fala”, *Boletín da Real Academia Galega*, 376, pp. 527-561.
- \_\_\_\_\_ (2016a): “O Cabanillas irmandiño” en Luís Cochón (coord.), *Arredor das Irmandades da Fala. Pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)*. Vigo: Xerais, pp. 259-272.
- \_\_\_\_\_ (2016b): *A nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*. A Coruña: Baía Edicións.
- \_\_\_\_\_ (2020): “Ecos de Rimbaud en dous poemas de Ramón Cabanillas”, *Cenfollas de Artes e Letras*, pp. 31-36.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra. Poesía galega posterior á guerra civil*. Vigo: Xerais, col. Universitaria.
- \_\_\_\_\_ (2000): “A figura literaria de Ramón Cabanillas”, *Pontenerga. Revista de Estudos Sociolingüísticos*, 2, pp. 105-120.
- Millán Otero, Xosé Manuel (1989): “Sobre o itinerario poético. A paixón pasiva” en VV. AA., *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*. Vigo: Ed. A Nosa Terra, A Nosa Cultura-Extra, 10, pp. 11-23.
- \_\_\_\_\_ (1996): “O anuncio dos novos tempos: Ramón Cabanillas” en VV. AA., *Historia da Literatura Galega*. Vigo: Ed. A Nosa Terra-ASPG, fascículo 18, pp. 545-576.
- Pena, Xosé Ramón (2016): *Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936*. Vigo: Xerais.
- Peña Novo, Lois (1917): “Os vellos e os novos. Cabanillas, Barcia Caballero”, *A Nosa Terra*, 28-29, 30 de agosto.
- Rei, Luís (2009): *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*. Vigo: Galaxia.
- Vázquez Souza, Ernesto (2003): *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*. Sada: Eds. do Castro, Serie Documentos, 169.
- Villar Ponte, Antón (1917): “Ramón Cabanillas, poeta da Raza”, *A Nosa Terra*, nº 32 (30 de setembro), 33 (10 de outubro), 34 (20 de outubro), 35 (30 de outubro), 37 (20 de novembro), 38 (30 de novembro) e 39 (10 de decembro).

## O corpo e a terra ás dúas beiras do océano. Delgado Gurriarán na infinda primavera

MARÍA XESÚS LAMA  
(UB)

O grupo de “poemas mexicanos” de Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987) constitúen un conxunto peculiar por varios motivos: por ser dos escasos textos que atenden ao país de recepción na literatura da emigración e do exilio, por ser ese país de recepción México cando o groso da produción galega do exilio se concentra en Arxentina, e finalmente polo ton festivo e celebratorio que transloce una forza vital incombustible que apenas abre fendas para a saudade ou os lamentos polo ben perdido.

Igual de peculiar é a personalidade do poeta valdeorrés, de quen os seus compañeiros de mocidade lembran sempre o seu espírito hedonista e as súas habilidades sociais, a graza para inventar cantigas ou cantar repertorios populares, o gusto polo baile e a esmorga ou o espírito de compañeirismo e o pulo para a acción. Profundamente marcado polos anos da infancia na casa familiar de Córcomo (Valdeorras), a pesar de que xa cando tiña seis anos a familia marchou vivir a Ourense e cando tiña dez marcharon para Palencia e despois Valladolid, as vacacións na terra natal e o regreso despois de rematar a carreira de dereito marcan unha mocidade cunha forte conexión na vida comunitaria da súa comarca, que celebra no seu primeiro libro de poemas co elocuente título de *Bebedeira* (1934). Un espírito que non decae nin sequera en plena guerra, cando ao parecer o reclamaban os seus paisanos para levantar o ánimo da tropa visitando a fronte do Ebro polos seus dotes musicais e o seu bo humor<sup>1</sup>. Cando, despois de pasar por Francia, viaxa a México no famoso *Ipanema*, a pesar de que xa non é un home novo e debe enfrontarse a un cambio de vida radical, relata a súa chegada ao país de acollida asociada cunha imaxe de exploración curiosa, como unha inmersión inmediata nos

---

<sup>1</sup> Así o testemuñou Ramón Esturao, capitán do Batallón Galego do 5º reximento: “con Félix Martín Iglesias, entre os dous eran unha marabilla. Todo o mundo escoitaba o que recitaba Florencio e o que logo cantaban despois día e noite para distraer” (Gurriarán, 1999: 132). Téñase en conta que Florencio xa tiña 33 anos no 1936 e xa non lle tocaría ser mobilizado para a fronte, que en Galicia, baixo o bando franquista, afectou ao reemprazo dos anos 1928-1941.

novos ritmos coa naturalidade de quen vive incorporando constantemente as manifestacións lúdicas e festivas do seu contorno:

Aquella primeira noite de estancia en Veracruz nos fuimos a pasar un rato muy agradable en Villa del Mar. Había allí un salón de baile al aire libre, estuvimos tomándonos cervecitas y unos refrescos y bailamos nuestros primeros bailes en México –creo que era Nereidas el danzón que si me bailé uo con unha jarocho muy bonita, por cierto–. A los dos o tres días de estancia en Vereacruz vinimos para méjico unos cuantos.

(Gurriarán 1999: 154)

Non debe ser casualidade, pois, que sexa o “Noiturno da noiva Jarocho” o primeiro poema publicado en México, abrindo o número 1 da revista *Saudade* do 25 de xullo de 1942<sup>2</sup>. O subtítulo, “son veracruzano”, utiliza a palabra *son* como termo xenérico que se refire ás cancións e danzas populares en México caracteriza por un trazo primordial: un ritmo ternario irregular que cambia cada seis compases<sup>3</sup>. Nel os versos alternan con retrous vocais ou instrumentais, sendo os instrumentos variados segundo as rexións. Os textos das cancións sempre son pareados, adoito octosílabos, e a temática soe xirar á volta das mulleres e o amor. Pero ademais o chamado *son jarocho* parece ser que foi un dos que gozou de maior popularidade nas cidades de México, seguindo de preto ao *mariachi*, e chámase así porque é propio da rexión de Jarocho, que ten como centro o porto de Veracruz, estendéndose cara ao sur polo istmo de Tehuantepec, unha rexión que presenta especiais afinidades coa costa do Caribe. No poema do escritor galego a disposición das estrofas parece querer reproducir ese ritmo ternario cun paso atrás e dous adiante, colocando as estrofas que conteñen o retroso en posición destacada ao comezo e a partir de aí cada tres estrofas (1ª, 4ª, 7ª e 10ª), e recreáse nunha

<sup>2</sup> Aparentemente é o primeiro texto da primeira publicación dos exiliados galegos en México, xa que o *Cancioneiro da Loita Galega* saíu do prelo en 1943. Sobre os contidos de *Saudade* ver Lama (1999).

<sup>3</sup> O *son jarocho* xorde da mestura de elementos españois, indíxenas e africanos, a partir do fandango español e báilase con zapateado sobre un chan de madeira. Para comprender a importancia da datación da composición deste poema, véxase a historia da evolución do *son jarocho* en México durante o século XX no resumo de Figueroa Hernández (s.d.), especialista en música popular da Universidad Veracruzana, quen sinala o fenómeno de popularización desta forma musical veracruzana en todo o país na década dos corenta a partir dos primeiros estudosos do folclore que contribúen á súa difusión desde a capital.

descripción da moza que danza a través da sucesión de imaxes sinestésicas con pícara sensualidade. Os elementos característicos da natureza e os ritmos do novo mundo transmiten unha paleta de sensacións que impacta aos lectores como unha presenza que non require máis explicacións para percibir a sensación de novidade e exotismo que se impón a través dos sentidos: danzón, mangos, boleros, huapango, corrido, herbaboa, milgranada.

Un ano máis tarde aparecen no número 4 de *Saudade* (xullo de 1943) un grupo de poemas que xa levan o título que define o proxecto de libro no que vai traballar nos anos de exilio: “Poemas da Galicia Infinda”. O conxunto cristalizará no libro *Galiza Infinda* (1963) publicado na Colección Salnés de Galaxia, e na entrega da revista podemos observar como vinte anos antes xa está presente a idea motriz do poemario na composición que despois abrirá o conxunto e que leva o mesmo título do libro, que aparece aquí precedida por un paratexto significativo a modo de título ou subtítulo do poema: “Notas para unha xeografía metafórica de Galiza”. A concepción ou a construción desta xeografía metafórica é o que vai definir de aquí en diante a posición no mundo do poeta, que lle facilita a apropiación de novas xeografías con sentimento de pertenza e igual amor pola nova realidade física presente que por aqueloutra que xa só existe na lembranza:

¡Galiza é infinda!  
Nosa Galiza é más que toda a Terra.  
Non é só o cativo currunchiño  
que din escolas vellas.  
Cómprenos desbotar antigos erros  
fillos de mente estreita.  
¡Galiza é infinda!

O internacionalismo substitúese por un galeguismo sen fronteiras que abarca os territorios por onde se espallan “os netos dos celtas”, o río que cruza o territorio xa non é o Miño senón o Gulf Stream e os límites xa non son fixos, porque esa “elástica fronteira” é imposible de atravesar porque “onde un galego está atópase ela”. Para esta concepción dun espazo elástico ou móbil axúdalle ao poeta a denominación dos territorios do novo continente nas formas do período colonial: Nueva España, Nueva Galicia, como topónimos do vicerreinado que ocupaba o territorio equivalente ao México actual e reino autónomo dese territorio respectivamente, son as

denominacións que utiliza constantemente o poeta para reforzar a idea de nova patria da que é posible sentirse parte. Ao mesmo tempo conxúrase a connotación colonial desas denominacións elaborando cadeas significativas que desactivan calquera imaxe de dominio buscando a identificación co mundo natural e coas clases populares desde a experiencia compartida da marxinación e a derrota.

A continuación o conxunto complétase con dous poemas con título de formas musicais populares que reforzan esa idea de irmandade entre o novo e o vello, o propio e o alleo: “Rumba” e “Pandeirada”. O eu poético sitúase na voz dun suxeito pasivo que contempla a acción das mulleres, a negra e as nenas pandereteiras, constituídas en axentes que a través do baile manifestan o desexo propio e xogan co do observador, nun ambiente de sensualidade dominado polos ritmos enfebrecidos que arrastran os corpos en claras contorsións de chamada sexual. Foron pouco comentados aínda estes poemas de Delgado Gurriarán que o sitúan como pioneiro da poesía erótica en galego nunha liña de poesía neopopular que crean ambientes intensamente vencellados co ritual dionisiaco e a festa. Por último, o poema dedicado a “Os gaiteiros de Montgómer” rende homenaxe a un símbolo dos pobos celtas, que se manifesta de novo pola sonoridade musical, que desde a súa localización atlántica representan un nó de comunicación das rutas marítimas entre os continentes. Como evocación “dos carreiros de escuma que á America vencellan” os sons das gaitas anuncian “de vida ceibe e nobre unha baril promesa”, e constitúense en eixo desa imaxe de identidade diaspórica cunha antiga tradición de mobilidade a través un océano que comunica diferentes puntos de asentamento, de partida ou de chegada, en cambio permanente.

Cun gran salto temporal publícase o número 7 e último de *Saudade*, en xullo de 1953, onde Delgado Gurriarán publica a reprodución dun poema do seu libro *Bebedeira*<sup>4</sup> xunto cun novo poema do que el consideraba parte desa nova xeografía da *Galicia Infnda*. Agora “A galega en París”, aínda que nun espazo europeo e urbano, recunca na representación dun mundo culturalmente mestizo que invade a lingua e destaca a axencia feminina fóra

---

<sup>4</sup> O poema escollido é “Camiño da serra”, unha pastorela moderna que forma un conxunto harmónico dos dous poemas polo protagonismo feminino e a temática amorosa.



dos ambientes domésticos e familiares, como suxeito que explora novos mundos e que se mergulla a través da experiencia física do baile nas formas palpitantes de ritmos descoñecidos:

A galega, en París, baila o valse *museta*,  
na *gangueta* rebulda's, *amusa* o *Luna Park*  
e un *copen* do quariier, garson de *pharmasi*  
nas seráns do conxé a leva ao cinemá.

O resto dos poemas que forman o conxunto dos poemas mexicanos foron publicados no 1959, de novo como prato forte do primeiro número dunha revista, *Vieiros*, que nacía con aspiracións de representar a actividade da comunidade galega cun nivel de esixencia estética e de calidade nos materiais que é toda unha declaración de intencións como proxección dunha imaxe dignificadora do exilio galego cara ao interior e cara ao resto do exilio español en México (Lama, 1998). Aquí baixo o título *Nueva Galicia*, aparece o conxunto de poemas inspirados directamente pola realidade mexicana e máis concretamente ás terras de Jalisco que coñeceu ben despois do seu traslado coa familia a Guadalajara por motivos laborais en 1951 (Gurriarán, 1999: 221 e ss.). Datados nese mesmo ano da publicación, o conxunto de nove poemas publicado en *Vieiros I* aparece nas páxinas da revista organizado cunha orde que sería alterada despois cando se publicou en forma de libro: “O viaxeiro”, “Átotonilco”, “Xacaranda”, “Tabachín”, “Paricutín”, “Morelia”, “Manzanillo”, “Volta” e “Xarabe tapatío”, este último cunha dedicatoria a Ramón Cabanillas<sup>5</sup>. A acumulación de termos tomados das linguas indíxenas ou da toponimia nos títulos parece constituír tamén unha declaración de intencións. O que lle interesa a Florencio do novo mundo son sobre todo os elementos que perviven das culturas indíxenas e que se detectan inda nos nomes da vexetación e nos nomes de lugares ou accidentes xeográficos. O conxunto ábrese cunha presentación do personaxe que viaxa, co que se identifica el mesmo como un “Novo Odiseo” que inicia un periplo no que percorre paraxes descoñecidas para alimentar a familia, como facía el pola súa profesión de representante comercial, e sempre co obxectivo do regreso ao fogar onda a súa Penélope. Significativamente aquí a idea do regreso non

---

<sup>5</sup> “A don Ramón Cabanillas, mestre e petrucio da lírica galega de arastora, con fonda venerazón e agarimo”. O poeta probablemente se encontrase xa nun estado de saúde delicado cando saíu a revista no verán, pois morrería en novembro dese mesmo ano.

se vencella á patria perdida, que aparece noutros versos rememorada sen anguria, como a imaxe dunha felicidade distinta. Non se aspira a regresar á patria senón ao fogar familiar, unha nova patria construída no país de acollida e sempre accesible. A partir da presentación dese personaxe viaxante o foco trasládase do suxeito ao obxecto: a terra, a paisaxe, as xentes, como imaxes coloridas, vitais, estimulantes, que desfilan para o seu engado de observador atento, disposto a desaparecer arrecunchado nunha posición de testemuña asombrada para homenaxear esa nova realidade que o acolle.

“Atotonilco” xorde da visita á cidade dese nome no veciño estado de Guanajuato, mais os elementos seleccionados para retratala pertencen ao mundo natural que rodea a cidade, o que lle confire unha personalidade marcada e exótica: a terra vermella, as plantas de ágave que medran polas costas, os loureiros de Indias que habitan as prazas e que acubillan paxaros como as barulleiras chachalacas. En “Xacaranda” concédelle o protagonismo a esa colorida árbore de flores lila que representa a «infinda primadeira» das terras tropicais, como un “foguete malva” que estoupa na mañá deixando caer no chan unha choiva de pequenas follas. Ao seu lado o “tabachín” coas flores de vermello intenso “alumea o xardín” como un incendio primaverál<sup>6</sup>. Desde Guanajuato trasládanos ao estado de Michoacán, onde se sitúa o Paricutín, un volcán activo próximo á cidade de Uroapán que atrae o turismo do norte “para que os *gringos* do norte/ poidan vir matar o *esplín* [...] pra ao turismo *dar chance*”<sup>7</sup>. O periplo segue ata a capital “Morelia”, que se compara con Compostela, buscando unhas correspondencias constantes que lle permiten establecer unha equivalencia e unha continuidade que cura a ferida da señardade coa alegría dos novos descubrimentos. As orquídeas que florecen na capital de Michoacán lémbrenlle as camelias compostelás e a cor rosa dominante nos edificios substitúe o gris da cantería ausente. Ata lle parece encontrar a casa da Troia nunha revolta e, en calquera caso, os

---

<sup>6</sup> Maceira (1995: 216) sinalou as conexións co hilozoísmo para describir paisaxes mexicanas, e a necesaria incorporación de préstamos lingüísticos para describir esa nova realidade que “converten a lingua poética nun crioulo cheo de musicalidade”.

<sup>7</sup> A mestizaxe que observamos en todo este repertorio coa utilización de termos mexicanos aparece agora coa adaptación de préstamos do inglés, igual ca no poema “Unha galega en París” viamos con préstamos do francés. Non hai límites para a mestura e a exploración das novidades porque o contacto entre culturas actúa sempre provocando transformacións nas linguas e nas identidades dando lugar a novas realidades.

referentes afectivos diseminados pola cidade aparecen baixo formas diferentes porque esta Morelia silenciosa, quentada polo sol, transfórmase pronto para el nunha nova Compostela “loira” e “esquecida das choivas”, unha cidade que parece ter os encantos de Compostela, pero mellorada polo baño de sol vivificador. Por último o percorrido baixa ata o pequeno estado de Colima onde nos fai visitar a cidade de Manzanillo, cos seus “outeiros de esmeralda/ e casupas perquerrechas” e preséntanola despoxada do elemento humano, á hora do solpor, que esperta unha reflexión metafísica cargada de estoicismo: “¡mola andando, non si?!/ que a vida cedo romata!”. Como peche da serie a breve explosión de alegría da “Volta” coa imaxe do tren “tanxendo unha pandeirada” camiño do lar.

Este conxunto, que parece engarzado co motivo da viaxe, complétase cun último poema que recupera o motivo da danza, neste caso o “Xarabe tapatío” típico de Jalisco, como unha celebración da cidade de Guadalajara que agora é o seu fogar, e das súas xentes. A estrutura formal característica do *jarabe*, que consiste en repetir unha frase antes de pasar á seguinte, búscase na estrutura do poema con versos divididos en hemistiquios, e a ledicia do eu poético trasládase ao ambiente de troula e exaltación do ritmo acelerado do baile “ledo como un rechouchío” que describe.

A representación da viaxe e as observacións do viaxeiro que se constrúe neste conxunto queda completamente anulada ao trasladar os poemas ao libro nunha orde diferente aparentemente aleatoria, que inclúe o “Nouturnio” e a “Rumba” publicados en *Saudade* e engade tres novos poemas longos, relegando a súa presenza en “O viaxeiro” ao último lugar como peche do libro. Os tres poemas engadidos aparecen intercalados no conxunto e teñen un elemento en común, que é a sutil aparición dalgún elemento do país natal con outros do contorno presente: “Conto sinxelo” presenta de novo unha escena baile nunha festa popular, pero agora o protagonismo feminino compártese co mozo para tecer unha danza de cortexo entre un “neto de Breogán” e unha “souril *prietita*” que compoñen unha perfecta mestizaxe de musicas cos “laídos de huapango,/ aturuxos de alalá” e de linguas no fillo que fala co “sangal dicir galego/ alamio tropical”. O motivo da contemplación e descrición da paisaxe desenvólvese en “Hai sede en Nova Galicia...” a través dunha descrición da paisaxe desértica a través da longa enumeración de elementos que se organiza nunha gradación: comeza pola xeografía e o

mundo vexetal (outeiros, chairas, mopaleiros, lagoas, valgadas, regueiros, árbores...), despois o animal (coiote, cobra, iguana, carneiros) para introducir ao final o elemento humano a través dos pegureiros e chegar á comparación cun “eu” que inverte os termos porque xa non é a sede circunstancial auga para a terra que provoca a seca, senón unha sede existencial e persistente da mesma terra mollada e distante:

Sede nos ermos outeiros  
E nas poeirentas chairas,  
Nos arpados nopaleiros,  
Sede nas enxoiatas airas  
(...)  
Sede en min nunca amatada,  
Sede en min xamais dormida,  
Da verde Terra arelada,  
A das choivas benquerida.

E do mesmo xeito no poema “Paso por mil cumes” a descrición do longo periplo en autocar pola paisaxe mexicana remata cunha exclamación saudosa: “¡Terra esgrevia e verdecente/ que outra verde terra lembra!”. Son rememoracións ou constatacións das lembranzas sempre exentas de acritude e de calquera ton sufridor. A ausencia asúmese con naturalidade e o asombro admirativo cara ao contorno natural e humano da situación presente intégrase con gratitude e esvaece calquera posibilidade de lamento por un posible ben perdido.

Por último, fóra do grupo de poemas que se reúne ao final do libro baixo esa epígrafe de “Poemas mexicanos” débese consignar a conexión dese conxunto cun dos poemas iniciais do libro que bascula tamén entre esa dobre realidade galega e mexicana: o poema “Nomes” aparece a maneira de introdución para mostrar a través da sonoridade dos topónimos unha irmandade entre dúas terras que conviven en harmonía a través do “son garruleiro e lizgairo” dos nomes mexicanos como Tsintsunsan, Paricutin, Sirahuen, Uruapan, Ario etc., combinado co “doce e sonoro canto” que compoñen os nomes das terras ourensás como Baeles, Córghomo, Castelo, Arnado, Outarelo, Millarouso e tantos outros. A música de culturas e tradicións diferentes combínase e convive producindo unha nova estética en que a beleza xorde da convivencia e harmonización de elementos diferentes.

Como indiquei noutra ocasión (Lama, 2000: 744) o poeta inspírase ante a contemplación da paisaxe e as xentes do pobo tanto en México como en Galicia e recolle os valores da cultura indíxena concedéndolle o protagonismo á música e os elementos vexetais, elementos prioritarios tamén para a cultura dos aztecas. Aínda así moitos dos elementos musicais autóctonos teñen a súa orixe en formas populares peninsulares, como o *jarabe gitano*, o *son* xorde da combinación de elementos de música española con instrumentos afroclubanos ou indíxenas, e ao revés, a rumba cubana inflúe nas formas populares da península orixinando a rumba flamenca. A polémica estaba servida probablemente tamén na sociedade literaria mexicana, despois da reacción no libro de Samuel Ramos en 1937 fronte á posición universalista defendida pola xeración de “Los Contemporáneos”:

Mexico debe tener en el futuro una cultura “mexicana”, pero no la concebimos como una cultura original, distinta a todas las demás. Entendemos por cultura mexicana la cultura universal hecha nuestra, que viva con nosotros, que sea capaz de explicar nuestra alma.

(Ramos, 2001: 94)

González Millán (2002) chamou a atención sobre as características do discurso que expresa a experiencia do exilio: a dualidade espacial (aquí e aló) e temporal (antes e agora) que se presenta simultaneamente asignándolles valores positivos ou negativos; a conciencia nacional frustrada que se revive con intensidade na sociedade de acollida e xera a retórica dun imaxinario colectivo do exilio como experiencia fundacional que se proxecta cara ao futuro; a conciencia de fuxida e a necesidade do retorno; finalmente, a orientación cara a un horizonte utópico no porvir, fronte á experiencia da emigración orientada máis ben cara a un pasado que se identifica co paraíso perdido. Delgado Gurriarán reflicte nos seus poemas esa dualidade pero con intención harmónica, atende á conciencia nacional para atribuírle fronteiras elásticas e adaptables a calquera contorno ou realidade e aférrase a un presente poderoso que non cede ante a rememoración saudosa nin a fantasía utópica. Por iso a súa personalidade poética, e tamén a humana, representa un desafío para a lectura tópica da experiencia transnacional e transcultural como ferida e esgazamento íntimo, ao tempo que esboza un modelo alternativo para a asimilación desa experiencia como exploración e enriquecemento, como gozosa superación dos propios límites.

## Bibliografía

- Delgado Gurriarán, Florencio (1942): “Noiturnio da noiva jarocho. Son veracruzano”, *Saudade*, 1, p. 2.
- \_\_\_\_\_ (1943): “Poemas de Galicia Infinda”, *Saudade*, 4, pp. 16-18.
- \_\_\_\_\_ (1959): “Nova Galiza”, *Saudade*, 7, pp. 37-40.
- \_\_\_\_\_ (1963): *Galicia Infinda*. Vigo: Galaxia.
- \_\_\_\_\_ (1981): *Cantareñas: Bebedeira. Valdeorresas. Dionisias*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Figueroa Hernández, Rafael (s. d.): “Historia del son jarocho”. Pódese consultar en <http://www.tlaco.com.mx/cultura/pdf/SonJarocho.pdf>
- González-Millán, Xoan (2002): “El exilio gallego y el discurso de la restauración nacional”, *Arizona Journal of Hispanic Cultural Studies*, vol. 6, pp. 7-23.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Lama López, María Xesús (1998): “Vieiros: a voz dunha Galicia unida dende México” en Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, pp. 511-524.
- \_\_\_\_\_ (1999a); “A Cultura galega dende México, poderosas brazadas de náufrago” en Xosé Luis Axeitos e Charo Portela Yáñez (eds.), *Sesenta anos despois: os escritores do exilio republicano: Actas do Congreso Internacional celebrado na Universidade de Santiago de Compostela, 16, 17 e 18 de marzo de 1999*. Sada: Edicións do Castro, pp. 201-212.
- \_\_\_\_\_ (1999b): “Un Caso de mestizaxe cultural na literatura galega do exilio, os poemas mexicanos de F. Delgado Gurriarán” en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela/Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, vol. 2, pp. 739-753.
- Maceira Fernández, Xosé Manuel (1995): *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Ramos, Samuel (2001): *El perfil del hombre y la cultura en México*. México D.F.: Colección Austral [1937].

## **Asociacionismo galego no exilio mexicano. Luís Soto e Florencio Delgado Gurriarán**

XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ  
(Escritor e investigador)

A Pedro Hilario e Sara Feijoo Soto.

Luís Soto Fernández entrou en México na tan simbólica coma sinistra data do 18 de xullo de 1939. Tras de si deixaba a súa voz ecoando nos liceos, salóns e parques que escoitaron a súa palabra canda Castelao. Ambos defendían, dende a política de unidade popular antifeixista, a República<sup>1</sup>.

A viaxe foi longa. Soto paga o visado o 5 de xuño no consulado de México en NYC. O seu enderezo de saída é Columbus 147; é dicir, a sede do Centro Galicia, no corazón de Manhattan. Varios días despois chega ao Laredo *gringo*, en Texas, e cruza a invisible liña da fronteira para entrar en Nuevo Laredo (Estado de Tamaulipas).

A solidariedade cos exiliados foi intensa. Castelao e Luís Soto promoveron dende o Frente Popular Antifascista Gallego (FPAG) un comité de rescate. Unha das accións foi a recadación de fondos para fretar o *Ipanema* a México. Nese barco viría Florencio Delgado Gurriarán e Elixio Rodríguez. Este último escribiu: “Castelao e Soto –que interviran na confección da lista– insistiran moito en que tiñan que face-lo imposible por me atopar e sacarme de Francia” (1994: 277).

En relación con isto debemos subliñar as funcións de Delgado Gurriarán en Francia. Na biografía que preparou Ricardo Gurriarán dise que dende a Solidariedade Galega Antifeixista recibiu orde para “encetar conversas con entidades oficiais francesas, negociar cupos de evacuación (...) e servir de coordinador das xestións que Castelao e Soto estaban facendo en América” (1999: 136).

Castelao rematou en Bos Aires pero a relación con Soto (México) mantívose no tempo. A confianza lograda tras tanto vivido xuntos e consolidada pola fidelidade de Soto ao liderado de Castelao no campo

---

<sup>1</sup> A meirande parte da documentación que se cita neste traballo está tomada do libro de X. Martínez González, *Luís Soto. A xeira pola unidade galega*, Xerais, 2011.

nacionalista posibilitou a partilla de información sobre a vida política, cultural e asociativa dos exiliados galegos en México.

Luís Soto era unha turbina incansable, ben conectado coa dirección do seu partido (PCE) e do seu sindicato (UXT). Esta disciplina nas fileiras comunistas conxugouna co seu ánimo nacionalista, que o levou dende antes da guerra a promover a creación do PCG<sup>2</sup>. Desta maneira, resulta explicable a súa continua presenza nos proxectos a prol da cultura galega.

Con este perfil é comprensible que, ao chegar a México, Luís Soto contactase co grupo organizado dos galeguistas. Esta delegación conformábase con persoas de distinto matiz ideolóxico, dende as posturas moderadas de Rodríguez de Bretaña até as máis filocomunistas do arquitecto José Caridad Mateo (o seu irmán Farruco formaba parte da Comisión Galega do PCE<sup>3</sup>).

Coas tirapuxas propias da diversidade ideolóxica (nacionalistas, comunistas, socialistas, anarquistas e republicanos), a unidade foi fecunda. Soto ocuparía un posto nuclear grazas á súa capacidade de traballo. Castelao confiaba na colaboración do bolxevique ourensán cos galeguistas. Dille na carta dirixida a Rodolfo Prada do 25 de xullo do 1939:

Agora en México están [Xoán Xosé] Plá, [Ramón de] Valenzuela, [Xohán López] Durá, [Ramón García] Cerviño, Nogueira, [José] Caridad e outros irmáns que darán fé da súa existencia e que asimilarán, no Grupo Galeguista que van crear, a moitos paisáns nosos, desenganados dos Partidos nacionaes. Tamén se foi alá Soto –o que veu comigo e que traballou á miña veira coa lealdade a Galiza non imitada tansiquera por quén tiña máis obriga que él– e dende outro campo axudaranos moitísimo. Nos EE-UU, en Cuba e mais en México a unidade descansará en tácticas, en consiñas comúns.

---

<sup>2</sup> Luís Soto abandonaría o PCE logo da depuración do PSUC e a expulsión de Joan Comorera por parte do Comité Central en 1949. Andado o tempo, tras un reingreso fugaz no PCE, Soto impulsaría a fundación da Unión do Pobo Galego (UPG). Ferrín dixo del: “O líder, o cerebro, o impulsor da UPG foi Luís Soto Fernández. Ese é o noso pai, o noso ideólogo, o noso dirixente e a nosa cabeza política” (*Faro de Vigo*, 21-VI-2005).

<sup>3</sup> A Comisión Galega do PCE era o xermolo do futuro PCG. O propio Soto, o secretario xeral desta comisión, explícalle por carta a Castelao que “cumpre en parte os fins có Partido Comunista Galego debería encher”.



## As vidas asociativas

A política dirixida por Castelao pasaba pola unidade, as “consiñas comúns”, dos galegos exiliados. Mantiña a fe na unión antifeixista galega fronte ao franquismo e á guerra mundial. A esperanza común de que a derrota nazi-feixista provocaría a caída deste réxime. Mais sabemos que, no canto diso, Estados Unidos aproveitará o contexto da posguerra para pactar con Franco e xuntos, man a man, combater a URSS durante o período da Guerra Fría.

En canto á comunidade galega en México, a chegada dos exiliados supuxo o (re)encontro coa parroquia emigrada. A relación non foi idílica pois dentro da colectividade galega había franquistas. Xa o viviran en primeira persoa Castelao e Soto nas eleccións ao Centro Galego da Habana en 1938-39. Elixio Rodríguez retrata o ambiente en México: “A colonia española, que era maioritariamente pro-franquista, ó principio portouse bastante mal, pero co tempo foron cambiando de opinión”<sup>4</sup>.

A orixe do asociacionismo galego en México vén de lonxe. Situámonos no 1768 cando se funda a Real Congregación del Apóstol Santiago de los Naturales y Originarios del Reino de Galicia. Congregación que xa existía en Madrid (1740) e que sería imitada en Bos Aires no 1790. Cada 25 de xullo (Día do Apóstolo) celebráronse actos en honra do discípulo de Xesús pero que, por metonimia, proxectaba un acto de afecto e vencello ao Reino galego.

A consolidación asociativa chegou case 150 anos despois. O 24 de setembro de 1911 arrancaríase a historia do Centro Galego de México. Comezou con outro nome que mudaría en distintas ocasións: Orfeón Gallego de Méjico (1911-14), Centro Gallego de México (1917-31), Casa de Galicia (1936-38), Unión Cultural Gallega (1939-1948), Centro Gallego de México A. C. (1949-actualidade)<sup>5</sup>. Digamos que esta é a cronoloxía do sector oficial, pero houbo outro movemento asociativo que contou coa participación de Florencio Delgado Gurriarán ou Luís Soto.

---

<sup>4</sup> *Faro de Vigo* (27-IX-1999).

<sup>5</sup> Para un estudo máis detallado, M<sup>a</sup> X. Rodríguez Galdo (2004).

## Fogar Galego. Do parto ao letargo

Durante o período da contenda civil española conformáronse dous bandos como copia do que sucedía no territorio en guerra: “Refuxiados e residentes conformarán dous mundos practicamente arredados ata ben avanzado o tempo, con algunhas excepcións notables”, sostén Rodríguez Galdo (2004: 164).

En 1939 a tensión concrétase en dúas candidaturas para rebautizar a Casa de Galicia. Unha delas é a Unión Cultural Gallega (finalmente a vencedora) e a outra Lar Gallego. Esta última representou o sector progresista, republicano e galeguista. Farruco Caridad, dende o *Boletín Galego de Información* (primeiro xornal marxista escrito integramente en galego e promovido pola Comisión Galega do PCE), descríbenos o ambiente:

Fai xa algúns meses –no mes de Xunio, pouco máis ou menos– por iniciativa da miña organización, ou sexa dos Comunistas Galegos, celebráronse eiquí, na cibdade de México, algún-as reunións (...). Estas reunións tiveron como primeiro ouxeto estudar a nosa proposta de ingresar na sociedade chamada “Unión Cultural Gallega” para desprazar os seus dirixentes falangistas e facer d-elo un verdadeiro lar “galego e cultural” (...). As condicións mínimas que nos pretendiamos (...) foron aceptadas, pódense resumir, n-estas dúas verbas: republicanismo e galeguidade.

Esas “dúas verbas” eran as “consiñas comúns” que predicaba Castelao. Os sectores democráticos artelláronse arredor de *Lar Gallego* pero non acadaron o número suficiente de votos. Franco contaba con adeptos *plus ultra*. A derrota derivou na ruptura por causa das coñecidas desavinzas. Luís Soto, no mesmo periódico: “a xunta de goberno d-esta sociedade é unha delegazón de falanxe española”. Con esta aseveración tan taxativa, o abandono era a opción máis consecuenta.

O ánimo non decaeu. A comisión organizadora<sup>6</sup> convoca asemblea para o 7 de nadal de 1941 nos locais de *Amigos de Catalunya*. A proposta é crear

---

<sup>6</sup> Esta comisión integrábana Edmundo Lorenzo (PSOE), José Prego (CNT), Alfonso Pazos (UR), Marcial Fernández (PSOE), Ramón Rodríguez Prieto, Serafín García Parente (PSOE), Antonio Cardero (IR), Celestino López (IR), Andrés Valín (PG) e Luís Soto (PCE). Como se observa é unha comisión plural que exemplifica a política de unidade e continuidade da Fronte Popular.

“unha entidade de enxebre fisonomía galega que xunga a todos paisanos que viven neste país e que manteñen ben outro amor á Terra hoxe asoballada pola mais vergoñenta tiranía” (Martínez González, 2011: 91). Velaquí o nacemento do Fogar Galego, rexido polos ideais republicanos e nacionalistas.

O éxito unitario convíña espallalo. Axiña informan ás colectividades galegas en América. O principal mérito percíbíase na composición da directiva, pois combinaba persoas emigradas (sinaladas como “vella colonia”) e persoas exiliadas<sup>7</sup>. Luís Soto (escollido para ser o secretario de relacións) detalla por carta a Castelao a estrutura da nova sociedade, subliñando a pluralidade política.

É aquí cando coinciden novamente a nivel orgánico (dentro da comisión de cultura) Luís Soto e Florencio Delgado Gurriarán. E dicimos novamente porque ambos participaron na Solidariedade Galega Antifeixista.

Fogar Galego representou a primeira expresión organizada da unidade antifeixista. Mais debemos advertir que a influencia dos comunistas era notable, con Luís Soto como axente principal a carón de Farruco Caridad ou Xoaquín Barreiro. A este respecto é moi clarividente a carta de Ramón Cabanillas (fillo) do 8 de maio de 1943 dirixida a Castelao<sup>8</sup>. O anaco é longo pero moi expresivo:

No Partido Galeguista d’eiquí hai uns cantos afillados –que por certo son dereitivos a maoría– que siguen d’un xeito ‘canino’ aos comunistas, facéndolle o xogo d’unha maneira pouco honorosa pra nós. Disde logo, eu, persoalmente, estou contra d’esas posicións. Non son partidario da colabouración cos comunistas, porque son uns homes que endexamáis compren os compromisos contraídos e que todo o supeditan aos mandados secretos da súa organización e cujos secretos non confían a ninguén. (...) Esta posición miña a comparten Delgado [Gurriarán], [Ramiro] Illa [Couto] e outros rapaces que non se deixan domeñar por ninguén e que teñen unha crara conciencia de que o Partido Galeguista sóbrase a si mesmo pra definir a política comenente â nosa Terra, e o prestixio suficiente pra ser a primeira voz nos asuntos galegos.

---

<sup>7</sup> Para os cargos de Fogar Galego, *vid.* Martínez González (2011: 92).

<sup>8</sup> Fondo Castelao. Fundación Penzol.

De seguirmos as impresións de Cabanillas, situamos Florencio Delgado Gurriarán no sector oposto á colaboración cos comunistas. Xa non era o tempo da guerra en que mandaba poemas ao *Nueva Galicia* de Soto e Lister. Aínda todo, a dinámica político-cultural fará que coincidan en futuros proxectos compartidos sen que cada un renegase do seu credo político e das súas distancias ideolóxicas, que volverían emerxer na época de *Vieiros*<sup>9</sup>.

O xiro acontecido na guerra mundial, co avance das tropas soviéticas en 1943, acelerou os movementos políticos de recomposición do Goberno republicano. Nese contexto nace a Alianza Nazonal Galega, órgano político unitario do exilio galego en México, que se nutre dos dirixentes de Fogar Galego e causa o letargo desta institución.

Dende entón, pouca información podemos engadir. Sabemos que o 12 de marzo de 1944 o potentado Juan Moré Esteiro (“vella colonia”) accede á presidencia de Fogar Galego tras a asemblea xeral. E, finalmente, en 1947 volve Moré recuncar no posto pero a actividade societaria era testemuñal.

Até que apareza o Padroado da Cultura Galega, o espazo asociativo viviu unha época de reconciliación. Xorde o Centro Gallego de México A. C. como resultado dunha sorte de unificación da Unión Cultural Gallega e Fogar Galego. Esta convivencia duraría pouco.

### **Padroado da Cultura Galega. O proxecto total**

Hasta la fecha las entidades u organizaciones que fundaban en América nuestros emigrados tenían, generalmente, fines recreativos, sociales, benéficos, etc. pero el aspecto cultural que nosotros consideramos determinante estaba relegado, olvidado. El Patronato estimó que la Galicia emigrante no debía ser distinta en sus anhelos y preocupaciones de la Galicia ‘finis terrae’ o europea.

Esta declaración de Luís Soto, a preguntas de Salvador García-Bodaño, publicouse en setembro de 1962 en *La Noche*, que era o medio escrito do galeguismo cultural. Daquela o bolxevique ourensán traía máis encargos que a propia promoción do Padroado. El contactara co grupo Brais Pinto en Madrid e comezara, dalgún xeito simbólico, o proceso constitutivo da Unión do Pobo Galego (UPG).

---

<sup>9</sup> “Anticomunismo no ideolóxico, unitario no frontismo político” (Gurriarán, 1999: 137).

Porén, para o asunto que nos trae aquí, debemos falar dos precedentes inmediatos á fundación do Padroado. Por tanto, temos que falar do programa de radio que en 1952 mantián na emisora XEMC: “Hora da Cultura Galega en México” (logo rebautizado como “Hora de Galicia”)<sup>10</sup>. Rodríguez de Breaña era naquel 1952 o secretario xeral da Irmandade Galeguista de México. Nese Nadal radia unha mensaxe cun chamado a organizar a colectividade galega nunha institución máis implicada co país ca o existente Centro Gallego.

Nestas circunstancias matínase no proxecto que tomará forma o 29 de xuño de 1953, nun acto celebrado no Hotel Majestic de México D. F., so o nome de Padroado da Cultura Galega. A data coincide co día despois da celebración do plebiscito de Autonomía do 36. O seu primeiro presidente será o músico Xesús Dopico Barreiro quen mudou o violín polo máuser cando o seu corpo e mente de catedrático do Conservatorio da Coruña formou nas fileiras do Batallón de Milicias Populares Galegas. A secretaría xeral ocupouna Rodríguez de Breaña. A presenza dos nacionalistas na directiva era notoria (Andrés Valín, Xermán Rañó, Elixio Rodríguez, Horacio Casas...) coa incorporación de antigos militantes do PCE (Luís Soto) ou do PSOE (Manuel Porteiro Viñas).

No primeiro aniversario do Padroado apareceu *Presencia de Galicia en México*, un libro que recolle varias intervencións radiofónicas<sup>11</sup>. Nas súas páxinas cóntansenos as primeiriñas iniciativas: creación dunha banda de gaitas, o Grupo Ulteira de Mocidade (en clara referencia aos *Ulteira* que Álvaro de las Casas dirixira no período republicano), un cadro dramático, un coro, un equipo de fútbol (Celta), sección de arte, historia e até unha escola en galego chamada Irmandade da Fala. Nótase, en todas estas propostas, que se respira o ambiente *irmandiño* de cando as Irmandades da Fala escomezaran a tarefa de (re)galeguizar o país. O Padroado trataba de situarse en idéntico carril político: a cultura como ferramenta da conciencia nacional<sup>12</sup>.

---

<sup>10</sup> Nas memorias de Elixio Rodríguez amplíanse os datos (1994: 344-346).

<sup>11</sup> Luís Soto escribiu, unha vez máis, sobre Castelao reivindicando ao político antifeixista, republicano e nacionalista. Soto envioulle un exemplar a Virxinia Pereira que ela moito agradeceu en carta do 24 de outubro de 1955.

<sup>12</sup> Elixio Rodríguez lembra que elaboraban panfletos políticos que “introducíamos clandestinamente en Galicia, onde eran moi ben acollidos por persoas da nosa confianza” (1994:

Dende a fundación, o Padroado da Cultura Galega celebrou o Día Nacional de Galiza. A descrición do acto celebrado en 1955, nos salóns do Orfeó Catalá, deixa ás claras a orientación da nova sociedade. Entre os oradores están Santiago Álvarez, Elixio Rodríguez ou Luís Soto, que reivindicaron a República, o Estatuto do 36, os asasinados polo franquismo (Alexandre Bóveda ou Benigno Álvarez) e evocouse a memoria “del prócer republicano” Castelao. Todos interviron en lingua galega<sup>13</sup>.

Neste 1955 hai trocos na directiva logo da celebración da asemblea anual. Adolfo Vázquez Humasqué (propulsor do RCD Mallorca de fútbol)<sup>14</sup> sae escollido presidente e Horacio Casas, secretario xeral<sup>15</sup>. A convivencia interna renxeu agora entre os nacionalistas moderados e os comunistas, como lemos na biografía dedicada a Florencio Delgado Gurriarán, quen xa residía en Guadalaxara dende 1951: “Florencio trataba de aplacar os ánimos dos galeguistas fronte as iniciativas marxistas de Soto e os seus amigos. Empeorou a cousa polo carácter de Roxelio R. de Bretaña e o seu anticomunismo visceral” (Gurriarán, 1999: 249).

Na asemblea de 1957 prodúcense uns cambios notorios: os comunistas galegos apoderáanse (democraticamente) dos postos centrais da directiva do Padroado. No ano 1963 hai varias asembleas extraordinarias que son síntoma dos terremotos acontecidos. Por un lado, os galeguistas denunciaban que *Vieiros* estaba ao servizo dos comunistas de Soto. Polo outro, os comunistas encabuxáronse con Soto e Velo tras estes iniciar un rumbo claramente nacionalista fóra das filas do PCE co horizonte de fundar a Unión do Pobo Galego (UPG).

O resultado foi pírrico. A liña política de Soto e Velo gañou pero “deuse o fenómeno tristeiro e inconcebíbel de que se retirasen das

---

348). Engade que a vía máis eficaz para introducir a propaganda era o Partido Comunista. O contacto fixérase en segredo porque “de divulgarse, podería causar baixas e malestar entre algúns dos nosos asociados máis entusiastas” (1994: 349).

<sup>13</sup> *Vid. España Popular*, núm. 773 (29-VIII-1955).

<sup>14</sup> Fillo dun galego (alférez da Garda Civil), Humasqué é catalán de nacemento pero viviu a infancia en Galiza antes de trasladarse a Madrid e logo ás Illes Baleares. Tivo importantes cargos nos gobernos da República: gobernador civil de Jaén, director xeral da Reforma Agraria, subsecretario do Ministerio de Agricultura...

<sup>15</sup> O resto da directiva pódese consultar en Martínez González (2011: 167).

deliberacións os galeguistas de dereitas collidos do brazo dalgúns comunistas” (Soto, 1983: 139). En canto á escolla da dirección, Humasqué pasou a ser presidente de honra, Carlos Velo presidente e Luís Soto secretario xeral. Algúns nacionalistas mantivéronse no organigrama directivo, coma Elixio Rodríguez ou Andrés Valín<sup>16</sup>. Delgado Gurriarán desconéctase practicamente de todo.

A consecuencia albiscouse na celebración separada (por unha parte o Padroado e pola outra a Irmandade Galeguista) do Día da Patria Galega dese 1963<sup>17</sup>. Pero ademais tamén a revista *Vieiros* saíu ferida, tras a retirada de Florencio Delgado Gurriarán (o principal nexo de conexión co grupo Galaxia), substituído polo nacionalista procomunista Xosé Caridad Mateo.

A clarificación político-ideolóxica do Padroado, que trouxo o descenso no número de socios, posibilitou que dende 1963 as súas mensaxes fosen (in)directamente de apoio á UPG. Lóxico se pensamos que Carlos Velo e Luís Soto (quen máis poder tiñan na directiva do Padroado) militaban activamente no novo partido, sendo responsables da elaboración, edición, impresión e distribución dos dous primeiros números de *Terra e Tempo*, voceiro oficial da UPG<sup>18</sup>.

Un dos actos máis recordados, polo que tivo de representación pública do nacionalismo antifeixista, foi o banquete de despedida a Celso Emilio Ferreiro celebrado na cidade de Ourense en 1966<sup>19</sup>. Un informe da directiva do Padroado, lido na asemblea xeral de 1967, di:

---

<sup>16</sup> O resto da directiva Martínez González (2011: 171).

<sup>17</sup> Meses antes, Delgado Gurriarán propón, sen éxito, aos compañeiros galeguistas a celebración conxunta do primeiro Día das Letras Galegas (Gurriarán, 1999: 250-252).

<sup>18</sup> Cóntanos Luís Cochón (daquela, PCE) que foi o médico comunista Francisco Comesaña, en Santiago, quen lle deu, en papel de biblia, os dous primeiros número de *Terra e Tempo* para dárllelo aos camaradas da UPG.

<sup>19</sup> Lemos nun informe da Dirección General de Seguridad do 17 de xaneiro do 1968: “Desde su llegada se presumió con fundamento, dadas sus actividades en América, así como sus antecedentes políticos, que el motivo principal de su viaje era el de organizar e impulsar el movimiento separatista gallego. Y, efectivamente, pocos días después expuso la idea de celebrar un homenaje al poeta de Celanova [...] siendo todos los pormenores de su única y exclusiva inspiración”.

Podemos afirmar sin ninguna clase de vanidad que fue precisamente el Padroado da Cultura Galega quien planeó, organizó, desarrolló, proyectó y dirigió este acto. (...) El Secretario General no hizo más que cumplir y llevar a la práctica la línea trazada por nuestra entidad y su Consejo Ejecutivo.

(Martínez González, 2011: 172)

Outra participación soada do Padroado no interior de Galiza, cando Franco aínda apretaba o garrote vil, aconteceu durante o III Congreso de la Emigración Española a Ultramar. Dende *Vieiros* (número 3), Manuel Porteiro describe o *cambalache* franquista que se agochaba tras esta convocatoria denunciando inxerencias políticas do Réxime. A delegación do Padroado conformárona Elixio Rodríguez e Inocencio Ferrer. Nas memorias do militante nacionalista (1994: 353-354) cóntasenos o sucedido no transcurso da xornada celebrada na capital do país.

Na entrevista no *Faro de Vigo* de 1966, Luís Soto comenta: “Hemos logrado entablar un diálogo cordial y amistoso con el Centro Gallego, lo cual parecía difícil puesto que durante 30 años no habían programado un acto conjunto”<sup>20</sup>. As relacións melloraron. Por exemplo, Luís Soto ingresa como socio (número 2.422) en 1969; ou Xosé Caridad Mateo realiza o proxecto da vouta do salón do Centro Galego.

Novamente debemos citar outra polémica provocada polo Padroado da Cultura Galega en Galiza. En 1971 organizouse na Coruña e Santiago de Compostela o Congreso Regional de la Emigración Gallega. Blanco Amor preside as xornadas (en calidade de presidente da Federación Mundial de Sociedades Galegas) e Luís Soto (en representación do Padroado) aparece como vogal. As conclusións publicadas non recolleron o debate interno acaecido:

As intervencións das xentes do Padroado da Cultura Galega de México non deixaron en ningún momento de defende-las mesmas posturas que no congreso de Bos Aires. O que significaba a reivindicación dunha democracia para Galicia e o tratamento do tema da emigración inserida nos seus condicionantes socioeconómicos concreto.

(Rodríguez Galdo, 2004: 236)

---

<sup>20</sup> Vid. *Faro de Vigo* (4-V-1966).



Con esta crónica de intervencións do Padroado da Cultura Galega é claro percibir que a liña da asociación continuaba fiel á súa xénese. A lealdade ás “consiñas comúns” de Castelao. Mais, pola contra, o paso inexorable do tempo e a falta de relevo xeracional provocaron o ralentí organizativo e a actividade foi languidecendo<sup>21</sup>.

O Padroado viviu, de maneira simbólica, até finais dos 80 coincidindo co devalar vital de Luís Soto e a súa morte acontecida en 1981. Dende entón en adiante non volveu soar o nome do Padroado da Cultura Galega coma se marchase coa alma do bolxevique ourensán.

### ***Vieiros*. Un xiro vangardista**

A xustificación para integrar *Vieiros* cunha epígrafe propia, nun traballo dedicado ao asociacionismo no exilio, está na definición que Margarita Ledo Andión lle deu cando se fixo a edición facsímile (1989): “O último organizador colectivo”.

Porén, para falar de *Vieiros* é ben que antes mencionemos a experiencia de *Saudade* nas súas dúas etapas. Na primeira xeira (1942-44) estivo ligada case exclusivamente ao colectivo nacionalista; na segunda xeira (1952-53) hai unha participación máis plural no aspecto ideolóxico: Marcial Fernández (socialista) ou Luís Soto (comunista).

O último número de *Saudade* (1953) coincide co parto do Padroado da Cultura Galega. Todo faría pensar que habería unha inmediata continuidade mais houbo que agardar. A revista, como idea, nace durante unha cea celebrada en 1957 por iniciativa de Carlos Velo. Os comensais eran catro activistas da cultura galega en México: Luís Soto, Elixio Rodríguez, Florencio Delgado Gurriarán e o propio cineasta. Elixio, o aviador que desertara das fileiras franquistas para poñerse baixo as ordes do Goberno republicano non sen antes vivir un periplo de vertixe, deulle o nome: “Podía quedar ben por ser o nome do monte que une as comarcas de Celanova e da Baixa Limia” (2009: 65).

---

<sup>21</sup> O Padroado, malia todo, proseguía a enviar manifestos, tarxetas e cartas en apoio ao movemento obreiro represaliado nas folgas do 72 ou ao movemento estudantil en Compostela, mesturando no medio arengas á liberación nacional, tal cal escribise o Cumio Central da UPG.

A revista sairía no verán de 1959. Luís Soto, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán serán os directores literarios<sup>22</sup>; o director artístico, Arturo Souto; Elixio, “direitor de relazos” e Xermán Rañó administrador. A revista, feita en papel *couché*, rachaba cos formatos grisáceos dominantes ante entón. *Vieiros* traía unha luz diferente grazas ao vangardismo da súa liña gráfica. A polifonía de voces vetustas e renovadoras representaban o elo entre dúas xeracións.

A distribución de *Vieiros* fíxose en América e en Galiza. Pero existía un razoable temor á censura. Florencio Delgado Gurriarán confésallo a Fernández del Riego: “Nós [inclúe a Luís Soto e Carlos Velo] queremos que *Vieiros* poida circular por Galiza e por toda Hespaña sin pexas nin incomentes, á luz do día”<sup>23</sup>. Un mes despois volven matinar a fórmula de “conquerir o permiso de importación” e usar “os servizos de Galaxia”. De non facelo había que “atopar outro camiño” seguindo “o teu consello”<sup>24</sup>.

O primeiro exemplar de *Vieiros* en chegar a Galiza veu na maleta de Ramón Otero Pedrayo, tras a súa viaxe a Bos Aires. É dicir, por vía indirecta. Será Luís Soto o encargado de introducir e repartir a revista aproveitando o permiso temporal de regreso á terra. Mais traía tarefas políticas. En Madrid contacta co grupo Brais Pinto por medio de Méndez Ferrín. Este encontro, no bar Los Mariscos, resultou crucial na historia galega pois agora a decisión de crear un partido nacionalista de orientación marxista xa era firme. Ademais, Brais Pinto pasaría a colaborar en *Vieiros*.

Continuaba a súa andaina contra todas as dificultades. As novas responsabilidades políticas de Soto e Velo, ademais das cuestións profesionais

---

<sup>22</sup> Nas memorias de Elixio, *Matádeo mañá*, puntualiza as responsabilidades: “Luís Soto e Carlos Velo encargáranse da dirección, Florencio Delgado e mais eu (...) coidariamos da pureza do idioma” (1994: 350).

<sup>23</sup> Carta do 31 de xullo de 1959. Fundación Francisco Fernández del Riego.

<sup>24</sup> Carta do 25 de agosto de 1959. Fundación Francisco Fernández del Riego. Elixio Rodríguez (*Faro de Vigo*, 27-IX-1999): “Fixemos dúas publicacións, ‘Saudade’ e ‘Vieiros’, de tendencia tremendamente nacionalista co obxectivo de introducilas en Galicia de forma clandestina. Ó primeiro, facíamolo a través dos mariñeiros dos barcos de trasatlánticos, pero despois conseguimos contactar cun libreiro de Braga que nos pasaba os paquetes a Galicia”.

e familiares, súmanse a outros posibles factores que expliquen a nova tardanza en publicar o número 4 (1968). Sobre un deses factores temos que deternos.

No ano 1966, cando Luís Soto viaxa a Galiza coa misión principal de organizar o banquete de despedida a Celso Emilio Ferreiro en Ourense dentro do contexto das rebelións contra o encoro de Castrelo de Miño (no cal a UPG emerxeu publicamente como forza de resistencia antifranquista), produciuse o “secuestro” de 500 exemplares de *Vieiros* por parte da Dirección General de Prensa (Martínez González, 2011: 184). O Padroado dirixiu unha carta ao ministro Manuel Fraga que asinaban o presidente (Manuel Porteiro) e o secretario de exteriores (Elixio Rodríguez). Como mallar en ferro frío.

A isto cómpre engadirille, como xa citamos en liñas pasadas, que Luís Soto sería expulsado de España tras ser detido e interrogado na Coruña pola súa participación no banquete a Celso Emilio Ferreiro e polas sospeitas (certas) que a policía franquista tiña das actividades *upegallas* do vello bolxevique. O seu nome aparecía de novo nas dilixencias 982 do 29 de decembro de 1967, cando se produce a redada contra a Asociación Cultural de Vigo e deteñen a Antonio Bernardo Rubio e Xosé Luís Méndez Ferrín. A policía tiña o ollo posto en Soto porque sabían “era o cerebro da UPG”.

O último número impreso (número 4) de *Vieiros* sucede en 1968, ano das mobilizacións estudantís en Compostela. O quinto nunca saíra malia as distintas xestións e intencións feitas por Luís Soto (Martínez González, 2011: 186)<sup>25</sup>. Moitos dos traballos solicitados gárdanse no Arquivo Provincial de Ourense, onde se custodia o extenso e valiosísimo fondo persoal de Luís Soto Fernández.

## Epílogo

O 24 de febreiro de 1996, no exacto día en que naceu Rosalía de Castro (data corrixida moi recentemente á luz de novos documentos rosalianos), aparecía na rede o primeiro xornal electrónico integramente en galego. Bautizárono como *Vieiros*. Desta forma, este nome quedou na historia

---

<sup>25</sup> En 1975, Delgado Gurriarán escribelle a Soto arredor do quinto *Vieiros*: “Nuns días enviarei outros traballos que poden servir de notas. Un deles, coído que non foi tratado por ninguén: Castela e os animais” (Gurriarán, 1999: 274).

da prensa soldado ao concepto de vangardismo e innovación mais tamén ao compromiso co país e a súa lingua. *Sempre en galego!*

### **Bibliografía**

- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edicións do Castro.
- (2001): “Florencio Delgado Gurriarán, poeta valdeorrés no exilio mexicano”, *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, 13, pp. 20-31.
- Martínez González, Xurxo (2011): *Luís Soto. A xeira pola unidade galega*. Vigo: Edicións Xerais.
- Piñeiro, Antonio (2009): “Elixio Rodríguez: ‘Vieiros chamouse así en memoria do alto do Vieiro, que une as terras de Celanova da Baixa Limia’”, *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, 30, pp. 50-65.
- Rodríguez, Elixio (2008): *Matáde mañá*. Vigo: Edicións Xerais.
- Soto, Luís (1983): *Castelao, UPG e outras memorias*. Vigo: Edicións Xerais.

**Salvar o peello e gañar a vida no exilio.  
Florencio Delgado Gurriarán, Ramiro Isla Couto e as redes  
de axuda a refuxiados republicanos en Francia en 1939**

XOSÉ L. PASTORIZA ROZAS  
(USC)

O 9 de febreiro de 1939 as tropas franquistas tomaban o control dos pasos fronteirizos con Francia desde Puigcerdá a Portbou pechando a fronteira e cortando as vías de escape da poboación civil e dos restos do derrotado Exército Popular republicano en Cataluña. A ofensiva militar iniciada o 23 de decembro de 1938 acadara en menos de dous meses controlar toda Cataluña provocando a fuxida cara a Francia de Manuel Azaña, presidente da República, o goberno presidido por Juan Negrín, as diminuídas Cortes e as autoridades e funcionarios republicanos. De toda a masa humana atemorizada, esfameada, arrefriada e derreada que ateigou a fronteira con Francia nas angustiosas tres semanas da denominada “Retirada”, o colectivo galego representaba unha cativa parte do case medio millón de persoas que buscaron acorro e protección alén dos Pireneos<sup>1</sup>. O Goberno francés, incapaz de facer fronte a aquel caótico, suplicante, inesperado e masivo éxodo, decidiu o internamento en improvisados e miserables campos de concentración nas praias do sueste do país dos militares republicanos, previamente desarmados, e dos homes adultos e mozos en idade militar, dispersando o resto da poboación civil<sup>2</sup>.

Mentres aquela enxurrada humana –entre a que se encontraba máis dun milleiro de civís e militares republicanos galegos– trataba de atravesar

---

<sup>1</sup> Segundo Núñez Seixas, arredor de 1.320 galegos pasaron polos campos de concentración en Francia, dos cales case 400 saíron cara ao exilio en México, Santo Domingo, Chile ou Arxentina (2016: 90-95). Vid., *Repertorio biobibliográfico do exilio galego* (Consello da Cultura Galega, 2001).

<sup>2</sup> Durante a Guerra Civil aconteceron un total de catro éxodos cara a Francia tras da toma de Euskadi (agosto de 1936), o final da campaña do Norte (outubro de 1937), a ocupación do Alto Aragón (marzo-abril de 1938) e a conquista de Cataluña (xaneiro-febreiro de 1939 (Dreyfus-Armand, 2000). En total, preto de 700.000 españois atravesaron a fronteira con Francia durante a Guerra Civil dos cales uns 30.000 saíron cara ao exilio en América, maioritariamente a México (20.000 persoas) e 100.000 solicitaron o estatuto de refuxiado en Francia ao remate da II Guerra Mundial (Soldevilla Oria, 2001).

desesperadamente a fronteira con Francia baixo o acoso e os ataques indiscriminados da aviación franquista, o xornalista coruñés Cipriano Torre Enciso e o irmán marista natural de Ribadavia, Manuel Rodríguez Rodríguez –agochado baixo o pseudónimo de D. Muro Zegri–, tomaban notas para o seu libro *La marcha sobre Barcelona*<sup>3</sup>. Responsables da creación de Radio Nacional de España en Burgos, escribiron unha crónica panexírica da “guerra de liberación”, da “velocidad alucinante” e da “marcha triunfal” dos exércitos sublevados. Despois de trinta e catro días de campaña tomárase sen resistencia Barcelona e en corenta e nove vencérase a resistencia do exército leal en Cataluña provocando a maior vaga forzosa de persoas na historia contemporánea de España<sup>4</sup>. Indiferentes ante o sufrimento dos desprazados e refuxiados, reloucaban: “contra nuestras fuerzas victoriosas, animadas de una moral insuperable, provistas de un formidable armamento, guiadas por generales expertísimos y poseídas de un ideal grandioso, no hay obstáculos que puedan oponerse”<sup>5</sup>. A Guerra Civil achegábase á súa fin e iniciábase a experiencia do exilio.

A apresurada retirada desde Cataluña entre xaneiro e febreiro de 1939 provocou a necesidade de abordar desde Francia, en conexión e contacto coas redes de alén mar –fundamentalmente en Estados Unidos, Arxentina e Uruguai– a xestión urxente da atención á emerxencia humanitaria dos galegos civís e militares refuxiados en Francia<sup>6</sup>. Tras a fin da Guerra Civil o 1 de abril, moitas das iniciativas e institucións galegas no exterior de apoio á España republicana mudaron en comités de axuda ás persoas refuxiadas iniciándose unha carreira contra reloxo para lograr sacar de Francia o maior número posible de galegos ante a ameaza das

---

<sup>3</sup> A identidade real de D. Muro Zegri permanecía agochada. Mais existen probas sólidas descubertas recentemente polo autor deste texto de que este pseudónimo se corresponde co irmán Marista Manuel Rodríguez Rodríguez (Ribadavia, 1898-Santiago de Compostela, 1975). Para a súa biografía, vid. (Díez y Díez, 2000).

<sup>4</sup> Soldevilla Oria, 2001.

<sup>5</sup> Torre Enciso e Muro Zegri, 1939: 127.

<sup>6</sup> Como exemplo do drama vivido durante a fuxida e o refuxio en Francia contamos, entre outros, cos testemuños de Ramón de Valenzuela (1997), Carmen Muñoz Manzano (2005), muller de Rafael Dieste, Elixio Rodríguez (2008), Manuel García Gerpe (2020) e Santiago Rodríguez Salinas (2021).

repatriacións e das deportacións forzosas a España e dunha guerra mundial que se albiscaba no horizonte<sup>7</sup>.

Neste proceso de xestión da saída cara ao exilio dos refuxiados galegos mobilizáronse as redes existentes e puxéronse ao servizo dun novo labor patriótico, republicano e humanitario. En Bos Aires, Rodolfo Prada asumiu o labor de enlace cos galeguistas que gozaban de liberdade de movementos en Francia e residían en París: o seu vello amigo Ramiro Isla Couto (RIC) e Florencio Delgado Gurriarán (FDG), secretario de propaganda do Partido Galeguista (PG)<sup>8</sup>. En marzo de 1939, RIC e FDG recibiron a encomenda desde Bos Aires de constituír unha comisión en París canda a Germán Vidal, ex-alcalde de Noia, militante de Izquierda Republicana (IR) e vicesecretario de Solidariedade Galega Antifascista (SGA). Daquela, RIC e FDG xa tiñan experiencia na xestión de redes de fuxida desde Porto, desde a fronteira francesa e desde a retagarda das liñas inimigas. De feito, malia a inferioridade numérica en militantes e a debilidade política e institucional do PG na España leal, os galeguistas amosaron eficacia na xestión das súas redes de prestixio e influencia mobilizando o apoio das redes de axuda, as capacidades e experiencia adquiridas durante a guerra e os tecidos de relacións persoais e políticas con galegos con cargos de responsabilidade na administración republicana pola súa común orixe galega ou pertenza á SGA. Ao tempo, nos primeiros meses do refuxio en Francia aproveitaron a liberdade de movementos de RIC e FDG que contaban cun permiso legal de residencia (*récépissé*) que lles permitiu residir en París, zona de acceso prohibido para os refuxiados e sede das organizacións republicanas e internacionais de axuda aos refuxiados e das embaixadas e consulados dos países favorables á acollida.

En primeiro lugar, lograron establecer contacto e canalizar as axudas das redes de apoio alén mar, con protagonismo significativo das norteamericanas como o Frente Popular Antifascista Gallego (FPAG), sección das Sociedades Hispanas Confederadas (SHC); arxentinas como a Central

---

<sup>7</sup> Como exemplo, a Central Gallega de Ayuda al Pueblo Español, sección da Federación de Sociedades Gallegas (FSG), mudou a súa denominación para Central Gallega de Ayuda a los Refugiados. *Galicia*, n. 628, 24-VI-1939, p. 6.

<sup>8</sup> Para unha biografía aínda incompleta de Ramiro Isla, vid. Pastoriza Rozas, 2017. Para unha biografía polo miúdo de Florencio Delgado Gurriarán, vid. Gurriarán, 1999.

Gallega de Ayuda al Pueblo Español, sección da Federación de Sociedades Gallegas (FSG), o Comité Orensano Leal ou o Grupo Galeguista de Bos Aires; e uruguaios como a Organización Republicana Gallega de Ayuda al Pueblo Español<sup>9</sup>. En segundo lugar, aproveitaron as súas conexións e experiencia de traballo como militares de intelixencia no Servicio de Información Especial Periférico (SIEP) onde, baixo as ordes do coronel Manuel Estrada Manchón, tiveron destino o capitán Ramón de Valenzuela, secretario de organización do PG, o tenente FDG, secretario de propaganda do PG, e Andrés Valín, secretario administrativo do PG<sup>10</sup>. En terceiro lugar, mobilizaron as boas relacións previas cos integrantes da SGA que tiveron cargos de responsabilidade no Servicio Español de Evacuación de Refugiados Españoles (SERE) –creado o 1 de abril de 1939 por Juan Negrín–, como o seu director Bibiano Fernández Osorio-Tafall, ex-comisario xeral do Exército republicano, e Alejandro Viana Esperón, deputado por Izquierda Republicana e secretario de emigración do SERE<sup>11</sup>.

### **A peripecia longa da fuxida: Ramiro Isla Couto e Florencio Delgado Gurriarán**

O mes de xullo de 1936 abriuse coa alborada da confirmación oficial da aprobación en referendo do Estatuto de Autonomía<sup>12</sup>. Mais o golpe de Estado do 18 de xullo e a posterior Guerra Civil representaron unha peripecia longa para os galeguistas RIC e FDG. Ambos os dous representan dous itinerarios prototípicos do exilio da militancia galeguista sobrevivente da persecución e da represión tras o triunfo da sublevación militar en Galicia<sup>13</sup>. As súas experiencias políticas, militares, profesionais e as súas traxectorias vitais durante a Guerra Civil exemplifican os riscos e penurias afrontados para “salvar o peello”, colaborar no frustrado triunfo militar da República, gañar a vida tras a derrota republicana en Cataluña e xestionar o forzado refuxio en Francia previo ao común exilio en México.

---

<sup>9</sup> Núñez Seixas, 2006, Gómez Rey, 2006, Pérez Rey, 2006)

<sup>10</sup> Dato confirmado por Ramón Esturao en entrevista con Ricardo Gurriarán (Gurriarán, 2001: 133).

<sup>11</sup> Mera Covas, 2021.

<sup>12</sup> Beramendi, 2007: 1071.

<sup>13</sup> Núñez Seixas, 2006.



En síntese de vidas paralelas, Ramiro Isla Couto (Arnois, A Estrada, 1898-Vigo, 1987) foi un emigrante económico en Arxentina en dúas etapas (1911-1917 e 1922-1931) cun relevante protagonismo na articulación política e societaria do nacionalismo galego alén mar na década dos anos 20, emigrante retornado na II República e militante e conselleiro do PG (1931-1936), detido e encarcerado en Verín (decembro 1936-marzo 1937), liberado e expatriado en Porto (maio 1937-setembro 1938), traballador para a República na cidade fronteiriza francesa de Tarbes (1938), refuxiado en Francia e exiliado en México (1939), Colombia (1944) e Venezuela (1954) e retornado (1957) que morreu na Terra (1987). Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras 1903-Fair Oaks, California 1987) militou no PG en Córghomo, fuxiu a Portugal (outubro 1936-1937) e Francia (1937), e pasou á España republicana desde Francia (xaneiro 1938), combateu no exército republicano, pasou legalmente a Francia en xaneiro de 1939 e exiliouse en México en xullo do mesmo ano e finou accidentalmente en Estados Unidos (1987), sendo enterrado en Galicia. A ambos os dous a Guerra Civil e a derrota republicana obrigáronos a refacer os seus destinos e proxectos vitais sen renunciaren ao compromiso e militancia galeguista.

### **Salvar o peello: golpe de estado, fuxida de Galicia e refuxio en Portugal e Francia**

Tras o golpe de Estado do 18 de xullo, FDG e RIC tomaron a decisión de agochárense. FDG no monte, en casa de familiares no Barco de Valdeorras, en Zamora e Valladolid até conseguir fuxir a Portugal pola “raia seca” en Tourém coa complicidade dun parente e dun sarxento dos gardas de fronteiras portuguesas. RIC mudando de casa na que durmir en Vigo por seguridade, sendo testemuño do terror do acontecido en Vigo e seguindo co seu traballo de viaxante de comercio<sup>14</sup>. A finais de decembro de 1936 tentou fuxir frustradamente a Portugal canda ao seu irmán Xaime Isla, sendo detido e encarcerado en Verín onde procuraran

---

<sup>14</sup> Existen indicios de que RIC foi un dos informantes e unha das voces anónimas que se integraron no relato coral pseudo-autobiográfico publicado en castelán e francés desde 1938 con varios títulos (*Galicia bajo la bota de Franco*, *Lo que han hecho en Galicia*, *Galicia mártir*, *La Galicia sous la botte de Franco*) en París, Bos Aires e A Habana (Anónimo, 1998).

a axuda para cruzar a fronteira de Valentín Paz Andrade, desterrado nesta vila desde setembro<sup>15</sup>.

Tanto FDG como RIC contaron con diferentes protectores que impediron que as súas vidas corresen perigo. No caso de FDG os seus irmáns e amizades familiares, un sarxento portugués da Garda de Fronteiras, unha célula galeguista en Porto e os mariñeiros portugueses do *Douro*, buque de bandeira norueguesa que o trasladou a Francia. RIC evitou a morte e ser paseado en Verín pola protección dun comandante militar destinado en Ourense que seica lle debía un favor esquecido ao seu pai, o ex-garda civil Fidel Isla. RIC estivo na cadea en Verín do 29 de decembro ao 27 de marzo de 1937, cando foi trasladado a Vigo e posto en liberdade sen cargos o 2 de abril<sup>16</sup>. A principios de maio instalouse en Porto para traballar na oficina comercial do Instituto Bioquímico Miguel Servet canda ao médico e empresario galeguista Ramón Obella e baixo a protección do significado “nacionalista” franquista Manuel Emilio Martínez Baladrón y García, socio capitalista da empresa<sup>17</sup>. A oficina situábase no mesmo local que o Comité Nacionalista da Habana dirixido por Martínez-Baladrón desde onde se canalizaban doazóns monetarias e de tabaco para o Cuartel Xeral do exército sublevado en Salamanca, ofrecendo unha cobertura eficaz ás actividades

---

<sup>15</sup> Esta información está baseada no testemuño de RIC recollido na gravación da súa entrevista con Xan Carballa do ano 1986 e publicado parcialmente en *A Nosa Terra*, 296, 3-VII-1986, pp. 12-13, e tamén nas memorias de Xaime Isla Couto sobre o seu irmán (Isla Couto, 2015).

<sup>16</sup> Expediente de detención de Ramiro Isla Couto. Fondo Ramiro Isla Couto-Arquivo da Fundación Isla Couto (FRIC-AFIC).

<sup>17</sup> A finais de abril, RIC conseguiu un pasaporte válido para Arxentina e Portugal. A súa intención era partir para Bos Aires para se reunir coa súa esposa Chita Lamas, que marchara antes do golpe de Estado a pasar o verán coa familia. En troques, pasou legalmente o 8 de maio a Porto. O Miguel Servet, constituído en abril de 1936, tiña como socios fundadores aos dirixentes galeguistas Ramón Obella e Alexandre Bóveda e aos socios capitalistas Francisco Rubira e Emilio Martínez-Baladrón. Ademais, Fidel Isla, irmán de RIC, comezara a traballar de xefe comercial do Miguel Servet. (Vid. Gurriarán, 2009). Durante a súa estada en Porto, Ramiro e Obella rexistraron en agosto de 1937 a marca comercial Zeltia e entre xullo e agosto de 1938 RIC e a súa esposa Chita –retornada desde Arxentina en xaneiro de 1938– viaxaron a Francia, Italia e Suíza a través de Lisboa, Marsella, Venecia, Zurich, Basilea, Zoffingen para a compra de maquinaria industrial para o Instituto. Regresaron a Porto desde Francia vía Southampton con destino a Lisboa. Pasaporte de Ramiro Isla Couto. Abril 1937. FRIC-AFIC.

clandestinas de RIC e Obella<sup>18</sup>. Desde a súa oficina axudaban aos fuxidos desde Galicia, como Antón Alonso Ríos, e introducían documentación e material de propaganda en contacto, a través de Rodolfo Prada, co Grupo Galeguista de Bos Aires<sup>19</sup>. A probable coincidencia temporal de FDG e Ramón Obella en Porto en 1937 permite pensar en posibles encontros persoais e no feito de que puidese ser Obella, coa colaboración económica dos galeguistas de Bos Aires, o que axudou a FDG no seu embarque e fuxida cara a Francia nos primeiros meses de 1937<sup>20</sup>. FDG residiu en Bordeos até que se desprazou a París, con probabilidade no mes de marzo.

En Porto as actividades clandestinas de RIC e da célula galeguista non pasaron desapercibidas e comezou a ser obxecto de vixilancia motivando a decisión de abandonar Portugal<sup>21</sup>. O 18 de setembro de 1938, RIC e súa muller Chita Lamas partiron de Porto con destino ao porto francés de Le Havre. Por recomendación do galeguista Ramón Martínez López, ex-agregado cultural da Embaixada da España republicana en París, visitou ao embaixador e, debido á súa experiencia como viaxante de comercio, foi destinado á cidade de Tarbes na fronteira pirenaica con Aragón onde prestou servizos comerciais no consulado

---

<sup>18</sup> Nas súas cartas RIC solicitaba a Prada o envío de determinados quilos de carqueixa como chave para o envío de documentación e fondos para o pagamento de pasaxes de fuxidos. Os quilos de carqueixa demandados correspondíanse co número de fuxidos que precisaban axuda. Carta de Ramiro Isla Couto a Rodolfo Prada. Porto, 25-X-1937 e 30-XII-1937. FP-FXC. Martínez-Baladrón significárase como “patriota” e foi nomeado fillo predilecto de Compostela, xa que doara 30.000 libras esterlinas ao chamado Movemento. Ferido na fronte de batalla en Madrid foi trasladado por vía aérea a Alemaña para ser operado, sendo acompañado polo cirurxián compostelán Ramón Baltar. Por esta circunstancia, Ramón Obella tivo que desprazarse en dúas ocasións ao Cuartel Xeral de Franco en Salamanca para facer entrega en persoa das doazóns (*El Eco de Santiago*, 5-II-1937; *El Pueblo Gallego*, 25-XII-1937).

<sup>19</sup> Alonso Ríos, 1996: 249. Vid. Correspondencia de RIC e Rodolfo Prada dos anos 1937-1938. Fundación Penzol-Fondo Xavier Castro (FP-FXC). Nesta correspondencia, os fuxidos agochados reciben por parte de RIC a denominación de “sumerxidos”. Carta de Ramiro Isla Couto a Rodolfo Prada. Porto, 20-XII-1937. FP-FXC.

<sup>20</sup> FDG falaba de “amigos que lo ayudaron durante su estancia en Portugal” (Gurriarán, 1999: 130). A vía de saída dos fuxidos era por barco desde Porto con destino a Francia. En decembro de 1937, RIC comunicou a Rodolfo Prada a saída cara a Francia de 20 persoas por este medio. FDG. Carta de Ramiro Isla Couto a Rodolfo Prada. Porto, 20-XII-1937. FP-FXC.

<sup>21</sup> Carta de Ramiro Isla Couto a Rodolfo Prada. París, s.d. (ca. maio de 1939). FP-FXC.

da República<sup>22</sup>. RIC agardou en Tarbes a ser mobilizado militarmente pola República. Contra finais de 1938 trasladouse a Barcelona onde se debeu atopar coa Xunta Executiva Xeral do PG e con FDG<sup>23</sup>. Por outra banda, o galego Ramón Mosteiro, secretario xeral da FPAG, atopábase de viaxe en Cataluña en decembro de 1938, establecendo contacto cos galeguistas e cos comunistas galegos como Santiago Álvarez<sup>24</sup>.

### **De Barcelona a París: a comisión galega de axuda aos refuxiados**

FDG residiu como refuxiado en París até xaneiro de 1938 en que se desprazou a Barcelona canda a un dos irmáns Caridad Mateo<sup>25</sup>. Mobilizado como oficial do Exército republicano, tivo como destino a galeguizada Subsecretaría de Armamento<sup>26</sup>, formando parte posteriormente da intelixencia militar republicana no SIEP ás ordes do coronel Manuel

---

<sup>22</sup> Entrevista de Ramiro Isla con Xan Carballa. 1986. No outono de 1938 o embaixador republicano en París era Marcelino Pascua, socialista e ex-embaixador na URSS. Neste consulado producíranse as habituais malversacións dos fondos destinados ás compras para a zona republicana (Barruso Bares, 2001).

<sup>23</sup> Este itinerario confirma o testemuño de Manuel Meilán, que localiza a RIC en Barcelona e despois en París. Grazas a RIC, Meilán puido recuperar á sobriña e á cunhada (Samuelle, 1993: 73). RIC e FDG deberon coñecerse durante a II República en Ourense xa que RIC adoitaba achegarse pola sede do PG en Ourense. Tamén se puideron coñecer nas Asembleas do PG, como a celebrada en Ourense en xaneiro de 1934 (*A Nosa Terra*, 3-II-1934) á que asiste FDG en representación do grupo galeguista de Córrego de Vilamartín de Valdeorras.

<sup>24</sup> O FPAG constituíuse o 4 de decembro de 1937 integrándose nas SHC, creadas na primavera de 1937 en apoio da República e como federación integradora de máis de cen entidades e iniciativas pro-republicanas e antifascistas (Rey García, 1997; Pérez Rey, 2006). En Cataluña, Ramón Mosteiro tivo unha xuntanza con FDG e Ramón de Valenzuela na sede da Xunta Executiva Xeral do PG. Carta de Florencio Delgado Gurriarán a Castelao, Barcelona, 24-XII-1938. FP-FXC. Tamén visitou na fronte ao Vº Corpo do Exército onde se atopou con Santiago Álvarez (Álvarez, 1988: 23) e comezou a elaboración dunha lista de galegos na fronte do Ebro en previsión dunha posible evacuación. Carta de Florencio Delgado Gurriarán a Ramón Mosteiro. París, 18-II-1939 (Reproducida en Gurriarán, 1999: 410-412).

<sup>25</sup> Fillos do asasinado xeneral Rogelio Caridad Pita, gobernador militar da Coruña durante o golpe de Estado.

<sup>26</sup> Dependente do Ministerio da Guerra, o nomeamento de Bibiano Fernández Osorio-Tafall como comisario xeral do Exército Popular por parte de Juan Negrín facilitou a integración de numerosos galegos na estrutura administrativa e militar desta subsecretaría dirixida polo redondelán Alejandro Otero Fernández (Mera Covas, 2021: 28).

Estrada e canda a Ramón de Valenzuela e Andrés Valín<sup>27</sup>. En setembro de 1938 integrouse na executiva do PG como secretario de propaganda<sup>28</sup>. Mais a comezos de 1939, FDG pasou a Francia legalmente en misión oficial<sup>29</sup>. Cando aínda se atopaba en Toulouse de camiño a París, coñeceu a nova da conquista de Tarragona o 14 de xaneiro. A caída de Cataluña obrigou a un cambio de plans. No medio do caos da “Retirada” e a reacción controladora, internadora e represiva das autoridades francesas, FDG contou coa vantaxe do permiso legal de residencia (*récepissé*) que lle permitiu vivir con tranquilidade sen medo ás redadas da xendarmería e sen risco de ser internado nun dos miserables campos de concentración<sup>30</sup>.

O 9 de febreiro, RIC estaba tamén instalado en París aproveitando que se atopaba documentado como refuxiado polas autoridades francesas previamente á “Retirada”<sup>31</sup>, compartindo oficina e domicilio con FDG<sup>32</sup>.

---

<sup>27</sup> O SIEP estaba integrado nos servizos de información do Estado Maior do Exército Popular baixo o mando do coronel Manuel Estrada Manchón, fillo dun militar ferrolán. Este servizo dedicábase á espionaxe na retagarda inimiga e á infiltración de axentes ben polo mar, ben a través da liña de fronte (Rodríguez Velasco, 2012).

<sup>28</sup> Nesta reorganización do PG producíronse os seguintes nomeamentos. Ramón Suárez Picallo, secretario xeral; Ramón de Valenzuela, secretario de organización; Andrés Valín, secretario administrativo; Xohán López Durá, secretario político, e como vogais Amparo López Jean, Rodríguez Casas e Elixio Rodríguez.

<sup>29</sup> O obxectivo da súa misión era establecer unha ruta segura para a fuxida desde Galicia dos fuxidos e guerrilleiros a través de Portugal coa colaboración cos mariñeiros portugueses que sacaran a FDG desde Porto. En primeiro lugar pararía en París, logo en Bordeos e mesmo tiña o plan de instalarse en Portugal. Este proxecto contaría co financiamento das SHC (Gurriarán, 2001: 132 e ss.).

<sup>30</sup> Delgado Gurriarán, 2003: 64-65.

<sup>31</sup> O carné de refuxiado español en Francia de RIC foi outorgado en París o 9 de febreiro de 1939, sendo autorizado a residir tras sucesivas renovacións até o 28 de setembro de 1939 no XVII<sup>ème</sup> distrito de París, no 153 da Rue Legendre, preto dos consulados xerais de España e Portugal. Carné de refuxiado de Ramiro. FRIC-AFIC.

<sup>32</sup> O vinte de xaneiro de 1939, Florencio estaba instalado en París no Hotel de l'Independence (18, Rue des Dames, XVII<sup>ème</sup>) desde onde lle escribiu a Ramón de Valenzuela pedíndolle o enderezo de RIC en París. Carta de Florencio Delgado Gurriarán a Ramón de Valenzuela. París, 20-I-1939 (reproducida en Gurriarán, 1999: 409). Para poderen subsistir, FDG e RIC recibiron cantidades desde Arxentina e EE.UU. RIC traballou de caixeiro na Cámara de Comercio da República española en París pero, ao cesar a súa actividade, viviu dos cartos enviados desde Arxentina pola familia de Chita e dun cativo préstamo de Ramón Obella. Carta de Ramiro Isla Couto a Rodolfo Prada. París, 25-V-1939. FP-FXC. Por

Castelao, de viaxe de propaganda republicana en EE.UU convidado polo FPAG recomendou a RIC como delegado en París da FPAG e das SHC<sup>33</sup>. Desde o primeiro momento, FDG e RIC asumiron a responsabilidade de localizar os espallados galeguistas e galegos que se refuxiaron en Francia<sup>34</sup>, e de establecer contacto e comunicación con Rodolfo Prada en Bos Aires<sup>35</sup>, con Ramón Mosteiro e Ernesto Pérez Guerra da Cal en Estados Unidos, e con Castelao, que daquela se atopaba en Cuba<sup>36</sup>. O seu obxectivo era mobilizar a axuda das entidades de apoio á España republicana para facer fronte á crise humanitaria que estaban a vivir as persoas refuxiadas<sup>37</sup>. No caso galego, contaron cun protagonismo singular a Central Gallega de Ayuda

---

mor deste emprego, RIC foi nomeado oficial do Exército republicano e estivo brevemente baixo as ordes de Marcial Fernández, socialista coruñés e Director Xeral de Carabineiros, ao militarizarse a Cámara de Comercio a causa dos desvíos e subtraccións dos fondos e das doazóns.

- <sup>33</sup> “Conste que en Nova York traballei moito pol-a nosa xente. E contra vento e marea. Impuxen o teu nome para axente da F.P.A.G. e dexei moito alí feito que ao mellor xa se desfixo”. Carta de Castelao a Ramiro Illa Couto. Bos Aires, 26-VI-1941. Castelao e Luís Soto partiron en xullo de 1938 cara aos Estados Unidos convidados polo FPAG. Entre novembro de 1938 e febreiro de 1939 a xeira desenvolveuse en Cuba. Sobre o periplo mitineiro de Castelao e Luís Soto polos EEUU e Cuba para recadar fondos e apoios vid. Soto, 1983.
- <sup>34</sup> Con este fin, por exemplo, FDG inseriu un anuncio no xornal *La Dépeche* de Toulouse dando o seu enderezo e contacto (Delgado Gurriarán, 2003: 65). O seu domicilio no Hotel de l’Independence converteuse nunha referencia para os refuxiados que conseguían saír ou fuxir dos campos como Elixio Rodríguez: “Cumprín ao pé da letra as súas instrucións. E aos poucos minutos xa me atopaba nun taxi ao que indiquei o enderezo de Ramiro Illa Couto. Este non se atopaba na casa, daquela. No seu lugar tiveron sorte de atopar a Florencio Delgado Gurriarán, tamén entrañable amigo e correligionario, que me recibiu como un irmán e ofreceume un recanto do seu modesto cuarto para pasar a noite” (Rodríguez, 2008: 291).
- <sup>35</sup> O Fondo Xavier Castro da Fundación Penzol conserva parte da correspondencia de RIC, FDG e Xohán Xosé Plá con Rodolfo Prada e outras correspondencias enviadas por refuxiados a Arxentina a partir da que se pode reconstruír o período entre febreiro e setembro de 1939. Miguel Anxo Seixas Seoane (2020) ten integrado esta documentación no segundo volume da súa monumental biografía de Castelao permitindo reconstruír polo miúdo este proceso que sintetizamos nesta achega.
- <sup>36</sup> Carta de Castelao a Florencio Delgado Gurriarán. A Habana, 19-II-1939 (Castelao, 2000: 286-291).
- <sup>37</sup> A situación nos campos de concentración foi dramática e cunha alta mortalidade: frío, fame, sede, miseria, falta de hixiene, enfermidades físicas e mentais, suicidios, violencia,

a los Refugiados desde Bos Aires e o FPGA desde Nova York<sup>38</sup>. O 22 de marzo, Rodolfo Prada comunicou o nomeamento dunha comisión integrada por FDG, RIC e Germán Vidal para actuar de representantes da axuda arxentina da Central Gallega, Comité Orensano Leal e Grupo Galeguista de Bos Aires<sup>39</sup>.

En colaboración co SERE, constituído por Juan Negrín o 1 de abril de 1939<sup>40</sup>, o traballo de FDG e RIC consistiu en localizaren os refuxiados galegos nos campos de concentración e actuaren de enlace e representantes do FPAG, SHC e dos grupos de axuda na Arxentina. O proceso para a xestión da saída cara ao exilio resultaba complexo: localizar o paradiro dos refuxiados galegos nos campos de concentración ou centros de acollida; actuar autonomamente por mor das dificultades de comunicación directa cos líderes galeguistas no estranxeiro como Castelao e Suárez Picallo, ambos os dous en Estados Unidos; nomear enlaces nos campos de concentración; elaborar listas de refuxiados; reunificar as familias separadas; recibir de vez as listas e cartas de súplica que

---

humillacións e represión por parte dos gardas, mortes por inanición, frío e doenzas como os andazos de disentería etc. (Mirón González, 2019).

<sup>38</sup> Antes de Castelao e Luís Soto, visitara os EE.UU en xeira propagandística Bibiano F. Osorio-Tafall. As SHC axiña ofreceron a Bibiano F. Osorio-Tafall, Ramón Suárez Picallo, Marcial Fernández, Enrique Líster e Santiago Álvarez a posibilidade de viaxar a Nova York. Segundo Santiago Álvarez, ao chegar o 12 de febreiro a Perpiñán –punto de concentración dos galegos con cargos militares e políticos e con pasaportes en regra– recibiu notificación desta oferta que foi aceptada por Suárez Picallo e Marcial Fernández, que partiron a EE.UU unha semana máis tarde (Álvarez, 1988: 24).

<sup>39</sup> Carta de Rodolfo Prada a Florencio Delgado Gurriarán. Bos Aires, 22-III-1939. FP-FXC. O 11 de abril, RIC e FDG comunicaban o envío de dúas listas de refuxiados e que xa estableceran contacto con Germán Vidal, “antigo amigo noso” (na SGA). Nesta altura xa lograran localizar a todos os galeguistas Carta de Florencio Delgado Gurriarán e Ramiro Isla Couto a Rodolfo Prada. París, 11-IV-1939. FP-FXC. O comité estivo operativo unicamente con RIC e FDG. Germán Vidal residiu fóra de París e os traballos administrativos recaeron fundamentalmente sobre RIC, coa axuda do galeguista Carlos Tomé até a súa detención e internamento nun campo de concentración. Carta de Ramiro Isla a Rodolfo Prada. París, 22-V-1939. FP-FXC.

<sup>40</sup> O SERE tivo como director a Bibiano Fernández Osorio-Tafall, comisario xeral do Exército e membro de SGA. Ademais fora alcalde de Pontevedra director da Residencia de Estudantes en Pontevedra, na que Xaime Isla Couto ocupou a xefatura de estudos. En representación do SERE creouse en México o Comité Técnico de Ayuda a los Refugiados Españoles (CTARE) (Mateos, 2009).

chegaban a Arxentina desde os campos de concentración<sup>41</sup>; responder as cartas de súplica dos refuxiados; enviar e recibir aos refuxiados as fichas propias e as fichas de emigración do SERE; distribuír os cartos recibidos tanto para a manutención, vestido, aloxamento e supervivencia dos refuxiados como para os embarques cara ao exilio en buques fretados polas organizacións de axuda ou en liñas regulares de transatlánticos; acadar visados, pasaportes e documentación administrativa; negociar a cota que correspondería a cada organización política e sindical en cada un dos barcos fretados; superar os vetos, peneiras e filtros de selección profesional e política establecidos polos diversos países favorables á acollida e polas organizacións políticas e sindicais republicanas así como os interrogatorios políticos previos ao embarque<sup>42</sup>; e afrontar os imprevistos (fuxida dos internados nos campos de concentración, detencións e internamentos polas autoridades francesas, roubo dos fondos, denegación a última hora do embarque, incumprimento das cotas previamente asignadas ás diversas organizacións políticas e sindicais e de axuda etc.)<sup>43</sup>. Pero esta comisión tamén fixo fronte ás desconfianzas, acusacións, críticas e maledicencias dos propios refuxiados<sup>44</sup> e a confusión xerada inicialmente por

---

<sup>41</sup> As cartas de súplica, as listas de refuxiados, noticias sobre a situación dos refuxiados en Francia e nos campos de concentración, os actos e iniciativas de recadación de fondos, a xestión do seu envío etc., apareceron publicados regularmente en *Galicia*, o semanario da FSG, desde a publicación o 18 de febreiro de 1939 dunha fotografía do éxodo na fronteira con Francia e a difusión na súas páxinas en marzo dos primeiros chamados de axuda aos refuxiados do Comité Orensano Leal.

<sup>42</sup> Por exemplo, Fernando Gamboa, membro da legación mexicana en Francia, sometía a interrogatorios políticos aos libertarios candidatos a embarcar no *Méxique*, vid. carta de D. Torres a Juan López Sánchez, Montpellier, 24-VII-1939. Archivo General de la Región de Murcia. JLS, 990/4,8. Elixio Rodríguez tamén sufriu un interrogatorio por parte dun diplomático mexicano antes de embarcar no *Ipanema* a consecuencia do cal lle foi denegado, inicialmente, o embarque (Rodríguez, 2008: 313-314).

<sup>43</sup> Elixio Rodríguez evadiuse do campo de concentración sendo acollido por diversos anónimos protectores franceses. Carlos Tomé, axudante en París da comisión galeguista, foi detido polos xendarmes franceses e internado. Xohán Xosé Plá padeceu o roubo de 7.000 francos destinados á súa pasaxe e da súa muller e sufriu unha crise cardíaca, perdendo esta oportunidade e ficando no exilio en Francia polo suposto “veto” do Osorio-Tafall. Ramón de Valenzuela e outros compañeiros non puideron embarcar con destino a México e Elixio Rodríguez atopouse co seu nome borrado da lista de embarque no *Ipanema* tras o interrogatorio mencionado.

<sup>44</sup> Xohán Xosé Plá amosouse moi adoecido nas súas críticas a RIC, ás SHC e ao SERE na súa correspondencia con Rodolfo Prada (FP-FXC) e co Grupo Galeguista de Bos



iniciativas paralelas de organización da axuda aos refuxiados desde Francia como a promovida por galegos axuntados brevemente en Perpiñán en febreiro e comunicada por Domingo Mateo, director de *Nueva Galicia*, ao Centro Gallego de Bos Aires a comezos de marzo de 1939<sup>45</sup>.

A imposibilidade de asumir a saída cara ao exilio en América da totalidade das persoas refuxiadas en Francia provocou a necesidade de establecer criterios de selección e cotas xa que existían clases e diferenzas entre a vaga de persoas refuxiadas<sup>46</sup>. Estaban as refuxiadas anónimas, sen militancia política ou desempeño militar ou civil salientable; os “notables” que ocupaban cargos de responsabilidade política ou sindical ou destacaran no “batallón de intelectuais” como artistas, escritores ou xornalistas leais á República; os militantes activos das forzas políticas e sindicais republicanas; os soldados e oficiais do Exército derrotado; as persoas con redes familiares na emigración etc. Pero todas compartían unha mesma característica: sentírense ameazadas e con temor pola

---

Aires (Núñez Seixas, 2016: 105, nota 73). Carmen Muñoz Manzano tamén amosou desconfianza cara a RIC no seu epistolario co seu home Rafael Dieste (2005: 45-46). E Alejandro Viana queixárase posteriormente con frustración da ingratidade na valoración do seu complicado e complexo traballo no SERE (Mera Covas, 2021: 135 e ss.). Como lle comentou con tristura e carraxe Castelao a Lois Tobío, “todos se están enchendo de merda”. Carta de Castelao a Lois Tobío. Nova York, 8-IV-1939 (Castelao, 2000: 294). Neste “encher de merda” a acusación de ser comunista ou estar influído polos comunistas empregouse contra Castelao, Suárez Picallo, FDG, Ramón de Valenzuela, Osorio-Tafall etc.

<sup>45</sup> O 6 de marzo, Domingo Mateo enviou unha carta desde París á secretaría xeral do Centro Gallego de Bos Aires anunciando a creación dunha comisión de exiliados galegos en Francia co fin de administrar a axuda e solidariedade de alén mar. A circular, asinada por Domingo Mateo e Suceso González en Perpiñán en febreiro de 1939, apelaba á xenerosidade, axuda e solidariedade dos galegos alén mar ante o seu “estado angustioso”, “forzado extrañamiento”, “estado de dolor”, “vivir como penados” e “tragedia” e demandaban a súa axuda para viaxar a América e acadar a apertura de fronteira. Esta inactiva comisión estivo integrada por Bibiano F. Osorio-Tafall, Enrique Puente, Domingo Mateo, Santiago Álvarez, Enrique Líster, Suceso González, Ramón Martínez López e Lois Tobío. Carta de Domingo Mateo á secretaría xeral do Centro Gallego de Bos Aires, 6-III-1939. FP-FXC. Rodolfo Prada escribiulle a FDG para comunicarlle a confusión que tiña xerado a publicación desta circular en *Galicia*, semanario da FSG (Vid. “Un chamado”, *Galicia*, n. 616, 1-IV-1939) e o feito de que o enderezo de contacto (Rue des Dames, 18) coincidise co de FDG e RIC. Carta de Rodolfo Prada a Florencio Delgado Gurriarán. Bos Aires, 26-IV-1939. FP-FXC

<sup>46</sup> Para un exemplo da distribución das cotas nos embarques cara a México, vid. Adámez Castro, 2017: 48-49.

propia vida, integridade física e liberdade en caso de caer en mans do exército rebelde e da burocracia franquista do terror e a represión<sup>47</sup>. Desde Arxentina, os galeguistas fixaron uns criterios de selección e preferencia na distribución dos fondos de axuda. Tal e como comunicou Rodolfo Prada en carta confidencial a FDG a finais de marzo, a orde de distribución dos fondos establecía a seguinte prelación: en primeiro lugar, os galegos da Fronte Popular que corresen maior perigo en caso de ser devoltos a España polo goberno francés; en segundo lugar, os artistas e intelectuais; e, en terceiro lugar, outros que, por “razóns moi especiais, conviñese pór a salvo”<sup>48</sup>.

### **De Francia ao exilio en América: os barcos da liberdade**

O traballo dos enlaces galeguistas en Francia xunto co financiamento norteamericano e arxentino permitiron a saída cara ao exilio en América de case catrocentos galegos refuxiados en Francia e da práctica totalidade dos militantes do PG<sup>49</sup>. Porén, previamente, deberon asumir con resignación as restricións inmigratorias de destinos preferentes como Arxentina<sup>50</sup>, e lidar con numerosas dificultades, conflitos, sectarismos e atrancos no marco das tensións que fendían a unidade de acción republicana, tal e como se reflectiu no informe presentado por Xosé Castro e Marcos C. Mari, parella de comisionados enviados a Francia entre maio e xullo de 1939 desde Nova York polas SHC e o FPAG<sup>51</sup>. Arribaron coa encomenda de financiar a viaxe

---

<sup>47</sup> O 14 de febreiro de 1939 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Lei, de 9 de febreiro de 1939, de Responsabilidades Políticas.

<sup>48</sup> Carta de Rodolfo Prada a Florencio Delgado Gurriarán. Bos Aires, 29-III-1939. FP-FXC.

<sup>49</sup> Outra vía de financiamento das necesidades dos refuxiados e das súas pasaxes consistiu en mobilizar as solidariedades locais e de veciñanza, como a asistencia económica dos emigrantes de Bandeira a Ramón de Valenzuela ou os de Viveiro a Xohán Xosé Pla.

<sup>50</sup> Ortuño Martínez, 2018.

<sup>51</sup> Por mor do valor das remesas económicas das SHC, e co fin de axilizar as xestións, trasladouse a París desde Nova York unha comisión integrada polo libertario Marcos C. Mari e o socialista coruñés Xosé Castro. Os comisionados portaban unha relación de galegos para a súa liberación e traslado a América. O seu obxectivo era financiar a viaxe de 1.000 refuxiados con independencia da filiación partidista, mais dando preferencia aos familiares dos membros das SHC residentes en EE.UU. Saíron de Nova York o 11 de marzo e Castro regresou o 15 de xullo de 1939, presentando o seu informe ante a Asemblea Xeral das SHC o 28 de agosto de 1939. *La obra de las Sociedades Hispánicas Confederadas en torno a los refugiados españoles*, Nova York, Publicaciones S.H.C., 1939. (Copia facilitada pola

de 1.000 persoas recomendadas por estas organizacións aínda que, até agosto de 1939, unicamente lograran embarcar a douscentos refuxiados no *Sinaia*, *Ipanema*, *Méxique* e *Winnipeg*. O 5 de xullo, Castro regresou a Nova York, mentres Mari ficou en París para coordinar a evacuación. RIC estivo en contacto directo con esta comisión durante a súa estadía en Francia, sendo nomeado por Castro como secretario delegado do FPAG<sup>52</sup>, e recoñeceu ter participado nas xestións das pasaxes e embarques nos buques *Sinaia*, *Ipanema* e *Winnipeg* con destino a México e Chile respectivamente, tomando a decisión de ficar en Francia até que o “derradeiro galego” tivese partido voluntariamente ao exilio<sup>53</sup>.

No verán de 1939, RIC ficou en soidade en París como delegado galeguista<sup>54</sup>. O principal continxente de galeguistas embarcara no *Ipanema* con destino a Veracruz (México)<sup>55</sup>. Aquel buque de transporte de gando, adaptado precariamente para a viaxe de refuxiados, partiu o 12 de xuño de Pauillac –porto fluvial preto de Bordeos– con preto de mil persoas a bordo, entre outros FDG, Elixio Rodríguez, Horacio Casas, Xohán López Durá, Carlos Tomé Alonso, Severino Pellit, Ramón Cabanillas Álvarez, Andrés Valín ou Roxelio Rodríguez de Breñaña<sup>56</sup>.

---

Brandeis University). Castelao tamén participou nestas xestións escribindo colectivamente a Diego Martínez Barrio, presidente do Comité Nacional de Axuda a España. Carta de Castelao, José Asensio e Ramón Mosteiro a Diego Martínez Barrio. Nova York, s.d., ca. marzo-abril 1939. (Castelao, 2000: 292-294).

<sup>52</sup> Por este cargo, RIC recibiu unha cativa axuda económica que aliviou parcialmente a súa precaria situación económica. Carta de Ramiro Isla Couto a Rodolfo Prada. París, s.d. (ca. maio de 1939). FP-FXC.

<sup>53</sup> Entrevista de Ramiro Isla con Xan Carballa (1986).

<sup>54</sup> En xuño, a Central Gallega propuxo a Xosé Otero Espasandín, residente en Norwich (Reino Unido), desprazarse a París para colaborar con RIC, posibilidade que non se materializou por carecer de documentación adecuada (Citado en Seixas Seoane, 2020: 1361). Xohán Xosé Plá amosouse moi crítico coa capacidade organizativa e política de RIC e as súas decisións respecto da xestión dos fondos enviados desde Arxentina. Carta de Xohán Xosé Plá a Rodolfo Prada. Melun (Francia), 1-VIII-1939. FP-FXC.

<sup>55</sup> Segundo testemuño de Ramón Esturao, RIC atopábase en Bordeos acollendo os refuxiados que ían embarcar no *Ipanema* entregándolles os cartos que recibira como axuda do emigrantes españois na Arxentina (Tuñón de Pablos, 2006: 179). Para unha crónica da accidentada viaxe, vid. Rodríguez, 2008: 314-321.

<sup>56</sup> Consello da Cultura Galega, 2001.

Durante o verán, RIC seguiu traballando arreo na xestión da saída dos refuxiados galegos no buque *Winnipeg* con destino a Chile<sup>57</sup>. Unha vez iniciada a II Guerra Mundial o 1 setembro de 1939, RIC e Chita decidiron marchar tamén cara a México. Como declarou RIC, os galeguistas que quedaron daquela en Francia fixérono por vontade propia e non por falta de oportunidades<sup>58</sup>. Como Ramón de Valenzuela, secretario xeral e de organización do PG, que decidiu continuar a loita clandestina e guerrilleira contra Franco xusto cando estaba a piques de embarcar no *Winnipeg* nos primeiros días de agosto. Antes de partir cara a México, RIC entregou a Valenzuela a documentación do comité galeguista que incluía as fichas dos refuxiados en Francia. Nesta encomenda documental tamén engadiu a orde de queimalas se intuía algún perigo. Antes da súa detención conxunta pola Gestapo e a policía española, Valenzuela deu cumprimento ao mandato incendiario, tal e como recoñeceu na súa biografía<sup>59</sup>. En novembro, Alejandro Viana asumiu a delegación oficial das SHC, que compartía oficinas co SERE (Rue Tronchet, 11) do que fora nomeado director xeral, e comezou a representar á Central Gallega de Ayuda a los Refugiados<sup>60</sup>.

O 19 de outubro de 1939, tras un breve paso por Cuba e República Dominicana, RIC e Chita desembarcaron do buque *Colonial* en Veracruz integrándose na comunidade galeguista e republicana que constituíu a Irmandade Galeguista (1939), publicou a revista *Saudade, verba galega nas Américas* (1942-1953) e tirou do prelo o *Cancioneiro da Loita Galega* (1943). Pero esta xa é outra historia, a de como gañaron a vida e continuaron a loita pola democracia no exilio os irmáns galeguistas como Florencio Delgado Gurriarán e Ramiro Isla Couto que mantiveron viva a súa amizade até o seu común pasamento en 1987.

---

<sup>57</sup> No semanario *Galicia* apareceron dúas novas de cartas enviadas por RIC á Central Gallega de Ayuda a los Refugiados. Nas xuntanzas do 26 de xullo de 1939 e 28 de agosto de 1939 léronse as súas cartas e enviouse nesta última unha carta de resposta. *Galicia*, n. 634, 5-VIII-1939 e n. 638, 2-IX-1939.

<sup>58</sup> Entrevista de Ramiro Isla con Xan Carballa (1986).

<sup>59</sup> Valenzuela, 1997: 118.

<sup>60</sup> Mera Covas, 2021: 81.

## Bibliografía

- Adámez Castro, Guadalupe (2017): *Gritos de papel. Las cartas de súplica del exilio español (1936-1945)*. Granada: Comares.
- Alonso Ríos, Antón (1996): *O Señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da norte. Memorias dun fuxido*. Vigo: A Nosa Terra.
- Álvarez, Santiago (1988): *Memorias III*. Sada: Edicións do Castro.
- Anónimo (1998): *O que fixeron en Galicia. 1936*. Vigo: A Nosa Terra.
- Barruso Bares, Pedro (2001): *El frente silencioso. La Guerra civil española en el sudoeste de Francia (1936-1940)*. Alegria [Guipúscoa]: Hiria.
- Beramendi, J. G. (2007): *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Castelao (2000): *Obra. Volume 6. Epistolario*, edición de X. M. Núñez Seixas. Vigo: Galaxia.
- Consello da Cultura Galega (2001): *Repertorio biobibliográfico do exilio galego: Unha primeira achega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Delgado Gurriarán, Florencio (2003): “Galicia es mi patria y yo sigo siendo ciento por ciento gallego” en Dolores Pla Brugat (coord.), *El aroma del recuerdo*. México: Plaza y Valdés-Instituto Nacional de Antropología e Historia, pp. 57-69.
- Díez y Díez, Antonio (2000): “Hno. Manuel Rodríguez, fundador del Seminario Fontán-Sarmiento”, *Boletín de Estudios del Seminario Fontán Sarmiento*, 21, 19-37.
- Dreyfus-Armand, Geneviève (2000): *El exilio de los republicanos españoles en Francia. De la guerra civil a la muerte de Franco*. Barcelona: Crítica.
- García Gerpe, Manuel (2020): *Aramados. Os meu nove meses polos campos de concentración de Francia*. Santiago de Compostela: Alvarellós.
- Gómez Rivas, Isabel (2006): “O exilio galego en Europa: a delegación do Consello de Galiza en París” en Xosé Manuel Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (eds.), *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada: Edicións do Castro, pp. 289-321.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edicións do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2009): *Obella Vidal. Investigador, empresario e galeguista*. Vigo: Foro Peinador-Pío García Edicións.

- Isla Couto, Xaime (2105): “O meu irmán Ramiro” en Xosé L. Pastoriza Rozas (ed.), *Xaime Isla Couto. Raíz e utopía de Galicia*. Vigo: Fundación Isla Couto-Galaxia, pp. 117-120.
- Mateos, Abdón (2009): *La batalla de México. Final de la Guerra Civil y la ayuda a los refugiados, 1939-1945*. Madrid: Alianza.
- Mera Covas, Roberto (2021): *Alejandro Viana. Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos*. Vigo: Belagua.
- Mirón González, Rubén (2019): *Asistencia y condiciones sociosanitarias de los exiliados españoles en el sur de Francia (1936-1945)*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social.
- Muñoz Manzano, Carmen (2005): *Epistolario*. Sada: Ediciós do Castro.
- Núñez Seixas, Xosé M. (2006): “Itinerarios do desterro: sobre a especificidade do exilio galego de 1936” en Xosé Manuel Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (eds.), *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada: Ediciós do Castro, pp. 11-51.
- \_\_\_\_\_ (2016): *O soño da Galiza ideal. Estudos sobre exiliados e emigrantes galegos*. Vigo: Galaxia.
- Ortuño Martínez, Bárbara (2018): *Hacia el fondo bajo fondo... Inmigrantes y exiliados en Buenos Aires tras la Guerra Civil española*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Pastoriza Rozas, Xosé L. (2017): “Ramiro Isla Couto: pioneiro do nacionalismo alén mar” en Justo Beramendi et al. (eds), *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Museo do Pobo Galego, pp. 309-324.
- Pérez Rey, Nancy (2006): “Panorama do exilio galego republicano en Nova York” en Xosé Manuel Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (eds.), *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada: Ediciós do Castro, pp. 189-198.
- Rey García, Marta (1997): *Stars for Spain. La Guerra Civil española en los Estados Unidos*. Sada: Ediciós do Castro.
- Rodríguez, Elixio (2008): *Matádeo mañá. Memorias dun aviador galeguista republicano entre a guerra e o exilio*. Vigo: Xerais.
- Rodríguez Salinas, Santiago (2021): *Illote P, Barraca 16*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez Velasco, Hernán (2012): *Una derrota prevista. El espionaje militar republicano en la Guerra Civil española (1936-1939)*. Granada: Comares.

- Samuelle Lamela, Cristina (1993): *Conversas con Manuel Meilán*. Vigo: Xerais.
- Seixas Seoane, Miguel Anxo (2020): *Castelao. Construtor da nación. Tomo II (1931-1939)*. Vigo: Galaxia.
- Soldevilla Oria, Consuelo (2001): *El exilio español (1808-1975)*. Madrid: Arco Libros.
- Soto, Luís (1983): *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*. Vigo: Xerais.
- Torre Enciso, Cipriano e D. Muro Zegri (1939): *La marcha sobre Barcelona*. Madrid: Editora Nacional.
- Tuñón de Pablos, Enriqueta (2006): “El exilio gallego de 1939 en México” en Xosé Manuel Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila (eds.), *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada: Edición do Castro, pp. 175-188.
- Valenzuela, Ramón de (1997): *Era tempo de apandar*. Vigo: A Nosa Terra.





## O Partido Galeguista en Valdeorras: as coordenadas da represión e o exilio

XULIO PRADA RODRÍGUEZ  
(UVigo)

### 1. “Dianted’iste problema, todo intrés ou difrenza partidista debe desaparecer”.

En xuño de 1931, en plena vertixe electoral co gallo da convocatoria a Cortes Constituíntes, Vicente Risco aseguraba que a maioría dos galegos, calquera que fose a súa adscrición partidaria, estaba a favor da autonomía. Daquela, a súa consecución debía ser anteposta a calquera outros problemas, pois de non ser así o Goberno e os partidos podían empregar estes como pretexto “para soslayar a custión, fuxir d’ela ou desbotala”. En consecuencia:

dianted’iste problema, todo intrés ou difrenza partidista debe desaparecer, pol-o momento; qu’agora convén diante de nada, a unión de todol-os galegos para esta finalidade común. O arredarse do fronte único autonomista pode constituir unha treición contra Galiza, de consecuencias irreparábeles para o noso pobo<sup>1</sup>.

Catro anos máis tarde, mediado 1935, cando non eran poucos os que xa albiscaban no horizonte unha disolución das Cortes que puxese fin á etapa radical-cedista, e malia a frustración de non ter acadado o ansiado estatuto, a perspectiva mudara radicalmente e outro nacionalista, Luís Manteiga, escribía:

Eu sei que dada a cativeza numérica do Partido Galeguista, falar de divisións dentro del, arrepía un pouco. Pro é que hai que insistir na nulidade dun partido con esa mistura tan antagónica. Por qué non ha de haber galeguistas de dereitas e galeguistas de esquerdas, si estas verbas queren decir algo? Un programa político é unha reifa de cousas concretas. Un partido non se pode faguer baixo ese rubro só da autonomía; ésta ha se querer pra algo, e ese algo é a afirmación de cada grupo; cómo e para qué xuntarse, pois, pra ter que arredarse xa no primeiro paso. (...) Tampouco no campo político se ten feito ren; de feito, hoxe como hay tanto tempo, está a gobernar o país a noxenta canalla caiquería, e á sua

---

<sup>1</sup> *A Nosa Terra*, 284, p. 3.

man iría a parar a autonomía, doéranos ou non, si a tivésemos conquirido naquela data pasada<sup>2</sup>.

As reflexións deste compostelán, ex director de *Claridad*, reflectían a fonda fractura que entón corroía o Partido Galeguista (PG), un proceso ben coñecido polo que bastará con lembrar aquí os fitos esenciais do mesmo para facer intelixible a represión diferencial que afectará a unha parte dos seus afiliados na comarca de Valdeorras<sup>3</sup>. A mediados de xaneiro de 1934 a III Asemblea do PG, celebrada en Ourense, pronunciouuse a prol de iniciar os contactos coas forzas esquerdistas de cara a unha futura alianza que permitise sacar adiante o Estatuto, manténdose a ficción dunha unidade que distaba moito de ser real. A finais de marzo do ano seguinte, cando aínda permanecían abertas as feridas do desterro de Castelao e Bóveda e a suspensión gubernativa de *A Nosa Terra* co gallo dos acontecementos do outubro anterior, o Consello do PG fixo públicas as conversas e con isto o integracionismo quedou tocado de morte. Naquela conxuntura, cosmovisións tan diferentes como as que retrataba Manteiga dificilmente podían convivir baixo unhas mesmas siglas e un mesmo programa. A coñecida carta de Castelao a Risco de principios dese mesmo mes de marzo de 1935, na que o invita a dar un paso á fronte, non pode ser máis expresiva:

Desfai o Partido dunha vez. Déixate de lerias e ponte ó fronte de quen che siga. Lévatte contigo o mellor que temos i esterilízalle as enerxías que teñen. Eu quédome onde estou e coa carraxe do mesmo demo do inferno –ceibe de vencellos– seguirei na política aitiva, con quen sexa capaz de dar a vida e a ialma por Galiza, a Galiza que seña, a que poidamos lograr. Apertas<sup>4</sup>.

Daquela, individualmente, uns poucos abandonaron o partido e afastáronse de xeito definitivo das loitas políticas e outros buscaron acomodo noutras formacións de diferente signo, mesmo se resultaban antagónicas cunha concepción non xa plurinacional senón descentralizada do Estado. Porén, foron os conservadores pontevedreses, capitaneados por Xosé Filgueira Valverde, os primeiros en escenificar como grupo a ruptura: o 25 de maio

<sup>2</sup> *Alento*, 10-11-12, 1935, pp. 211-212.

<sup>3</sup> Vid, entre outros, Alfonso Bozzo (1976); Beramendi (1981); Castro Pérez (1985); Beramendi e Núñez Seixas (1995); Antuña Souto (2000); Beramendi (2007); Senín Álvarez (2018).

<sup>4</sup> Reproducida en Casares 1981: 120.

de 1935 coñeceuse o manifesto da Dereita Galeguista de Pontevedra, cando xa algúns militantes comunicaran a súa baixa no PG. Máis tempo tomaron os ourensáns, se cadra porque as diferenzas entre Otero Pedrayo e Vicente Risco contribuíron a atrasar o proceso ata que aquela resultou inevitable. Mentres o primeiro fixo pública a súa intención de continuar no partido e de loitar dende o seu interior para que se declarase incompatible co marxismo e co laicismo, o segundo non podía aceptar coligarse coas esquerdas e tamén entendía que era preciso atraer ao galeguismo aos sectores católicos e dereitistas e iso, daquela, pasaba por dar os pasos necesarios para a creación dun partido nacionalista no que estes atopasen acomodo.

A Asemblea Extraordinaria do PG, reunida o día 25 de xaneiro de 1936 en Santiago de Compostela, decidiu integrarse nas candidaturas da Fronte Popular e desbotou a posibilidade de acudir en solitario ás urnas. Daquela, os seguidores de Risco decidiron transitar o camiño marcado por Pontevedra cando xa non había tempo para articular unha lista alternativa á oficial: o día 8 de febreiro constituíuse a Dereita Galeguista de Ourense e dous días despois publicábase o seu manifesto fundacional no *Heraldo de Galicia*. Ademais de Risco, estamparon nel a súa sinatura os avogados José Fernández Borrajo, José Antonio Varela Garza e José Goyanes, o xornalista Isidoro Guede, o funcionario José Luis Parente, o profesor e propietario dun colexio privado Ángel Martínez Doval e o comerciante José Perille Garra. Axiña llos seguirían os santiagueses Manuel Beiras García, Manuel Banet Fontenla, Xosé Mosquera Pérez, Daniel Louzao, Carlos Seija Subirá e Manuel Jiménez Puente. O 19 de abril de 1936, nunha xuntanza en Ourense, consumouse a federación de todos os grupos disidentes nunha única Dereita Galeguista presidida por Fernández Borrajo. Este último, a pesar de que un sector das esquerdas marxistas bloqueou a presenza dos conservadores nos comités a prol da Autonomía, puido incorporarse ao comité ourensán a título individual e con isto participar na campaña do Estatuto.

## **2. A etapa da Fronte Popular**

Malia o predicamento de Risco, unha parte significativa dos membros do PG da provincia de Ourense mantiveron a súa fidelidade ao partido, como aconteceu, por exemplo, co xinecólogo Manuel Peña Rey, que fora elixido presidente do grupo ourensán en xuño de 1935 e que renunciou,

ao igual que Otero, a ir na candidatura que finalmente encabezaría Alexandre Bóveda, pero que mantivo o contacto co comité local da Fronte Popular secundado por un pequeno grupo de afiliados (Prada Rodríguez, 2010). Noutras comarcas a ruptura provocou un esmorecemento das actividades públicas dos nacionalistas, que só recuperarían folgos cando as dúas faccións se atoparon de novo co gallo da campaña a prol do estatuto. Ben diferente foi a situación naqueles lugares onde a maioría dos comités do PG permaneceu fiel á liña oficial, como aconteceu nunha parte de Valdeorras.

Nesta comarca as primeiras novas sobre a presenza de galeguistas remóntase a 1930, a xulgar por unha carta que remite Risco a Eduardo Blanco Amor dando conta da organización dunha “importante Irmandade en Valdeorras” (Juana, 1985: 65). Segundo *A Nosa Terra*, cara a maio dese ano a súa xunta directiva estaba integrada por Xaime Prada Losada (presidente), Paulo Quiroga (vicepresidente), Ánxel Regueiro (secretario), Ánxel Feliz (tesoureiro), Manoel Valcárcel (bibliotecario) e Matías Núñez (contador), aos que había que sumar os delegados vogais de Córghomo (Florencio Delgado Gurriarán), Petín (Xosé Estévez), Vilela (Antón González) e Fontei (Antón Casanova)<sup>5</sup>. Ademais da súa actividade na fronte cultural, unha parte destes homes non permaneceron alleos á efervescencia política que se viviu entre os estertores da ditadura de Primo de Rivera e a proclamación da Segunda República, aínda que a política de bandos imperante deu lugar a estrañas alianzas nas que estes se viron envoltos. En todo caso, a maioría debeu dar o seu apoio ao Partido Nazonalista Republicán de Otero Pedrayo e Risco, co que o primeiro obtivo escano nas Constituíntes do mes de xuño, que non puido revalidar en novembro de 1933 cando o PG concorreu en solitario aos comicios. Do mesmo xeito, decantáronse pola colaboración coas forzas de esquerda na xa comentada III Asemblea do PG, momento a partir do cal incrementan a súa actividade proselitista coa formación de novos grupos en diferentes concellos<sup>6</sup>.

A coincidencia de galeguistas, republicanos de esquerda, comunistas e socialistas en diferentes accións levadas a cabo na comarca, caso da manifestación de protesta organizada contra a visita de Calvo Sotelo despois do seu regreso

---

<sup>5</sup> *A Nosa Terra*, 1/05/1930.

<sup>6</sup> A evolución destes primeiros grupos pode seguirse en Gurriarán (1999: 46-49, 52-59 e 89-97).

do exilio, foi mesmo anterior aos acontecementos revolucionarios de outubro de 1934. Pero foi a convocatoria electoral de febreiro de 1936 e o anuncio do acordo para que o PG se integrase na candidatura conxunta o que deu un novo pulo a esta colaboración. Os galeguistas valdeorreses permaneceron fieis na súa maioría á liña oficial do partido, o cal, sumado ao forte predicamento do que gozaban en determinados concellos as forzas de esquerda, permitiu obter á Fronte Popular uns resultados moi notables nunha provincia na cal a fraude en favor das candidaturas contrarrevolucionarias foi escandalosa.

En primeiro termo, as porcentaxes de participación xa resultan indicativas das dificultades que tiveron os notables locais para acudir ao envorcado do censo ou á falsificación de actas tan común noutras seccións (cadro n.º 1). De feito apenas se formularon protestas, agás en dúas seccións de Petín – precisamente o concello que rexistra unha “participación” máis alta– nas que non houbo votación, e en dúas de Rubiá, unha da Veiga e outra de Vilamartín, onde non se levou a cabo o escrutinio por ausencia das actas e de certificacións dos candidatos. En segundo lugar, sobresaí o triunfo da coalición esquerdista nada menos que en catro concellos: O Barco, Rubiá, A Veiga e Vilamartín, xusto onde máis activos se amosaran os comités conxuntos da Fronte Popular. Pola contra, as manobras destes notables locais beneficiaron especialmente ás candidaturas de centro nos concellos de Carballeda de Valdeorras e Petín, mentres que na Rúa os resultados certifican a división do voto que neste concello permitiu ás candidaturas dereitistas obter as porcentaxes máis elevadas de toda a comarca.

	<i>% Participación</i>	<i>Fronte Antirrevolucionaria</i>	<i>Partido Radical</i>	<i>Centro Portelista</i>	<i>Fronte Popular</i>
O Barco de Valdeorras	51,75%	29,49%	15,66%	10,82%	43,98%
Carballeda de Valdeorras	59,19%	22,78%	30,96%	35,34%	10,92%
Petín	77,58%	38,36%	20,05%	31,27%	10,31%
A Rúa	47,98%	44,92%	8,17%	9,43%	37,48%
Rubiá	57%	21,31%	9,54%	12,45%	56,69%
A Veiga	56,35%	31,04%	17,28%	11,44%	40,24%
Vilamartín de Valdeorras	61,27%	39,31%	9,37%	5,28%	46,04%
Total	57,71%	32,49%	16,39%	16,10%	35,01%

Fonte: elaboración propia a partir de acta de escrutinio xeral

O sistema electoral da Segunda República non permite deducir dos votos obtidos por cada formación o apoio real do que gozaba esta en cada circunscrición, no só pola xa apuntada influencia do caciquismo senón polo feito de que o elector, aínda dispoñendo de liberdade para elixir entre os candidatos con independencia da lista, podía votar integramente a todos os que a conformaban á marxe das súas simpatías. Daquela, ese 13,94% dos sufraxios obtidos na comarca polo PG non ten por que ser un fiel reflexo do seu peso real entre o electorado, pero si reflicte con nitidez o índice de fidelidade electoral dos electores respecto das candidaturas: como pode comprobarse na derradeira columna do cadro n.º 2 (100% = correspondencia plena), agás no caso de Petín, os votantes da Fronte Popular respectaron de xeito moi maioritario os pactos concluídos entre as diferentes forzas que a integraban e como tal votaron disciplinadamente a Alexandre Bóveda.

<b>Cadro n.º 2: Eleccións de febreiro de 1936. Porcentaxe de voto do PG na comarca de Valdeorras</b>					
	<i>Votos Fronte Popular</i>	<i>Votos PG</i>	<i>% Votos PG sobre total</i>	<i>% Votos PG sobre FP</i>	<i>Diferenza % votos PG con relación ao peso na candidatura</i>
O Barco de Valdeorras	6.058	859	6,24%	14,18%	99,26%
Carballeda de Valdeorras	1.033	148	1,56%	14,33%	100,29%
Petín	961	50	0,54%	5,20%	36,42%
A Rúa	2.724	366	5,04%	13,44%	94,05%
Rubíá	3.273	518	8,97%	15,83%	110,79%
A Veiga	5.651	790	5,63%	13,98%	97,86%
Vilamartín de Valdeorras	4.935	703	6,56%	14,25%	99,72%
Total	24.635	3.434	4,88%	13,94%	97,58%

Fonte: elaboración propia a partir de acta de escrutinio xeral

A mellor expresión deste clima de entendemento estivo na gran manifestación festiva do domingo día 1 de marzo de 1936 –que encabezaba o propio Bóveda–, a cal percorreu diferentes localidades dos concellos do Barco, Vilamartín, A Rúa e Petín en perfecta orde e na que se sucederon os berros a favor da República, da Fronte Popular e de Galicia autónoma. Este espírito manteríase á hora de xestionar os cambios operados nas xestoras municipais nomeadas por orde gobernativa, que deron paso a homes

vinculados ás formacións que integraran a coalición electoral, incluídos representantes dos sindicatos e sociedades que lle prestaran o seu apoio. Na maioría dos casos situáronse á súa fronte persoeiros vinculados a Izquierda Republicana –formación na que confluíran en abril de 1934 os seguidores de Azaña, Marcelino Domingo e Santiago Casares Quiroga–, pero eran os comités locais da Fronte Popular os que contaban co verdadeiro apoio popular e estes estaban dominados por homes máis próximos ás esquerdas marxistas.

Isto explica que a convivencia no seo das novas xestoras entre republicanos “burgueses” de esquerda e nacionalistas por unha banda e socialistas, comunistas e representantes destes sindicatos e sociedades non fose doada, xa que estes últimos aproveitaron a súa presenza nos consistorios para tentar canalizar as demandas de campesiños e traballadores a xornal fronte aos propietarios e tamén fronte á Administración municipal. Aínda así, a campaña a prol do plebiscito estatutario permitiu aparcar as diferenzas entre os teóricos coligados, aínda que non todos participaron na mesma con idéntico entusiasmo. Quen si o fixeron foron os seguidores da Dereita Galeguista, que contaban co xornalista Casimiro Fernández Pérez-Villagómez, coñecido como *Xan das Cousas*, un dos pioneiros na difusión do galeguismo na comarca como proban os seus artigos no *Heraldo de Galicia* e en *La Zarpa*, autor dun folleto no que se chamaba á participación nos seguintes termos:

Hoxe soio hai un partido: Galegos. Mañá xa haberá dereitas e esquerdas (...) que todol-os galegos do Barco e dos concellos qu-integran o partido, pensen dista maneira e todos a unha, como unha soia voz e unha soia vountade, darlle a Galiza a Autonomía que tantos e tantos anos pidiron os bardos, precursores do noso movimiento. Si rotundo e rexo. Valdeorras habrá dado mostra de que tamén se sinte fondamente galega e galeguista<sup>7</sup>.

Se ao desprazamento dos órganos de poder local de boa parte dos seus tradicionais dominadores sumamos o incremento da conflitividade social e a nova vaga de anticlericalismo –manifestada, sobre todo, na ocupación de reitorais e propiedades da Igrexa e nas ameazas a algúns sacerdotes que

---

<sup>7</sup> Reproducido integramente en Gurriarán 1999: 119 e García Yáñez 2005: 43.

mesmo foron obrigados a abandonar as súas parroquias— teremos tres das catro principais claves que explican a represión que afectará á comarca despois da sublevación militar de xullo de 1936. A última desas claves non é outra que a forte resistencia que atopa nela o golpe, cuxa organización recaeu no esencial nesas corporacións e nos comités de defensa da República que se constituíron a fume de carozo nun van intento de facer fronte aos rebeldes, que xa o día 21 de xullo lograran sufocar os principais focos e obrigaran a fuxir aos montes aos dirixentes máis significados.

### **3. A represión sobre o nacionalismo valdeorrés**

A represión desatada co golpe de Estado de 1936 tivo múltiples facianas: a represión física, manifestada nos asasinatos extraxudiciais, nos fusilamentos con e sen formación de causa e na privación de liberdade en calquera dos espazos de reclusión habilitados por toda a xeografía española; a represión económica, que tamén presentaba as máis variadas facianas (incautacións de bens regulamentadas e non regulamentadas, comisos e requisas sen dereito a indemnización, actos de pillaxe, multas, contribucións forzadas en forma de subscricións patrióticas etc.); a represión administrativa, da cal merece especial atención a depuración profesional de diferentes colectivos, sobre todo docentes e persoal ao servizo das administracións locais e da xustiza municipal; a represión social; a represión cultural; a represión psicolóxica...

Respecto á primeira, como temos destacado noutro lugar (Prada Rodríguez, 2008), os factores antes apuntados foron determinantes para explicar por que os únicos catro militantes do PG que foron executados extraxudicialmente ou caeron diante das balas dun pelotón de fusilamento en toda a provincia estaban aveciñados nesas dúas parroquias limítrofes de Vilamartín de Valdeorras: Portela e Córghomo. Cronoloxicamente o primeiro dos asasinados foi o avogado Abdón Segundo García Núñez, que xa tomara contacto co galeguismo cultural da man do Seminario de Estudos Galegos, do que era socio protector. Comezara a adquirir gran sona despois da caída da ditadura de Primo de Rivera pola súa oposición ao bando que encabezaba o propietario calvosotelista e dirixente comarcal da Unión Monárquica Nacional Demetrio Macía Valcarce, que como expresión desas estrañas concomitancias da política local, acudira ás eleccións de abril de



1931 en coalición nada menos que cos seguidores de Acción Republicana, o partido que encabezaba Manuel Azaña (Gurriarán, 1999: 50-51).

Nas eleccións de novembro de 1933 actuou como apoderado de Otero Pedrayo e, como o resto dos afiliados de Portela, apoiou as candidaturas conxuntas da Fronte Popular. Así mesmo, tivo un papel moi sobranceiro nas horas que median entre a chegada das primeiras novas da sublevación militar en África e a chegada das tropas golpistas á comarca o día 21 de xullo: nun primeiro momento estivo presente nunha xuntanza co dirixente comunista do Barco Manuel Blanco Pascual, o alcalde da vila Abdón Blanco García e o tenente ao mando da liña da Garda Civil na que discutiron as medidas a adoptar diante dos acontecementos e máis tarde permaneceu na casa consistorial nos momentos máis difíciles nos que as masas esixían a requisa de armas, a detención dos máis coñecidos dereitistas e a posta en liberdade dos esquerdistas detidos polos enfrontamentos cos falanxistas locais.

Cando as tropas se fixeron co control da comarca, García Núñez foi detido e conducido á coñecida como “Casa dos Barreras”, no Barco. Máis tarde foi trasladado ao depósito municipal, de onde foi sacado o 15 de setembro de 1936 nun coche co pretexto da súa condución a Ourense. O vehículo, despois de parar na Rúa, continuou viaxe cara a terras de Trives, onde foi asasinado pola zona dos Codos do Larouco, nos arredores do río Bibei. Seu irmán José Manuel, tamén militante do PG e concelleiro en representación do PG, foi absolto nun consello de guerra que tivo lugar o 12 de xaneiro de 1938 no que o fiscal solicitaba a pena de 6 anos e 1 día de cárcere por un suposto delito de “indución á rebelión”.

A represión sobre os nacionalistas continuaría con José Luis Delgado Núñez, acusado xunto co tamén galeguista Juan Antonio Álvarez Quiroga e outros veciños de denigrar a Falanxe e o Movemento, aínda que xa destacara previamente durante a campaña electoral de febreiro de 1936 e tamén tiña retesías co párroco, ao cal os frontepopulistas pretendían botar da Portela. O segundo resultando da sentenza que o condenou a morte considerou probada a súa militancia na corrente esquerdista do PG, a propaganda realizada en favor da Fronte Popular e a desafección ao Réxime, manifestada nas cancións satíricas que dedicaba á Falanxe e na alegría coa que recibía “las supuestas victorias que los partes rojos mienten”. Así mesmo, deduciu da súa fuxida ao monte, cando xa se sabía buscado polas autoridades, “su propósito

de coadyuvar en la medida de sus fuerzas a la oposición que la rebelión marxista hace en armas contra el Ejército mantenedor del poder legítimo”<sup>8</sup>. Foi executado no Campo de Aragón (Ourense) o 7 de marzo de 1938.

Ben distinto foi o contexto no que se produciu a condena de Elías López Delgado e Antonio Arias Prada (a) Caravel, neste caso veciños da parroquia de Córcomo e, respectivamente, tesoureiro e presidente da agrupación local do PG. Ambos os dous participaron na recruta de homes levada a cabo na beira dereita do Sil durante a xornada do 21 de xullo de 1936, en especial o segundo, que era, ademais, tenente de alcalde na corporación presidida polo socialista Augusto Sierra Rodríguez, e como tantos outros fuxiron aos montes cando as columnas militares tomaron a comarca. Uns tentaron pasar a Asturias para continuaren a loita contra os rebeldes, mentres outros permanecían agochados nos arredores agardando acontecementos.

Unha vez rematada a guerra, os galeguistas acordaron entregarse ás autoridades o 6 de xuño de 1939, confiados nas promesas dos vencedores e na mediación do párroco da Veiga da Cascallá (Rubiá), malia que “Caravel” mesmo chegara a oficial do 210 Batallón coas tropas republicanas. Cando caeu a fronte asturiana permaneceu agochado con outros compañeiros nos montes limítrofes entre Ourense, Lugo e León. Mesmo foron numerosos os veciños destas zonas, en particular os do concello leonés de Oencia, que declararon que non só non cometera ningún desmando senón que mesmo evitara “que elementos huidos incendiaran los templos de Villarubín, Gestoso y de Lusio, que robaran y saquearan los hogares de muchos vecinos; que jamás hizo uso de las armas y (...) que debido a su intervención pudieron evitarse en estos pueblos muchos atropellos y quizá crímenes (...)”<sup>9</sup>.

A condena a morte de E. López e A. Arias só pode entenderse dende a perspectiva dunha sentenza exemplificadora contra os dous dos máis cualificados representantes do PG no concello unha vez asasinado García Núñez e exiliado Florencio Delgado Gurriarán, o secretario da agrupación local. Sobre todo porque a súa entrega se pactou coas autoridades locais cando xa rematara a guerra e todo indicaba que a esixencia de responsabilidades

---

<sup>8</sup> Arquivo Intermedio Militar Noroeste (AIMN), causa 458/1937.

<sup>9</sup> AIMN, causa 796/1939, fols. 70-71.

en Ourense por feitos relacionados coa resistencia ao golpe e a actuación anterior á sublevación xa non se cobraría máis vítimas. Neste senso, aínda que os informes das autoridades non eran especialmente favorables, o tribunal tamén valorou os informes a favor de coñecidas persoas de orde e numerosos veciños e se ben os condenou a morte propuxo a conmutación da pena pola de 20 anos de reclusión en aplicación da Orde de 25 de xaneiro de 1940. Porén, o Capitán Xeneral da VIII Rexión disentiu da proposta do consello de guerra e ordenou, en uso das atribucións conferidas pola Circular de 3 de outubro de 1940, que fosen pasados polas armas. Ambos os dous foron executados no campamento militar do Cumial (Ourense) ás sete horas do día 7 de novembro de 1940 (Prada Rodríguez, 2008: 77-78).

Neste mesmo sumario tamén estaban procesados Florencio Delgado Delgado e Antonio Sández Arias (a) Pistón, militantes da agrupación local do PG en Córqomo, así como Antonio e Gerardo López Sánchez e Leopoldo Quiroga Arias, dos cales non puidemos acreditar documentalmente a súa militancia nacionalista, aínda que é probable que pertencesen ao mesmo círculo. Os cinco foron condenados á pena de reclusión perpetua con proposta de conmutación a nove anos, pero tamén a máxima autoridade militar da Rexión emendou ao Tribunal e incrementouna ata os quince anos. Ata o 26 de xuño de 1947 non lles foron aplicados os beneficios do Decreto de 9 de outubro de 1945, quedando daquela indultados da pena imposta.

Porén, como xa apuntamos, os asasinatos extraxudiciais, as condenas a morte ou a privación de liberdade –un bo feixe de simpatizantes galeguistas pasaron pola prisión do Barco en calidade de detidos gubernativos, aínda que non contamos co libro rexistro de entrada e saídas que nos permitiría cuantificalos con exactitude– non esgotan nin de lonxe as diferentes facianas que adquiriu a represión sobre o nacionalismo galego. Non é o lugar para profundar en todas elas, pero si, cando menos, para esbozar algúns apuntamentos sobre un aspecto que está a recibir unha atención crecente por parte da historiografía: o da represión económica. Neste senso, os meses que seguiron ao golpe estiveron presididos pola máis absoluta arbitrariedade na imposición de sancións de carácter administrativo e económico por parte das autoridades militares. As destitucións de funcionarios e persoal ao servizo da Administración sen formación de expediente e sen outro fundamento que a pertenza a tal ou cal partido ou organización sindical estiveron á orde do día.

Outro tanto aconteceu coas sancións económicas impostas a elementos considerados desafectos á causa rebelde: calquera autoridade local atribuíase o dereito a multar, con cantidades do máis dispar, a persoas que destacaran polo seu compromiso coa Fronte Popular, participaran nos órganos de poder municipal ou, simplemente, non eran do agrado dos novos amos do poder. E tal que o mesmo no que atinxe ás incautacións de bens mobles ou inmobles: non fixo falta unha norma que declarase ilegal unha ou outra formación política para que as súas sedes sociais fosen asaltadas, desvalixadas e, frecuentemente, convertidas en cuartel de milicias ou en sede dalgunha delegación de Falanxe (Prada Rodríguez, 2009: 233).

A extracción socioprofesional dunha parte dos nacionalistas galegos convertíao en branco para recadar fondos e procurar cesantías coas que retribuír aos afectos, pero o estado actual da investigación non permite determinar con exactitude a dimensión das primeiras vagas represivas nos ámbitos económico e administrativo máis aló dalgúns casos concretos. Neste senso, cómpre ter en conta que o proceso de unificación do procedemento sancionador en toda a retagarda rebelde non principia ata a publicación do Decreto nº 108 da Xunta de Defensa Nacional de 13 de setembro de 1936, que declaraba ilegais todos os partidos e agrupacións políticas e sociais que integraran a Fronte Popular, entre eles o PG, e todos os que se opuxeran ao golpe e decretaba a incautación de todos os seus bens, efectos e documentos. O Decreto-Lei de 10 de xaneiro de 1937 e a Orde que o desenvolveu suporá un novo paso nesta dirección, destacando durante todo este período a pretensión dos golpistas de achegar recursos para soste a guerra, a cal se manifesta no só na incautación dos bens das formacións declaradas ilegais senón tamén na elevada contía das multas impostas e as baixas porcentaxes globais de sobresemento das actuacións e de absolución dos inculpados que, na maioría dos casos, responden á súa insolvencia. Trátase, sen dúbida, do período no que os organismos encargados de fixar o importe das responsabilidades civís actuaron con meirande rigor, deixando de lado, como é lóxico, aqueles casos nos que as autoridades se incautaron sen máis de propiedades e patrimonios e impuxeron multas desproporcionadas sen suxeición ningunha a expediente e sen outro fundamento que a desafección, real ou presunta, á causa que representaban.

Tamén neste eido vanse facer evidentes as diferenzas entre o tratamento aos nacionalistas que permaneceron fieis ao partido e os que se

afastaron do mesmo, abandonando a política activa ou pasando a formar parte da Dereita Galeguista. Isto explica por que os expedientes incoados a militantes valdeorreses van supoñer nada menos que a metade do total dos incoados a afiliados ao PG en toda a provincia de Ourense. En conxunto suman un total de oito expedientes que teñen en común o feito de afectar a afiliados residentes en comarcas nas que as respectivas direccións apoiaron a candidatura esquerdista e mesmo, nalgúns casos, tiveron maior ou menor presenza nos comités da Fronte Popular e nos órganos de poder local.

Os casos de Florencio Delgado Gurriarán e do propio Antonio Arias Prada resultan ben ilustrativos do que apuntamos: en ambos os dous casos, a sanción da Comisión Provincial de Bens Incautados foi a do importe total que acadaran os seus bens, aínda que tamén cómpre destacar as 5.000 pesetas impostas ao comerciante de Córghomo Elías López Delgado. Pola contra, Lois Rivaya Riaño, un dos fillos do notario do Barco, que tamén ocupara cargos de responsabilidade na sección valdeorresa pero contaba no seu favor coa mesta rede de relacións persoais do pai e dos seus irmáns Jesús e José, vinculados a Falanxe xa antes do golpe, conseguiu saír indemne e mesmo ingresou nos Requetés (Gurriarán, 1999: 22-23).

Unha represión, en fin, marcadamente diferencial que distinguiu, por unha banda, entre os que abandonaron o PG antes ou inmediatamente despois de se integrar nas candidaturas da Fronte Popular, non se destacaron na campaña a prol do Estatuto, estaban conceptuados como “persoas de orde” e non fixeron oposición ao golpe ou ben contaban con excelentes relacións persoais ben asentadas na nova conxuntura. E por outra, os que apoiaron as candidaturas da Fronte Popular, accederon aos consistorios despois da renovación das xestoras que seguiu á vitoria da esquerda, estiveron presentes en primeira liña no plebiscito estatutario e finalmente formaron parte dos comités de defensa da República.

### **Bibliografía**

- Alfonso Bozzo, Alfonso (1976): *Los partidos políticos y la autonomía de Galicia. 1931-1936*. Madrid: Akal.
- Antuña Souto, Carlos (2000): *O galeguismo na provincia de Pontevedra (1930-1936)*. Sada: Edicións do Castro.

- Beramendi, Justo (1981): *Vicente Risco no nacionalismo galego*. Santiago de Compostela: Edicións do Cerne, 2 vols.
- \_\_\_\_\_ (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- Beramendi, Justo e Xosé Manuel Núñez Seixas (1995): *O nacionalismo galego*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Casares, Carlos (1981): *Vicente Risco*. Vigo: Galaxia.
- Castro Pérez, Xavier (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*. Ourense: Deputación Provincial, 2 vols.
- García Yáñez, Félix (2005): *O Barco e a terra de Valdeorras durante a II República e o Franquismo (1931-1977)*. Vigo: Promocións Culturais Galegas S.A.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Juana, Jesús de (1985): *Aproximación al pensamiento e ideología de Vicente Risco*. Ourense: Deputación Provincial.
- Prada Rodríguez, Xulio (2008): “Nacionalismo e represión franquista. O caso de Ourense”, *Grial*, 180, pp. 72-79.
- \_\_\_\_\_ (2009): “A depuración das responsabilidades políticas dos galeguistas ourensáns. Unha achega”, *Boletín da Real Academia Galega*, 370, pp. 231-251.
- \_\_\_\_\_ (2010): “Manuel Peña Rey. Un nacionalista no punto de mira dos rebeldes”, *Grial*, 187, pp. 60-67.
- Senín Álvarez, Javier I. (2018): “La configuración de un nacionalismo gallego conservadorista en la Segunda República: Dereita Galeguista”, *Hispania Nova*, 16, pp. 41-68.

## **Florencio Delgado Gurriarán, tradutor ao galego da poeta romanesa Elena Văcărescu**

ADINA IOANA VLADU

(CRPIH)

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

(USC)

Como é sabido, Florencio Delgado Gurriarán foi, ademais de poeta, un moi significativo tradutor de poesía do francés ao galego, mais non só de autores franceses, senón tamén de escritores doutras nacionalidades aínda que de expresión francófona. Tal é o caso da poeta romanesa de lingua francesa Elena Văcărescu, que aparece traducida no histórico compendio titulado *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* editado na diáspora, concretamente pola Editorial Alborada en 1949, con versións subscritas por Plácido R. Castro, Luís Tobío Fernández e o devandito Florencio Delgado Gurriarán.

Elena Văcărescu, quen asinou en francés como Hélène Vacaresco, naceu en Bucarest en data imprecisa e discutida entre 1864 e 1866, e faleceu en París o 17 de febreiro de 1947. Segundo Ion Stăvăruș (autor en 1974 da monografía *Elena Văcărescu*, da que tomamos os datos biográficos que seguen), descendía dunha familia de importante traxectoria na historia e na cultura de Romanía, na que mesmo figuraban destacados poetas.

Cando moza morou na propiedade familiar de Văcărești e adquiriu unha formación elevada e políglota. En 1879 instalouse como estudante da Sorbona en París, cidade onde, segundo as súas memorias, coñeceu a Victor Hugo e foi alumna de poesía de Sully Prudhomme. Nos anos oitenta escribiu xa poesía en francés e publicou nesta lingua, concretamente en 1886, o seu primeiro libro.

Na súa extensa e intensa vida social parisiense salienta o seu encontro coa escritora Carmen Sylva, pseudónimo da entón raíña de Romanía, esposa do rei Carlos I, pois dende 1888 formou parte do seu círculo máis íntimo. De feito, Elena Văcărescu traduciu a Carmen Sylva ao francés e esta traduciu a aquela ao alemán e colaborou tamén na tradución da poesía da súa amiga ao italiano e ao inglés.

Ademais, Elena Văcărescu mantivo unha relación amorosa, impulsada pola raíña, con Fernando de Hohenzollern-Sigmaringen, herdeiro do trono romanés, pero con quen non podía casar por impedimento da Constitución de Romanía de 1866, segundo a cal o herdeiro ao trono non podía tomar por esposa unha romanesa. En consecuencia, as dúas escritoras víronse forzadas a exiliarse por un tempo en Italia, transcorrido o cal Elena Văcărescu fixou a súa residencia en Francia para sempre.

Por tanto, Elena Văcărescu desenvolveu toda a súa vida e toda a súa obra en Francia, principalmente en París, aínda que sempre mantivo a relación coa cultura e coa política romanesas. Por exemplo, participou no Congreso pola Paz que seguiu á Primeira Guerra Mundial como membro da delegación romanese e foi delegada por Romanía na Liga das Nacións durante os anos vinte e trinta, sendo a única muller con rango de embaixadora na historia de dito organismo. E, tras a Segunda Guerra Mundial, volveu formar parte da delegación romanese no novo Congreso pola Paz que seguiu a aquela.

No terreo cultural, realizou un gran labor como tradutora de poetas romaneses ao francés e dende 1925 foi a primeira muller que formou parte da Academia Romanesa. Como escritora, cultivou abundantemente a poesía, mais tamén a recreación folclórica, a novela, o teatro e as memorias.

O seu primeiro libro de recreación da poesía folclórica romanese foi *Le Rhapsode de la Dâmbovița. Chansons. Ballades roumaines* (1889), onde adaptou poemas e cancións populares que, segundo ela, recollera a partir da súa adolescencia. Despois, publicou máis recompilacións, como *Nuits d'Orient* (1907) e *Dans l'or du soir* (1927). Non obstante, tamén no seu poemario *L'âme sereine* (1896) apareceu un ciclo de dezaioito poemas titulado “Chansons roumaines” inspirado en cancións populares da súa terra orixinaria. Xusto neste ciclo publicouse o poema titulado “La petite porte-Chanson roumaine”, que é o escollido por Florencio Delgado Gurriarán, entre os desta autora, para traducir ao galego.

En efecto, “La petite porte-Chanson roumaine” é unha composición en francés que ten como subtexto a tradición poética popular de Romanía, pois nela adivíñanse motivos característicos da mesma relacionados coa natureza (como o millo, o vento e o sol) ou co amor (como a espera, a



soidade e o desexo manifestados pola moza mentres agarda o retorno do amado soldado).

Aínda que non o fai constar, parece claro que Florencio Delgado Gurriarán toma este poema da *Anthologie des poètes français du XIXème siècle*, debida ao libreiro, editor, bibliógrafo e poeta francés Alphonse Lemerre (1838-1912) e publicada por el mesmo en catro volumes entre 1887 e 1888.

Nesta antoloxía, tal cantiga de Elena Văcărescu apareceu, tan só baixo o título de “Chanson roumaine”, no tomo 4, publicado no ano 1888, xunto a outros cinco poemas da autora. Aludindo a esta composición, o poeta Charles de Pomairols, quen realizou a presentación de Elena Văcărescu nesta compilación, comentou que algúns destes versos “fassent résonner en français des chansons roumaines, écho d’une histoire tourmentée et guerrière”.

É probable que o tradutor galego, amante das tradicións folclóricas e da diversidade identitaria dos pobos, se sentise atraído por tal “Chanson roumaine” polo que enuncia o seu propio título, así como que preferise a composición máis folclorizante de Elena Văcărescu en contraposición ás outras cinco pezas dela que figuran na antoloxía en cuestión: “Le Pacha. Chanson mahométane”, “Viens dans la plaine immense où la nuit va descendre...”, “Aurore”, “Sonnet” e “Chant guerrier”.

Mais “La petite porte-Chanson roumaine” foi traducida ao romanés no libro *Versuri*, de Elena Văcărescu e Anna de Noailles, publicado en 1971 por Demostene Botez e Lazăr Iliescu, en versión non exenta de claras conexións coa expresión popular, o que demostra a tendencia a “domesticar” o texto francés asimilándoo ao romanés do pobo xusto por percibirse tal poesía como esencialmente folclórica.

Significativamente, esta foi tamén a actitude tradutora de Florencio Delgado Gurriarán cando acometeu a súa versión en galego, na que non renunciou á estrofa en forma de pareado, aínda que substituindo a rima consonante do orixinal francés, de tradición culta, pola terminación en asonante no caso galego, de práctica máis popular.

Para comezar, traduciu “Le maïs verdict”, o millo verdea, pola expresión máis ben enxebrista “o millo verdexa”, cunha morfoloxía non recollida no estándar actual do galego, aínda que dabondo presente na

lexicografía galega dende o dicionario de Juan Cuveiro Piñol de 1876. Outra mostra de galeguización popularizante do poema é a tradución, no segundo pareado, de “Le maïs d’avril” como “O millo abrilero”, cualificativo derivado á maneira popular este último xa recollido por Eladio Rodríguez González no seu precisamente tan etnográfico *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-1961).

Seguindo coa morfoloxía, obsérvase que usa no primeiro e no penúltimo pareado a forma preposicional “antre” en lugar da logo estandarizada “entre” e no segundo e no último pareado a forma verbal “abreu” en lugar da tamén estandarizada logo “abriu”, prácticas estas habituais no seu galego. O primeiro termo, “antre”, ten ademais longa tradición lexicográfica, pois remóntase aos apuntamentos de Juan Sobreira Salgado no século XVIII. En calquera caso, trátase de formas percibidas como enxebres ou polo menos como apegadas á oralidade popular, como así mesmo ocorre coa preposición “pra”, de uso habitual no galego oral e escrito, ademais de recoñecida pola lexicografía dende as papeletas recompiladas polo mesmo Sobreira dende o século XVIII.

Así mesmo, Florencio Delgado Gurriarán utiliza o “e” paragóxico nos infinitivos “cantare” do quinto pareado e “tremere” do noveno, ademais de no substantivo “amore” da oitava estrofa, o que proba, alén do que pode ter de posible recurso para o axuste métrico, unha vontade arcaizante sempre asociada á fala popular. De feito, a forma “cantare” está rexistrada na pioneira colección de voces galegas recompilada por Martín Sarmiento xa dende 1746. En canto a “amore”, cómpre dicir que está recollida lexicograficamente por Leandro Carré Alvarellos nas catro entregas revisadas do seu *Diccionario gallego-castelán*, dende a súa primeira edición de 1926-1931. Polo demais, na sétima e oitava estrofas, prodúcese unha vacilación entre as formas pronominais “el” e “ele”, polo que neste caso tal “e” paragóxico parece debido máis ben a motivos métricos que non renuncian tampouco á oralidade popular.

Outro recurso enxebrista e popularizante de carácter morfolóxico parece o uso do “i” epentético no duodécimo pareado, que evidentemente produce un efecto próximo á fala do pobo: “i-eu”.

Respecto ao léxico, todo el habitual do galego común salvo o cultismo “céfiro”, imposto pola mención que fai a autora do vento que leva

o nome do deus da mitoloxía grega, e, redundando na busca do popular, hai que consignar dúas voces próximas ao hiperenxebrismo: “Alteiroso”, no sétimo pareado, e “louxón”, no décimo.

A palabra “alteiroso”, que xa recolleron Filgueira Valverde, Tobío Fernandes, Magariños Negreira e Cordal Carús no seu vocabulario de 1926, figura tamén nos catro dicionarios de Carré Alvarellos e no dicionario enciclopédico de Rodríguez González, pero non foi canonizada no galego estándar, pois a Real Academia Galega consagrou dende o dicionario galego-castelán de 1913-1928 a voz “altivo” para o mesmo significado. Non obstante, cómpre observar que a mesma verba a emprega Delgado Gurriarán unha vez máis ao longo do conxunto de poemas publicados na antoloxía mencionada, polo cal pódese supoñer que non se trata dun recurso léxico inhabitual neste tradutor.

A palabra “louxón”, de nula tradición lexicográfica, encóntrase tan só na variante morfolóxica “lousón” co significado de lousa grande no glosario de Constantino García de 1985, pero está claro que para Florencio Delgado Gurriarán era a laxe situada no chan do limiar da casa: “O louxón da porta seus pasos arela”.

Tematicamente, pódese observar un reiterado reforzo erotizador do motivo amoroso na versión galega fronte ao orixinal francés, acaso en consonancia coas tradicións medievais e populares de cantigas erótico-amorosas postas en boca dunha muller, moi propias de Galicia. Por exemplo, no sexto pareado, “celui que mon rêve attend” convértese en “meu amado”; no oitavo pareado, “en rêvant de lui” troca en “soño de amore”; no noveno pareado, “sa bouche” expándese en “súa boca ardente”, e no duodécimo pareado “je le croirai” transfigúrase nada menos que en vontade tan activa como a manifesta en “eu namorareino”.

Canto á tradución romanesa do poema, pódese dicir que ten á súa vez un carácter pronunciadamente popularizante, como a maioría dos textos de Elena Văcărescu devoltos por tradutores romaneses á lingua orixinaria, aínda que non de creación literaria, da autora. A versión romanesa asinada por Demostene Botez (el mesmo reconecido poeta), baixo o título “Portița-Cântec românesc”, mantén a ordenación do poema, ao igual cá galega, en versos emparellados e rimados, mais modifica o seu ritmo (tal como mostrou o filólogo

romanés Petre Gheorghe Bârlea), aproximándoo deste xeito ás composicións populares romanesas, como a *doina* ou a *balada*. Esta tendencia folclorizante pode apreciarse morfoloxicamente xa no propio título da composición, pois emprégase o diminutivo (“portia”), moi característico dos poemas populares romaneses. Por outra parte, este título non deixa de ser significativo pola súa condición de símbolo, pois non se pode esquecer o carácter fortemente simbólico da porta nas crenzas e rituais populares romaneses, teorizado por Mircea Eliade, por exemplo no tratado *Sacral și profanul*, e tallado en pedra por Brâncuși, por exemplo na escultura *Poarta Sărutului*.

Ademais, o léxico empregado na versión romanesa móstrase así mesmo popularizante. Por exemplo, o tradutor decántase por formas neopopularistas como o substantivo “april” ou directamente populares como o adverbio “colea” (na forma estándar, “acolo”). Aínda máis significativamente, o sintagma culto en francés “celui que j’aime” transfórmase na versión romanesa no popular “bădița”, diminutivo de “bade”, termo empregado polas mulleres rurais para referirse aos homes amados.

Por suposto, Elena Văcărescu, a primeira poeta romanesa neopopularista en francés, contaba co precedente da poesía neopopularista en romanés, practicada mesmo pola figura central da literatura romanesa, o poeta romántico serodio Mihai Eminescu. O lingüista ruso Roman Jakobson, en colaboración co filólogo romanés Boris Cazacu, analizou en 1962 con esta perspectiva e con metodoloxía estruturalista o poema “Revedere” de Eminescu nun dos paradigmáticos comentarios que formaron parte do seu clásico libro *Questions de poétique*, editado baixo a dirección do polígrafo búlgaro Tzvetan Todorov en 1973. De feito, o esforzo do suxeito lírico do poema de Eminescu por, segundo Jakobson e Cazacu, “trouver une langue commune avec la nature”, que acaba frustrado á maneira romántica, é equivalente ao da protagonista da cantiga de espera de Elena Văcărescu, aínda que neste caso a estrutura dobreiramente circular, pois comeza e termina cos mesmos dous pareados, resulta plenamente esperanzadora e confiada na natureza que parece anunciar coa súa vivificación o retorno do amado e do amor.

Desta maneira, o campo semántico do “vento” constitúe un dos eixes principais do poema: a palabra “vento” repítese non menos de cinco veces, tanto no orixinal francés como na versión galega, e acompáñase,

ademais, polos sinónimos parciais “céfiro” e “ar” (no orixinal, “la brise”). As formas morfolóxicas do verbo “abrir”, asociadas ás léxicas xa mencionadas, constitúen pola súa abondosa reiteración o segundo eixe da composición. As formas máis frecuentes son as do presente de indicativo da terceira persoa (por exemplo, “ábrese” ou “ábrea”), seguidas pola perífrase “está aberta” e, finalmente, pola forma do pretérito “se abreu”. Neste último caso, é interesante sinalar a modulación que introduce o tradutor na interpretación dalgúns tempos verbais do orixinal: o pretérito composto do francés “s’est ouverte” tradúcese como a perífrase verbal “está aberta”, mentres que o verbo en presente de indicativo no texto orixinal “s’ouvre” trasponse na versión galega nun verbo en pretérito (“se abreu”). A intención do tradutor, podemos supoñer, é amplificar a oposición semántica presente no terceiro verso do poema (“Elle s’ouvre au vent, ne la fermez pas.” / “Xa se abreu ao vento, non hai que a pechar.”), reforzada ademais pola introdución do adverbio “xa”. Similarmente, Delgado Gurriarán escolle retomar a mesma modulación dos tempos verbais no primeiro verso do sexto pareado (“Ma petite porte ouvre son battant” / “A miña portiña está ben aberta”), suprimindo, ademais, a referencia ao substantivo “battant” ou folla da porta, que non introduce novo contido semántico, e substituíndolle o adverbio “ben”, con igual intención de amplificar en galego a imaxe transmitida polo verso da poeta romanesa.

Non obstante, non son estas as únicas repeticións que estruturan o texto de Elena Văcărescu e que o seu tradutor mantivo fielmente na versión galega. No tecido do poema, os pareados agrúpanse en bloques unidos polo paralelismo. No primeiro bloque de catro versos, que como indicabamos coincide cos últimos dous pareados, o dobre paralelismo semántico e sintáctico establécese entre o millo ao verdear e a porta que, á espera do amado, se abre ao vento:

O millo verdexa por antre a verde herba.

A miña portiña ao vento está aberta.

Xa se abreu ao vento, non hai que a pechar.

O millo abrilheiro xa anda a abrochar.

Cunha estrutura similar constrúense os bloques seguintes. Por exemplo, os versos iniciais do segundo e terceiro pareado reforzan o motivo do vento que augura o encontro amoroso (“Cando o céfiro a abre po-la noite

escura”; “Pol-a mañan cedo ábrea o vento mol”), mentres que os versos finais establecen unha oposición entre o espazo íntimo da casa e o mundo exterior (“Non é para verte, doce ollo da lúa”; “Mais non é por ti, raxeira do sol”). Da mesma maneira, nos pareados décimo e undécimo, os primeiros versos están reservados para as historias do guerrilleiro, en variante suavizada na tradución fronte ao “horreur des combats” do orixinal (“Terá de falar-me de loitas e guerras”; “Os chans conqueridos terá de cantar”), mentres que nos versos finais de ambos os pareados elementos inanimados cobran vida e alédanse pola presenza do amado (“O louxón da porta seus pasos arela”; “Seu tépedo alento goréntalle ao ar”).

En resumo, todo parece indicar que Florencio Delgado Gurriarán escolleu esta “Chanson roumaine” por percibir nela unha posible equivalencia analóxica aos cantares populares galegos e que, en consecuencia, a traduciu en sintonía co galego popular utilizado nestes, actitude mantida correlativamente en romanés polos tradutores a esta lingua de Elena Văcărescu.

### **Bibliografía utilizada**

- AA.VV. (1949): *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, traducida por Plácido Ramón Castro, Lois Tobío Fernández e Florencio Manuel Delgado Gurriarán. Bos Aires: Editorial Alborada.
- Bârlea, Petre Gheorghe (2015): “Versiune și retroversiune în opera Elenei Văcărescu”, *Studii de știință și cultură*, 1, Volumul XI, Arad, martie.
- Eliade, Mircea (2017): *Sacrul și profanul*. Bucarest: Humanitas.
- Jakobson, Roman e Boris Cazacu (1962): “Analyse du poème ‘Revedere’ de Mihail Eminescu”, *Cahiers de linguistique théorique et appliquée*, I, pp. 536-543, recompilado en *Questions de poétique*, Paris, Éditions du Seuil, 1973, pp. 436-443.
- Lemerre, Alphonse (1887-1888): *Anthologie des poètes français du XIXème siècle*, 4 volumes. Paris: Alphonse Lemerre, Editeur.
- Stăvăruș, Ion (1974): *Elena Văcărescu*. București: Editura Univers.
- Văcărescu, Elena (1989): *Memorii*. Cluj-Napoca: Editura Dacia.

## **A Foliada de Florencio, o poeta que baila**

SÉCHU SENDE

(Professor de Língua e Literatura Galegas no Ensino Medio)

1. Festa e construción nacional.
2. Florencio: antifascista, galeguista e festeiro.
  - 2.1. Música e baile na vida e obra de Florencio.
  - 2.2. “A Foliada”, um poema inédito
  - 2.3. Por que aturuja Florencio?
3. O poeta que baila.

### **1. Festa e construción nacional**

Somos um povo festeiro. Nos estudos antropológicos sobre a Galiza, o espírito festivo é uma das características que definem a nossa cultura. É algo que surpreende muito aos jesuítas quando chegam à Galiza para evangelizar. Entre outras cousas, escrevem: “Los gallegos son los indios de Europa” (Cabada, 2015: 169). Nas suas missões populares, os jesuítas procuram reuniões sóbrias e tentam combater os excessos do espírito festivo do povo. Neste caso, entre as advertências que os jesuítas dirigem aos párocos antes do começo de uma missão estava a de “segregar” o ar festivo das celebrações e impunham que “No habrá cohetes ni vivas ni aclamaciones” (Cabada, 2015: 65). Ainda assim, “las gentes gallegas no renuncian, sin embargo, a sus formas de ver las cosas y a sus maneras de festejar y de vivir” (Cabada, 2015: 66), explica Manuel Cabada Castro, e cita as palavras de um jesuíta: “Echaron varias bombas desde la torre contra lo ordenado. Parece a esta buena gente que si no hay cohetes y bombas no vale nada, ni la fiesta ni la misión” (Cabada, 2015: 66 ).

Como povo trabalhador, o povo galego também precisa romper com a quotidianidade e organizar celebrações para se evadir do trabalho e das obrigações diárias. Romarias populares, festas patronais, festivais... a festa é património cultural galego.

A principios do séc. XX, durante a adolescência e primeira madurez de Florencio Delgado Gurriarán, a festa é um dos elementos que ajudam a criar comunidade. Nos primeiros Estatutos das Irmandades da Fala, “Os amigos da Fala Galega”, na Corunha, a festa está presente: “faranse expediciós

en días de festa ás nosas aldeas” e “fomentárase o coñecemento da música tradicional e propia da terra” (Insua, 2019: 66). Anos despois a *Alba de Groria* de Castelao é unha descrición emocionante da “festa maior da Galiza” onde “a muiñeira de campás, iniciada en Compostela, vai rolando por toda Galiza, de val en val, de coto en coto” e onde “as campás de Compostela anuncian unha festa étnica” (Rodríguez Castelao, 2018: 36). Tamén no *Plan Pedagóxico para a Galeguización das Escolas*, Vicente Risco definira como debería ser a vida na Escola Galega, dentro do apartado “A vida moral e social”: “deixando aos nenos unha grande autonomía, unha ampla liberdade; deixando á súa iniciativa e polo tanto á súa responsabilidade unha chea de cousas que se deben deixar. Elas poden ser: a orgaizazón de festas” e “compre faguerlles collel-o costume de se valeren por si mesmos e de se axudaren os ús aos outros.” Mais adiante Risco explica que o escolante “xogará con iles aos xogos ancestraes, cantará con iles as cantigas da Terra.” (Risco, 2001: 13-15)

Noutras épocas de expansión da música galega -como nos anos setenta, no movemento Bravu ou no Nunca Mais- a celebración de festas, concertos, festivais e celebracións lúdicas são fundamentais. A festa impulsa, acompaña e identifica os movementos de mudanza social e construción nacional da Galiza. E a festa non só foi un recurso de creación de comunidade social desde a esquerda. Tamén desde posicións conservadoras: as festas -locais, gastronómicas, de maiores, de partido- converteram-se num dos espaços mais activos de creación de base social, celebración e coesão cidadá do fraguismo, por exemplo.

Sem entrar a avaliar a eficacia das múltiples estratégias para a mudanza social em qualquer parte do mundo -da luta armada à ação institucional, do ativismo coletivo à participação individual, entre outras-, o certo é que a estratégia de fazer compatível festa e ativismo é, histórica e atualmente, uma via útil, eficaz.

Gostamos desta combinação em enunciados contemporâneos como “Sem festa não há revolução”, “Rebelião com alegria” (Garcia MC), “Alegria, sim! Tristeza, não !” (Alberto Mbundi) “Se não podo cantar e dançar não é a minha revolução” (Emma Goldman), “A revolução vai ser regueifada” (Xian Naya) ou “A festa é o único caminho”, (Suso Sanmartim).



O neoliberalismo tem laboratórios de persuasão e conhece o valor das emoções para obter benefícios. Na sua *Psicopolítica*, Byung-Chul Hang explica que o capitalismo da emoção apropriou-se do jogo para criar maior produtividade e ludifica o mundo, a vida e o trabalho. Essa “ludificação” gera maior motivação aumentando o rendimento e o produto. E explica, dialogando com Karl Marx, que um jogador com as suas emoções mostra maior iniciativa que um ator racional ou um trabalho simplesmente funcional (Byung-Chung, 2015: 59). E assim é como a ludificação do trabalho oprime o *homo ludens* (Huizinga, 2001). Mas, ao contrário da ludificação do capitalismo, que é um processo que acentua o individualismo e aumenta o controle e a desigualdade social, a ludificação do movimento social gera cooperação, aumenta a liberdade pessoal e coletiva, e defende a justiça social. Porque a festa é pública, um ato de juntaça e reunião. Muitas vezes a festa é o resultado de uma energia mancomunada, no sentido que explica Joam Evans Pim:

O conceito de Mancomunidade (...) refere-se à existência de uma comunidade de interesses extensa e à sua gestão coletiva. (...) A festa é tradicionalmente um espaço de participação coletiva, paróquia a paróquia, por exemplo, e as “Comissões de festas”, que atuam segundo diversos valores e esquemas, são formas de autoorganização bem interessantes.

(Evans Pim, 2001: 59)

Pim explica que:

em 1946 Gandhi defendia o princípio de que a independência deve começar de baixo para cima de modo que cada aldeia se constitua em república autosuficiente. Para isso acontecer, não se precisaria de qualquer autorização nem de uma revolução no estado circundante, pois a sua materialização pode ser iniciada individual e coletivamente com o requisito único da vontade. A independência formal (como fórmula de direito internacional) conquistar-se-á, se tiver qualquer revelância, quando a maioria do país praticar de facto o seu autogoverno pleno.

(Evans Pim, 2001: 60)

Essa ideia também a elabora Carlos Taibo: “A independência deveria emergir da acumulação das independências prévias que procedem de abaixo: a individual, a comunal, a comarcal, uma vez que o vital é -é de supor-

libertar-se das opressões. Isso é o que, por lógica, significa independizar-se” (Taibo, 2013)

Helena Miguélez ajudou-nos a entender que a história dos discursos nacionais na Galiza está atravessada por uma falsa dicotomia que assume que a resistência e a criatividade política e a resistência e a criatividade cultural se excluem mutuamente. (Miguélez-Carballeira, 2014: 125) Por vezes temos a sensação de que são atividades praticadas por coletivos mesmo excludentes entre si, explica Miguélez. Mas nós sabemos que o cultural é político e o político é cultural. Por isso a festa é espaço comum imprescindível e necessário.

## **2. Florencio Delgado Gurriarán: galeguista, antifascista e festeiro**

### **2.1. Música e baile na vida e obra de Florencio**

Unha vez na festa de Arcos empezou a cantar  
e a xente en vez de ir á festa de Arcos viña xunta el, a escoitalo.  
(Gurriarán, 1999: 120)

Nestas coordenadas arredor do conceito de festa queremos comprender a obra e a vida de Florencio Delgado Gurriarán. A guerra, a violência fascista, a repressão e o exílio marcaram a sua vida e obra como motores de destruição, mas ao mesmo tempo o humor, a festa e a música são elementos criativos fundamentais para a resiliência.

*Volts e viras*  
*viras e volts*  
*Bailan as casas*  
*Choutan as portas*  
*Danzan as pedras*  
*Corre o camiño...*

(Delgado Gurriarán, 1981: 21)

Florencio Delgado Gurriarán foi um escritor com uma obra que se caracteriza por expressar uma dimensão lúdica e festiva da vida. Neste sentido, Gurriarán inclui na sua obra aspetos diretamente relacionados com o baile e a música com referências à jota, muinheira, pandeirada, foliada, ruada, folião, alalá, alboradas, aturujo, valse, adufe, rumba, tango, madrigal, fado, dança, huapango, jarabe tapatio, corrido, som veracruzano... Todos estes

termos aparecem nos seus poemas, que são verdadeiras festas, verbenas e foliadas de palavras. Podemos imaginar Florencio a bailar, cantar ou aturujar, a tocar instrumentos de corda e percussão de mão, porque Florencio era um festeiro e conhecemos a sua obra poética através dessa emoção: a alegria de viver a música movendo o corpo, cantando e aturujando.

Já de moço, Florencio compaginaba o musical e o poético com o divertimento. Formou uma associação sociocultural em Córghomo com muito sucesso entre a mocidade. Dizia uma vizinha sua: “Hui, cantaba moi ben, moitas veces ían a Vilamartín e viñan os de Vilela, a ver quen cantaba mellor, pero máis voz tiña Florencio, subía onde quería, coa voz que tiña... e sempre andaba coa mocidade polas vereas, moi tranquilo, nunca se meteu con ninguén”. (Gurriarán, 1999: 16) Florencio era um ativista da festa, uma pessoa que, quando era jovem, organizava as festas da sua paróquia, na comissão de festas de Córghomo. Entre os seus papeis atopáronse notas con gastos de gaiteiros, banda ou orquestra.

E, como pessoa comprometida com o país, Florencio, formando parte do grupo galeguista do seu lugar, animava a sua vizinhança a participar nas celebracións, por exemplo, do Día de Galiza de 1934:

Os galeguistas de Portela e Córghomo invitámosvos a que, na rúa, na intimidade do lar, e sobre todo, dentro do voso corazón, celebredes o Día de Galiza cantando as nosas cancións, falando a nosa fala, lendo libros galegos e facendo profesión de Galeguismo. Invitámosvos tamén a que concurrades á festa galega que orgaiza o noso Grupo e que terá lugar ese día ás catro da serán nos soutos que hai antre Portela e Córghomo. Terra a Nosa!

(Gurriarán, 1999: 107)

Na Guerra Civil, o poeta e bailador decide defender a democracia e, desde Valdeorras e através de Portugal, suma-se ao bando republicano. Quando o fascismo se fai com o poder do estado espanhol, Florencio exiliase para salvar a vida. Primeiro vai à França e, segundo sabemos: “En París tivo unha noiva, coa que ía bailar ós salóns que para esta actividade tanto abondaban en París. Por certo, esta era unha das afeccións que máis lle gustaban a Florencio” (Gurriarán, 1999: 131). Podemos imaginar Florencio bailando os tangos de Tino Rossi, olalá!

Na França sobe ao barco *Ipanema* e vai para América. Dessa viaxe coñecemos un momento emocionante, que ele mesmo contou numa entrevista:

Cuando nos tocó cruzar por frente a las costas de Galicia, allí si nos reunimos un grupo de gallegos. (...) Y desde allí pues cantamos el himno gallego y tiramos al mar una botella con un saludo, o mejor dicho, con una despedida... (...) Los catalanes enseguida organizaron su coro. (...) Nosotros también nos reuniamos a cantar.

(Gurriarán, 1999: 153)

Em entrevista persoal, o biógrafo de Florencio também nos contou que nessa viagem ao exílio, quando o barco se detém na Martinica por uma avaria, Florencio acabará bailando com várias mulheres nativas diversos bailes tropicais.

E temos muita sorte porque o próprio Florencio contou que, nada mais ponher o pé em México, fai uma das cousas das que mais gostava:

Me recuerdo que aquella primera noche de estancia en Veracruz fuimos a pasar un momento muy agradable en Villa del Mar. Había allí un salón de baile al aire libre, estuvimos tomando unas cervezitas y unos refrescos y bailamos nuestros primeros bailes en México, creo que era Nereidas el danzón que si bailé yo con una jarocho muy bonita, por cierto”.

(Gurriarán, 1999: 154)

A súa primeira viagem à Galiza desde o exílio foi emocionante:

(Á súa chegada ao Barco de Valdeorras despois do exilio) foino recoller o seu curmán Gonzalo. (...) Chegando ás primeiras vistas da súa aldea, no Valsadal, díxolle ó seu curmán: Gonzalo, vas ter que darme unha hostia. Estanme saíndo unhas bágoas coma se fora un meniño. Logo de enxugalas cun pano, púxose a cantar en galego.

(Gurriarán, *ibidem*)

Assim o lembra a súa sobrinha Consuelo Delgado: “El tío tenía una bonita voz y cantaba gallegadas y rancheras”. (Gurriarán, 1999: 296)

Noutra carta -inérita- de Consuelo a Ricardo Gurriarán, podemos ler: “En cuanto se levantaba ya se le oía: ‘¿Onde están as nenas?’ Mientras se duchaba (...) cantaba y yo recuerdo que me quedaba por el corredor o la terraza para oírlo. Cantaba muchas veces fados, sobre todo ‘Barco negro’”.

E noutra carta inédita de Florencio Gurriarán fillo a Ricardo Gurriarán, quando o biógrafo estaba a investigar sobre o noso autor, podemos ler:

Por cierto, en estas épocas de fin de año, nochebuena y nochevieja, en cuanto a mi padre se le alborotaban los mencionados genes, pues le encantaba cantar canciones cubanas como Babalú, La mora, etc, tocando al mismo tiempo los bongós o lo que se pudiera percutir. Que cosa, mi negro!

Florencio bailou, tocou e cantou ao longo da súa vida, bailes e cancións do país e do mundo enteiro, da jota á muinheira, do foliá ao valse, do charleston ao “go-go”, do som cubano ao som veracruzano, da cumbia à rumba, pasando polo corrido, o tango ou o huapango. Imaxinamos Florencio, entre baile e baile, a botar um aturujo!

## 2.2. “A Foliada”, um poema inédito

Agradecemos a Ricardo Gurriarán que nos achegasse este poema de Florencio, que o biógrafo achou entre umas folhas soltas na casa familiar de Córcomo e data, aproximadamente, arredor de 1920:

*A Foliada*  
*Imos rapaces pe do gaitreiro*  
*que xa redobla o tamborileiro*  
*e as rapaciñas están ansiosas*  
*repinicando as castañolas*  
*pois que chegamos a cabo delas*  
*escomezamo-lo baile xa*  
*Blas con Antonia Goras con Chinta*  
*Pepe con Rosa Xan con Marica.*  
*Imos rapaces ala que xa imos*  
*de cote logo a bailar.*

A composición é um poema de ar popular, uma celebração através da música e do baile, com a presenza duma sociedade rural dinámica, com protagonistas com nome próprio e com a mocidade como marco vivencial.

Lembremos que quando Florencio compóm este texto é um moço, entre os 17 e os 20 anos, talvez.

Gaita, tamboril e castanholas são os instrumentos duma foliada viva e o poema é uma chamada emocional à participação da juventude, um eufórico convite ao baile, com esse popularíssimo “escomezamo-lo baile xa”. Este verso serve como ligação entre o poeta escritor e a poesia oral. Porque a oralidade popular é uma das fontes fundamentais da obra de Florencio, tanto da sua criatividade poética como dos seus textos linguísticos. De feito, a composição popular da que este verso forma parte, “A raíz do tojo verde”, aínda continuamos a canta-la desde que A Roda a popularizou. Por isso, entre outras cousas, sentimos que este poema continua a ser contemporáneo nosso, dalgum jeito.

Gostamos deste poema de Florencio porque no nosso diálogo com ele, entre os cem anos que separam a data aproximada de criação deste texto e a atualidade, há um objetivo comum dentro das coordenadas sociopolíticas do ativismo e do movimento cultural galego. Com este texto Florencio dialoga com os grupos de baile tradicional de base, com o Museo do Pobo Galego, com ativistas e artistas como Carme Campo e Chus Caramés, do projeto “Andar cos tempos”, com Xabier Diaz, Xurxo Souto, Sés, as Tanxugueiras ou Baiuca. Este poema é uma peça mais na construção da transmissão intergeracional da nossa identidade.

### **2.3. Por que aturuja Florencio?**

O aturujo na obra de Florencio é uma exclamação de imensa alegria étnica. O seu “Ai, jjuuuu!” (Delgado Gurriarán, 1986: 23) é uma realização da liberdade. O aturujo descreve uma situação de emoção eufórica, nalguns casos, como no poema “Saúdo a Otero Pedrayo” (Delgado Gurriarán, 1981: 103) onde se saúda o político e escritor em nome “de aturuxos que os ouvidos firen”, numa festa com gaitas, foliões e muinheira. Ou no poema “Festas”, onde as estrelas “ruben aturuxando / que fan o viaxe ledas”. (Delgado Gurriarán, 1981: 38) Noutros, a sua ausência provoca frustração e tristeza, como quando no poema “O soño do guieiro” aumenta a distância entre a realidade e o sonho de Castelao, o guieiro: “[que lonxe] estamos do seu soño: (...) ár ridente de atruxos e cantigas / sen bruídos, sen fumes sen fedores”. (Delgado Gurriarán, 1986: 5) “Os alalás xa calaron (...) / e os aturuxos non ruben / polas enfestas ladeiras”. (Delgado Gurriarán, 1986: 30)

O aturujo ajuda também a poemizar a confluência cultural entre as músicas de raiz mexicana e galega na parte “Poemas mexicanos” de *Galicia infinda*, com um refrão que se repete cinco vezes no poema “Conto sinxelo”: “Laídos de huapango / atruxos de alalá”. (Delgado Gurriarán, 1963: 71) Se imaginamos uma rancheira com o grito mariachi e lhe sumamos o aturujo teremos uma canção eufórica intercultural, com esse mestizado verso final: “Ai, Xalisco, non te fendas”. (Delgado Gurriarán, 1963: 74) A poesia crioula ou mestiza galego-mexicana de Florencio, do mesmo jeito que a de Avilés de Taramancos com o Cauca, por exemplo, é um exemplo de interculturalidade que hoje também entra em diálogo com nós. Num século XXI de refugiados políticos, um refugiado político como Florencio mistura a sua cultura com a cultura da terra de acolhida.

O aturujo é também um canto de guerra, o grito que acompanhará com emoção a vitória antifascista -realmente frustrada- no poema “*Guerrilleiro*”:

*aturuxos, dormidos  
-que é noite de pesadelo-  
nas gorxas da nosa xente  
soñan que han de ser despertos  
por teu canto de Vitoria:  
¡Ai larelo! (...)  
Aquel Día (...)  
voltarán os aturuxos:  
¡Ai, “jujuuu”, ao larelo.*

(Delgado Gurriarán, 1986: 23)

### 3. O poeta que baila

“O poeta que baila” é um projeto escolar de baile, música, literatura e língua arredor da obra de Florencio Delgado Gurriarán. Mais alá das revistas especializadas e congressos, o nosso dever é chegar a literatura e a língua às novas gerações com pedagogia do século XXI. De aí que interpretemos a obra de Florencio como uma ferramenta para transformar a vida das crianças e adolescentes. Ter um poeta festeiro, um poeta bailador, é uma oportunidade que não podíamos deixar passar. Isso si, contextualizando-o no seu tempo e ideologia e conhecendo a variedade da sua obra.

A nossa proposta tem como objetivo conhecer o autor, globalmente, desde os poemas antifascistas de quem formou parte da Sociedade Galega Antifascista até a poesia de tema sociolinguístico de quem descreveu o nacionalismo linguístico espanhol com humor, passando pela poesia da natureza de quem amava a montanha ou a vida rural, entre outros temas. Mas este ano temos uma oportunidade nova para conhecer um poeta que construía e criava desde a resiliência, a festa e o humor.

Este é um projeto impulsado polo Clube da Língua do IES de Vila de Cruces, aberto à participação de quem goste de aprender ludicamente e com a festa como bandeira, acompanhando a reflexão crítica e intelectual. “O poeta que baila” quer ser uma chave para conhecer melhor a sua poesia utilizando os campos do baile e a música, temas fundamentais na obra do autor valdeorrês. Através de uma unidade didática e diversas atividades mergulhamos na vida e obra de Florencio, aproveitando para conhecer e bailar a música e o baile tradicional e a música latina no movimento musical galego atual. Também queremos conhecer as relações musicais entre a Galiza e América, de ida e volta, através da emigração e o exílio, desde o século XIX até hoje.

O trabalho emocional e socio-afetivo é uma peça chave da intervenção educativa, apesar de que haja pessoas que consideram -desde um ponto de vista tradicional e conservador- que a aprendizagem com festa -a aprendizagem lúdica- não é algo sério, é evidente que a festa é um tema sério e mesmo transcendental. Sabemos que podemos aprender divertindo-nos e divertir-nos aprendendo.

Mais alá do conhecimento da obra, queremos ativar uma sensibilidade cara ao próprio sentido lúdico e festivo da poesia de Florencio. Por isso entre as propostas deste projeto ocupam um lugar fundamental ações e atividades práticas de dinamização do alunado dentro e fora dos centros de ensino e, de forma coletiva, através das redes sociais. Queremos unir a poesia e a festa através do baile, na procura de experiências críticas, reflexivas e emocionais dentro e fora das aulas.





Ilustração do projeto “O poeta que baila”

“O poeta que baila” quer aproveitar a oportunidade de ligar poesia e festa, dous impulsos vitais que nos ajudam a trabalhar com a nossa infância e juventude, neste ano em que o Dia das Letras homenagea um home crítico com a sua realidade social, ativista do galeguismo, antifascista, defensor dos dereitos humanos, de vontade vitalista e que cria na capacidade do humor, a retranca, a música, o baile e a festa para mudar o mundo.

O alunado entrou em contacto com diversas ativistas, artistas e grupos musicais, deu-lhes a conhecer a figura e a poesia de Florencio relacionada com a música e solicitou colaboración. Combo Dominicano, Orquesta Panorama, Orquesta Son Latino, Xabier Díaz, Jinetes del Trópico, Verto, Ortiga, Sés, Xurxo Souto, Caxade, Os Ferraias da ETEA... som alguns dos grupos e artistas com quem o alunado contactou para desenvolver este projeto.

Na situação actual de desgalguização e assimilação cultural, é fundamental articular espaços para a transmissão da nossa língua e identidade. A connivência das administrações autonómica galega e estatal espanhola com este processo de uniformização achega-nos ao Florencio rebelde, ativista e defensor da cultura própria, fronte à imposição do castelám.

“O poeta que baila” quer poner em contato as novas gerações com a música tradicional e as músicas do século XXI de influência latina em galego, desde a electrónica ou o rap até o trap ou o pop. Florencio é um facilitador dessa conexão e, a sua obra, uma canle de comunicação com as nossas crianças e mocidade.



Ilustração do projeto “O poeta que baila”

O objetivo é conhecer o pensamento do mundo e da música em relação a este poeta antifascista e festeiro, e arredor das relações com a música tradicional e a pegada histórica e actual dos ritmos latinos na música

galega. Docentes de diferentes níveis, ativistas do mundo do baile e outros agentes sociais participam no projeto, que nesta altura (no momento em que enviamos este artigo) começa a caminhar com a perspetiva de ativar um pequeno impulso escolar -expansivo, horizontal e aberto à participação- que celebre com música, baile e festa a vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán. Para nós é o ano da Foliada de Florencio.

### **Bibliografía**

- Byung-Chul Hang (2015): *Psicopolítica*. Lisboa: Relógio d'Água.
- Cabada Castro, Manuel (2015): *Crónica de un encuentro-desencuentro cultural. Análisis antropológico de las misiones populares jesuíticas en Galicia*, Madrid: Universidad Pontificia de Comillas.
- Delgado Gurriarán, Florencio (1963): *Galicia Infinda*. Vigo: Salnés
- Delgado Gurriarán, Florencio (1981): *Cantarenas*, Sada: Edición do Castro
- Delgado Gurriarán, Florencio (1986): *O soño do guieiro*. Sada. Edición do Castro
- Evans Pim, Joam (2019): *Mancomunidade: uma terra livre sem estado*. Compostela: Ardora Edições anarquistas.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés*. Sada: Edición do Castro
- Huizinga, Johan (2001): *Homo ludens. O jogo como elemento da cultura*. Sao Paulo: Editora Perspectiva.
- Insua, Emilio Xosé (2019): “Os coros galegos e as Irmandades da Fala”. Em *Son de Galicia. Os coros galegos*. Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Miguélez-Carballeira, Helena (2014): *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego*. Compostela: Através.
- Risco, Vicente (2001): *Plan pedagógico para a Galeguización das Escolas*. Corunha: AS-PG.
- Rodríguez Castelao, Daniel (2018): *Alba de gloria*. Vigo: Galaxia-Consello da Cultura Galega.
- Taibo, Carlos (2013): *Repensar la anarquía*. Madrid: Los libros de la catarata.



## **Intertextualidade, xogo retórico e tradición clásica na poesía política de *O soño do guieiro*: fábula, sátira e autopoética**

JOSÉ MANUEL VÉLEZ LATORRE  
(Profesor de Latín no Ensino Medio)

### **1. A poesía de Delgado Gurriarán: unha serie de proxectos estéticos nunha evolución estética**

A poesía de Delgado Gurriarán é unha obra en constante evolución e divídese en dous grandes camiños: un é o que segue a súa primeira obra, *Bebedeira* (1928), e parte do seu libro *Galiza infinda*. É un camiño da súa obra que parte do imaxinismo e o hilozoísmo de Amado Carballo en canto á imaxe, e da poesía de Cabanillas en canto a métrica e temática. É a liña principal que podemos ver no seu volume recompilatorio *Cantareñas*. Para esta parte da súa produción, así para o curioso experimento de “mestizaxe” que son os “Poemas Mexicanos”, véxanse as breves e exactas observacións de Carballo Calero (1975: 726-727)<sup>1</sup>. Por outra banda, a insistencia en que se trata dunha obra “repetitiva” que conforma un “macrotexto poético” (Villar, 2006: 87) pode levar a non apreciar a evolución do autor, tanto na temática como na estética da súa poesía; por outra banda, cada un dos libros publicados por Delgado Gurriarán, sobre a edición dos cales tivo control, ten unha intelixente estruturación que nos dá idea do proxecto estético diferenciado que é cada libro. Así pois, a insistencia no carácter “reiterativo” da súa poesía (Villar, 2006: 87, 93) é unha aproximación insuficiente que oculta moitos matices da obra poética do valdeorrés.

Dentro da súa variada produción convén destacar a segunda parte desta: aquela en que introduce de modo predominante, nun proxecto poético novo, temas sociais e políticos, que foi reunida noutro volume recompilatorio, *O soño do guieiro*, con bastantes cambios na estética e na temática fronte ao resto da súa poesía.

En *O soño do guieiro* o autor xa non ten medo a introducir na súa poesía un vocabulario ‘prosaico’, propio do mundo moderno, e expresións propias da prosa, e cultiva máis as formas populares modernas ou imita

---

<sup>1</sup> Para unha visión sumaria da súa poesía, ver Dolores Vilavedra, *Diccionario da Literatura Galega. I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995, pp. 171-172.

a lírica popular medieval e antiga, dun modo que ás veces se aproxima á parodia ou ao ‘pastiche’.

Dentro da súa enorme variedade, a poesía de Delgado, un autor de gran cultura, mostra unhas pegadas evidentes de varios xéneros poéticos da tradición clásica grecolatina, aínda que chegados a el de modo indirecto, a través das literaturas modernas. Aínda que, hai que dicilo por diante, non se trata dun autor que converta as referencias grecolatinas en algo con importancia central na súa poesía, como por exemplo Aquilino Iglesia Alvariño, un autor por certo moi admirado por Delgado Gurriarán.

É evidente que na súa primeira poesía, una poesía “do viño”, que glorifica a vide, o licor de Baco e as ocasións festivas en que o viño é a alma da celebración, hai unha influencia daquela parte da lírica grega e romana que convertía no seu centro o viño e a festa. Na tradición grega, a principal liña é a poesía de Anacreonte, difundida despois en latín e nas literaturas modernas. Na tradición latina, a poesía simposíaca, especialmente a de Horacio, que en parte procede precisamente de Anacreonte. Normalmente, o viño e a festa únense ao tema amoroso, e á atracción erótica, como na “Cantiga da vindima”. Sorprende, neste sentido, que nesta parte da poesía de Delgado Gurriarán estea case ausente a mitoloxía grecolatina e a tradición pagá referente á cultura do viño e do simposio. Unha das escasas aparicións son as Driades no poema “Auga ardente: Descordo da queimada”. Porén, son frecuentísimas as alusións ás asociacións cristiás do viño. Así, no “Hino ao viño” fai unha curiosa comparación entre a vendima e a preparación do viño coa Paixón de Cristo, na que, con humor, introduce o simbolismo que o Cristianismo dá ao viño como unha das materias sacras. Un trazo definitorio, pois, desta parte da poesía de Florencio Delgado Gurriarán que poderíamos chamar “A Poesía do Viño”, é que a ausencia case total da anacréontica grecorromana se une a unha forte presenza do simbolismo cristián.

## **2. Un soneto de inspiración grecolatina: “o viaxeiro” e a figura de Odiseo e Penélope**

No seu volume de poemas *Galiza Infندا*, na sección “Poemas Mexicanos”, publica Delgado un soneto, na páxina 91, titulado “O viaxeiro”, que recolle o mito de Ulises (ou Odiseo, na súa forma grega) e Penélope. Aquí compara Delgado esta figura consigo mesmo, viaxante de produtos

farmacéuticos de profesión, e faino cun peculiar humorismo: a súa esposa é unha “Penélope crioula, / fica a tecer, de cote, a súa angueira”. O autor contrasta a seu oficio de viaxante coa súa íntima dedicación á poesía; como o propio Ulises, ten que manter unha cara agradable cara ás xentes ás que visita, e rirlles as grazas.

É relevante a utilización do punto de comparación mitolóxico neste soneto, pois na poesía galega da segunda metade do século XX ten grande importancia a figura de Odiseo e Penélope; como mostra abonda citar os poemas de Díaz Castro, Iglesia Alvariño, Cunqueiro e Luz Pozo Garza. A esta presenza do mito odiseico véñse engadir, pois, este moi ben construído soneto do libro de Delgado Gurriarán.

### **3. A fábula grecolatina e a poesía política moderna**

Porén, é na poesía política de Delgado Gurriarán onde a tradición clásica e a intertextualidade coa Literatura latina aparecen de modo máis intenso. Curiosamente, o ámbito da influencia da tradición clásica nesta poesía política de Delgado Gurriarán son a sátira e a fábula.

As fábulas do autor latino Fedro (s. I d.C.) teñen en ocasións unha clara intencionalidade política, nos tempos dos primeiros Emperadores da dinastía xulio-claudia (en especial Tiberio), no momento da perda definitiva da liberdade para o sistema político romano. Unhas das fábulas que pode interpretarse nese sentido político (aínda que procede de Esopo, do acervo da fábula grega) é a fábula de “As rás que pedían rei”, que Delgado Gurriarán actualiza para aplicar ao réxime franquista e ás súa sucesión pola monarquía, no poema “Ranae ad Solem”.

Sobre a xestación do volume *O soño do guieiro* e os problemas para a inclusión desta actualizada fábula “Ranae ad Solem”, incluída a correspondencia entre Pepe Gayoso e Sabino Fernández Campo, Secretario da Casa do Rei, véxase Ricardo Gurriarán (1999: 339-42).

### **4. Paremias, proverbios e fábulas: para unha poesía do popular e do social**

O título do poemíña “Asinus asinum fricat”, o poema nº V da sección “Poemas Inxenuos” de *O soño do guieiro*, reproduce un refrán latino (“Un asno frota a outro asno”, é dicir, “os ignorantes lóuvanse uns a outros”), que foi

convertido en fábula por La Fontaine “Le Lion, le singe et les deux ânes” (Livre XI, *Fables*, 1678). Existe un “camiño de ida e volta” entre a paremioloxía e a fábula: por un lado, moitas fábulas son a orixe de paremias; por outro lado, algunhas paremias son convertidas en fábulas por algúns autores.

En todo caso, tanto a fábula como as paremias son utilizadas na poesía, tanto de Fedro, como de Xuvenal, como de Delgado Gurriarán, como base para unha crítica social, política, literaria ou de costumes. Obsérvese como o propio Delgado converte o seu poema “Doulle ao demo o millor (Dixo o que araba con lobos)” nunha crítica a Franco, nunha glosa a este proverbio (resucitado, por certo, nas recolleitas de refráns galegos publicadas na revista *Saudade*, de México, en 1943).

Ten moita importancia o poema ‘Ranae ad Solem’, publicado en *O soño do guieiro*, con cambios respecto á edición anterior, na revista *Galicia* de Buenos Aires. Este poema, con moita carga intertextual, ten como hipotexto dúas fábulas do autor latino Fedro, que á súa vez adaptaba as fábulas do autor grego Esopo. A primeira (Fab. I.2: ‘Ranae regem petunt’) é a fábula en que as ras piden un rei (aínda que en Fedro non é ao Sol, senón a Xúpiter), que á súa vez é unha adaptación dunha fábula de Esopo referida á situación dos atenienses durante a tiranía de Pisístrato. Como é sabido, na fábula de Fedro as ras reciben primeiro un anaco de madeira como rei, pero búrlanse del; finalmente Xúpiter envía unha terrible serpe de agua, que devora numerosas ras. Delgado deixa fóra a trama auténtica da fábula de Fedro para quedarse só co feito de que as ras pidan un rei. Pero na súa crítica á figura de Don Juan de Borbón (que os monárquicos propuñan á altura de 1948 como alternativa a Franco) e a súa presentación como figura ridícula está sen dúbida o eco do ridículo anaco de madeira que lles envía Xúpiter ás ras na fábula.

A alusión intertextual complicase, porén, porque hai outra fábula de Fedro, do mesmo libro I do autor (Fab. I.6, ‘Ranae ad Solem’), en que as ras se dirixen, neste caso si, ao Sol. Pero fano para pedirlle que non procure esposa, xa que o Sol, sendo un só, durante varias épocas do ano seca as pozas onde eles viven; tanto máis sufrirán se toma esposa (un segundo astro que brillará no ceo e enviará a súa calor á terra, secando todo); e moito máis se teñen descendencia... A comparación coa monarquía (dentro do esquema crítico do republicano Delgado Gurriarán) é evidente; este



segundo texto de Fedro, aínda que non citado expresamente, funciona tamén para enriquecer a lectura e interpretación do texto. Ademais, é o título latino desta segunda fábula ('Ranae ad Solem') o que pon Delgado Gurriarán ao seu poema, a pesar de estar máis próximo no contido á fábula I.2. Florencio Delgado Gurriarán fai, pois, unha *synkrisis* ou combinación das dúas fábulas, nunha magnífica homenaxe ao fabulista latino.

## 5. Unha glosa de Delgado Gurriarán á tradición bíblica, latina e medieval

Delgado Gurriarán é sempre consciente non só da súa tradición literaria, senón que en moitos casos os seus poemas son glosas a textos antigos ou medievais, establecendo varios niveis nas súas citas.

Véxase por exemplo o poema "Per me regis regnam" (sic). En realidade (e sería bo que isto se corrixisse nunha reedición), debería poñer "Per me reges regnant". Trátase dunha cita do libro bíblico de Proverbios (Capítulo 8, versículos 15-16):

Per me reges regnant et legum conditores iusta decernunt.  
Per me principes imperant, et potentes decernunt iustitiam.

O que está aquí enunciado é o pensamento de que Deus é a orixe do poder. A alusión ao ditador Francisco Franco refírese a que este se designe Xefe do Estado 'pola gracia de Deus', recuperando ese principio medieval da soberanía. Esa inscrición está, por exemplo, na Capela Real da Catedral de Sevilla, fundada polo rei Fernando III.

A cita dos *Proverbios* convértese tanto en título como en paratexto. O segundo paratexto son uns versos de Paio Gomes Charinho, que introduce a figura do rei medieval e a comparación da súa grandeza coa do mar.

Pero a habilidade de Delgado está en que precisamente a frase latina do libro dos *Proverbios*, 'Per me reges regnant', está colocada, por exemplo, na Capela Real da Catedral de Sevilla, fundada polo rei Fernando III... que foi o que converteu a Gomes Charinho en 'Almirante do Mar'!

O texto de Delgado Gurriarán é unha especie de *glosa*, demostrando que nin o mar é tan maxestoso nin tan firme, pois está á mercede do vento. Desmonta, pois, unha visión monolítica e grandiosa do poder monárquico ou absoluto, e fíxase no papel do vento que é en realidade o que move

todo. Outro dos paratextos, o subtítulo (ou dedicatoria irónica?) ‘O Xefe de Cabdillandia’, abre a nova posible interpretación: se o mar é o símbolo do rei ou do Tirano, este non está fixo nin é inamovible, senón que é un ‘catavento’ ao servizo dos caprichos do ‘vento mareiro’. Unha posible interpretación é que se trata dunha crítica sarcástica ao cambio de orientación na política internacional do Réxime, que pasou do apoio ás Potencias do Eixe (a Italia Fascista, Xapón, a Alemaña nazi) a apoiar a política dos aliados que gañaran a guerra. Esta é a interpretación apoiada por outro paratexto do poema, unha especie de ‘sinatura’ e indicación de cando foi composto:

Eu, século XX, anos de escuridade.

Por moito que o autor intente crear unha sensación de distanciamento con esta indeterminación, o lector ou lectora sabe que o período de maior escuridade e desesperanza para a causa antifranquista foi 1945, o momento en que se viu que a vitoria aliada na Segunda Guerra Mundial non supuxo a caída do ditador Franco.

Naturalmente, habería unha segunda interpretación posible: o mar é o País, o Pobo (nomeadamente, o pobo español) sometido ao vento mareiro do Tirano, ‘solerte e loubán’, sen rebelarse contra a Tiranía.

Pero esta interpretación queda anulada polo recurso de Delgado Gurriarán á intertextualidade. Esta é precisamente a que nos dá outra clave: ao falar Delgado Gurriarán do ‘solerte / e loubán vento mareiro’, queda clara a alusión ao gran poemario publicado por Ramón Cabanillas en 1915, *Vento Mareiro*. Aí pois, queda claro que o mar é ese poder tiránico e ese vento incontrolable que na tradición antiga e medieval podía representar a cega Fortuna queda investido de cor positiva. O mar é a Tiranía, o vento é o Pobo. O Pobo gañará ao final.

E neste momento volvemos á cita inicial, á cita bíblica: ‘Per me reges regnant’. No texto bíblico, ese pronome ‘me’ refírese a Deus: “Por min reinan os reis”. Trala lectura do poema de Delgado Gurriarán, ese ‘me’ é o capricho do Destino, a cegueira do poder, o puro afán de soberanía, sen que haxa nada transcendente detrás. Como se ve, o mecanismo retórico da glosa aos seus paratextos permite ao noso autor acadar unha profunda reflexión, aceda e dura, sobre a Historia Universal, unindo tres visións do poder: a visión antiga e bíblica, a visión medieval e a visión do mundo de hoxe.

## 6. Da epístola de Horacio e a sátira de Xuvenal á ‘nova arte poética’ de Delgado Gurriarán. As bases clásicas para unha poesía ‘non-escapista’

A escrita poética de Delgado Gurriarán está nun diálogo intertextual con numerosos textos antigos, aínda que non sempre os cite de forma explícita. Así acontece no seu poema ‘Nova Arte Poética’, o título do cal fai patente a alusión á ‘Epístola aos Pisóns ou Arte Poética’ de Horacio. Este longo poema de Horacio é en realidade un longo tratado sobre a natureza da obra literaria, os seus temas e personaxes e os seus recursos estéticos. De feito, converteuse nunha verdadeira ‘Preceptiva’ poética non só na Antigüidade Romana, senón na Idade Media e sobre todo no Neoclasicismo do século XVIII europeo. Tanto é así que pasou a ser en toda Europa o ‘Manual de Literatura’ que se estudaba nas escolas. A isto alude Delgado Gurriarán na primeira parte do seu poema, aínda que el nos convida a fuxir da ‘Preceptiva’ e a deixar a rima e a escansión dos versos como algo “anacrónico”.

Porén, na segunda parte do seu poema, Delgado Gurriarán pasa aos temas da poesía, e aí (aínda que sen indícalo) cambia de referente: pasamos da Epístola á Sátira. Naturalmente, a escrita poética máis crítica de Delgado Gurriarán aproxímao ao xénero da Literatura latina que tiña un compromiso e relación máis directos coa crítica social: precisamente a Sátira, que comeza en Lucilio e Horacio e remata en Xuvenal. Para a tradición satírica nas súas orixes e na Literatura Galega, véxase Dolores Vilavedra (2004: 280-282).

Precisamente co autor romano Xuvenal ten moita relación o importante texto de Delgado Gurriarán que estamos comentando, esta, por así dicilo, “Autopoética” (aínda que o título que el lle dá é, repetimos, “Nova Arte Poética”) datada en 1973. A este texto xa aludiu Alonso Montero (1993: 48-49), que lle dá unha intención e lectura claramente irónica.

Efectivamente: se o título “Nova Arte Poética”, como xa dixemos, remite á ‘Arte Poética’ de Horacio, o texto co que ten máis relación é co comezo da *Primeira Sátira* de Xuvenal. Alí, o satírico romano manifesta cal é o “programa poético” das súas sátiras. O que une a Xuvenal e a Delgado Gurriarán e, primeiro, un rexeitamento da poesía como exercicio puramente estético e arredado dos problemas sociais e políticos. En segundo lugar, ambos os dous ven como motivación da súa poesía a “indignatio” ante as inxustizas da sociedade.

Xuvenal critica a aqueles poetas que, na situación da súa época, dedicaban os seus poemas, moi logrados artisticamente dentro dunha estética manierista, a temas mitolóxicos moi afastados dos problemas sociais e políticos da súa época. É dicir, critica unha poesía que se ten chamado “escapista”: unha literatura de evasión como medio para escapar ou fuxir da realidade social e política. Tamén Delgado Gurriarán critica (en serio ou ironicamente?) a aqueles que dedican os seus versos só a acadar unha beleza afastada da realidade social e política do mundo moderno:

Cantar soamente a beleza  
anacrónico é tamén.  
Esquece o luar e a lúa,  
que xa ten calcos de pes.

Está claro que este texto de Delgado Gurriarán entra na categoría do que na poesía moderna se chama un “texto metapoético” ou “manifesto poético” e corresponde co que nos poetas antigos, especialmente nos poetas satíricos romanos, é un ‘texto programático’. O que non queda claro, porén, é se este texto de Delgado Gurriarán debe ser tomado “en serio” ou como unha declaración irónica, que quere dicir xusto o contrario do que di, e que en realidade critica o que Delgado Gurriarán vía na poesía contemporánea. Como é que o autor pide aos novos poetas que desboten a escansión dos versos e a rima se el mesmo a utiliza con coidado neste propio ‘manifesto’? Porén, o rexeitamento da lírica neorromántica é algo que o propio Delgado Gurriarán fixera na súa propia evolución como poeta. En todo caso, isto queda aberto á interpretación de cada lector ou lectora.

Quixemos con estas páxinas explicar con algúns exemplos como un autor como Delgado Gurriarán “dialoga” coas tradicións literarias do pasado, en especial coa Tradición Clásica grecolatina. A especial habilidade retórica de Delgado permítelle evocar con este uso da tradición clásica temas e correntes de pensamento que recorren a Historia occidental e dan á súa poesía un especial valor e riqueza de interpretacións posibles.

### **Bibliografía**

Alonso Montero, Xesús (1993): *“Manifestos” en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da posguerra na Galicia da Terra e e na Galicia Emigrante (1939-1962)*. A Coruña: Real Academia Galega.

- Carballo Calero, Ricardo (1975): *Historia da Literatura Galega Contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán: vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- Vilavedra, Dolores (coord.) (1995): *Diccionario da Literatura Galega. I. Autores*. Vigo: Galaxia.
- \_\_\_\_\_ (coord.) (2004): *Diccionario da Literatura Galega. IV. Termos e institucións literarias*. Vigo: Galaxia.
- Villar, Miro (2006): “O macrotexto poético en galego de Florencio Delgado Gurriarán”, *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, 23, pp. 87-94.



## Florencio Delgado Gurriarán a través da correspondencia co grupo Galaxia

MALORES VILLANUEVA GESTEIRA  
(Fundación Penzol)

Fronte á colectividade arxentina, que estaba moi cohesionada a través de diferentes institucións e xogou un papel moi destacado, a radicada en México non gozou da mesma actividade no eido cultural. A aquel país exiliouse Delgado Gurriarán e alí reencóntrase con Carlos Velo a quen coñecera en Barcelona. Ao contrario do que acontecía en Arxentina, en México non había grandes figuras do galeguismo e traballaron conxuntamente con socialistas, comunistas e republicanos. Non só crearon entidades como o Ateneo de Galicia en México, tamén empresas culturais como a revista *Saudade* (1942-1953) na que participaron durante sete números Carlos Velo, Ramiro Illa Couto, Ramón Cabanillas fillo ou Roxelio Rodríguez.

Delgado Gurriarán asistía aos parladoiros cos irmáns galeguistas e traballaba en canta iniciativa se levaba a cabo na capital sendo fiel ao seu compromiso con Galicia e agardando volver pronto do exilio.

Son galeguista dende que teño uso de razón e sen que ninguén me insinara a doutrina galeguista, tanto que coidei por algún tempo ser o único galeguista do mundo.

Carta de Florencio Delgado a Ramiro Illa Couto.  
Guadalajara 18-01-1955. Fundación Penzol.

A súa militancia nas Irmandades da Fala e no Partido Galeguista antes de 1936 vano sinalar unha vez que se produce a sublevación militar, polo que foxe a través de Portugal cara a Francia. Unha vez no país galo, decide cruzar a fronteira para axudar o Bando Republicano e xa en Barcelona reencóntrase con amigos como Castelao e con compañeiros de Valdeorras, onde realizara un labor de dinamización cultural e política moi destacada coa creación de varias compañías de teatro e grupos de canto, pero tamén coa mobilización política de figuras relevantes como Ramón Otero Pedrayo ou Alexandre Bóveda.

Durante a súa estada en Barcelona fai de enlace entre a zona vencida e a fronte republicana, como deixa pegada a correspondencia que mantén con Rodolfo Prada e que se conserva na Fundación Penzol. Nunha carta datada o 24 de Nadal de 1938, e co selo da “segredaría” da Xunta Executiva

Xeral do Partido Galeguista, diríxese a Castelao para felicitalo polo seu labor de propaganda en Estados Unidos e Cuba, pero tamén lle traslada “o noso reproche de irmáns” polo desleixo ao non mantelos informados. Os sucesos precipítanse en España e cada vez o soño republicano parece máis afastado, polo que en cartas posteriores con Rofolfo Prada aprémao para conseguir salvar o maior número de vidas, sabedores do perigo que corrían.

Entendemos que a vosa axuda debe consistir na busca de unha saída para algún país de América, e, unha vez conseguido esto, en proporcionar medios para o embarque da xente, xa que eiquí non podemos pensar en orgaizar a nosa vida, posto que cada día se nos pon mais fea a cousa.

Carta de Florencio Delgado a Rodolfo Prada.  
París 18-02-1939. Fundación Penzol.

Xa dende a capital de Francia comúncalle tamén que nese momento están a intentar sacar a xente dos campos de concentración, “entre eles algúns irmáns nosos, como Ramón de Valenzuela”, pero que van precisar axuda económica para sostelos. Non tardará moito en responder Rodolfo Prada, en carta do 22 de marzo de 1939, trasladándolle que os irmáns de Buenos Aires remitirán un xiro de 4.000 francos, unha cantidade modesta á que se sumarán cifras máis importantes posteriormente, como se reflicte na correspondencia. Os días en Europa van chegando á súa fin e case un milleiro de refuxiados políticos abandonaron Burdeos rumbo a México co convencemento de que axiña regresarían, pero non foi así.

Delgado Gurriarán non deixa a súa actividade unha vez que se instala no país azteca e mantén correspondencia, entre outros, con Francisco Fernández del Riego, o “Ministro de Asuntos Exteriores” do galeguismo, como o denominou Piñeiro nalgunha ocasión. O certo é que dende que o franquismo se impuxera, e con el un réxime ditatorial, non cesaran os intentos de reorganización na clandestinidade do Partido Galeguista e estes pasaban por non esquecer os exiliados de alén mar, como tampouco a emigración que se fora asentando nos países americanos dende o século anterior. O home ponte foi Del Riego, quen dende 1949 asumira a corresponsalía do Centro Galego de Buenos Aires, labor polo que cobraba 800 pesos a cambio de xestionar no interior colaboracións para a prensa e as revistas arxentinas, enviar puntual información do que acontecía en Galicia e ocuparse de



calquera trámite que xurdise. Na práctica eran moitas as encargas do posto, pero non deu signos de esgotamento durante case vinte anos, ata que en 1968 renunciou por non compartir ideario coa nova directiva do Centro Galego, afín ao réxime de Franco.

En México tamén contaron coa figura de Del Riego como interlocutor privilexiado e a el se dirixiron cando botaron a andar empresas culturais na capital, entre elas a máis significativa: *Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega do México*. Naquel momento Delgado Gurriarán xa se trasladara por cuestións profesionais a Guadalajara e vírase obrigado a deixar o parladoiro habitual, pero non renunciou ao traballo a prol da causa de Galicia e niso empatou ben co espírito do grupo Galaxia que buscara na liña cultural unha saída á longa noite de pedra.

No verán de 1959 publícase o primeiro número de *Vieiros* e a primicia recíbea Del Riego en Vigo, unha deferencia que se entende “é moi xusto polas colaboracións que pra ela recabou e que a fixeron posíbele”<sup>1</sup>.

chegaron as súas cartas cos traballos –nove en total– pra “Vieiros”, todos iles moi bós e de moito interés e que lle agradecemos. Xa lle escribirei máis longo. Hoxe limitome a acusarlle recibo dos traballos e a enviárlle o de Castelao que me pideu.

Carta de Florencio Delgado a Francisco Fernández del Riego,  
19-11-1957. Arquivo Francisco Fernández del Riego.

Se atendemos ás datas parece que os artigos chegaron con moita antelación, pero o certo é que a revista estaba programada dende 1955, cando a asemblea do Padroado referendara a súa publicación (Martínez, 2011: 180). *Vieiros* foi un deses fitos senlleiros con grande impacto en Galicia, aínda que só conseguisen publicar catro números. O monte que une as comarcas de Celanova e da Baixa Limia dáballle nome e nacía co precedente de *Saudade*, que na última etapa contara coa incorporación de Luís Soto ao equipo de redacción.

Non sei se saberá que tencionamos dar a lus unha revista. “Vieiros”, totalmente en galego e que poida ser espallada por Galiza sin empeños pra os lectores ou colaboradores. Contamos

---

<sup>1</sup> Carta de Florencio Delgado Gurriarán a Francisco Fernández del Riego. Guadalajara, 31-07-1959. Arquivo Francisco Fernández del Riego.

con que salla a fins diste e xa temos recibido, por meiación de del Riego, traballos del, de Carballo Calero, Bouza Brey e Cuevillas. Mais coído que un traballo de vostede, a quen consideramos a figura máis representativa das letras galegas de agora e tamén o noso mestre e guiador benquerido, estaría incompleta a revista polo que lle prego nos envíe pra enfeite dela ao meu enderezo. Son compañeiros meus neste choio literario Carlos Velo –trunfador do cine mexicano con “Raíces” e “Torero”–, Lois Soto, Daniel Horacio Casas, Tomé, Valín e moitos máis, todos de fonda raigame galeguista e ferventes admiradores seus.

Carta de Florencio Delgado Gurriarán a Ramón Otero Pedrayo. Guadalajara, 8-11-1957. Fundación Penzol.

Os compañeiros nesta aventura cultural que cita son homes pertencentes ao Padroado da Cultura Galega que se constituíra en México D. F. o 29 de xuño de 1953. Algúns ocuparan postos na primeira directiva, como Daniel Horacio Casas Iglesias, contador, ou Andrés Valín, tesoureiro. Con todo, cando se publica o primeiro número moitos destes nomes non se referencian e a revista sae baixo a dirección de Florencio Delgado Gurriarán, Luís Soto e Carlos Velo. Amais de contar con Arturo Soto, director artístico, Xermán Rañó, administrador, e Elixio Rodríguez, encargado das relacións. Tamén se incluía unha nómina de “Petruccios de *Vieiros*”, un total de vinte e nove persoas que apoiaran economicamente a saída do volume e que crece nos seguintes números.

Otero Pedrayo, López Cuevillas, García Sabell, Albino Núñez Domínguez, Celso Emilio Ferreiro, Salvador Lorenzana (pseudónimo de Fernández del Riego), Bouza Brey, Carballo Calero e Ramón Piñeiro son os nomes vinculados a Galaxia que aparecen no volume inaugural. Non foron as únicas plumas que contribuíron, pois houbo artigos chegados de Portugal e, como non, de México. Así a todo, en Galicia non só buscaron colaboracións, senón tamén a opinión crítica sobre o seu labor e, a xulgar polas respostas, deberon atopar palabras cálidas e cómplices, aínda que tamén certa sorpresa:

Coido que o máis interesante é que a revista estea no ton xusto. Seguiremos o teu consello e non mudaremos. En canto ao alarde editorial de que falas, no primeiro número botamos “a casa pola xanela” mais coído que nos seguintes estaremos nun pran mais

modesto, pro manténdonos sempre nos lindeiros dunha cousa decorosa e de bon gosto.

Carta de Florencio Delgado Gurriarán a Francisco Fernández del Riego. Guadalajara, 25-08-1959.  
Arquivo Fernández del Riego.

A edición certamente estaba moi coidada, cunha impresión a toda cor e unha estética vangardista que sorprendía e aínda o fai a día de hoxe. Mais o interior non desmerecía e os artigos posuían calidade e estaban avalados por figuras de peso intelectual. *Vieiros* nace como unha revista galega interdisciplinaria que pretende transcender o local, que ten unha intención crítica e na que ten cabida “calquera idea literaria, artística, filosófica, sempre que fose antifascista e non se apoiase na ditadura” (Soto, 1983).

O interese da directiva da revista era que fose un referente “á lus do día” en Galicia e, incluso, no resto do Estado. Para iso eran conscientes de que precisaban a axuda de Galaxia na súa distribución e xa nun primeiro momento piden nun cablegrama a Del Riego: “Pregamoslle debalarnos aixinha enderezos pra espallamento nosa revista xa saíndo do prelo apertas garimosas Velo Soto Delgado” (18-04-1959). Certamente non só mandou esa listaxe, tamén colaborou para que *Vieiros* se dese a coñecer e axiña asumiron a distribución en Galicia Albino Núñez e Valentín Paz Andrade, que contaban co apoio de Julio Soto para Ourense, Celso Emilio Ferreiro para Vigo e Ramón Piñeiro para Compostela (Martínez, 2011: 181).

Agradézoche os sinceiros roparos que lle fás a algúns traballos na parte idiomática, pois coído que, xa que non temos unha autoridade que limpe e lle dea fixeza á lingua, compre que nosoutros nos aconsellemos e corrixamos mutuamente. Díso pode resultar que, polo menos antre algúns dos que lle temos verdadeira lei á nosa fala, cheguemos a un acordo e academos certa unidade proveitosa. Emporiso reservo pra outra carta o tratar isto con toda amplitude ou vagantío: nela esporéi os meus puntos de vista e tentarei xustificar a “fala forzada” dalgúns traballos. Isto é tema pra moitas coartelas e quero tratalo moi de vagar, pois pra min é o de meirande interés de todolos da túa carta.

Carta de Florencio Delgado Gurriarán a Francisco Fernández del Riego. Guadalajara, 25-08-1959.  
Arquivo Fernández Del Riego.

Non se conserva esa segunda misiva na que de maneira demorada Delgado Gurriarán se detería no asunto lingüístico e descoñecemos tamén os reparos que puido poñer Del Riego neste senso. Coñecida é a postura de Galaxia que creou unha normativa tácita para editar os seus libros e que nun primeiro momento se limitaba máis ben a indicacións ortográficas que consistían en eliminar o abuso de acentos, guións, apóstrofos e outros signos gráficos que dificultaban a codificación. Se a primeira medida foi simplificar o nivel gráfico da lingua para facilitar a recepción do código, logo centráronse no plano semántico onde había máis liberdade, fóra de sancionar castelanismos evidentes ou palabras que tiñan un uso habitual en detrimento doutras.

Ista miña teima de correxir é filla do grande respecto que sinto pola nosa lingua. Coido que, aquila liberdade que tiñan os nosos poetas do pasado século pra empregar verbas galegas ou casteláns segundo o precisaba ou impoñía a rima, non debemos empregala nosoutros. Eu, polo menos, prefiro sacrificar o verso e non a fala. Lémbrome dun poeta que escribe na Arxentina e que, pra aconsonantar “azul” usóu “abedul”, cando na nosa fala temos bido, bídalo, bidueira, abedoeira, etc. ¿Coidas lexítimas isas liberdades? Penso que todos temos que estudar máis a nosa fala e, ademáis, non ter medo a que nos chaten de “puristas”. Se algún día témola sorte de poder ensinar e espallar a nosa lingua, compre que a teñamos depurado e “peneirado” previamente, pra non insinar un galego “acastapado”. Dendo logo, coido que, á beira dunha fala depurada, compre tamén ir escribindo na “impura”, pra o meirande espallamento da mesma. Penso, por iso, que ademáis de editar libros, deberíades de publicar algo así como un modernizado “Tio Marcos da Portela”, ou un “Gaitero de Lugo”, pra que os nosos labregos volten léer o galego. Outra cousa ¿non sería dodado [sic] faguer unha tradución das oracións máis comúns: painosos, salve, etc. ao galego? Pois tendo en conta a eisistencia dunha relixión que está fortemente chantada nas nosas concencias, ¿por qué non precurar que os nosos compatriotas recen na súa fala aos seus santos? Coido que, dado o espírito do novo Papa non sería imposibre o iniciar algo niste senso.

Carta de Florentino Delgado Gurriarán a Francisco  
Fernández del Riego. Guadalajara, 28-03-1964.  
Arquivo Francisco Fernández del Riego.

Delgado Gurriarán manifesta un dos ideais de lingua que traza Monteagudo (2005: 430), o da construción dunha variedade central, dunha lingua estándar de referencia. Incluso emprega a palabra “purista” que o sitúa nunha tendencia dun estándar máis rixido e entendemos máis elevado, menos achegado á lingua popular. O escritor aposta por un modelo culto, sen concesións a aqueles que simultaneaban a palabra galega coa castelá, unha lingua depurada que poida chegar ao ensino, esta é unha idea importante, porque sen dúbida é a aspiración fundamental para espallar o modelo de lingua culta. Ao tempo propón publicar libros máis apegados á fala, ás clases populares, con temáticas afíns aos seus intereses para non descoidar a poboación galega que non ten formación para esoutro tipo de lecturas.

Volvendo a *Vieiros*, Delgado Gurriarán será aínda director no segundo número, onde se incorporan as novas promesas da literatura galega: Antón Tovar, Méndez Ferrín, Neira Vilas, Reimundo Patiño, Manuel María ou Ramón Lorenzo; a carón de Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro ou Celso Emilio. Logo virían os conflitos ideolóxicos dentro do Padroado que o levaron a abandonar a revista, aínda que colabora cun poema, “Barco bébedo”, no derradeiro número, mostra de que o tempo mitiga as feridas e prevalecen os puntos de encontro.

Estou vendo o que se pode faguer por ti esquí nista trapallada do México, onde ninguén traballa nin fai cousa valedeira. Aínda que aparentemente temos feito cousas trascendentes, como VIEIROS, en realidade, eliminando factores, fixo ista laboura catro persoas, dúas persoas, unha persoa ou un anaco de persoa o cal será o mais xusto decir.

Carta de Luís Soto a Eduardo Blanco Amor.  
México D.F., 19-02-1966. Arquivo Histórico Provincial  
de Ourense. Fondo Eduardo Blanco-Amor.

Xa debeu ser complexo sacar adiante o derradeiro número en 1968 e fíxose grazas ao esforzo de Luís Soto, quen durante moito tempo soñou coa continuidade da publicación, pero as trabas eran moitas pois xa o terceiro número fora secuestrado en Madrid.

Teño que sacar iste número cinco aínda que sexa o meu testamento e aínda que o pague eu soio, porque atafeganme de

todos os meridianos, coidando que é necesario xa que “VIEIROS” representou e representa, pra íles, a irmandade mais cabal no pulo “cultural” da Terra neste tempo esencial.

Carta de Luís Soto a Eduardo Blanco Amor.  
México D.F., 29-03-1972. Arquivo Histórico Provincial  
de Ourense. Fondo Eduardo Blanco-Amor.

O certo é que non houbo nova xeira de *Vieiros*, pero as relacións entre Delgado Gurriarán e o grupo Galaxia ían máis alá desta publicación. Na primeira carta que se conserva no epistolario con Del Riego, datada en 1948, o escritor de Córghomo maniféstalle a súa confianza plena no criterio de selección dos seus tres mellores poemas en *Bebedeira* (1934). Este libro saíra do prelo na editorial Nós e recreaba a paisaxe de Valdeorras e o mundo onírico, unha constante na súa produción.

Co tempo, Fernández del Riego, xunto a Emilio Álvarez Blázquez e Celso Emilio Ferreiro, pon en marcha a colección Salnés á marxe de Galaxia, pois contaba cunha subscripción individualizada respecto da dos libros da editora e o selo da editorial non aparecía por ningures. Estes autores querían demostrar a viabilidade dun proxecto poético que non cadraba coa estratexia do director literario, Ramón Piñeiro, remiso a publicar poesía fóra da que consideraba podía chegar algo significativo ao proxecto.

A colección Salnés honraba a Ramón Cabanillas, o poeta das Irmandades da Fala, a quen consideraban un referente, tamén Delgado Gurriarán que conta nunha carta como sendo estudante de Dereito en Valladolid le por vez primeira *Vento Mareiro* e estremece coa fonda impresión que sentiu. El será un dos convidados a publicar despois de que o fixesen figuras tan significativas das letras galegas como Aquilino Iglesia Alvariño, quen inaugura a colección con *Nenias*, Carballo Calero, Miguel González Garcés, Augusto Casas, Antonio Tovar, M<sup>a</sup> del Carmen Kruckenberg ou Celso Emilio Ferreiro, que alcanza un indiscutible éxito con *Longa noite de pedra*. Outros poemarios pasaron máis desapercibidos, entre eles a *Galicia infinda* de Delgado Gurriarán.

pasou sin deixar ronsel a miña cativa “Galicia Infinda”. Non é cousa de pórse a chorar por iso. Os gustos teñen que mudar cós tempos. O que sin [sic] quixera é que algúns dos novos tomaran un pouco máis en serio a fala e foran un pouco menos “esotéricos”

no seu xeito de espresarse: menos “esotéricos” e c’un pouco de máis quentor nos seus poemas.

Carta de Florencio Delgado Gurriarán a Ramón Otero Pedrayo. Guadalajara, 10-03-1965. Fundación Penzol.

Publicada en 1963, recollía case medio cento de poemas que o autor escribira ao longo da súa vida. Os primeiros recordan aqueles aínda enxergados en Galicia, pero o tempo e o espazo tamén deixa pegada nos seus versos e os trazos da cultura mexicana son cada vez máis perceptibles na súa escrita.

Todo o seu traballo alén mar é recoñecido no interior xa en plena democracia cando Del Riego, Valentín Paz Andrade e Ogando Vázquez o propoñen como membro correspondente da Real Academia Galega. Nunha das últimas cartas que conservamos entre eles, do 8 de xuño de 1981, Delgado Gurriarán agradácelle terse lembrado do “poeta exiliado”, aínda que en realidade sempre o tiveron presente.

## **Bibliografía**

Arquivo Fundación Penzol

Arquivo Francisco Fernández del Riego

Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fondo Eduardo Blanco-Amor Castro, Xavier (2000): *Castelao e os galeguistas do interior: cartas e documentos 1943-1954*. Vigo: Galaxia.

Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Edicións do Castro.

Martínez González, Xurxo (2011): *Luís Soto. A xeira pola unidade galega*. Vigo: Xerais.

Monteagudo, Henrique (2005): “Do uso á norma, da norma ao uso (Variación sociolingüística e estandarización no idioma galego)” en Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Padroado da Cultura Galega (2007): *Presencia de Galicia en México* (edición facsímil). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Soto Fernández, Luís (1983): *Castelao, a UPG e outras memorias*. Vigo: Xerais.  
*Vieiros: Revista do Padroado da Cultura Galega de México*. Edición facsimilar. Vigo: A Nosa Terra, 1989.





## AS (AUTO)POÉTICAS DE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

MIRO VILLAR

(Profesor de Lingua e Literatura Galegas no Ensino Medio)

Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, 1903-Fair Oaks, California, 1987) é autor dunha significativa obra poética, agrupada en catro títulos de autoría individual que foron publicados entre 1934 e 1986: *Bebedeira*, *Galicia infinda*, *Cantarenas (Bebedeira, Valdeorras, Dionisias)* e *O soño do guieiro*<sup>1</sup>.

Malia certa reiteración no contido deses volumes, que no caso dos dous últimos teñen evidente carácter compilatorio, Florencio tivo desde sempre unha nítida consciencia do seu labor como poeta e desde esta asunción plena non vai ter ningún inconveniente á hora de reflexionar sobre o propio proceso da súa creación literaria nas dúas ocasións nas que foi interpelado para o facer, de maneira que escribiu senllas *(Auto)Poéticas* para dúas antoloxías con presenza importante dos seus versos.

### 1. A *(Auto)Poética* de 1935

A primeira é moi temperá, cando Florencio aínda non era o autor que madureceu despois da posguerra. Por volta do 1935 o Seminario de Estudos Galegos encárgalle a Xosé Filgueira Valverde a elaboración dun proxecto abeirado baixo a epígrafe “Cancioneiro da lírica galega en varios volumes” co obxectivo de conmemorar o centenario de Rosalía de Castro dous anos despois.

Esa *Escolma da Lírica Galega* converteuse da súa man nunha antoloxía poética consultada, pois os autores referenciaban a súa obra e tamén a outros poetas. Porén o interesante proxecto viuse fanado e abortado pola guerra e ese material foi inxustamente “esquecido” nos arquivos persoais do propio Filgueira Valverde. Tiveron que transcorrer 73 anos para que Ana Acuña e Xesús Alonso Montero (2008) recuperasen e editasen todo o caudaloso material inédito. O profesor Alonso Montero, autor do “Estudo

---

<sup>1</sup> *Bebedeira* (Santiago de Compostela: Nós, 1934); *Galicia infinda* (Vigo: Galaxia, 1963); *Cantarenas (Bebedeira, Valdeorras, Dionisias)* (Sada: Edicións do Castro, 1981) e *O soño do guieiro* (Sada: Edicións do Castro, 1986).

preliminar”, non chega a discernir por que Filgueira, autor dunha inxente obra de carácter divulgativo e investigador, non recuperou motu proprio aquel proxecto de preguerra.

O caso é que Florencio Delgado Gurriarán, aínda con 32 anos e na altura autor dun único libro de poemas, é un dos poetas “consultados” e non demora en lle enviar a súa cumprida resposta ao compilador. Na súa carta a Xosé Filgueira Valverde do 31 de xaneiro de 1936 (Acuña/ Alonso Montero, 2008: 211), envía xunto a unha ampla selección de textos unha *Poética*. Esta tiña que responder a un esquema previo facilitado por Filgueira Valverde e contemplar neste apartado: “O poeta i-a sua obra. Doutrina e técnica. Roteiro da nova poesía. Criterio sobor da poesía galega”. A resposta de Florencio, a máis breve de todo o cuestionario, é a seguinte:

Non podo falar en col da miña doutrina e da miña técnica, porque fago os meus versos sen seguir ningunha escola poética, nin someterse a doutrina algunha. Cando xurden, de por sí, na miña imaxinación, trasladados ás cartelas, dispois, dende logo, corrijo e volvo a corrixir moitas veces parándome, xeralmente, en cousas pequenas –ao millor trocar de ligar a unha verba, ou a un verso– pero que, coído, infrúen no verso. Coído que, na poesía, é na única ponla da literatura na que Galiza está a outura das outras literaturas da península.

A clareza do seu discurso fainos sabedores dunha confesión sobre a súa formación autodidacta, afastada de escolas, aínda que isto axiña vai entrar en certa contradición máis adiante. Por parte, tamén nos revela esa consciencia do oficio do poeta que está sempre a puír os versos e na procura da palabra máis acaída e máis exacta para a expresión poética.

Porén, e velaquí esa contradición oculta, resulta máis interesante a resposta de Florencio á derradeira pregunta do cuestionario, na que ao se tratar dunha antoloxía consultada debe dar outros nomes. Sen o querer, o poeta valdeorrés está a situarnos, de xeito certo, como parte fundamental dunha escola poética e tamén doutra liña moito menos dominante na poesía da época.

Neste sentido é de interese reproducir aquí os dous primeiros parágrafos porque dunha banda revelan os autores polos que tiña estima e por outra banda sitúa a súa propia poesía no conxunto:

Respeito aos poetas da nova xêrazón que deben figurar na antoloxía, referíndome aos que coñezo deben figurar todos: Amado Carballo, Manoel Antonio, Bouza Brey, Cunqueiro, Blanco Amor, Carballo Calero, Acuña, Montes, Sigüenza; non coñezo ren de Iglesia Alvariño, nin d'alguns outros de sona, mais por este mesma, de seguro merecida, sona coido que tamen deben figurar nela.

Non sei tampouco perto dos que poidera ser situado: quizais, por certo senso panteista das miñas cativas poesias, no grupo de Amado Carballo, Acuña, etc; quizais, por certas notas de sensualidade, a veira de Carballo Calero. Dende logo coido que esa pregunta pode ser respostada por calquera que coñeza a miña laboura millor que por min e, dende logo tamén, prescindin, pra dar a miña resposta, de todos os versos de caraiter humorístico ou satírico que, como é natural, non son poesía.

A crítica posterior, aínda que a obra de Florencio nunca suscitou estudos en profundidade, sempre o vai situar desde os seus inicios no denominado Hilozoísmo ou Imaxinismo, do que se adoita citar como máximo expoñente a Amado Carballo. E velaí a confesión do propio Florencio que admite estar moi próximo desa poética.

A súa adscrición a unha corrente de sensualidade e erotismo, cabo da obra de Carballo Calero, singulariza máis o seu estro, porén unha análise demorada dos seus primeiros poemas non revela que sexa un trazo definidor. Curiosamente nos poemas escritos en México moitos anos despois ese carácter sensual vai acrecentar de xeito considerable e perceptible.

Tamén chama a atención que renegue do humor crítico e que non o considere con valor poético, pois ese vai ser outro dos trazos singulares máis recorrente nos seus versos posteriores, tanto nos poemas máis políticos escritos con pseudónimo, os máis deles incluídos no *Cancioneiro da loita galega* (Durango, México: 1943), coma na súa creación máis persoal.

## **2. A (Auto)Poética de 1955**

Vinte anos despois, aparecerá a segunda (Auto)Poética incluída na *Escolma de Poesía Galega IV. Os contemporáneos*. Edición, Limiar e Notas bio-bibliográficas de Francisco Fernández del Riego, que se organizou tamén durante varios anos e que finalmente veu a luz en Galaxia en 1955.

Nunha primeira ollada descubrimos un Florencio moito máis maduro como autor, moito máis consciente de que está a escribir para ser lido no futuro e que procura apoio teórico, totalmente ausente no texto anterior, para reflexionar sobre o feito poético. Defende, sen ambaxes, a poesía como comunicación entre o poeta e a “sensibilidade” lectora. Alén diso, aínda valorando a potencialidade expresiva da metáfora, non considera as figuras retóricas como imprescindibles na construción do poema. Velaí:

É difícil dar unha definición da poesía. Emporiso, como dí Houysmans, é doado reconocela polos síntomas que xenera en nós. A poesía non compre entendela, sinón sentila; a súa función peculiar é a de comunicar unha emoción; non transmitir un pensamento, sinón deixar na sensibilidade do lector unha sorte de vibración que corresponde ó que sinte o poeta.

Á poesía pódese chegar polo camiño do verso, con tódolos seus artificios, pode garnirse coa metáfora ou ir ispida de enfeites, mais ningunha distas cousas lle é esencial, inda que ás veces sexan os substitutos dela. A poesía vivirá eternamente. Por moito que se materialice o mundo, sempre ficarán tolos con estrelas na frente e cantares no bico.

Véñenme á memoria algús dos meus predilectos: Withman, Mallarmé, Rimbaud, Verlaine, Claudel, Keats, Wilde, Lope, Góngora, San Juan de la Cruz, Antonio Machado, Teixeira de Pascoaes, Machado de Asís, López Velarde... (Sin que nista enumeración, feita apresada, estabreza un orde riguroso de categoría antre eles).

Da nosa Terra, referíndome samente ós mortos, Rosalía, Noriega, Manuel Antonio, Amado Carballo. Dos Cancioeiros: Annes Solaz, Meogo, Códax, Zorro... Dos vivos: Cabanillas e moitos dos meus contemporáneos.

Florencio en esencia, pois, entende a poesía como comunicación. No inicio do seu texto programático transcribe incorrectamente o apelido do escritor francés decadentista Joris-Karl Huysmans (1848-1907), poeta, novelista, mais tamén crítico de arte, do que debeu ler *À rebours*, en francés ou en castelán, que nós agora temos en galego como *A contrafío*<sup>2</sup> en tradución

---

<sup>2</sup> Joris-Karl Huysmans, *A contrafío*, tradución de Isabel Soto, Santiago de Compostela, Hugin e Munin, 2016.

de Isabel Soto, quen explica que este texto foi “referencia para os autores pertencentes á Xeración Nós, os cales participaron da sensibilidade propia da mocidade de comezos do século XX e do seu intento de busca na literatura de corte espiritualista dunha táboa coa que salvarse do naufraxio no que afogaban no contexto da España da Restauración”.

Tamén é de anotar como remata Florencio o devandito parágrafo: “Por muito que se materialice o mundo, sempre ficarán tolos con estrelas na frente e cantares no bico”. Unha referencia na que parafrasea os coñecidos versos de Curros Enríquez do seu poema “A Rosalía”: “¡Ai, dos que levan na frente unha estrela! / ¡Ai, dos que levan no bico un cantar!”, botando man desa adxectivación de tola para defender a súa e toda creación literaria.

Por parte, o seu excelente coñecemento dos trobadores medievais (cita catro nomes: Annes Solaz, Meogo, Códax, Zorro..., mais deixa abertos puntos suspensivos) explicaría a imitación nalgunhas das súas propias composicións que se poden incluír dentro da corrente que se denominou pola crítica como neotrobadorismo.

A mostra máis evidente é o poema intitulado “Ao reiseñor” que imita as cantigas de amigo, tanto desde o punto de vista da enunciación lírica (pois o suxeito é feminino), como tendo en conta o seu esquema formal (con presenza de paralelismos e refrán), ou polo seu contido e o seu tratamento léxico. De feito, esta composición de dístico con retrouso, denominada cosante, é moi utilizada na literatura medieval e o esquema métrico (10-10-5) é idéntico ao de coñecidas cantigas como “Ai, flores, ai flores do verde pino” de D. Dinís, co que tamén comparte a rima alterna, ou como “Fui eu, madre, lavar meus cabelos” de Soares Coelho.

AO REISEÑOR  
(no xeito dos vellos vates)

Reiseñor meigo que no agro frorido  
Arrolas cantando ao serán durmido  
;ouh doce troveiro!

Reiseñor meigo que no agro vizoso  
Arrolas cantando ao serán formoso  
;ouh doce troveiro!

Arrolas cantando ao serán durmido  
Que escoita a cantiga do son esvaído  
;ouh doce troveiro!

Arrolas cantando ao serán formoso  
Que ouve o feitizo do son garimoso  
;ouh doce troveiro!

### **Coda**

O poeta valdeorrés, malia ser a súa unha obra de non moita extensión e acaso reiterativa, consegue elaborar de maneira consciente un proxecto poético persoal de ampla temática, na que se inclúen todos os feitos históricos vividos, xa como protagonista xa como espectador de privilexio.

Todo isto poetizado coa linguaxe cotiá, para que sexa comprensible para toda clase de lectores e lectoras, aos que quere facer copartícipes da loita liberadora do pobo, mais sen renunciar en ningún momento a desenvolver brillantes momentos poéticos nos que demostra o seu dominio das técnicas versificadoras e unha capacidade léxica abraiante, nomeadamente se temos de conta que boa parte da súa vida transcorre no exilio.

### **Bibliografía básica**

- Acuña, Ana e Xesús Alonso Montero (eds.) (2008): *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada de Xosé Filgueira Valverde*. Pontevedra: Museo de Pontevedra/Sociedad estatal de conmemoraciones culturales.
- Alonso Montero, Xesús (1995): “A literatura dos exiliados de México: Florencio Delgado Gurriarán, Luís Soto, *Vieiros...*”, *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 145-151.
- \_\_\_\_\_ (1996): “As musas belixerantes do exilio”, Prólogo a *Cancioneiro da loita galega*, Edición facsimilar. Sada: Edicións do Castro, pp. 9-27.
- \_\_\_\_\_ (1997): *Os poetas galegos e Franco. Estudio e antoloxía*. Madrid: Akal.
- Álvarez Pousa, Concepción (2020): “A variedade valdeorresa do galego oriental e a súa presenza na lingua literaria de Florencio Delgado Gurriarán”, *A Trabe de Ouro: publicación galega de pensamento crítico*, 113, pp. 9-34.
- Carballo Calero, Ricardo (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.

- Delgado Gurriarán, Florencio (1986): “O soño do guieiro (lembanzas de un vello galeguista)” en Justo G. Beramendi e Ramón Villares (eds. lits.), *Actas Congreso Castela. Tomo II. (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986)*. Santiago de Compostela: USC, pp. 475-478.
- \_\_\_\_\_ (2002): *Antoloxía: vide, paisaxe, fala*. Córghomo, Ourense: Comisión da Homenaxe.
- Fernández, Marcial (1959): “A Poesía de Florencio Manuel Delgado Gurriarán”, *Vieiros*, 1. México.
- Fernández del Riego, Francisco (ed.) (1955): *Escolma de Poesía Galega IV. Os contemporáneos*. Vigo: Galaxia, pp. 237-242.
- García López, Xosé Anxo (2000): “Algunhas precisións sobre a obra poética de Florencio Delgado Gurriarán, notas ó libro de Ricardo Gurriarán”, *Dorna*, 26, pp. 119-123.
- \_\_\_\_\_ (2003): “Dous poemas no exilio: sobre a prehistoria de *O Soño do Guieiro*, de Florencio Delgado Gurriarán, notas ó libro de Ricardo Gurriarán”, *Dorna*, 29, pp. 67-81.
- Gayoso Díaz, Xosé (1981): “Limiar en F. M. Delgado Gurriarán”, *Cantarenas. Poemas 1934-1980*. Sada: Edicións do Castro.
- Gurriarán, Ricardo (1999): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada: Do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2001): “Florencio Delgado Gurriarán poeta valdeorrés no exilio mexicano”, *Raigame: revista de arte cultura e tradicións populares*, 13 (maio), pp. 20-31.
- \_\_\_\_\_ (2014): “Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987). Poeta valdeorrés, republicano y galeguista” en Jesús de Juana López e Julio Prada Rodríguez, Domingo Rodríguez Teijeiro e Segundo Pérez López, *Galegos de Ourense*. Vol. 2. Ourense: Deputación Provincial, pp. 395-415.
- Lama López, María Xesús (1999): “Un caso de mestizaxe cultural na literatura galega do exilio: os poemas mexicanos de F. Delgado Gurriarán” en Rosario Álvarez Blanco e Dolores Vilavedra Fernández, *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Vol. 2, *Literatura*. Santiago de Compostela: USC, pp. 739-753.
- Maceira Fernández, Xosé Manuel (1995): *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*. Vigo: Cumio, col. Critério, Estudos de Literatura.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais.

- Villar, Miro (2001): “A *Galicia infinda* de Florencio Delgado Gurriarán” en José M<sup>a</sup> San Román Rodríguez (coord.), *Semana de Historia de Valdeorras (9º. 2000. O Barco de Valdeorras). Unha panorámica de Valdeorras, a dinámica dun espacio interior de Galicia: [actas da] IX Semana de Historia*. O Barco de Valdeorras: Instituto de Estudios Valdeorreses, pp. 107-110.
- (2006): “O macrotexto poético en galego de Florencio Delgado Gurriarán”, *Raigame: revista de arte cultura e tradicións populares*, 23 (maio), pp. 86-94.



*Estudos arredor de Florencio Delgado Gurriarán*  
acabouse de imprimir en Santiago de Compostela  
o 17 e maio de 2022, Día das Letras Galegas  
dedicado ao autor valdeorrés

ISBN 978-84-453-5413-1



9 788445 354131